

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA**

4859 *Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal.*

Índice

- Libro primeiro. Do concurso de acredores.
- Título I. Da declaración de concurso.
 - Capítulo I. Dos presupostos da declaración de concurso.
 - Capítulo II. Da lexitimación.
 - Capítulo III. Da declaración de concurso por solicitude do debedor.
 - Sección 1.^a Do deber de solicitar a declaración de concurso.
 - Sección 2.^a Da solicitude do debedor.
 - Sección 3.^a Da provisión sobre a solicitude do debedor.
 - Capítulo IV. Da declaración de concurso por solicitude de acredor e doutros lexitimados.
 - Sección 1.^a Da solicitude de acredor e doutros lexitimados.
 - Sección 2.^a Da provisión sobre a solicitude de acredor e doutros lexitimados.
 - Sección 3.^a Da oposición do debedor.
 - Sección 4.^a Da resolución sobre a solicitude.
 - Capítulo V. Do auto de declaración de concurso.
 - Sección 1.^a Do auto de declaración de concurso.
 - Sección 2.^a Da notificación do auto de declaración de concurso.
 - Sección 3.^a Da publicidade da declaración de concurso.
 - Capítulo VI. Dos concursos conexas.
 - Sección 1.^a Da declaración conxunta de concursos.
 - Sección 2.^a Da acumulación de concursos xa declarados.
 - Sección 3.^a Da tramitación coordinada dos concursos conexas.
- Título II. Dos órganos do concurso.
 - Capítulo I. Do xuíz do concurso.
 - Sección 1.^a Da competencia.
 - Sección 2.^a Da xurisdición.
 - Capítulo II. Da administración concursal.
 - Sección 1.^a Do nomeamento da administración concursal.
 - Subsección 1.^a Da composición da administración concursal.
 - Subsección 2.^a Do requisito da inscrición no Rexistro público concursal.
 - Subsección 3.^a Do nomeamento da administración concursal.
 - Subsección 4.^a Da recusación da administración concursal.
 - Subsección 5.^a Dos auxiliares delegados.

- Sección 2.^a Do exercicio do cargo.
- Sección 3.^a Da retribución.

- Subsección 1.^a Do réxime xurídico da retribución.
- Subsección 2.^a Da conta de garantía arancelaria.

- Sección 4.^a Da responsabilidade.
- Sección 5.^a Da separación e da revogación.

- Título III. Dos efectos da declaración de concurso.

- Capítulo I. Dos efectos sobre o debedor.

- Sección 1.^a Dos efectos sobre o concursado en xeral.
- Sección 2.^a Dos efectos sobre a representación e defensa procesual do concursado.
- Sección 3.^a Dos efectos específicos sobre a persoa natural.
- Sección 4.^a Dos efectos específicos sobre a persoa xurídica.
- Sección 5.^a Dos deberes de comparecencia, colaboración e información do concursado.

- Capítulo II. Dos efectos sobre as accións individuais.

- Sección 1.^a Dos efectos sobre as accións e sobre os procedementos declarativos.
- Sección 2.^a Dos efectos sobre as accións e sobre os procedementos executivos.

- Subsección 1.^a Das regras xerais.
- Subsección 2.^a Das regras especiais para os procedementos de execución de garantías reais e asimilados.

- Capítulo III. Dos efectos sobre os créditos.
- Capítulo IV. Dos efectos sobre os contratos.

- Sección 1.^a Dos efectos sobre os contratos.
- Sección 2.^a Da resolución dos contratos.

- Subsección 1.^a Da resolución por incumprimento.
- Subsección 2.^a Da resolución en interese do concurso.

- Sección 3.^a Do dereito á rehabilitación de contratos.
- Sección 4.^a Dos efectos sobre os contratos de traballo e sobre os convenios colectivos.

- Subsección 1.^a Dos efectos sobre os contratos de traballo.
- Subsección 2.^a Dos efectos sobre os contratos do persoal de alta dirección.
- Subsección 3.^a Dos efectos sobre os convenios colectivos.

- Sección 5.^a Dos efectos sobre os contratos coas administracións públicas.

- Título IV. Da masa activa.

- Capítulo I. Da composición da masa activa.
- Capítulo II. Do inventario da masa activa.
- Capítulo III. Da conservación e do alleamento da masa activa.

- Sección 1.^a Da conservación da masa activa.
- Sección 2.^a Do alleamento de bens e dereitos da masa activa.

- Subsección 1.^a Das regras xerais.
- Subsección 2.^a Das especialidades do alleamento de bens ou dereitos afectos a privilexio especial.
- Subsección 3.^a Das especialidades do alleamento de unidades produtivas.
- Subsección 4.^a Da cancelación de cargas.

- Capítulo IV. Da reintegración da masa activa.
 - Sección 1.^a Das accións rescisorias especiais.
 - Sección 2.^a Das demais accións de reintegración.
- Capítulo V. Da redución da masa activa.
- Capítulo VI. Dos créditos contra a masa activa.
 - Sección 1.^a Dos créditos contra a masa activa.
 - Sección 2.^a Do réxime dos créditos contra a masa activa.
 - Sección 3.^a Das especialidades en caso de insuficiencia da masa activa.
- Título V. Da masa pasiva.
 - Capítulo I. Da integración da masa pasiva.
 - Capítulo II. Da comunicación e do recoñecemento de créditos.
 - Sección 1.^a Da comunicación aos acredores.
 - Sección 2.^a Da comunicación de créditos.
 - Sección 3.^a Do recoñecemento de créditos.
 - Subsección 1.^a Das clases de recoñecemento.
 - Subsección 2.^a Dos supostos especiais de recoñecemento.
 - Sección 4.^a Do cómputo dos créditos.
 - Sección 5.^a Da comunicación extemporánea de créditos.
 - Capítulo III. Da clasificación dos créditos concursais.
 - Sección 1.^a Das clases de créditos.
 - Sección 2.^a Dos créditos privilexiados.
 - Subsección 1.^a Dos créditos con privilexio especial.
 - Subsección 2.^a Dos créditos con privilexio xeral.
 - Sección 3.^a Dos créditos subordinados.
 - Capítulo IV. Da lista de acredores.
- Título VI. Do informe da administración concursal.
 - Capítulo I. Do informe da administración concursal.
 - Sección 1.^a Das comunicacións electrónicas anteriores á presentación do informe.
 - Sección 2.^a Do informe da administración concursal.
 - Capítulo II. Da impugnación do inventario e da lista de acredores.
 - Capítulo III. Da presentación dos textos definitivos e da fin da fase común.
 - Sección 1.^a Da presentación dos textos definitivos.
 - Sección 2.^a Da finalización da fase común.
 - Capítulo IV. Da modificación da lista definitiva de acredores.
- Título VII. Do convenio.
 - Capítulo I. Da proposta de convenio.
 - Sección 1.^a Dos proponentes.
 - Sección 2.^a Do contido da proposta de convenio.
 - Subsección 1.^a Das regras xerais sobre a proposta de convenio.
 - Subsección 2.^a Da proposta de convenio con asunción.
 - Subsección 3.^a Do contido alternativo da proposta de convenio.

- Sección 3.^a Do plan de pagamentos e do plan de viabilidade.
- Capítulo II. Da presentación da proposta e da admisión a trámite.
- Sección 1.^a Do momento de presentación da proposta.
- Subsección 1.^a Da presentación anticipada da proposta de convenio.
- Subsección 2.^a Da presentación ordinaria da proposta de convenio.
- Sección 2.^a Da admisión a trámite da proposta de convenio.
- Capítulo III. Da avaliación da proposta de convenio.
- Capítulo IV. Da aceptación da proposta de convenio por parte dos acredores.
- Sección 1.^a Da aceptación da proposta.
- Sección 2.^a Das adhesións á proposta de convenio.
- Sección 3.^a Do sistema de aceptación da proposta anticipada de convenio.
- Sección 4.^a Da aceptación das demais propostas de convenio.
- Subsección 1.^a Da aceptación en xunta de acredores.
- Subsección 2.^a Da aceptación en caso de tramitación escrita.
- Sección 5.^a Das maiorías do pasivo ordinario necesarias para a aceptación da proposta de convenio.
- Sección 6.^a Da verificación e proclamación do resultado.
- Sección 7.^a Da aceptación da proposta de convenio por parte do concursado.
- Capítulo V. Da aprobación xudicial do convenio.
- Sección 1.^a Do carácter necesario da aprobación xudicial do convenio.
- Sección 2.^a Da oposición á aprobación xudicial do convenio.
- Sección 3.^a Da aprobación xudicial do convenio.
- Capítulo VI. Da eficacia do convenio.
- Capítulo VII. Do cumprimento do convenio.
- Sección 1.^a Do cumprimento do convenio.
- Sección 2.^a Do incumprimento do convenio.
- Título VIII. Da liquidación da masa activa.
- Capítulo I. Da apertura da fase de liquidación.
- Capítulo II. Dos efectos da apertura da fase de liquidación.
- Capítulo III. Das operacións de liquidación.
- Sección 1.^a Das regras xerais de liquidación.
- Sección 2.^a Do plan de liquidación.
- Sección 3.^a Das regras supletorias.
- Subsección 1.^a Do procedemento de alleamento.
- Subsección 2.^a Da regra do conxunto.
- Capítulo IV. Da publicidade dos bens e dereitos obxecto de liquidación.
- Capítulo V. Dos informes trimestrais de liquidación.
- Capítulo VI. Da consignación preventiva.
- Capítulo VII. Da prolongación indebida da liquidación.

- Título IX. Do pagamento aos acredores concursais.
- Título X. Da cualificación do concurso.
 - Capítulo I. Disposicións xerais.
 - Capítulo II. Da sección de cualificación.
 - Sección 1.^a Da formación e tramitación da sección de cualificación.
 - Subsección 1.^a Do réxime xeral.
 - Subsección 2.^a Do réxime especial en caso de incumprimento do convenio.
 - Sección 2.^a Da sentenza de cualificación.
 - Sección 3.^a Da cualificación en caso de intervención administrativa.
- Título XI. Da conclusión e da reapertura do concurso de acredores.
 - Capítulo I. Da conclusión do concurso.
 - Sección 1.^a Das causas de conclusión do concurso.
 - Sección 2.^a Do réxime de conclusión do concurso.
 - Subsección 1.^a Da conclusión do concurso por revogación da declaración.
 - Subsección 2.^a Da conclusión do concurso por cumprimento do convenio.
 - Subsección 3.^a Da conclusión do concurso por finalización da liquidación.
 - Subsección 4.^a Da conclusión por insuficiencia da masa activa simultánea á declaración do concurso.
 - Subsección 5.^a Da conclusión por insuficiencia da masa activa posterior ao auto de declaración do concurso.
 - Subsección 6.^a Da conclusión do concurso por satisfacción dos acredores, por desistencia ou por renuncia.
 - Sección 3.^a Da rendición de contas.
 - Sección 4.^a Dos recursos e da publicidade.
 - Sección 5.^a Dos efectos da conclusión do concurso.
 - Capítulo II. Do beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito.
 - Sección 1.^a Do ámbito de aplicación.
 - Sección 2.^a Do réxime xeral.
 - Subsección 1.^a Dos presupostos da exoneración.
 - Subsección 2.^a Da solicitude de exoneración e da concesión do beneficio.
 - Subsección 3.^a Da extensión da exoneración.
 - Subsección 4.^a Da revogación da exoneración.
 - Sección 3.^a Do réxime especial de exoneración pola aprobación dun plan de pagamentos.
 - Sección 4.^a Dos efectos comúns da exoneración.
 - Capítulo III. Da reapertura do concurso.
- Título XII. Das normas procesuais xerais, do procedemento abreviado, do incidente concursal e do sistema de recursos.
 - Capítulo I. Da tramitación do procedemento.
 - Capítulo II. Do procedemento abreviado.
 - Sección 1.^a Da aplicación do procedemento abreviado.
 - Sección 2.^a Das especialidades do procedemento abreviado.
 - Capítulo III. Do incidente concursal.
 - Capítulo IV. Dos recursos.

- Título XIII. Da publicidade do concurso.
- Capítulo I. Da publicidade telemática.
- Capítulo II. Dos edictos.
- Capítulo III. Dos mandamentos.
- Capítulo IV. Do Rexistro público concursal.
- Título XIV. Dos concursos de acredores con especialidades.
- Capítulo I. Do concurso da herdanza.
- Capítulo II. Das especialidades do concurso por razón da persoa do debedor.
- Sección 1.^a Das comunicacións e notificacións especiais.
- Sección 2.^a Das especialidades da administración concursal.
- Sección 3.^a Das especialidades do concurso de entidades de crédito, de empresas de servizos de investimento, de entidades aseguradoras, de entidades que sexan membros de mercados regulados e de entidades participantes nos sistemas de compensación e liquidación de valores.
- Sección 4.^a Das especialidades do concurso de empresas concesionarias de obras e servizos públicos ou contratistas das administracións públicas.
- Sección 5.^a Das especialidades do concurso de entidades deportivas.
- Libro segundo. Do dereito preconcursal.
- Título I. Da comunicación da apertura de negociacións cos acredores.
- Capítulo I. Da comunicación de apertura de negociacións cos acredores.
- Capítulo II. Dos efectos da comunicación.
- Sección 1.^a Dos efectos da comunicación sobre os créditos.
- Sección 2.^a Dos efectos da comunicación sobre as accións e sobre os procedementos executivos.
- Sección 3.^a Dos efectos sobre as solicitudes de concurso.
- Capítulo III. Da exhibibilidade do deber legal de solicitar o concurso.
- Título II. Dos acordos de refinanciamento.
- Capítulo I. Dos acordos de refinanciamento.
- Sección 1.^a Das clases de acordos de refinanciamento.
- Sección 2.^a Dos acordos colectivos de refinanciamento.
- Sección 3.^a Dos acordos singulares de refinanciamento.
- Capítulo II. Da homologación dos acordos de refinanciamento.
- Sección 1.^a Dos requisitos da homologación.
- Sección 2.^a Da homologación xudicial.
- Subsección 1.^a Do procedemento de homologación.
- Subsección 2.^a Da impugnación da homologación.
- Sección 3.^a Da extensión da eficacia do acordo homologado de refinanciamento.
- Subsección 1.^a Da extensión aos créditos sen garantía real.
- Subsección 2.^a Da extensión aos créditos con garantía real.
- Subsección 3.^a Da conservación das garantías persoais.
- Capítulo III. Do incumprimento do acordo de refinanciamento.

- Título III. Do acordo extraxudicial de pagamentos.
 - Capítulo I. Dos presupostos.
 - Capítulo II. Do nomeamento de mediador concursal.
 - Sección 1.^a Da solicitude de nomeamento de mediador concursal.
 - Sección 2.^a Do nomeamento de mediador concursal.
 - Subsección 1.^a Do nomeamento.
 - Subsección 2.^a Da aceptación.
 - Sección 3.^a Da comunicación do nomeamento.
 - Sección 4.^a Do réxime supletorio.
 - Sección 5.^a Do deber de solicitar aprazamento ou fraccionamento da obrigaón de pagamento dos créditos de dereito público.
 - Capítulo III. Dos deberes de comprobación.
 - Capítulo IV. Do acordo extraxudicial de pagamentos.
 - Sección 1.^a Da convocatoria aos acredores.
 - Sección 2.^a Da proposta de acordo extraxudicial de pagamentos.
 - Subsección 1.^a Da proposta.
 - Subsección 2.^a Dos documentos adxuntos á proposta.
 - Sección 3.^a Da aceptación da proposta.
 - Subsección 1.^a Do deber de asistencia.
 - Subsección 2.^a Das maiorías.
 - Sección 4.^a Da formalización do acordo.
 - Capítulo V. Da eficacia do acordo.
 - Capítulo VI. Da impugnación do acordo.
 - Capítulo VII. Do cumprimento do acordo.
- Título IV. Das especialidades do concurso consecutivo.
 - Capítulo I. Do concurso consecutivo.
 - Capítulo II. Das normas comúns en materia de concurso consecutivo.
 - Sección 1.^a Das especialidades en materia de reintegración da masa activa.
 - Sección 2.^a Das especialidades en materia de cualificación do concurso.
 - Capítulo III. Das especialidades do concurso consecutivo a un acordo de refinanciamento.
 - Capítulo IV. Das especialidades do concurso consecutivo a un acordo extraxudicial de pagamentos.
 - Sección 1.^a Da solicitude de concurso consecutivo.
 - Sección 2.^a Do réxime do concurso consecutivo.
- Libro terceiro. Das normas de dereito internacional privado.
 - Título I. Disposicións xerais.
 - Título II. Da lei aplicable.
 - Capítulo I. Do procedemento principal.
 - Capítulo II. Do procedemento territorial.
 - Capítulo III. Das regras comúns a ambos os tipos de procedementos.
 - Título III. Do recoñecemento de procedementos estranxeiros de insolvencia.
 - Título IV. Da coordinación entre procedementos paralelos de insolvencia.

I

A historia da Lei concursal é a historia das súas reformas. É difícil atopar unha lei que, en tan poucos anos, experimentase tantas e tan profundas modificacións. As esperanzas que suscitara ese dereito de nova planta, coa lóxica aspiración á estabilidade normativa, deseguida se esvaecearon: desde a data de promulgación desta lei, sucesivas leis e decretos leis, cun ritmo acentuado na décima lexislatura, substituíron principios e emendaron normas legais, á vez que constituíron a canle para a inclusión de novas institucións e de novas solucións.

Durante a xestión da que chegaría a ser a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, debatérase sobre a conveniencia de incorporar ao daquela dereito proxeitado as institucións propias do denominado dereito preconcursal, aproveitando para iso algunhas experiencias doutros ordenamentos xurídicos; identificáranse os riscos que comportaba a rixida estrutura do procedemento, dividido en fases, e os derivados dun exceso na atribución de competencias ao xuíz do concurso, en detrimento do imprescindible ámbito de autonomía da administración concursal; e, en fin, advertírase dos custos, de tempo e económico, do deseño en que se traballaba.

Con todo, a mala experiencia que, no inmediato pasado, supuxera a deformación dos procedementos formalmente predispostos para o tratamento de situacións de iliquidez, que acabaran por superpoñerse aos procedementos tradicionais para a solución das auténticas insolvencias, militaba en contra da distinción entre o dereito concursal e o preconcursal. A admisión da insolvencia inminente como presuposto alternativo para o concurso voluntario considerábase suficiente e, ademais, se cadra faltaba perspectiva para apreciar que os novos institutos emerxentes noutros sistemas lexislativos pouco tiñan que ver coas antigas suspensións de pagamentos.

Doutro lado, a alegada rixidez do procedemento concursal e as moitas funcións atribuídas ao xuíz do concurso non se consideraban especial problema pola simultánea creación dos xulgados especializados, nos cales se confiaba plenamente para unha segura e rápida tramitación dos concursos de acredores. No ánimo do lexislador, a figura do convenio anticipado era a canle predisposta para a rápida solución da insolvencia.

Pero, pouco despois de promulgada a lei, a profunda crise duradeira pola cal atravesou a economía española evidenciou os defectos e as insuficiencias da nova normativa, e o correlativo aumento dos procedementos concursais non tardou en colapsar os xulgados do mercantil. Ao mesmo tempo, comezaron a apreciarse síntomas da «fuxida da Lei concursal». En efecto, algunhas importantes sociedades españolas en situación de crise, en lugar de solicitar o concurso por razón dunha insolvencia real ou inminente, acudían, sempre que era posible, a foros estranxeiros, con bos resultados, para se beneficiaren de solucións das cales carecía a lexislación española.

O lexislador español sentiuse constringido a intervir, con frecuencia, invocando razóns de extraordinaria e urxente necesidade, para tratar de dar solución adecuada ao que non a tiña, aínda que iso comportase, en ocasións, a substitución de elementos básicos do recentemente estreado sistema concursal e a ampliación das posibilidades que orixinariamente ofrecía a nova lei, co fin de conseguir unha máis adecuada, máis flexible e máis xusta solución dos intereses en conflito. Entre outras modificacións fundamentais, pódense mencionar a incorporación do criterio do valor razoable do ben ou do dereito sobre o cal se constituíse a garantía como límite do privilexio especial do crédito garantido, o recoñecemento do dereito do debedor a solicitar en calquera momento a apertura da liquidación, o réxime dos concursos sen masa suficiente para facer fronte aos custos do procedemento e a introdución do beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito do cal, en certas condicións, pode gozar o debedor persoa natural.

Xunto con reformas estables, aquelas que, unha vez introducidas, non foron obxecto de reconsideración, houbo casos de reformas do reformado, nun proceso continuado de deseño e redeseño, como sucedeu co réxime dos acordos de refinanciamento, a medida que se manifestaban as insuficiencias das primeiras solucións, acentuando así a inestabilidade da normativa. Daquel dereito que aspiraba a ser estable pasouse así a un dereito en perpetua refacción.

Esa acumulación de reformas xustificou que a disposición derradeira oitava da Lei 9/2015, do 25 de maio, de medidas urxentes en materia concursal, habilitase o Goberno para aprobar un texto refundido da Lei 22/2003, do 9 de xullo. A finalización do prazo establecido para a refundición motivou que na Lei 1/2019, do 20 de febreiro, de segredos empresariais, se incluíse unha disposición derradeira terceira que habilitaba un novo prazo para aprobar un texto refundido por proposta dos ministros de Xustiza e do denominado, daquela, de Economía e Empresa. Esta autorización inclúe a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que deban ser refundidos.

En poucos casos a necesidade dun texto refundido é máis necesaria. As dificultades que, tras tantas reformas, suscita a lectura e a interpretación das normas legais e mesmo a comprensión da lóxica interna do sistema concursal vixente exixían non pospoñer por máis tempo esa tarefa que, aínda que delicada, resulta inevitable afrontar.

II

As Cortes Xerais estableceron o método e, ao mesmo tempo, fixaron os límites da encarga ao poder executivo. O texto refundido da Lei concursal debe ser o resultado da regularización, a aclaración e a harmonización dunhas normas legais que, como as que son obxecto de refundición, naceron en momentos distintos e foron xeradas desde concepcións non sempre coincidentes. Regularizar significa axustar, regular ou poñer en orde. Aclarar é verbo de múltiples significados: ás veces, alude a quitar o que impide apreciar a realidade dalgunha cousa; outras, implica a idea de explicar. E harmonizar equivale a facer que non discorden dúas ou máis partes dun todo. A autorización non se circunscribe á mera formulación dun texto consolidado, senón que inclúe esa tripla facultade. A fidelidade ao mandato recibido impide, pois, a mera xustaposición de artigos. Das dúas posibilidades que ofrece a Constitución (artigo 82.5), as Cortes optaron pola máis ambiciosa. Esa fidelidade ao mandato parlamentario exige desenvolver unha complexa actuación a prol dese triplo obxectivo, no cal, por razón do interese xeral, descansa a decisión legal.

Os amplos termos con que foi configurada a delegación ao Goberno para elaborar o texto refundido permiten así solucionar un bo número de problemas sen alterar o sistema legal vixente. Por iso, ao redactar o texto refundido, o Goberno non se limitou a reproducir, con mellor orde, as normas legais obxecto da refundición, senón que debeu incidir nesa normativa nun moi delicado labor para cumprir fielmente a encomenda recibida. Ordenar un texto que as sucesivas reformas desordenaran, redactar as proposicións normativas de modo que sexan fáciles de comprender e, polo tanto, de aplicar, así como eliminar contradicións –ou mesmo normas duplicadas ou innecesarias–, foron pautas esenciais que guiaron a encomenda recibida.

A doutrina do Consello de Estado sinalou que regularizar, aclarar e harmonizar textos legais supón, en primeiro lugar, a posibilidade de alterar a sistemática da lei e, en segundo lugar, a posibilidade de alterar a literalidade dos textos para depuralos na medida necesaria para eliminar as dúbidas interpretativas que puideren presentar.

En primeiro lugar, a alteración da sistemática facilita a identificación da norma e a comprensión da función que cumpre. Coa nova sistemática, aspírase a que a aplicación do dereito non teña como presuposto a localización previa da norma que se vai aplicar. A determinación do dereito aplicable non pode ter maiores dificultades que a interpretación xurídica das leis.

Ao servizo desta manifestación do principio da seguridade xurídica en que consiste a reordenación, o texto refundido divídese en tres libros: o primeiro, o máis extenso, está dedicado ao concurso de acredores. Pero o lector do texto comprobará axiña que, na distribución da materia entre os distintos títulos de que se compón este primeiro libro, existen diferenzas importantes coa sistemática da Lei 22/2003, do 9 de xullo. Así, por exemplo, hai un título específico sobre os órganos do concurso, dividido en dous capítulos, un dedicado ao xuíz do concurso e outro á administración concursal; atópase, do mesmo xeito que na proposta de anteproxecto de Lei concursal de 1995, un título sobre a masa activa e outro sobre a masa pasiva; hai un título sobre o informe da administración

concurzal; un título propio para o pagamento dos créditos aos acredores; e un título sobre publicidade. Esta nova sistemática supuxo o traslado e a recolocación de moitas normas contidas en títulos diferentes da Lei concursal. Entre outros moitos exemplos significativos, no título IV, dedicado á masa activa, non só se inclúe o relativo á composición desa masa ou o relativo á súa conservación, senón tamén as regras xerais de alleamento dos bens e dereitos que a compoñen, moitas delas agora contidas no título sobre liquidación; o réxime da reintegración da masa, procedente do título sobre os efectos da declaración de concurso; o réxime da redución da masa; e a regulación dos créditos contra a masa, que se enumeraban naquela parte da lei que tiña por obxecto a composición da masa pasiva, incluídas as especialidades en caso de insuficiencia da masa para facer fronte aos ditos créditos, materia da cal se ocupaba o título dedicado á conclusión do concurso.

As normas concursais xerais intégranse nos doce primeiros títulos deste libro. Simultaneamente, excluíronse deses títulos aquelas normas especiais que estaban dispersas polo articulado, sen distraer o aplicador do dereito con aquelas particularidades de ámbito máis ou menos restrinxido. No título XIV, que é o título derradeiro deste libro I, agrupáronse, xunto co concurso da herdanza, as especialidades do concurso daquel debedor que teña determinadas características subxectivas ou obxectivas.

O libro II está dedicado a esoutro dereito da crise que é alternativo –e, en ocasións, previo– ao dereito tradicional da insolvencia. Este segundo libro divídese en catro títulos independentes: o primeiro, procedente do artigo 5 bis, ten como obxecto a comunicación da apertura de negociacións cos acredores; o segundo ocúpase dos acordos de refinanciamento, cuxo episódico réxime, tan traballosamente deseñado polo lexislador, adquire ese mínimo de unidade e autonomía que todos reclamaban; o terceiro é o relativo aos acordos extraxudiciais de pagamento, cuxa disciplina se engadiu á Lei concursal mediante a Lei 14/2013, do 27 de setembro, modificada pola Lei 25/2015, do 28 de xuño; e o derradeiro ocúpase das especialidades do concurso consecutivo, sexa a un acordo de refinanciamento, sexa a un acordo extraxudicial de pagamentos. Optouse por manter a terminoloxía deses novos instrumentos legais por ser a incorporada ao anexo A do Regulamento (UE) 2015/848 do Parlamento e do Consello, do 20 de maio de 2015, sobre procedementos de insolvencia.

Pero a elaboración deste libro foi, probablemente, a de maior dificultade técnica: dificultade polas recoñecidas deficiencias, mesmo terminolóxicas, do réxime destes «expedientes» ou «procedementos». Quizais sexa aquí onde os límites da refundición resultan máis patentes: non faltará quen considere que o Goberno debería ter aproveitado a ocasión para clarificar máis o réxime xurídico aplicable a eses institutos e, en especial, o réxime aplicable aos acordos de refinanciamento –un réxime máis preocupado pola consecución de determinados obxectivos que pola tipificación institucional–, solucionando as moitas dúbidas que a aplicación das normas legais permitiu identificar. Porén, na refundición desas normas procedeu con especial prudencia para evitar franquear os límites da encomenda, pois a delegación para aclarar non é delegación para reconstruír sobre novas bases as institucións.

En fin, no libro III inclúense as normas de dereito internacional privado que ata o de agora contiña o título IX da Lei concursal. A razón da creación deste último libro encóntrase no xa citado Regulamento (UE) 2015/848. A diferenza do Regulamento (CE) 1346/2000 do Consello, do 29 de maio de 2000, o novo regulamento é de aplicación non só aos concursos de acredores, senón tamén aos «procedementos» que o texto refundido agrupa no libro II. Existen normas do dereito internacional privado da insolvencia, ata o de agora circunscritas ao concurso de acredores, que se deberán aplicar aos acordos de refinanciamento e aos acordos extraxudiciais de pagamentos, polo que a coherencia sistemática exixía esta posposición.

En segundo lugar, a alteración da literalidade dun bo número de textos é a manifestación máis significativa do mandato de claridade. Redactouse de novo un elevado número de artigos para precisar, sen alterar o contido, cal é a interpretación da norma. A terminoloxía unificouse; o sentido da norma faise coincidir coa formulación, evitando o

maior número de incertezas posibles, e as fórmulas legislativas máis complexas expóñense coa maior simplicidade posible.

Esta alteración da literalidade foi unida a unha nova relación entre o continente e o contido. No texto orixinario da Lei concursal e, sobre todo, no xa reformado existían artigos que, por razón da materia, era aconsellable dividir en varios independentes. No texto refundido dedícase un artigo a cada materia, evitando que un mesmo precepto se ocupe de heteroxéneas ou distintas cuestións e, ao mesmo tempo, a epígrafe de cada artigo tenta anticipar o obxecto da norma. En casos concretos, un só artigo da Lei concursal deu lugar a todo un capítulo ou a toda unha sección. Así, o artigo 5 bis da Lei concursal, sobre comunicación de negociacións cos acredores; o artigo 64, sobre os efectos da declaración de concurso sobre os contratos de traballo; o artigo 100, sobre contido da proposta de convenio; o artigo 149, sobre regras legais en materia de liquidación da masa activa; o artigo 176 bis, sobre especialidades da conclusión do concurso por insuficiencia da masa activa, ou o artigo 178 bis, sobre o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito. Un caso particular é o artigo 71 bis, sobre o réxime especial de rescisión de determinados acordos de refinanciamento, e o da disposición adicional cuarta, sobre homologación deses acordos, que deron lugar a todo un título. A consecuencia da utilización destes criterios foi o substancial aumento do número de artigos. A Lei concursal apenas supera os 250 artigos; o texto refundido case multiplicou por tres este número.

Pero non só isto: ao redactar o texto refundido, o Goberno non só aspira a ofrecer un conxunto normativo que sexa sistemático e que sexa claro e intelixible. Por suposto, o texto refundido non pode incluír modificacións de fondo do marco legal refundido, así como tampouco introducir novos mandatos xurídicos inexistentes con anterioridade ou excluír mandatos xurídicos vixentes. Pero, dentro dos límites fixados polas Cortes, a tarefa exixía, como en ocasións similares sinalou o Consello de Estado, actuar «con bo sentido» pois a refundición non pode ser unha tarefa meramente mecánica, senón que require, ás veces, axustes importantes para manter a unidade das concepcións; para converter en norma expresa principios implícitos; para completar as solucións legais enchendo lagoas cando sexa imprescindible; e, en fin, para rectificar as incongruencias, sexan orixinarias, sexan consecuencia das sucesivas reformas, que se aprecien nas normas legais contidas dentro da mesma lei. Por estas razóns, o labor técnico que supón a elaboración dun texto refundido, cando a delegación é tan ampla, implica non só interpretación, senón tamén integración —é dicir, un «contido innovador», sen o cal carecería de sentido a delegación legislativa—. Mesmo se pode chegar á explicitación de normas complementarias a aquelas que son obxecto de refundición (sentenzas do Tribunal Constitucional números 122/1992, do 28 de setembro, e 166/2007, do 4 de xullo). No texto refundido que agora aproba o Goberno, o aplicador do dereito comprobará a cada paso a importancia que tivo este criterio orientador, o tesón pola coherencia cos principios, esa preocupación por explicitar o implícito ou esa frecuencia de normas complementarias.

A imprescindible reordenación, clarificación e harmonización do dereito vixente que representa este texto refundido non exclúe que o proceso de reforma do dereito da insolvencia finalizase. España ten pendente de traspoñer a Directiva (UE) 2019/1023 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, que ten como finalidade establecer mecanismos de alerta ante o risco de insolvencia, dar unha regulación máis completa e coherente aos procesos de reestruturación preventiva das débedas, simplificar o dereito concursal, aumentar a eficiencia, alixeirar custos e ampliar as posibilidades de obtención do beneficio de liberación de débedas. Pero o texto refundido que agora se aproba constitúe a base idónea para acometer de forma máis ordenada, clara e sistemática esa inescusable transposición, tarefa que, xa por si mesma, reviste extraordinaria dificultade.

O dereito concursal reivindícase como unha ferramenta fundamental para a conservación de tecido empresarial e emprego, e diso son conscientes o lexislador e a propia Unión Europea, que desenvolveu unha importante iniciativa normativa a través de directivas como a mencionada inmediatamente antes. Esta finalidade conservativa do dereito concursal maniféstase non só a través de normas con vocación de permanencia como este texto refundido, senón que no contexto da crise sanitaria orixinada polo COVID-

19 tamén se adoptaron medidas urxentes, de natureza temporal e extraordinaria, con incidencia no ámbito concursal. O ámbito temporal de aplicación destas medidas é limitado, pois tratan de atender de maneira extraordinaria e urxente a situación dos procesos concursais tras a finalización do estado de alarma e a situación das empresas afectadas pola diminución ou o cesamento de actividade motivada precisamente polas consecuencias económicas xeradas pola mencionada crise sanitaria, de forma que durante un certo período de tempo ambas as normas, texto refundido e normas excepcionais, coincidirán na súa aplicación, aínda que cada unha no seu respectivo ámbito.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza e da ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de maio de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei concursal.*

Apróbase o texto refundido da Lei concursal que se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Grupos de sociedades.*

Para os efectos deste texto refundido, entenderase por grupo de sociedades o definido no artigo 42.1 do Código de comercio.

Disposición adicional segunda. *Remisións normativas.*

As referencias normativas contidas noutras disposicións á Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, entenderase realizadas aos preceptos correspondentes do texto refundido que se aproba.

Disposición adicional terceira. *Táboa de correspondencias.*

Dentro do mes seguinte á publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste real decreto legislativo divulgarase a través da páxina web dos ministerios de Xustiza e de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, con efectos meramente informativos, unha táboa de correspondencias dos preceptos da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, cos do texto refundido que se aproba mediante este real decreto legislativo.

Disposición adicional cuarta. *Estatística concursal.*

O Goberno adoptará as medidas pertinentes para garantir a elaboración, a partir da información fornecida pola oficina xudicial, os rexistros mercantís e o Rexistro público concursal, de estatísticas que permitan avaliar o funcionamento do sistema concursal e contribúan á organización e ao funcionamento da conta de garantía arancelaria.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio.*

1. O contido dos artigos 57 a 63, 84 a 89, 560 a 566 e 574.1, todos eles incluídos, deste texto refundido que corresponda ás modificacións introducidas nos artigos 27, 34 e 198 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, pola Lei 17/2014, do 30 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial, entrarán en vigor cando se aprobe o regulamento a que se refire a disposición transitoria segunda da dita lei. Mentres permanecerán en vigor os artigos 27, 34 e 198 da Lei concursal na redacción anterior á entrada en vigor da dita Lei 17/2014, do 30 de setembro.

2. O contido dos artigos 91 a 93, ambos inclusive, deste texto refundido, correspondentes aos artigos 34 bis a 34 quáter da Lei 22/2003, do 9 de xullo, introducidos pola Lei 25/2015, do 28 de xullo, de mecanismo de segunda oportunidade, redución da

carga financeira e outras medidas de orde social, entrará en vigor cando se aprobe o desenvolvemento regulamentario da conta de garantía arancelaria.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Derróganse os artigos 1 a 242 bis, así como as disposicións adicionais segunda, segunda bis, segunda ter, cuarta, quinta, sexta, sétima e oitava e as disposicións derradeiras quinta e sexta da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Con todo, a derogación das súas disposicións adicionais e derradeiras sinaladas no parágrafo anterior non afectará os contidos das leis modificadas por elas, que se manteñen nos seus termos actualmente vixentes:

- a) Disposición adicional primeira. Referencias legais aos procedementos concursais anteriormente vixentes.
- b) Disposición adicional terceira. Reforma das leis de sociedades anónimas e de responsabilidade limitada.
- c) Disposición transitoria primeira. Procedementos concursais en tramitación.
- d) Disposición transitoria segunda. Xulgados do mercantil.
- e) Disposición derradeira primeira. Reforma do Código civil.
- f) Disposición derradeira segunda. Reforma do Código de comercio.
- g) Disposición derradeira terceira. Reforma da Lei de axuízamento civil.
- h) Disposición derradeira cuarta. Reforma da Lei de asistencia xurídica gratuíta.
- i) Disposición derradeira sétima. Reforma da Lei hipotecaria.
- j) Disposición derradeira oitava. Reforma da Lei de hipoteca mobiliaria e peñor sen desprazamento.
- k) Disposición derradeira novena. Reforma da Lei de hipoteca naval.
- l) Disposición derradeira décima. Reforma da Lei xeral orzamentaria.
- m) Disposición derradeira décimo primeira. Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- n) Disposición derradeira décimo primeira bis. Reforma da Lei do imposto sobre o valor engadido.
- o) Disposición derradeira décimo primeira ter. Modificación da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias.
- p) Disposición derradeira décimo segunda. Reforma da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- q) Disposición derradeira décimo terceira. Reforma da Lei de contratos das administracións públicas.
- r) Disposición derradeira décimo cuarta. Reforma do Estatuto dos traballadores.
- s) Disposición derradeira décimo quinta. Reforma da Lei de procedemento laboral.
- t) Disposición derradeira décimo sexta. Reforma da Lei xeral da Seguridade Social.
- u) Disposición derradeira décimo sétima. Reforma da Lei cambiaria e do cheque.
- v) Disposición derradeira décimo oitava. Reforma da Lei do mercado de valores.
- x) Disposición derradeira décimo novena. Reforma da Lei do mercado hipotecario e da Lei de medidas de reforma do sistema financeiro.
- y) Disposición derradeira vixésima. Reforma da Lei de sociedades anónimas.
- z) Disposición derradeira vixésimo primeira. Reforma da Lei de sociedades de responsabilidade limitada.
- aa) Disposición derradeira vixésimo segunda. Reforma da Lei de cooperativas.
- ab) Disposición derradeira vixésimo terceira. Reforma da Lei de sociedades de garantía recíproca.
- ac) Disposición derradeira vixésimo cuarta. Reforma da Lei de entidades de capital risco.
- ad) Disposición derradeira vixésimo quinta. Reforma da Lei de agrupacións de interese económico.
- ae) Disposición derradeira vixésimo oitava. Reforma da Lei de contrato de seguro.

af) Disposición derradeira vixésimo novena. Reforma da Lei sobre contrato de axencia.

ag) Disposición derradeira trixésima. Reforma da Lei de navegación aérea.

ah) Disposición derradeira trixésimo primeira. Reforma da Lei de defensa de consumidores e usuarios.

ai) Disposición derradeira trixésimo segunda. Título competencial.

aj) Disposición derradeira trixésimo terceira. Proxecto de Lei reguladora da concorrencia e prelación de créditos.

ak) Disposición derradeira trixésimo cuarta. Arancel de retribucións.

2. Quedan tamén derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto legislativo e no texto refundido que aproba e, en particular, as seguintes:

a) Disposición adicional terceira da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica.

b) Letra d) do número 1 da disposición derogatoria única do Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros.

c) A disposición adicional terceira do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

d) Disposición adicional primeira; números 1 e 2 da disposición derradeira terceira da Lei 6/2005, do 22 de abril, sobre saneamento e liquidación das entidades de crédito.

e) Capítulo III (artigos 6 a 12); disposicións adicionais primeira, segunda e terceira; disposicións transitorias segunda a oitava do Real decreto lei 3/2009, do 27 de marzo, de medidas urxentes en materia tributaria, financeira e concursal ante a evolución da situación económica.

f) Artigo décimo sétimo da Lei 13/2009, do 3 de novembro, de reforma da lexislación procesual para a implantación da nova oficina xudicial.

g) Disposición derradeira terceira da Lei 11/2011, do 20 de maio, de reforma da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitraje e de regulación da arbitraje institucional na Administración xeral do Estado.

h) Disposición derradeira sexta da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.

i) Artigo 10 do Real decreto lei 11/2013, do 2 de agosto, para a protección dos traballadores a tempo parcial e outras medidas urxentes na orde económica e social.

j) Artigo 21; artigo 31; número 18 do artigo 34; disposición transitoria da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

k) Disposición derradeira sétima da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias.

l) Artigo 10 da Lei 1/2014, do 28 de febreiro, para a protección dos traballadores a tempo parcial e outras medidas urxentes na orde económica e social.

m) Artigo único do Real decreto lei 4/2014, do 7 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial.

n) Artigo único do Real decreto lei 11/2014, do 5 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial.

o) Artigo único da Lei 17/2014, do 30 de setembro, pola que se adoptan medidas urxentes en materia de refinanciamento e reestruturación de débeda empresarial.

p) Artigo 1; disposicións adicionais primeira, segunda e terceira; e disposición transitoria primeira do Real decreto lei 1/2015, do 27 de febreiro, de mecanismo de segunda oportunidade, redución de carga financeira e outras medidas de orde social.

q) Disposición derradeira primeira da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial.

r) Disposición derradeira quinta da Lei 9/2015, do 25 de maio, de medidas urxentes en materia concursal.

s) Disposición derradeira quinta da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

t) Disposición derradeira quinta da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

o) Artigo 1 e disposición transitoria primeira da Lei 25/2015, do 28 de xullo, de mecanismo de segunda oportunidade, redución de carga financeira e outras medidas de orde social.

v) Disposición derradeira quinta da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O texto refundido da Lei concursal dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de «lexislación mercantil» e de «lexislación procesual».

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lexislativo e o texto refundido da Lei concursal que aproba entrarán en vigor o 1 de setembro do ano 2020.

Dado en Madrid o 5 de maio de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO

TEXTO REFUNDIDO DA LEI CONCURSAL

LIBRO PRIMEIRO

Do concurso de acredores

TÍTULO I

Da declaración de concurso

CAPÍTULO I

Dos presupostos da declaración de concurso

Artigo 1. *Presuposto subxectivo.*

1. A declaración de concurso procederá respecto de calquera debedor, sexa persoa natural ou xurídica.

2. As entidades que integran a organización territorial do Estado, os organismos públicos e demais entes de dereito público non poderán ser declarados en concurso.

Artigo 2. *Presuposto obxectivo.*

1. A declaración de concurso procederá en caso de insolvencia do debedor.

2. A solicitude de declaración de concurso presentada polo debedor deberase fundar en que se encontra en estado de insolvencia.

3. A insolvencia poderá ser actual ou inminente. Encóntrase en estado de insolvencia actual o debedor que non pode cumprir regularmente as súas obrigacións exixibles. Encóntrase en estado de insolvencia inminente o debedor que prevexa que non poderá cumprir regular e puntualmente coas súas obrigacións.

4. A solicitude de declaración de concurso presentada por calquera acredor deberase fundar nalgún dos seguintes feitos externos reveladores do estado de insolvencia:

1.º A existencia dunha declaración xudicial ou administrativa previa de insolvencia do debedor, sempre que sexa firme.

2.º A existencia dun título polo cal se despachase mandamento de execución ou constrinximento sen que do embargo resultasen bens libres coñecidos bastantes para o pagamento.

3.º A existencia de embargos por execucións en curso que afecten dunha maneira xeral o patrimonio do debedor.

4.º O sobresemento xeneralizado no pagamento corrente das obrigacións do debedor.

5.º O sobresemento xeneralizado no pagamento das obrigacións tributarias exixibles durante os tres meses anteriores á solicitude de concurso; o das cotas da Seguridade Social e demais conceptos de recadación conxunta durante o mesmo período, ou o dos salarios e indemnizacións aos traballadores e demais retribucións derivadas das relacións de traballo correspondentes ás tres últimas mensualidades.

6.º O alzamento ou a liquidación apresurada ou ruínosa dos seus bens polo debedor.

CAPÍTULO II

Da lexitimación

Artigo 3. *Lexitimación.*

1. Para solicitar a declaración de concurso están lexitimados o debedor e calquera dos seus acredores.

Se o debedor é persoa xurídica, será competente para decidir sobre a presentación da solicitude o órgano de administración ou de liquidación.

2. Por excepción ao disposto no punto anterior, non está lexitimado o acreedor que, dentro dos seis meses anteriores á presentación da solicitude, adquirise o crédito por actos *inter vivos* e a título singular, despois do seu vencemento.

3. Para solicitar a declaración de concurso dunha sociedade están tamén lexitimados os socios que sexan persoalmente responsables das débedas daquela.

Artigo 4. *Da intervención do Ministerio Fiscal.*

1. Cando, nas actuacións por delitos contra o patrimonio e contra a orde socioeconómica, se poñan de manifesto indicios de estado de insolvencia dalgún presunto responsable penal, o Ministerio Fiscal instará do xuíz que coñeza da causa a comunicación daqueles feitos aos acredores cuxa identidade resulte das actuacións penais en curso, co fin de que, de ser o caso, poidan solicitar a declaración de concurso ou exercer as accións que lles correspondan.

2. De igual modo, o Ministerio Fiscal instará do xuíz que estea a coñecer da causa a comunicación dos feitos ao xuíz competente para coñecer do concurso do debedor por se, respecto deste, estivese en tramitación un concurso de acredores.

CAPÍTULO III

Da declaración de concurso por solicitude do debedor

Sección 1.^a Do deber de solicitar a declaración de concurso

Artigo 5. *Deber de solicitar a declaración de concurso.*

1. O debedor deberá solicitar a declaración de concurso dentro dos dous meses seguintes á data en que coñecese ou debese coñecer o estado de insolvencia actual.

2. Salvo proba en contrario, presumirase que o debedor coñeceu que se encontra en estado de insolvencia cando acaecese algún dos feitos que poden servir de fundamento a unha solicitude de calquera outro lexitimado.

Sección 2.^a Da solicitude do debedor

Artigo 6. *Solicitude do debedor.*

1. O debedor que inste a declaración do propio concurso deberá expresar na solicitude o estado de insolvencia actual ou inminente en que se encontre e achegar todos os documentos que considere necesarios para acreditar a existencia dese estado.

2. A solicitude irá asinada por procurador e por avogado. O poder en que o debedor outorgue a representación ao procurador deberá estar autorizado por notario ou ser conferido por comparecencia ante o letrado da Administración de xustiza de calquera oficina xudicial, e deberá ser especial para solicitar o concurso.

Artigo 7. *Documentos xerais.*

Coa solicitude de declaración de concurso o debedor xuntará os documentos seguintes:

1.º Unha memoria expresiva da historia económica e xurídica do debedor; da actividade ou actividades a que se dedicou durante os tres últimos anos e dos establecementos, oficinas e explotacións de que sexa titular; das causas do estado de insolvencia en que se encontre, e das consideracións que considere oportunas acerca da viabilidade patrimonial.

Se o debedor é persoa casada, indicará na memoria a identidade do cónxuxe, a data do matrimonio, o réxime económico polo cal se rexa e, se se pactou, a data das capitulacións matrimoniais. Se o debedor ten parella inscrita, indicará na memoria a identidade da parella e a data de inscrición no rexistro correspondente.

Se o debedor é persoa xurídica, indicará na memoria: a identidade dos socios ou asociados de que teña constancia; a identidade dos administradores ou dos liquidadores, dos directores xerais e, de ser o caso, do auditor de contas; se ten admitidos valores a cotización en mercado secundario oficial e se forma parte dun grupo de sociedades, caso en que enumerará as que estean integradas nel.

2.º Un inventario dos bens e dereitos que integren o seu patrimonio, con expresión da natureza que teñan, as características, o lugar en que se encontren e, se están inscritos nun rexistro público, os datos de identificación rexistral de cada un dos bens e dereitos relacionados, o valor de adquisición, as correccións valorativas que procedan e a estimación do valor actual. Indicaranse tamén no inventario os dereitos, os gravames, as trabas e as cargas que afecten estes bens e dereitos, a favor de acredor ou de terceiro, con expresión da natureza que teñan e, de ser o caso, dos datos de identificación rexistral.

3.º A relación de acredores, por orde alfabética, con expresión da identidade, o domicilio e o enderezo electrónico, se o ten, de cada un deles, así como da contía e o vencemento dos respectivos créditos e as garantías persoais ou reais constituídas. Se algún acredor reclama xudicialmente o pagamento do crédito, identificarase o procedemento correspondente e indicarse o estado das actuacións.

4.º O cadro de persoal de traballadores, de ser o caso, e a identidade dos integrantes do órgano de representación destes, se os hai.

Artigo 8. *Documentos contables e complementarios.*

1. Se o debedor está legalmente obrigado a levar a contabilidade, xuntará coa solicitude de declaración de concurso, ademais, os documentos seguintes:

1.º As contas anuais e, de ser o caso, os informes de xestión e os informes de auditoría correspondentes aos tres últimos exercicios finalizados na data da solicitude, estean ou non aprobadas as ditas contas.

2.º Unha memoria dos cambios significativos operados no patrimonio con posterioridade ás últimas contas anuais formuladas, aprobadas e depositadas.

3.º Unha memoria das operacións realizadas con posterioridade ás últimas contas anuais formuladas, aprobadas e depositadas que, polo seu obxecto, natureza ou contía excedesen o xiro ou tráfico ordinario do debedor.

2. Se o debedor forma parte dun grupo de sociedades, como sociedade dominante ou como sociedade dominada, xuntará tamén as contas anuais e o informe de xestión consolidados e o informe de auditoría correspondentes aos tres últimos exercicios sociais finalizados na data da solicitude, estean ou non aprobadas as ditas contas, así como unha memoria expresiva das operacións realizadas con outras sociedades do grupo durante ese mesmo período e ata a solicitude de concurso.

3. Se o debedor está obrigado a comunicar ou remitir estados financeiros intermedios a autoridades supervisoras, achegará igualmente coa solicitude de declaración de concurso os estados financeiros elaborados con posterioridade ás últimas contas que se xuntan á solicitude.

Artigo 9. *Falta de achega de documentos.*

Cando o debedor non xunte coa solicitude algún dos documentos exixidos ou falte neles algún dos datos ou dos requisitos establecidos nesta lei, deberá expresar na solicitude de declaración de concurso a causa que o motive.

Sección 3.^a Da provisión sobre a solicitude do debedor

Artigo 10. Provisión sobre a solicitude do debedor.

1. No mesmo día ou, se non for posible, no seguinte hábil ao da repartición, o xuíz competente examinará a solicitude de concurso presentada polo debedor.

2. Se o xuíz se considera competente e se da documentación achegada, apreciada en conxunto, resulta que concorren os presupostos subxectivo e obxectivo para a declaración, o xuíz declarará o concurso de acredores o primeiro día hábil seguinte.

Artigo 11. Emenda da solicitude do debedor.

1. Se o xuíz considera que a solicitude de declaración de concurso presentada polo debedor ou a documentación que a acompaña presentan algún defecto material ou procesual ou que a documentación é insuficiente, sinalaralle ao solicitante un único prazo de xustificación ou emenda, que non poderá exceder os cinco días.

2. Se o debedor non realiza, dentro de prazo, a xustificación ou a emenda requirida, o xuíz ditará auto polo que se inadmita a trámite a solicitude.

3. Unha vez xustificado ou emendado o defecto ou a insuficiencia dentro dese prazo, o xuíz, no mesmo día ou, se non for posible, no seguinte hábil, ditará auto polo que se declare o concurso ou se desestime a solicitude.

Artigo 12. Recurso contra o auto de inadmisión ou desestimación da solicitude do debedor.

Contra o auto que inadmita ou desestime a solicitude de declaración do concurso presentada polo debedor o solicitante só poderá interpoñer recurso de reposición.

CAPÍTULO IV

Da declaración de concurso por solicitude de acredor e doutros lexitimados

Sección 1.^a Da solicitude de acredor e doutros lexitimados

Artigo 13. Solicitude de acredor e dos demais lexitimados.

1. O acredor que inste a declaración de concurso deberá expresar na solicitude a orixe, a natureza, o importe, as datas de adquisición e vencemento e a situación actual do crédito, do cal xuntará documento ou documentos acreditativos, así como o feito ou os feitos externos reveladores do estado de insolvencia de entre os enumerados nesta lei en que funde esa solicitude.

2. Os demais lexitimados deberán expresar na solicitude o carácter en que a formulan, e achegarán o documento do cal resulte a lexitimación para solicitar a declaración de concurso, ou propoñerán a proba que consideren necesaria para acreditala.

3. En todo caso, expresaranse na solicitude os medios de proba de que se valla ou pretenda valerse o solicitante para acreditar o feito ou os feitos externos reveladores do estado de insolvencia que alegasen. A proba testifical non será bastante por si soa.

Sección 2.^a Da provisión sobre a solicitude de acredor e doutros lexitimados

Artigo 14. Provisión sobre a solicitude de acredor e doutros lexitimados.

1. No mesmo día ou, se non for posible, no seguinte hábil ao da repartición, o xuíz competente examinará a solicitude de concurso presentada polo acredor ou por calquera outro lexitimado distinto do debedor.

2. Se o xuíz se considera competente e se da documentación achegada, apreciada en conxunto, resulta a lexitimación do solicitante e que concorre o presuposto subxectivo para a declaración, procederá do seguinte modo:

1.º Se a solicitude presentada polo acredor se funda na existencia dunha declaración xudicial ou administrativa previa de insolvencia do debedor sempre que sexa firme; na existencia dun título polo cal se despachase execución ou constrinximento sen que do embargo resultasen bens libres coñecidos bastantes para o pagamento, ou na existencia de embargos por execucións pendentes que afecten dunha maneira xeral o patrimonio do debedor, o xuíz declarará o concurso de acredores o primeiro día hábil seguinte.

2.º Se a solicitude presentada polo acredor se funda nalgún dos feitos externos reveladores do estado de insolvencia enumerados nesta lei distinto dos anteriores ou se a solicitude procede de calquera outro lexitimado, o xuíz, o primeiro día hábil seguinte, ditará auto polo cal se admita a trámite, e ordenará o emprazamento do debedor, con traslado da solicitude, para que compareza no prazo de cinco días, dentro do cal se lle poñerán de manifesto os autos e poderá formular oposición á solicitude, propoñendo os medios de proba de que tente valerse.

3. No auto de admisión a trámite da solicitude, o xuíz ordenará a formación da sección primeira, que se encabezarán coa solicitude e todos os documentos que a acompañaren.

4. Esta resolución xudicial notificaráselles aos organismos e ás administracións públicas ás cales se deba notificar a declaración de concurso.

Artigo 15. *Acumulación de solicitudes.*

Logo de admitida a trámite a solicitude, as que se presenten con posterioridade acumularanse á primeiramente repartida e uníranse aos autos, e consideraranse comparecidos os novos solicitantes sen retrotraer as actuacións.

Artigo 16. *Emprazamento do debedor.*

1. Admitida a trámite a solicitude, o letrado da Administración de xustiza emprazará o debedor. Se non se coñece o domicilio deste ou o resultado do emprazamento é negativo, utilizaranse, de oficio ou por instancia de parte, os medios oportunos para pescudar o domicilio ou residencia do debedor, conforme o establecido na Lei de axuízamento civil.

2. Cando no domicilio rexistral do debedor persoa xurídica non poida esta ser emprazada e non se coñeza o domicilio real, o letrado da Administración de xustiza deberase dirixir ao rexistro público en que se encontre inscrita a dita persoa para determinar a identidade dos administradores, liquidadores ou directores xerais da entidade. Unha vez identificados, o emprazamento da persoa xurídica debedora realizarase a través dos ditos administradores, liquidadores ou directores xerais.

3. Cando o letrado da Administración de xustiza esgote todas as vías para o emprazamento do debedor, o xuíz poderá declarar o concurso con base nos documentos que acompañen a solicitude, as alegacións do solicitante ou solicitantes e as investigacións que se realizaron.

Artigo 17. *Emenda da solicitude do acredor e doutros lexitimados.*

1. Se o xuíz considera que a solicitude de declaración de concurso presentada por acredor ou por calquera outro lexitimado distinto do debedor ou o documento de que resulte a lexitimación do solicitante son defectuosos ou insuficientes, procederá do modo establecido para o mesmo caso respecto da solicitude do debedor.

2. Se o solicitante non realiza dentro de prazo a emenda requirida, o xuíz ditará auto polo que inadmita a trámite a solicitude. Contra o auto que inadmita a solicitude de declaración do concurso o solicitante só poderá interpoñer recurso de reposición.

3. Unha vez xustificado ou emendado o defecto ou a insuficiencia dentro dese prazo, o xuíz no mesmo día ou, se non for posible, no seguinte hábil procederá conforme o establecido no artigo anterior.

Artigo 18. *Medidas cautelares anteriores á declaración de concurso.*

1. Por petición do lexitimado para instar o concurso necesario, o xuíz, ao admitir a trámite a solicitude, poderá adoptar, de conformidade co previsto na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, as medidas cautelares que considere necesarias para asegurar a integridade do patrimonio do debedor.

2. O xuíz poderá pedir ao solicitante que preste fianza para responder dos eventuais danos e perdas que as medidas cautelares puideren producir ao debedor se a solicitude de declaración de concurso resulta finalmente desestimada.

3. No mesmo auto en que declare o concurso ou se desestime a solicitude, o xuíz pronunciarase necesariamente sobre as medidas cautelares que acordase antes dese auto.

Artigo 19. *Achantamento do debedor.*

1. Admitida a trámite a solicitude, se o debedor emprazado se achantase coa pretensión do solicitante, o xuíz ditará auto polo cal declare o concurso de acredores.

2. O mesmo efecto que o achantamento terá o feito de que, con posterioridade á solicitude de calquera lexitimado, o debedor, antes de ser emprazado, solicitase a declaración do propio concurso ou, unha vez emprazado, non formulase oposición dentro de prazo.

Sección 3.ª Da oposición do debedor

Artigo 20. *Oposición do debedor.*

1. O debedor poderá basear a oposición á solicitude de declaración de concurso na falta de lexitimación do solicitante; na inexistencia do feito externo revelador do estado de insolvencia en que se fundamente a solicitude ou en que, mesmo téndose producido ese feito, non se encontraba en estado de insolvencia ou xa non se encontra nese estado.

2. Se o debedor alegase que non se atopa en estado de insolvencia, incumbiralle a proba da súa solvencia. Se o debedor está obrigado legalmente a levar a contabilidade, esta proba deberase basear na que leve conforme dereito.

Artigo 21. *Citación para a vista.*

En caso de oposición, o letrado da Administración de xustiza, o día seguinte, citará as partes a unha vista, que terá lugar no prazo dos dez días seguintes a aquel en que formulase oposición, prevíndoas para que comparezan nela con todos os medios da proba que se poida practicar no acto e, se o debedor está obrigado legalmente a levar a contabilidade, advertindo este para que compareza cos libros contables de xestión obrigatoria.

Artigo 22. *Realización da vista.*

1. A vista terá lugar baixo a presidencia do xuíz.

2. Se o debedor non comparece, o xuíz ditará auto polo que declare o concurso. Se comparece, no caso de que o crédito do acredor instante estea vencido, o debedor deberá consignar no mesmo acto da vista o importe do dito crédito á disposición do acredor, acreditará telo feito antes da vista ou manifestará a causa lexítima da falta de consignación. No caso de que comparecesen varios acredores e se acumulasen ou se acumulen as solicitudes de concurso presentadas, o debedor deberá proceder do mesmo xeito en relación con cada un deses acredores.

3. No caso de que o solicitante non compareza ou, téndoo feito, non se ratifique na súa solicitude, e o xuíz considere que concorre presuposto obxectivo para a declaración do concurso necesario, e das actuacións resulte a existencia doutros posibles acredores, antes de ditar o auto que resolva sobre a solicitude concederáselles a eses acredores un prazo de cinco días para que formulen as alegacións que lles conveñan.

4. No caso de falta de consignación e nos casos en que, malia ter sido efectuada, o acredor se ratificase na solicitude, o xuíz oírás partes e os seus avogados sobre a procedencia ou improcedencia da declaración de concurso. A mesma regra será de aplicación cando o crédito do instante non vencese ou cando o lexitimado para a declaración de concurso necesario non teña a condición de acredor.

Artigo 23. *Proposición e práctica da proba.*

1. O xuíz decidirá na vista sobre a pertinencia dos medios de proba propostos na solicitude ou solicitudes acumuladas de concurso ou que propoñan os solicitantes ou o debedor nese acto.

2. As probas declaradas pertinentes practicaránse de inmediato se se poden realizar na propia vista. Noutro caso, o letrado da Administración de xustiza sinalará día para a práctica das restantes. A práctica destoutas probas deberase realizar o antes posible, sen que poida exceder os vinte días.

3. O xuíz poderá interrogar directamente as partes, as testemuñas e os peritos.

4. O xuíz apreciará as probas que se realicen conforme as regras de valoración contidas na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

Sección 4.^a Da resolución sobre a solicitude

Artigo 24. *Resolución sobre a solicitude.*

1. Unha vez practicadas as probas declaradas pertinentes ou transcorrido o prazo fixado para iso, o xuíz, dentro dos tres días seguintes, ditará auto polo que se declare o concurso ou se desestime a solicitude.

2. En caso de declaración de concurso, as custas terán a consideración de créditos contra a masa. En caso de desestimación da solicitude, o auto condenará o solicitante ao pagamento das custas, salvo que o xuíz aprecie, e así o razoe, que o caso presentaba serias dúbidas de feito ou de dereito.

Artigo 25. *Recursos contra o auto estimatorio ou desestimatorio da solicitude de concurso presentada por acredor.*

1. Contra o pronunciamento do auto sobre a estimación ou desestimación da solicitude de declaración de concurso presentada por acredor ou por calquera outro lexitimado distinto do debedor poderase interpoñer recurso de apelación. A interposición do recurso non terá efecto suspensivo salvo que, excepcionalmente, o xuíz acorde o contrario. Nese caso, ao admitir a trámite o recurso, o xuíz deberase pronunciar sobre o mantemento, total ou parcial, das medidas cautelares que acordase ou adoptar aquelas que considere necesarias.

2. Para apelar o auto de declaración de concurso están lexitimados o debedor que non a solicitou e calquera persoa que acredite interese lexitimo, aínda que non comparecese con anterioridade. Para apelar o auto desestimatorio só estará lexitimada a parte solicitante do concurso.

3. Contra os demais pronunciamentos contidos no auto de declaración do concurso, calquera das partes poderá interpoñer unicamente recurso de reposición.

4. O prazo para interpoñer o recurso de reposición e o recurso de apelación contará, respecto das partes que comparecesen, desde a notificación do auto e, respecto dos demais lexitimados, desde a publicación da declaración de concurso no «Boletín Oficial del Estado».

5. A desestimación dos recursos determinará a condena en custas do recorrente.

Artigo 26. *Estimación do recurso.*

No caso de que, interposto recurso de apelación contra o auto de desestimación da solicitude, o recurso sexa estimado polo tribunal superior, no auto fixarase como data da declaración de concurso a da resolución apelada.

Artigo 27. *Indemnización de danos e perdas.*

1. En caso de desestimación da solicitude de concurso, unha vez que sexa firme o auto, o debedor poderá presentar escrito ante o xuíz que coñecese dela en que solicite liquidación dos danos e perdas que considere que lle foron causados por esa solicitude, co cal xuntará unha relación detallada deses danos e perdas. Co escrito poderá xuntar os documentos, ditames e informes periciais que xulgue convenientes.

2. A determinación da existencia e da contía dos reclamados axustarase ao establecido na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para a liquidación de danos e perdas.

3. Unha vez determinados os danos e perdas, requirirase de pagamento o solicitante do concurso e procederase de inmediato, se non os paga, á súa exacción forzosa.

CAPÍTULO V

Do auto de declaración de concurso

Sección 1.ª Do auto de declaración de concurso

Artigo 28. *Auto de declaración de concurso.*

1. En todo caso, o auto de declaración de concurso conterá os seguintes pronunciamentos:

1.º O carácter voluntario ou necesario do concurso, con indicación, de ser o caso, de que o debedor presentou proposta anticipada de convenio ou solicitou a liquidación da masa activa.

2.º A determinación de se o concurso se tramitará conforme as regras establecidas para o procedemento ordinario ou conforme as establecidas para o procedemento abreviado.

3.º Os efectos sobre as facultades de administración e disposición do debedor respecto da masa activa.

4.º O nomeamento da administración concursal, con expresión das facultades do administrador ou dos administradores concursais nomeados.

5.º O chamamento aos acredores para que poñan en coñecemento da administración concursal a existencia dos seus créditos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da declaración de concurso no «Boletín Oficial del Estado».

6.º A publicidade que se deba dar á declaración de concurso.

2. En caso de concurso necesario, o auto deberá conter, ademais, o requirimento ao concursado para que, no prazo de dez días contados desde a notificación da declaración de concurso, presente os mesmos documentos que o debedor debe xuntar coa solicitude de concurso.

3. No auto de declaración de concurso, o xuíz poderá acordar as medidas cautelares que considere necesarias para asegurar a integridade, a conservación ou a administración da masa activa ata que o administrador ou os administradores concursais acepten o cargo.

Artigo 29. *Concurso voluntario e concurso necesario.*

1. O concurso de acredores terá a consideración de voluntario cando a primeira das solicitudes presentadas fose a do propio debedor. Nos demais casos, o concurso considerarase necesario.

2. Por excepción ao disposto no punto anterior, o concurso de acredores terá a consideración de necesario cando, nos tres meses anteriores á data da solicitude do debedor, calquera lexitimado presentase outra e fose admitida a trámite, aínda que este desistise, non comparecese na vista ou non se ratificase na solicitude.

Artigo 30. *Apertura da fase común.*

1. O auto de declaración de concurso abrirá a fase común do concurso.
2. Se o debedor solicitase a liquidación da masa activa, o xuíz acordaraa no propio auto en que declare o concurso solicitado, con simultánea apertura da fase de liquidación e cos demais pronunciamentos establecidos nesta lei.

Artigo 31. *Apertura de seccións.*

1. Na resolución xudicial en que se declare o concurso, ordenarase a formación da sección primeira, se o concurso se declarase por solicitude do debedor, que se encabezarán coa solicitude e todos os documentos que a acompañaren, así como, calquera que fose o solicitante, a formación das seccións segunda, terceira e cuarta, cada unha das cales se encabezarán co auto ou, de ser o caso, coa sentenza que ordenase a súa formación.
2. Se o debedor xuntase á solicitude proposta anticipada de convenio ou solicitase a liquidación da masa activa, o xuíz ordenará a formación da sección quinta, que se encabezarán, segundo proceda, coa proposta anticipada e as adhesións dos acredores ou a solicitude de liquidación.

Artigo 32. *Eficacia do auto de declaración de concurso.*

O auto de declaración de concurso producirá de inmediato os efectos establecidos nesta lei e terá forza executiva, aínda que non sexa firme.

Sección 2.ª Da notificación do auto de declaración de concurso

Artigo 33. *Notificación do auto de declaración de concurso.*

1. O letrado da Administración de xustiza notificaralles o auto ás partes que comparecesen. Se o debedor non comparecese, a publicación da declaración de concurso no «Boletín Oficial del Estado» producirá, respecto del, os efectos de notificación do auto.
2. Se o concursado está casado, o auto notificaráselle ao cónxuxe. Do mesmo xeito procederá o letrado da Administración de xustiza no caso de que o concursado teña parella inscrita.

Artigo 34. *Data das notificacións.*

As notificacións da declaración xudicial de concurso efectuaranse baixo a dirección do letrado da Administración de xustiza no mesmo día da data do auto.

Sección 3.ª Da publicidade da declaración de concurso

Artigo 35. *Publicidade da declaración de concurso.*

1. Unha vez aceptado o cargo polo administrador concursal, os edictos relativos á declaración de concurso remitiranse ao «Boletín Oficial del Estado» e ao Rexistro público concursal para que sexan publicados coa maior urxencia. O edicto conterá os datos indispensables para a identificación do concursado, incluíndo o número de identificación fiscal que teña; o órgano xudicial que declarase o concurso, o número de autos e o número de identificación xeral do procedemento; a data do auto de declaración de concurso; o réxime de intervención ou de suspensión das facultades de administración e disposición do concursado sobre os bens e dereitos que integren a masa activa; a identidade do

administrador ou dos administradores concursais; o prazo para a comunicación dos créditos, o enderezo postal e electrónico para que os acredores, á súa elección, efectúen a comunicación de créditos; e o enderezo electrónico do Rexistro público concursal en que se publicarán as resolucións que deriven do concurso. A publicación dos edictos terá carácter gratuíto.

2. No mesmo auto de declaración do concurso ou en resolución posterior, o xuíz, de oficio ou por instancia de interesado, poderá acordar calquera publicidade complementaria que considere imprescindible para a efectiva difusión do concurso de acredores.

Artigo 36. *Anotación e inscrición nos rexistros públicos de persoas.*

1. Se o concursado é persoa natural, anotarase e, unha vez que o auto deveña firme, inscribíranse no Rexistro civil a declaración de concurso, con indicación do órgano xudicial que a ditase, do carácter da resolución e da data en que se producise; a intervención ou, de ser o caso, a suspensión das facultades de administración e disposición do concursado sobre os bens e dereitos que integren a masa activa, así como a identidade do administrador ou dos administradores concursais.

2. Se o concursado, persoa natural ou xurídica, é suxeito inscristible no Rexistro Mercantil, anotarase e, unha vez que o auto sexa firme, inscribíranse na folia que esa persoa teña aberta a declaración de concurso, con indicación do órgano xudicial que a ditase, do carácter da resolución e da data en que se producise; a intervención ou, de ser o caso, a suspensión das facultades de administración e disposición do concursado sobre os bens e dereitos que integren a masa activa, así como a identidade do administrador ou dos administradores concursais. Cando non conste folia aberta ao concursado, efectuarase previamente a inscrición deste no Rexistro Mercantil.

Se a concursada é persoa xurídica non inscristible no Rexistro Mercantil pero que consta ou deba constar inscrita noutro rexistro público, inscribíranse neste as mesmas circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

Artigo 37. *Anotación e inscrición nos rexistros públicos de bens e dereitos.*

1. Se o concursado ten bens ou dereitos inscritos en rexistros públicos, anotarase e, unha vez que o auto deveña firme, inscribíranse no folio correspondente a cada un deles a declaración de concurso, con indicación do órgano xudicial que a ditase, do carácter da resolución e da data en que se producise; a intervención ou, de ser o caso, a suspensión das facultades de administración e disposición do concursado sobre os bens e dereitos que integren a masa activa, así como a identidade do administrador ou dos administradores concursais.

2. Unha vez efectuada a anotación ou a inscrición, non se poderán anotar respecto daqueles bens ou dereitos máis embargos ou secuestros posteriores á declaración de concurso que os acordados polo xuíz deste, sen máis excepcións que as establecidas nesta lei.

CAPÍTULO VI

Dos concursos conexos

Sección 1.^a *Da declaración conxunta de concursos*

Artigo 38. *Declaración conxunta de concurso voluntario de varios debedores.*

Aqueles debedores que sexan cónxuxes, socios ou administradores total ou parcialmente responsables das débedas dunha persoa xurídica e as sociedades pertencentes ao mesmo grupo poderán solicitar a declaración xudicial conxunta dos respectivos concursos.

Artigo 39. *Declaración conxunta de concurso necesario de varios debedores.*

O acredor poderá solicitar a declaración xudicial conxunta de concurso de varios dos seus debedores cando sexan cónxuxes, cando se trate de sociedades que formen parte do mesmo grupo ou cando exista entre eles confusión de patrimonios.

Artigo 40. *Declaración conxunta de concurso de parella de feito.*

O xuíz poderá declarar o concurso conxunto de dúas persoas que sexan parella de feito inscrita, por solicitude dos membros da parella ou dun acredor, cando aprecie a existencia de pactos expresos ou tácitos ou de feitos concluíntes de que derive a inequívoca vontade dos conviventes de formaren un patrimonio común.

Sección 2.^a Da acumulación de concursos xa declarados

Artigo 41. *Acumulación de concursos.*

1. A acumulación de concursos xa declarados procederá nos casos de concursos dos cónxuxes; das parellas de feito inscritas cando concorran os mesmos requisitos establecidos para a declaración conxunta do concurso da parella; dos socios, membros, integrantes ou administradores que sexan persoalmente responsables, total ou parcialmente, das débedas dunha persoa xurídica; de quen sexa membro dunha entidade sen personalidade xurídica e responda persoalmente das débedas contraídas en nome desta; das sociedades que formen parte dun mesmo grupo; e de quen teña confundidos os respectivos patrimonios.

2. Calquera dos concursados ou calquera das administracións concursais poderá solicitar ao xuíz, mediante escrito razoado, a acumulación dos concursos conexas xa declarados. Na falta desta solicitude, a acumulación poderá ser solicitada por calquera dos acredores mediante escrito razoado.

3. A acumulación procederá aínda que os concursos fosen declarados por diferentes xulgados.

Sección 3.^a Da tramitación coordinada dos concursos conexas

Artigo 42. *Tramitación coordinada.*

Os concursos declarados conxuntamente e acumulados tramitaranse de forma coordinada, sen consolidación das masas.

Artigo 43. *Consolidación de masas.*

Excepcionalmente, o xuíz, de oficio ou por solicitude de calquera interesado, poderá acordar a consolidación das masas de concursos declarados conxuntamente ou acumulados cando exista confusión de patrimonios e non sexa posible deslindar a titularidade de activos e pasivos sen incorrer en demora na tramitación do concurso ou nun gasto inxustificable.

TÍTULO II

Dos órganos do concurso

CAPÍTULO I

Do xuíz do concurso

Sección 1.ª Da competencia

Artigo 44. *Competencia obxectiva.*

1. Son competentes para declarar e tramitar o concurso de acredores os xuíces do mercantil.
2. Por excepción ao establecido no punto anterior, os xuíces de primeira instancia son competentes para declarar e tramitar o concurso de acredores dunha persoa natural que non sexa empresario.
3. Para os efectos do establecido neste libro, son empresarios as persoas naturais que teñan esa condición conforme a lexislación mercantil.

Artigo 45. *Competencia territorial.*

1. A competencia para declarar e tramitar o concurso corresponde ao xuíz en cuxo territorio teña o debedor o centro dos seus intereses principais. Por centro dos intereses principais entenderase o lugar onde o debedor exerce de modo habitual e recoñecible por terceiros a administración de tales intereses.
2. En caso de debedor persoa xurídica, presúmese que o centro dos seus intereses principais se encontra no lugar do domicilio social. Será ineficaz para estes efectos o cambio de domicilio inscrito no Rexistro Mercantil dentro dos seis meses anteriores á solicitude do concurso, calquera que sexa a data en que se acordase ou decidise.
3. Se o domicilio do debedor e o centro dos seus intereses principais radica en territorio español, aínda que en lugares diferentes, será tamén competente, á elección do acredor solicitante, o xuíz en cuxo territorio radique o domicilio.

Artigo 46. *Competencia en caso de concursos conexas.*

1. Será xuíz competente para a declaración conxunta de concurso o do lugar onde teña o centro dos seus intereses principais o debedor con maior pasivo e, se se trata dun grupo de sociedades, o da sociedade dominante ou, en supostos en que o concurso non se solicite respecto desta, o da sociedade de maior pasivo.
2. Será competente para decidir sobre a acumulación dos concursos conexas, se estes fosen declarados por diferentes xulgados, e para a súa posterior tramitación conxunta, o xuíz que estivese coñecendo do concurso do debedor con maior pasivo no momento da presentación da solicitude de concurso ou, de ser o caso, do concurso da sociedade dominante ou, cando esta non fose declarada en concurso, o que primeiro coñecese do concurso de calquera das sociedades do grupo.
3. Se os concursos a que se refiren os dous puntos anteriores foren dunha persoa natural non empresario e dunha persoa natural empresario ou dunha persoa xurídica, a competencia para decidir sobre a declaración conxunta ou a acumulación e posterior tramitación coordinada será do xuíz do mercantil.

Artigo 47. *Efectos da declaración de concurso.*

1. Os efectos do concurso declarado conforme as regras de competencia establecidas no artigo que regula a competencia territorial terán alcance universal. No ámbito internacional, o concurso declarado conforme esas regras terá a consideración de concurso principal.

2. A masa activa comprenderá todos os bens e dereitos do debedor, situados dentro ou fóra do territorio español, con independencia de que se abra ou non no estranxeiro un concurso territorial. No caso de que sobre os bens ou dereitos situados en territorio estranxeiro se abra un procedemento de insolvencia, teranse en conta as regras de recoñecemento de procedementos estranxeiros de insolvencia.

Artigo 48. *Preferencia para a declaración de concurso.*

De se teren presentado solicitudes de declaración do concurso ante dous ou máis xulgados competentes, será preferente aquel ante o cal se presentase a primeira solicitude, aínda que esa solicitude ou a documentación que a acompañe sufran algún defecto procesual ou material ou aínda que a documentación sexa insuficiente.

Artigo 49. *Competencia por razón de radicar en España un establecemento.*

1. Se o centro dos intereses principais do debedor non está en territorio español pero ten neste un establecemento, será competente para declarar e tramitar o concurso de acredores o xuíz en cuxo territorio radique ese establecemento e, de existiren varios, onde se encontre calquera deles, á elección do solicitante. Por establecemento entenderase todo lugar de operacións en que o debedor exerza de forma non transitoria unha actividade económica con medios humanos e materiais.

2. Os efectos deste concurso, que no ámbito internacional se considerará concurso territorial, limitaranse aos bens e dereitos do debedor, afectos ou non á súa actividade, que estean situados en territorio español. No caso de que no Estado onde o debedor teña o centro dos seus intereses principais se abra un procedemento de insolvencia, teranse en conta as regras de coordinación entre procedementos paralelos de insolvencia.

Artigo 50. *Exame de oficio da competencia.*

O xuíz examinará de oficio a súa competencia e determinará a regra legal en que se funde.

Artigo 51. *Declinatoria.*

1. O debedor poderá formular cuestión de competencia internacional e territorial por declinatoria dentro dos cinco días seguintes a aquel en que foi emprazado. Tamén a poderán formular os demais lexitimados para solicitar a declaración de concurso, no prazo de dez días desde a publicación do edicto da declaración do concurso no «Boletín Oficial del Estado».

2. A interposición de declinatoria, na cal o promotor estará obrigado a indicar cal é o órgano competente para coñecer do concurso, non suspenderá o procedemento concursal. En ningún caso se pronunciará o xuíz sobre a oposición do debedor sen que, logo de audiencia do Ministerio Fiscal, resolverse a cuestión de competencia formulada. No caso de que estime a cuestión de competencia, deberase inhibir a favor do órgano a que corresponda, con emprazamento das partes e remisión do actuado.

3. Todo o actuado no concurso será válido aínda que se estime a declinatoria.

Sección 2.^a Da xurisdición

Artigo 52. *Carácter exclusivo e excluínate da xurisdición.*

A xurisdición do xuíz do concurso é exclusiva e excluínate para coñecer das seguintes materias:

1.^a As accións civís con transcendencia patrimonial que se dirixan contra o concursado, con excepción das que se exerzan nos procesos civís sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores.

2.^a As execucións relativas a créditos concursais ou contra a masa sobre os bens e dereitos do concursado integrados ou que se integren na masa activa, calquera que sexa o tribunal ou a autoridade administrativa que a ordenase, sen máis excepcións que as previstas nesta lei.

3.^a A determinación do carácter necesario dun ben ou dereito para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor.

4.^a As que no procedemento concursal debe adoptar en relación coa asistencia xurídica gratuíta.

5.^a A disolución e liquidación da sociedade ou comunidade conxugal do concursado.

6.^a As accións de reclamación de débedas sociais que se exerzan contra os socios da sociedade concursada que sexan subsidiariamente responsables do pagamento desas débedas, calquera que sexa a data en que se contraesen, e as accións para eximir aos socios da sociedade concursada o desembolso das achegas sociais diferidas ou o cumprimento das prestacións accesorias.

7.^a As accións de responsabilidade contra os administradores ou liquidadores, de dereito ou de feito; contra a persoa natural designada para o exercicio permanente das funcións propias do cargo de administrador persoa xurídica e contra a persoa, calquera que sexa a súa denominación, que teña atribuídas facultades de máis alta dirección da sociedade cando non exista delegación permanente de facultades do consello nun ou en varios conselleiros delegados, polos danos e perdas causados, antes ou despois da declaración xudicial de concurso, á persoa xurídica concursada.

8.^a As accións de responsabilidade contra os auditores polos danos e perdas causados, antes ou despois da declaración xudicial de concurso, á persoa xurídica concursada.

Artigo 53. *Xurisdición do xuíz do concurso en materia laboral.*

1. A xurisdición do xuíz do concurso é exclusiva e excluín-te para coñecer das accións sociais que teñan por obxecto a modificación substancial das condicións de traballo, o traslado, o despedimento, a suspensión de contratos e a redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción que, conforme a lexislación laboral e o establecido nesta lei, teñan carácter colectivo, así como das que versen sobre a suspensión ou extinción de contratos de alta dirección.

2. A suspensión de contratos e a redución de xornada terán carácter colectivo cando afecten o número de traballadores establecido na lexislación laboral para a modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo.

Artigo 54. *Medidas cautelares.*

1. A xurisdición exclusiva e excluín-te do xuíz do concurso esténdese a calquera medida cautelar que afecte ou poida afectar os bens e dereitos do concursado integrados ou que se integren na masa activa, calquera que sexa o tribunal ou a autoridade administrativa que a acordase, excepto as que se adopten nos procesos civís sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores, así como de calquera das adoptadas polos árbitros no procedemento arbitral.

2. Se o xuíz do concurso considera que as medidas adoptadas por outros tribunais ou autoridades administrativas poden supoñer un prexuízo para a adecuada tramitación do concurso de acredores, acordará a súa suspensión, calquera que sexa o órgano que as decretase, e poderá requirir que se proceda ao levantamento das medidas adoptadas. Se o requirido non atende de inmediato o requirimento, o xuíz do concurso formulará conflito de xurisdición, conflito de competencia ou cuestión de competencia, segundo proceda.

Artigo 55. *Extensión obxectiva da xurisdición.*

1. A xurisdición do xuíz do concurso esténdese a todas as cuestións prexudiciais civís, con excepción das excluídas nos artigos anteriores, as administrativas e as sociais

directamente relacionadas co concurso ou cuxa resolución sexa necesaria para a adecuada tramitación do procedemento concursal.

2. A decisión sobre as cuestións ás cales se refire o punto anterior non producirán efecto fóra do concurso de acredores en que se produza.

Artigo 56. *Alcance internacional da xurisdición.*

No ámbito internacional, a xurisdición do xuíz do concurso comprende unicamente o coñecemento daquelas accións que teñan o seu fundamento xurídico na lexislación concursal e garden unha relación inmediata co concurso.

CAPÍTULO II

Da administración concursal

Sección 1.^a *Do nomeamento da administración concursal*

Subsección 1.^a *Da composición da administración concursal*

Artigo 57. *Administración concursal única.*

A administración concursal estará integrada por un único membro, que poderá ser persoa natural ou xurídica.

Artigo 58. *Administración concursal dual.*

1. Naqueles concursos en que conorra causa de interese público, o xuíz do concurso, de oficio ou por instancia dun acredor de carácter público, poderá nomear como segundo administrador concursal unha Administración pública acreedora ou unha entidade de dereito público acreedora vinculada ou dependente daquela.

2. A representación da administración concursal fronte a terceiros recaerá sobre o primeiro administrador concursal.

Artigo 59. *Administración concursal nos concursos conexos e acumulados.*

1. Nos concursos conexos, o xuíz competente para a declaración e tramitación destes poderá nomear, cando resulte conveniente, unha administración concursal única.

2. En caso de acumulación de concursos xa declarados, o xuíz que coñeza dos procedementos concursais acumulados poderá nomear de entre as existentes unha única administración concursal.

Subsección 2.^a *Do requisito da inscrición no Rexistro público concursal*

Artigo 60. *Carácter obrigatorio da inscrición.*

1. Só poderán ser nomeadas como administrador concursal as persoas naturais ou xurídicas que estean inscritas na sección cuarta do Rexistro público concursal.

2. Na solicitude de inscrición no Rexistro ou despois de efectuarse esta, a persoa interesada deberá facer constar en que ámbito territorial está disposta a exercer os labores de administrador concursal.

Artigo 61. *Requisitos para a inscrición.*

1. Só poderán solicitar a inscrición no Rexistro público concursal as persoas naturais ou xurídicas que cumpran os requisitos que se determinen regulamentariamente. Eses requisitos poderanse referir á titulación requirida, á experiencia que cómpre acreditar e á realización ou superación de probas ou cursos específicos.

2. Para o nomeamento do administrador concursal distinguirase entre concursos de tamaño pequeno, medio ou grande. Fixaranse tamén regulamentariamente as características que permitan definir o tamaño do concurso. Para ser nomeado administrador concursal en concursos de tamaño medio ou gran tamaño, poderanse exixir regulamentariamente requisitos adicionais.

Subsección 3.^a Do nomeamento da administración concursal

Artigo 62. *Do nomeamento.*

1. O nomeamento do administrador concursal recaerá na persoa natural ou xurídica inscrita no Rexistro público concursal que corresponda por quenda correlativa. A primeira designación realizarase mediante sorteo entre os que figuren na listaxe de inscritos e continuará cos que teñan números sucesivos nesa listaxe.

2. Por excepción ao establecido no punto anterior, nos concursos de gran tamaño o xuíz, de maneira motivada, poderá designar un administrador concursal distinto do que corresponda á quenda correlativa cando considere que o perfil do administrador alternativo se adecúa mellor ás características do concurso.

O xuíz deberá motivar a súa designación atendendo ben á especialización ou experiencia previa acreditada polo nomeado no sector de actividade do concursado, ben á experiencia con instrumentos financeiros empregados polo debedor para o seu financiamento ou con expedientes de modificación substancial das condicións de traballo ou de suspensión ou extinción colectiva das relacións laborais.

Artigo 63. *Representación da persoa xurídica administradora concursal.*

1. Cando o nomeamento de administrador concursal recaia nunha persoa xurídica, esta, ao aceptar o cargo, deberá comunicar a identidade da persoa natural que teña que representala para o exercicio das funcións propias do cargo.

2. Cando a persoa xurídica sexa nomeada administradora concursal pola súa cualificación profesional, esta deberá concorrer na persoa natural que designe como representante para o exercicio das funcións propias do cargo.

3. Cando se proceda ao nomeamento do segundo administrador concursal, a Administración pública acreedora ou a entidade de dereito público acreedora vinculada ou dependente daquela designadas deberán comunicar a identidade do empregado público con titulación universitaria de licenciado ou graduado, que desempeñe as súas funcións no ámbito xurídico ou económico, que teña que representalas para o exercicio das funcións propias do cargo.

4. Ao representante da persoa xurídica nomeada administradora concursal seralle de aplicación o mesmo réxime de incompatibilidades, prohibicións, recusación, separación e responsabilidade establecido para os administradores concursais.

Artigo 64. *Incompatibilidades.*

Non poderán ser nomeados administradores concursais:

1.º Aqueles que non poidan ser administradores de sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada.

2.º Aqueles que prestasen calquera clase de servizos profesionais ao debedor ou a persoas especialmente relacionadas con este nos últimos tres anos, así como os que durante ese prazo compartisen con aquel o exercicio de actividades profesionais da mesma ou diferente natureza.

3.º Aqueles que se encontren, calquera que sexa a súa condición ou profesión, nalgunha das situacións de incompatibilidade previstas na lexislación en materia de auditoría de contas, en relación co propio debedor, cos seus directivos ou administradores, ou cun acreedor que represente máis do dez por cento da masa pasiva do concurso.

Artigo 65. *Prohibicións.*

1. Non poderán ser nomeados administradores concursais aqueles que estean especialmente relacionados con algunha persoa que prestase calquera clase de servizos profesionais ao debedor ou a persoas especialmente relacionadas con este nos últimos tres anos.

2. No caso de que existan suficientes persoas dispoñibles na listaxe de inscritos, non poderán ser nomeados administradores concursais aquelas persoas que fosen nomeadas para o dito cargo polo mesmo xulgado en tres concursos dentro dos dous anos anteriores contados desde a data do primeiro nomeamento. Os nomeamentos efectuados en concursos de sociedades pertencentes ao mesmo grupo de empresas computarán como un só.

3. No caso de que existan suficientes persoas dispoñibles na listaxe de inscritos, non poderá ser designada representante da persoa xurídica administradora concursal para o exercicio das funcións propias do cargo aquela persoa natural que actuase no mesmo xulgado como administrador concursal ou representante dunha persoa xurídica administradora concursal en tres concursos dentro dos dous anos anteriores contados desde a data do primeiro nomeamento.

4. Non poderán ser nomeados administradores concursais os que fosen separados deste cargo dentro dos tres anos anteriores, nin os que se encontren inhabilitados por aplicación do disposto nesta lei.

5. No caso de concurso consecutivo, ademais destas prohibicións serán de aplicación as establecidas no libro II desta lei.

Artigo 66. *Deber de aceptación.*

1. O nomeamento de administrador concursal será comunicado ao designado polo medio máis rápido. Dentro dos cinco días seguintes ao de recepción da comunicación, o designado deberá comparecer perante o xulgado e aceptar o cargo.

2. Por excepción ao establecido no punto anterior, a Administración pública acreedora ou a entidade acreedora vinculada ou dependente daquela que fosen nomeadas segundas administradoras concursais poderán non aceptar o nomeamento.

Artigo 67. *Réxime da aceptación.*

1. No momento da aceptación do cargo, o nomeado deberá acreditar que ten vixente, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente, un seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente proporcional á natureza e alcance do risco cuberto para responder dos posibles danos no exercicio da súa función e manifestar se acepta ou non o cargo. Cando o nomeado sexa unha persoa xurídica, recaerá sobre esta e non sobre a persoa natural representante a existencia de subscripción do seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente.

2. No momento da aceptación do cargo, o nomeado deberá facilitar ao xulgado os enderezos postal e electrónico en que efectuar a comunicación de créditos, así como calquera outra notificación. O enderezo electrónico que sinale deberá cumprir as condicións técnicas de seguridade das comunicacións electrónicas no relativo á constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións. O enderezo postal e o enderezo electrónico sinalados para efectos de comunicacións serán únicos, calquera que sexa o número de administradores concursais.

3. No caso de que conorra no administrador concursal nomeado algunha causa de recusación, estará obrigado a manifestala nese momento.

4. Cando o nomeado sexa unha persoa natural, deberá manifestar se se encontra integrado nalgunha persoa xurídica profesional co obxecto de estender o mesmo réxime de incompatibilidades aos restantes socios ou colaboradores.

Artigo 68. *Credencial do administrador concursal.*

1. No mesmo momento de aceptación do cargo, o letrado da Administración de xustiza expedirá e entregará ao nomeado documento acreditativo da súa condición de administrador concursal.

2. A credencial deberá ser devolta ao xulgado no momento en que por calquera causa se produza o cesamento do administrador concursal.

Artigo 69. *Novo nomeamento.*

Se o nomeado non comparece, non ten subscrito un seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente suficiente ou non acepta o cargo, o xuíz procederá de inmediato a un novo nomeamento.

Artigo 70. *Inhabilitación por falta de comparecencia, por falta de cobertura ou por falta de aceptación.*

Quen sen xusta causa non compareza, non acepte o cargo ou non teña subscrito o seguro non poderá ser designado administrador durante o prazo de tres anos naqueles concursos de acredores que se declaren no mesmo ámbito territorial.

Artigo 71. *Renuncia.*

1. Unha vez aceptado o cargo, o nomeado só poderá renunciar por causa grave ou por perder de forma sobrevida as condicións exixidas para exercer o cargo.

2. Por excepción ao establecido no punto anterior, a Administración pública acreedora ou a entidade acreedora vinculada ou dependente daquela que fosen nomeadas segundas administradoras concursais poderán renunciar ao nomeamento en calquera momento.

Subsección 4.^a Da recusación da administración concursal

Artigo 72. *Lexitimación para recusar.*

Os administradores concursais poderán ser recusados por calquera das persoas lexitimadas para solicitar a declaración de concurso.

Artigo 73. *Causas de recusación.*

Son causas de recusación as circunstancias constitutivas de incompatibilidade ou prohibición contidas nesta lei, así como as establecidas na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para a recusación de peritos.

Artigo 74. *Réxime da recusación.*

1. A recusación deberá promovela o lexitimado tan axiña como o recusante teña coñecemento da causa en que se funde.

2. A recusación tramitarase polas canles do incidente concursal.

3. A recusación non terá efectos suspensivos. Mentres se tramita o incidente, o recusado seguirá actuando como administrador concursal, sen que a resolución que se dite afecte a validez das actuacións.

Subsección 5.^a Dos auxiliares delegados

Artigo 75. *Auxiliares delegados.*

1. Cando a complexidade do concurso así o exixa, a administración concursal poderá solicitar do xuíz o nomeamento dun ou varios auxiliares delegados, con especificación das

funcións para delegar, que poden incluír as relativas á continuación da totalidade ou parte da actividade do debedor.

2. Salvo que fose nomeada administradora concursal unha persoa xurídica, o xuíz, se o considera necesario, logo de audiencia do administrador concursal, poderá designar un auxiliar delegado que teña a condición profesional que non teña o nomeado, con delegación de funcións determinadas. O nomeamento polo xuíz do auxiliar delegado realizarase sen prexuízo do persoal que teña a administración concursal e da colaboración que deben prestar a esta os dependentes do concursado.

Artigo 76. *Nomeamento obrigatorio de auxiliares delegados.*

O nomeamento de, polo menos, un auxiliar delegado será obrigatorio cando o concurso sexa de gran tamaño, cando na masa activa existan establecementos dispersos polo territorio español, cando o administrador concursal solicite prórroga para a emisión do informe e, nos concursos conexas, cando se nomease unha administración concursal única.

Artigo 77. *Réxime legal dos auxiliares delegados.*

1. A resolución xudicial en que se nomeen auxiliar ou auxiliares delegados especificará as funcións delegadas e establecerá a retribución de cada un deles.

2. Será de aplicación aos auxiliares delegados o réxime de inhabilitacións, prohibicións, recusación e responsabilidade establecido para os administradores concursais e os seus representantes.

Artigo 78. *Retribución dos auxiliares delegados.*

A retribución dos auxiliares delegados será por conta da administración concursal e aboarase a medida que esta perciba a que lle corresponda. Salvo que expresamente o xuíz acorde outra cousa, a retribución dos auxiliares delegados fixarase mediante unha porcentaxe respecto da que perciba a administración concursal.

Artigo 79. *Carácter irrecorrible da resolución.*

1. Contra a decisión do xuíz do concurso relativa ao nomeamento de auxiliares delegados non cabe ningún recurso.

2. Se a solicitude de nomeamento de auxiliares delegados fose denegada, a administración concursal poderá reproducila cando se modifiquen as circunstancias que deron lugar á denegación.

Sección 2.ª Do exercicio do cargo

Artigo 80. *Deberes de dilixencia e lealdade.*

Os administradores concursais e os auxiliares delegados desempeñarán o cargo coa dilixencia dun ordenado administrador e dun leal representante.

Artigo 81. *Exercicio de funcións en caso de administración concursal dual.*

1. Cando a administración concursal estea integrada por dous membros, as funcións deste órgano concursal exerceranse de forma mancomunada. En caso de desconformidade, resolverá o xuíz.

2. O xuíz poderá atribuír determinadas competencias de forma individualizada a un dos administradores ou distribuílas entre eles.

3. As decisións e os acordos da administración concursal dual que non sexan de trámite ou de xestión ordinaria consignaranse por escrito e serán asinados polos dous membros do órgano.

Artigo 82. *Supervisión xudicial.*

A administración concursal está sometida á supervisión do xuíz do concurso. En calquera momento, o xuíz poderá requirir á administración concursal unha información específica ou unha memoria sobre o estado do procedemento ou sobre calquera outra cuestión relacionada co concurso.

Artigo 83. *Resolución xudicial.*

As resolucións xudiciais que se diten para resolver as cuestións relativas ao exercicio do cargo pola administración concursal revestirán forma de auto, contra o cal non caberá ningún recurso. Sobre a materia resolta non se poderá formular incidente concursal.

Sección 3.ª Da retribución

Subsección 1.ª Do réxime xurídico da retribución

Artigo 84. *Dereito á retribución.*

Os administradores concursais terán dereito a retribución con cargo á masa.

Artigo 85. *Determinación da retribución.*

A retribución da administración concursal determinarase mediante un arancel que se aprobará regulamentariamente. O arancel atenderá ás funcións que efectivamente desempeñe a administración concursal, ao número de acredores, ao tamaño do concurso segundo a clasificación establecida para os efectos do nomeamento da administración concursal e á acumulación de concursos.

Artigo 86. *Reglas de determinación da retribución.*

1. O arancel que determine a retribución da administración concursal axustarase necesariamente ás seguintes regras:

1.ª Regra da exclusividade. Os administradores concursais só poderán percibir pola súa intervención no concurso as cantidades que resulten da aplicación do arancel.

2.ª Regra da limitación. A cantidade total máxima que a administración concursal pode percibir pola súa intervención no concurso será a menor de entre a cantidade dun millón cincocentos mil euros e a que resulte de multiplicar a valoración do activo do concursado por un catro por cento.

O xuíz, logo de oídas as partes, poderá aprobar de forma motivada unha remuneración que supere o límite anterior cando, debido á complexidade do concurso, o xustificuen os custos asumidos pola administración concursal, sen que en ningún caso poida exceder o cincuenta por cento do dito límite.

3.ª Regra da eficiencia. A retribución da administración concursal devindicarase conforme se vaian cumprindo as funcións atribuídas por esta lei e o xuíz do concurso.

A retribución inicialmente fixada poderá ser reducida polo xuíz de maneira motivada polo incumprimento das obrigacións da administración concursal, por un atraso atribuíble á administración concursal no cumprimento das súas obrigacións ou pola calidade deficiente dos seus traballos.

Se o atraso excede en máis da metade o prazo que deba observar, ou se incumpre o deber de información dos acredores, o xuíz deberá reducir a retribución, salvo que existan circunstancias obxectivas que xustificuen ese atraso ou que a conduta do administrador fose dilixente no cumprimento das demais funcións.

Considerarase que a calidade do traballo é deficiente cando se resolvan impugnacións sobre o inventario ou a relación de acredores en favor dos demandantes en proporción igual ou superior ao dez por cento do valor do inventario provisional, ou do importe da

relación provisional de acredores presentada pola administración concursal. Neste último caso, o xuíz deberá reducir a retribución, polo menos, na mesma proporción que a modificación, salvo que concorran circunstancias obxectivas que xustifiquen esa valoración ou ese importe ou que a conduta do administrador fose dilixente no cumprimento das demais funcións.

2. Naqueles concursos que conclúan pola insuficiencia da masa activa para satisfacer os créditos contra a masa garantirase á administración concursal o pagamento dun mínimo retributivo mediante unha conta de garantía arancelaria.

Artigo 87. *Contía da retribución e vencemento do crédito.*

1. A contía da retribución fixarase por medio de auto conforme o arancel.
2. O auto fixará tamén os prazos en que a retribución deba ser satisfeita, conforme o arancel. A devindicación do crédito producirase no momento do vencemento de cada un dos prazos.

Artigo 88. *Modificación da retribución.*

En calquera estado do procedemento, o xuíz, de oficio ou por solicitude do concursado ou de calquera acredor, poderá modificar a retribución fixada se concorre xusta causa, con aplicación do arancel.

Artigo 89. *Recursos en materia de retribución.*

Contra o auto polo que se fixe ou modifique a retribución da administración concursal poderán apelar o interesado e as persoas lexitimadas para solicitar a declaración de concurso.

Artigo 90. *Deber de comunicación.*

O concursado ou calquera terceiro que aboe calquera clase de retribución ao administrador concursal estarán obrigados a comunicalo ao letrado da Administración de Xustiza do xulgado ante o cal se tramita o concurso, con indicación do importe aboado, da causa e da data do pagamento. Igual obrigaición recaerá sobre a administración concursal respecto das retribucións de calquera clase que poida percibir por causa ou con ocasión do concurso.

Subsección 2.^a Da conta de garantía arancelaria

Artigo 91. *Constitución, xestión e funcionamento da conta de garantía arancelaria.*

1. A conta de garantía arancelaria será única e a súa xestión corresponderá ao Ministerio de Xustiza, que a exercerá xa sexa directamente ou a través de terceiros.

2. O funcionamento da conta, incluído o réxime de disposición dos fondos, rexerese polo establecido nesta lei e en cantas normas se diten no seu desenvolvemento. Establecerase regulamentariamente o réxime de distribución da conta de garantía arancelaria.

3. A xestión da conta e o control dos ingresos e os cargos realizaranse a través da aplicación informática que determine o Ministerio de Xustiza. A aplicación dispoñerá dos mecanismos adecuados de control, seguridade e supervisión, e deberá garantir a autenticidade, confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos datos, permitir a disposición de fondos mediante a expedición de ordes telemáticas de transferencia e mandamentos de pagamento, así como proporcionar información sobre os movementos e saldos das contas.

4. Nos casos de falta de medios informáticos adecuados ou imposibilidade técnica sobrevida, poderanse emitir mandamentos de pagamento ou ordes de transferencia de forma manual utilizando os impresos normalizados.

Artigo 92. *Deber de dotación.*

1. A contía da dotación que deberá efectuar cada administrador concursal á conta de garantía arancelaria calcularase por aplicación das seguintes porcentaxes sobre as retribucións que efectivamente perciba no concurso de acredores:

- a) Un dous e medio por cento pola remuneración obtida que se encontre entre os 2.565 euros e os 50.000 euros.
- b) Un cinco por cento pola remuneración obtida que se encontre entre os 50.001 euros e os 500.000 euros.
- c) Un dez por cento pola remuneración obtida que supere os 500.000 euros.

2. O administrador concursal cuxa retribución efectivamente percibida no concurso de acredores non acade a cantidade de 2.565 euros, así como os que teñan dereito a percibir a retribución con cargo á conta de garantía arancelaria, estarán excluídos do deber de realizar dotacións.

Artigo 93. *Ingreso das dotacións.*

1. Cada administrador concursal deberá ingresar na conta de garantía arancelaria as dotacións obrigatorias establecidas no artigo anterior antes da rendición de contas.

2. No momento do ingreso na conta de garantía arancelaria das dotacións obrigatorias, cada un dos administradores concursais deberá dar conta ao letrado da Administración de xustiza do xulgado en que se tramita o concurso do importe ingresado na conta de garantía arancelaria.

3. Se, no momento da rendición de contas, o administrador concursal non realizase o ingreso da dotación a que estea obrigado, o letrado da Administración de xustiza instarao a que, dentro do prazo de dez días, cumpra con ese deber. Se non o fai, será dado de baixa na sección cuarta do Rexistro público concursal ata que proceda ao seu aboamento.

Sección 4.^a Da responsabilidade

Artigo 94. *Presupostos da responsabilidade.*

1. Os administradores concursais e os auxiliares delegados responderán fronte ao concursado e fronte aos acredores dos danos e perdas causados á masa polos actos e omisións contrarios á lei e polos realizados incumprindo os deberes inherentes ao desempeño do cargo sen a debida dilixencia.

2. En caso de administración concursal dual, o réxime de responsabilidade da Administración pública acreedora ou da entidade de dereito público acreedora vinculada ou dependente dela e da persoa designada para o exercicio das funcións propias do cargo será o específico da lexislación administrativa.

Artigo 95. *Carácter solidario da responsabilidade.*

Os administradores concursais responderán solidariamente cos auxiliares delegados dos actos e omisións lesivos destes, salvo que proben que empregaron toda a dilixencia debida para previr ou evitar o dano.

Artigo 96. *Dereito de reembolso.*

Se a sentenza contén condena a indemnizar danos e perdas, o acredor que exercese a acción en interese da masa terá dereito a que, con cargo á cantidade efectivamente percibida, lle sexan reembolsados os gastos necesarios que soportase.

Artigo 97. Prescripción.

As accións de responsabilidade polos danos e perdas causados á masa activa polos administradores concursais e os auxiliares delegados prescribirán aos catro anos, contados desde que o demandante tivese coñecemento do dano ou perda por que reclama e, en todo caso, desde que os administradores concursais ou os auxiliares delegados cesasen no seu cargo.

Artigo 98. Acción individual de responsabilidade.

1. Quedan a salvo as accións de responsabilidade que poidan corresponder ao concursado, aos acredores ou a terceiros por actos ou omisións dos administradores concursais e auxiliares delegados que lesionen directamente os intereses daqueles.

2. As accións de responsabilidade a que se refire o punto anterior prescribirán aos catro anos, contados desde que o demandante tivese coñecemento do dano ou perda por que reclama e, en todo caso, desde que os administradores concursais ou os auxiliares delegados cesasen no seu cargo.

Artigo 99. Xuíz competente e procedemento aplicable.

As accións previstas nesta sección, cando se dirixan a exixir responsabilidade civil, tramitaranse ante o xuíz que coñeza ou coñecese do concurso polos trámites do xuízo declarativo que corresponda.

*Sección 5.^a Da separación e da revogación**Artigo 100. Separación e revogación.*

1. Cando concorra xusta causa, o xuíz, de oficio ou por instancia de calquera das persoas lexitimadas para solicitar a declaración de concurso ou do outro membro da administración concursal, poderá separar do cargo calquera dos administradores concursais ou revogar o nomeamento dos auxiliares delegados.

2. En todo caso, será causa de separación do administrador o incumprimento grave das funcións de administrador e a resolución de impugnacións sobre o inventario ou a lista de acredores en favor dos demandantes por unha contía igual ou superior ao vinte por cento do valor do inventario ou da lista de acredores presentada pola administración concursal. Malia a concorrencia desta causa de separación, o xuíz poderá manter o administrador concursal no exercicio do cargo cando concorran circunstancias obxectivas que así o aconsellen.

3. A separación ou revogación do representante dunha persoa xurídica implicará o cesamento automático desta como administrador concursal ou como auxiliar delegado.

4. A resolución xudicial de cesamento por separación ou revogación revestirá forma de auto, no cal se consignarán os motivos en que o xuíz funde a decisión.

Artigo 101. Novo nomeamento.

1. En todos os casos de cesamento dun administrador concursal, o xuíz efectuará de inmediato un novo nomeamento. Ao cesamento e ao novo nomeamento daráselles a mesma publicidade que tivese o nomeamento do administrador concursal substituído.

2. Se a persoa xurídica nomeada administradora concursal revoga a persoa natural que a representaba no exercicio das funcións propias do cargo, deberá comunicar simultaneamente ao xulgado a identidade do novo representante. Á revogación e á nova designación daráselles a mesma publicidade que tivese a designación do revogado.

Artigo 102. *Rendición de contas.*

1. No caso de cesamento do administrador concursal antes da conclusión do concurso, o xuíz requiriráo para que presente unha completa rendición de contas.

2. No escrito de rendición de contas, o administrador concursal xustificará cumpridamente a utilización que fixese das facultades conferidas; expoñerá dos pagamentos e, de ser o caso, das consignacións realizadas dos créditos contra a masa e dos créditos concursais; detallará a retribución que lle fose fixada polo xuíz para cada fase do concurso, especificando as cantidades percibidas, incluídas as complementarias, así como as datas de cada unha desas percepcións, e expresará os pagamentos do auxiliar ou auxiliares delegados, se fosen nomeados, así como os de calquera experto, taxador e entidade especializada que contratase, con cargo á retribución do propio administrador concursal. Así mesmo, precisará o número de traballadores asignados pola administración concursal ao concurso e o número total de horas dedicadas polo conxunto destes traballadores ao concurso.

3. A rendición de contas presentarase no prazo dun mes contado desde a notificación do requirimento. O réxime da oposición á aprobación da rendición de contas presentada e os efectos da aprobación ou desaprobación desas contas rexeranse polo establecido para os casos en que o concurso remate por finalización da liquidación.

4. O letrado da Administración de xustiza remitirá o escrito de rendición de contas ao Rexistro público concursal.

Artigo 103. *Recursos contra o nomeamento, revogación e cesamento dos administradores concursais e auxiliares delegados.*

1. Contra as resolucións sobre nomeamento, revogación e cesamento dos administradores concursais e auxiliares delegados caberá recurso de reposición e contra o auto que o resolva, o de apelación, que non terá efecto suspensivo.

2. Estarán lexitimados para recorrer o concursado, a administración concursal, o administrador concursal afectado, o auxiliar delegado afectado e aqueles que acrediten interese lexítimo, aínda que non comparecesen con anterioridade.

Artigo 104. *Baixa no Rexistro público concursal.*

A separación do administrador concursal ou a revogación do auxiliar delegado determinarán a baixa do afectado no Rexistro público concursal. A baixa será cautelar mentres a resolución de cesamento non sexa firme.

TÍTULO III

Dos efectos da declaración de concurso

CAPÍTULO I

Dos efectos sobre o debedor

Sección 1.ª Dos efectos sobre o concursado en xeral

Artigo 105. *Efectos sobre as comunicacións, residencia e libre circulación do concursado.*

Os efectos da declaración de concurso sobre os dereitos e liberdades fundamentais do concursado en materia de correspondencia, residencia e libre circulación serán os establecidos na Lei orgánica 8/2003, do 9 de xullo, para a reforma concursal, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Artigo 106. *Efectos sobre as facultades patrimoniais do concursado.*

1. En caso de concurso voluntario, o concursado conservará as facultades de administración e disposición sobre a masa activa, pero o exercicio destas facultades estará sometido á intervención da administración concursal, que poderá autorizar ou denegar a autorización segundo teña por conveniente.

2. En caso de concurso necesario, o concursado terá suspendido o exercicio das facultades de administración e disposición sobre a masa activa. A administración concursal substituirá o debedor no exercicio desas facultades.

3. Malia o disposto nos puntos anteriores, o xuíz poderá acordar a suspensión en caso de concurso voluntario ou a mera intervención cando se trate de concurso necesario. En ambos os casos, deberase motivar o acordo sinalando os riscos que se pretendan evitar e as vantaxes que se queiran obter.

Artigo 107. *Ámbito obxectivo da limitación ou da suspensión de facultades.*

1. O ámbito da intervención e da suspensión estará limitado aos bens e dereitos integrados ou que se integren na masa activa, á asunción, modificación ou extinción de obrigacións de carácter patrimonial relacionadas con eses bens ou dereitos e, de ser o caso, ao exercicio das facultades que correspondan ao debedor na sociedade ou comunidade conxugal.

2. O concursado conservará a facultade de testar.

Artigo 108. *Modificación das facultades patrimoniais do concursado.*

1. Por solicitude da administración concursal, o xuíz, oído o concursado, poderá acordar en calquera momento, mediante auto, o cambio das situacións de intervención ou de suspensión das facultades do concursado sobre a masa activa.

2. Ao cambio das situacións de intervención ou de suspensión e á consecuente modificación das facultades da administración concursal daráselles a mesma publicidade que a acordada para a declaración de concurso.

Artigo 109. *Infracción do réxime de limitación ou suspensión de facultades.*

1. Os actos do concursado que infrinxan a limitación ou a suspensión das facultades patrimoniais acordada polo xuíz do concurso só poderán ser anulados por instancia da administración concursal, salvo que esta os validase ou confirmase.

2. Calquera acreedor e quen fose parte na relación contractual afectada pola infracción poderá requirir da administración concursal que se pronuncie acerca do exercicio da correspondente acción ou da validación ou confirmación do acto.

3. A acción de anulación tramitarase polas canles do incidente concursal. De se formular o requirimento, a acción caducará ao cumprirse un mes desde a data deste. Noutro caso, caducará co cumprimento do convenio polo debedor ou, no suposto de liquidación, coa finalización desta.

4. Os actos realizados polo concursado con infracción da limitación ou da suspensión de facultades patrimoniais non poderán ser inscritos en rexistros públicos mentres non sexan confirmados ou validados, acade firmeza a resolución xudicial pola cal se desestime a pretensión de anulación ou se acredite a caducidade da acción.

Artigo 110. *Pagamentos ao concursado.*

O pagamento realizado ao concursado só liberará a quen o fixer se, ao tempo de efectuar a prestación, descoñecía a declaración de concurso. Presúmese o coñecemento desde a publicación da declaración de concurso no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 111. *Continuación do exercicio da actividade profesional ou empresarial.*

1. A declaración de concurso non interromperá a continuación da actividade profesional ou empresarial que viñese exercendo o debedor.

2. Ata a aceptación da administración concursal o concursado poderá realizar os actos que sexan imprescindibles para a continuación da súa actividade, sempre que se axusten ás condicións normais do mercado, sen prexuízo das medidas cautelares que adoptase respecto diso o xuíz ao declarar o concurso.

Artigo 112. *Autorización xeral de determinados actos ou operacións en caso de intervención.*

Co fin de facilitar a continuación da actividade profesional ou empresarial do concursado, a administración concursal, en caso de intervención, poderá autorizar, con carácter xeral, aqueles actos ou operacións propios do xiro ou tráfico daquela actividade que, por razón da súa natureza ou contía, poidan ser realizados polo concursado ou polo seu director ou directores xerais.

Artigo 113. *Continuidade do exercicio da actividade profesional ou empresarial en caso de suspensión.*

En caso de suspensión das facultades de administración e disposición do concursado, a administración concursal adoptará as medidas que sexan necesarias para a continuación da actividade profesional ou empresarial.

Artigo 114. *Peche de oficinas e establecementos.*

1. O xuíz, por solicitude da administración concursal, logo de audiencia do concursado e, de existiren, dos representantes dos traballadores, poderá acordar, mediante auto, o peche da totalidade ou de parte das oficinas, establecementos ou explotacións de que sexa titular o concursado, así como, cando exerza unha actividade empresarial, o cesamento ou a suspensión, total ou parcial, desta.

2. Cando as medidas supoñan a modificación substancial das condicións de traballo, o traslado, o despedimento, a suspensión de contratos ou a redución de xornada, sempre que teñan carácter colectivo, a administración concursal deberá solicitar ao xuíz do concurso a adopción da decisión, que se tramitará conforme o establecido nesta lei.

Artigo 115. *Deber de formular as contas anuais en caso de intervención.*

1. En caso de intervención, a obrigaón legal de formular e de someter a auditoría as contas anuais corresponderá ao concursado e aos administradores da persoa xurídica concursada baixo a supervisión da administración concursal.

2. A administración concursal poderá autorizar o concursado ou os administradores da persoa xurídica concursada a que o cumprimento da obrigaón legal de formular as contas anuais correspondentes ao exercicio anterior á declaración xudicial de concurso se atrase ao mes seguinte á presentación do inventario e da lista de acredores. A aprobación das contas deberase realizar nos tres meses seguintes ao vencemento da dita prórroga. Diso darase conta ao xuíz do concurso e, se a persoa xurídica está obrigada a depositar as contas anuais, ao Rexistro Mercantil en que figurase inscrita. Unha vez efectuada esta comunicación, o atraso do depósito das contas non producirá o peche da folla rexistral de se cumpriren os prazos para o depósito desde o vencemento do citado prazo prorrogado de aprobación das contas. En cada un dos documentos que integran as contas anuais farase mención da causa lexítima do atraso.

Artigo 116. *Deber de formular as contas anuais en caso de suspensión.*

En caso de suspensión, a obrigaón legal de formular e de someter a auditoría as contas anuais corresponderá á administración concursal.

Artigo 117. *Revogación do nomeamento do auditor.*

Por solicitude fundada da administración concursal, o xuíz do concurso poderá acordar a revogación do nomeamento do auditor de contas da persoa xurídica concursada e o nomeamento doutro para a verificación das contas anuais.

Artigo 118. *Declaracións e autoliquidacións tributarias.*

1. En caso de intervención, a obrigaón legal de presentar as declaracións e autoliquidacións tributarias corresponderá ao concursado baixo a supervisión da administración concursal.

2. En caso de suspensión, esa obrigaón legal corresponderá á administración concursal.

Sección 2.ª Dos efectos sobre a representación e defensa procesual do concursado

Artigo 119. *Representación e defensa do concursado en caso de intervención.*

1. En caso de intervención, o debedor conservará a capacidade para actuar en xuízo, pero necesitará a autorización da administración concursal para presentar demandas, interpoñer recursos, desistir, achantar total ou parcialmente e transixir litixios cando a materia litixiosa poida afectar a masa activa.

2. Se a administración concursal considera conveniente para o interese do concurso a presentación dunha demanda e o concursado se nega a formulala, o xuíz do concurso poderá autorizar aquela a presentala.

Artigo 120. *Representación e defensa procesual do concursado en caso de suspensión.*

1. En caso de suspensión, corresponderá á administración concursal a presentación de demandas e a interposición de recursos en interese do concurso.

2. A administración concursal, actuando en interese do concurso, pero en representación do concursado, substituirá este nos procedementos xudiciais civís, laborais ou administrativos que se encontren en trámite na data da declaración de concurso, sen máis excepcións que as dos procedementos civís en que se exerzan accións de índole persoal. Unha vez comparecida a administración concursal no procedemento, o letrado da Administración de xustiza concederalle un prazo de cinco días para que se instrúa das actuacións.

3. Nos procedementos civís en que se exerzan accións de índole persoal, o concursado necesitará autorización da administración concursal para presentar a demanda, interpoñer recursos, achantar, transixir ou desistir cando por razón da materia litixiosa a sentenza que se dite poida afectar a masa activa.

4. A administración concursal necesitará autorización do xuíz do concurso para desistir, achantar total ou parcialmente, e transixir litixios que se iniciasen antes da declaración do concurso. Da solicitude de autorización presentada pola administración concursal, o letrado da Administración de xustiza dará traslado ao concursado e a aquelas partes comparecidas no procedemento que o xuíz considere que deban ser oídas.

Nos casos a que se refire o parágrafo anterior, as custas impostas como consecuencia do achantamento ou da desistencia autorizados polo xuíz terán a consideración de crédito concursal. En caso de transacción, observarase o pactado polas partes en materia de custas.

Artigo 121. *Mantemento da representación e defensa separadas polo concursado.*

1. O concursado poderá actuar de forma separada, por medio de procurador e avogado distintos dos da administración concursal, nos procedementos en trámite na data da declaración de concurso en que fose substituído pola administración concursal e nos novos procedementos promovidos por esta, sempre que un terceiro garantise de forma suficiente ante o xuíz do concurso que os gastos da súa actuación procesual e, de ser o caso, a efectividade da condena ao pagamento das custas non recaerán sobre a masa activa do concurso, e así o acredite o concursado no procedemento en que se constituíse como parte.

2. Se o debedor mantiver representación e defensas separadas, non poderá realizar aquelas actuacións procesuais que, conforme o artigo anterior, corresponden á administración concursal con autorización do xuíz, nin impedir ou dificultar que esta as realice.

Artigo 122. *Lexitimación subsidiaria dos acredores.*

1. Os acredores que instasen por escrito a administración concursal para o exercicio dunha acción de carácter patrimonial que corresponda ao concursado, con expresión das concretas pretensións en que consista e da fundamentación xurídica de cada unha delas, estarán lexitimados para exercela se o concursado, en caso de intervención, ou a administración concursal, en caso de suspensión, non o fixeren dentro dos dous meses seguintes ao requirimento.

2. En exercicio desta acción subsidiaria, os acredores litigarán á súa custa en interese da masa. No caso de que a demanda for total ou parcialmente estimada, os acredores, unha vez que a sentenza sexa firme, terán dereito a reembolsarse con cargo á masa activa polos gastos e custas en que incorresen, ata o límite do efectivamente percibido pola masa.

3. As demandas que presenten os acredores conforme o establecido nos puntos anteriores deberanse notificar á administración concursal.

Sección 3.^a Dos efectos específicos sobre a persoa natural

Artigo 123. *Dereito a alimentos.*

1. No caso de que na masa activa existan bens bastantes para prestar alimentos, o concursado persoa natural que se encontre en estado de necesidade terá dereito a percibilos durante a tramitación do concurso, con cargo á masa activa, para atender as súas necesidades e as do seu cónxuxe e descendentes baixo a súa potestade. O dereito a percibir alimentos para atender as necesidades da parella de feito só existirá cando a unión estea inscrita e o xuíz aprecie a existencia de pactos expresos ou tácitos ou de feitos concluíntes dos cales derive a inequívoca vontade dos conviventes de formaren un patrimonio común.

2. En caso de intervención, a contía e a periodicidade dos alimentos serán as que determine a administración concursal e, en caso de suspensión, as que determine o xuíz, logo de oír o concursado e a administración concursal.

3. En caso de suspensión, o xuíz, por solicitude do concursado, con audiencia da administración concursal, ou por solicitude desta, con audiencia do concursado, poderá modificar a contía e a periodicidade dos alimentos.

Artigo 124. *Deber de alimentos.*

1. No caso de que na masa activa existan bens bastantes para prestar alimentos, as persoas distintas das enumeradas no artigo anterior respecto das cales o concursado teña deber legal de prestalos só poderán obtelos con cargo á masa se non puideren percibilos doutras persoas legalmente obrigadas a prestarllelos.

2. O interesado deberá exercer a acción de reclamación dos alimentos ante o xuíz do concurso no prazo dun ano contado desde o momento en que debería telos percibido. O xuíz do concurso resolverá sobre a súa procedencia e contía.

3. A obrigaón de prestar alimentos imposta ao concursado por resolución xudicial ditada con anterioridade á declaración de concurso satisfarase con cargo á masa activa na contía fixada polo xuíz do concurso. O exceso terá a consideración de crédito concursal ordinario.

Artigo 125. Dereito a solicitar a disolución da sociedade conxugal.

1. O cónxuxe do concursado terá dereito a solicitar do xuíz do concurso a disolución da sociedade ou comunidade conxugal cando se inclúsen no inventario da masa activa bens gananciais ou comúns que deban responder das obrigaóns do concursado.

2. Presentada a solicitude de disolución, o xuíz acordará a liquidación da sociedade ou comunidade conxugal, o pagamento aos acredores e a división do remanente entre os cónxuxes. Estas operacións levaranse a cabo de forma coordinada, sexa co convenio, sexa coa liquidación da masa activa.

3. O cónxuxe do concursado terá dereito a que a vivenda habitual do matrimonio que teña carácter ganancial ou común se lle inclúa con preferencia no seu haber ata onde este alcance. Se excede, só procederá a adxudicación se aboa ao contado o exceso.

Sección 4.^a Dos efectos específicos sobre a persoa xurídica

Artigo 126. Mantemento dos órganos da persoa xurídica concursada.

Durante a tramitación do concurso, manteranse os órganos da persoa xurídica concursada, sen prexuízo dos efectos que sobre o funcionamento de cada un deles produza a intervención ou a suspensión das facultades de administración e disposición sobre os bens e dereitos da masa activa.

Artigo 127. Efectos sobre os órganos colexiados da persoa xurídica concursada.

1. A administración concursal terá dereito de asistencia e de voz nas sesións dos órganos colexiados da persoa xurídica concursada. Para estes efectos, deberá ser convocada na mesma forma e coa mesma antelación que os integrantes do órgano que deba reunirse.

2. A constitución de xunta ou asemblea ou outro órgano colexiado co carácter de universal non será válida sen a concorrencia da administración concursal.

3. Os acordos da xunta ou da asemblea que poidan ter contido patrimonial ou relevancia directa para o concurso requirirán, para a súa eficacia, da autorización da administración concursal.

Artigo 128. Representación da persoa xurídica concursada fronte a terceiros.

1. En caso de intervención, a representación da persoa xurídica concursada no exercicio das facultades de administración e de disposición sobre os bens e dereitos que integren a masa activa corresponderá aos administradores ou liquidadores, pero o exercicio desas facultades estará sometido á autorización da administración concursal, que poderá conceder ou denegar esa autorización segundo teña por conveniente.

2. O xuíz, por solicitude da administración concursal, poderá atribuír a esta, en interese do concurso, a representación da persoa xurídica concursada no exercicio dos dereitos políticos que correspondan ás cotas, accións ou participacións sociais integradas na masa activa, que poderá delegar en quen teña por conveniente. A administración concursal poderá delegar o exercicio deses dereitos en quen teña por conveniente.

3. En caso de suspensión, a representación da persoa xurídica concursada no exercicio das facultades de administración e disposición sobre os bens e dereitos que integren a masa activa corresponderá á administración concursal.

4. Os apoderamentos que poidan existir ao tempo da declaración de concurso quedarán afectados pola intervención ou pola suspensión destas facultades.

Artigo 129. *Representación da persoa xurídica concursada no concurso.*

Os administradores ou liquidadores do debedor persoa xurídica continuarán coa representación da entidade dentro do concurso, mesmo durante a liquidación da masa activa.

Artigo 130. *Supresión ou redución do dereito á retribución dos administradores da persoa xurídica concursada.*

Se o cargo de administrador da persoa xurídica fose retribuído, o xuíz do concurso poderá acordar que deixe de selo ou reducir a contía da retribución á vista do contido e complexidade das funcións de administración e da importancia da masa activa.

Artigo 131. *Efectos da declaración de concurso sobre as accións contra os socios.*

1. Durante a tramitación do concurso da sociedade, corresponderá exclusivamente á administración concursal o exercicio da acción contra o socio ou socios persoalmente responsables polas débedas desta anteriores á declaración de concurso.

2. Durante a tramitación do concurso da sociedade, corresponderá exclusivamente á administración concursal a reclamación, no momento e contía que xulgue conveniente, do desembolso das achegas sociais que fosen diferidas, calquera que sexa o prazo fixado na escritura ou nos estatutos, e das prestacións accesorias pendentes de cumprimento.

Artigo 132. *Efectos da declaración de concurso sobre as accións contra os administradores, liquidadores ou auditores da sociedade debedora.*

1. Unha vez declarado o concurso, corresponderá exclusivamente á administración concursal o exercicio das accións de responsabilidade da persoa xurídica concursada contra os seus administradores ou liquidadores, de dereito ou de feito; contra a persoa natural designada para o exercicio permanente das funcións propias do cargo de administrador persoa xurídica; e contra a persoa, calquera que sexa a súa denominación, que teña atribuídas facultades de máis alta dirección da sociedade cando non exista delegación permanente de facultades do consello nun ou en varios conselleiros delegados.

2. Unha vez declarado o concurso, corresponderá exclusivamente á administración concursal o exercicio das accións de responsabilidade da persoa xurídica concursada contra os seus auditores, así como contra os expertos independentes que valorasen achegas sociais ou pecuniarias nas ampliacións de capital da sociedade concursada.

Artigo 133. *Embargo de bens.*

1. Desde a declaración de concurso de persoa xurídica, o xuíz do concurso, de oficio ou por solicitude razoada da administración concursal, poderá acordar, como medida cautelar, o embargo de bens e dereitos dos administradores ou liquidadores, de dereito e de feito, e directores xerais da persoa xurídica concursada, así como de quen tivese esta condición dentro dos dous anos anteriores á data daquela declaración, cando do actuado resulte fundada a posibilidade de que na sentenza de cualificación as persoas a que afecte o embargo sexan condenadas á cobertura total ou parcial do déficit nos termos previstos nesta lei.

2. Desde a declaración de concurso da sociedade, o xuíz, de oficio ou por solicitude razoada da administración concursal, poderá ordenar, como medida cautelar, o embargo de bens e dereitos do socio ou socios persoalmente responsables polas débedas da sociedade anteriores á declaración de concurso, cando do actuado resulte fundada a posibilidade de que a masa activa sexa insuficiente para satisfacer todas as débedas.

3. O embargo acordarase pola contía que o xuíz xulgue bastante e efectuarase sen necesidade de caución con cargo á masa activa.

4. Por solicitude do afectado pola medida cautelar, o xuíz poderá acordar a substitución do embargo por aval de entidade de crédito.

5. Contra o auto que resolva sobre a medida cautelar calquera afectado poderá interpoñer recurso de apelación.

Sección 5.^a Dos deberes de comparecencia, colaboración e información do concursado

Artigo 134. Libros e documentos do debedor.

1. O concursado poñerá á disposición da administración concursal os libros de xestión obrigatoria e calquera outro libro, documento e rexistro relativos aos aspectos patrimoniais da súa actividade profesional ou empresarial.

2. Por solicitude da administración concursal, o xuíz acordará as medidas que considere necesarias para a efectividade do disposto no punto anterior.

Artigo 135. Deberes de comparecencia, colaboración e información.

1. O concursado persoa natural e os administradores ou liquidadores da persoa xurídica concursada, así como quen desempeñase estes cargos dentro dos dous anos anteriores á declaración do concurso, teñen o deber de comparecer persoalmente perante o xulgado e ante a administración concursal cantas veces sexan requiridos e o de colaborar e informar en todo o necesario ou conveniente para o interese do concurso.

2. Os directores xerais da persoa xurídica concursada e quen o fose dentro do período sinalado teñen igualmente estes mesmos deberes.

CAPÍTULO II

Dos efectos sobre as accións individuais

Sección 1.^a Dos efectos sobre as accións e sobre os procedementos declarativos

Artigo 136. Novos xuízos declarativos.

1. Desde a declaración de concurso e ata a data de eficacia do convenio ou, se non se aprobase o convenio ou o aprobado se incumprise, ata a conclusión do procedemento:

1.º Os xuíces da orde civil e da orde social non admitirán a trámite as demandas que se presenten nas cales se exerzan accións que sexan competencia do xuíz do concurso, previndo as partes para que usen do seu dereito ante este último.

2.º Os xuíces do mercantil non admitirán a trámite as demandas que se presenten nas cales se exerzan accións de reclamación de obrigacións sociais contra os administradores das sociedades de capital concursadas que incumprisen os deberes legais en caso de concorrencia de causa de disolución.

3.º Os xuíces de primeira instancia non admitirán a trámite as demandas que se presenten nas cales se exerza contra o dono da obra a acción directa que se recoñece aos que puxesen o seu traballo e materiais nunha obra axustada alzadamente polo contratista.

2. De se admitiren a trámite as demandas a que se refire o punto anterior, ordenarase o arquivamento de todo o actuado, logo de declaración de nulidade das actuacións que se efectuaron.

3. Os xuíces ou tribunais das ordes social, contencioso-administrativa ou penal ante os cales, despois da declaración do concurso, se exerzan accións que puideren ter transcendencia para a masa activa emprazarán a administración concursal e, se comparece, terana como parte en defensa do interese do concurso.

Artigo 137. *Continuación de xuízos declarativos en tramitación.*

Os xuízos declarativos que se encontren en tramitación na data da declaración de concurso nos cales o concursado sexa parte continuarán tramitándose ante o mesmo tribunal que estea a coñecer deles ata a firmeza da sentenza, salvo aqueles que, por disposición desta lei, se acumulen ao concurso ou aqueles cuxa tramitación quede suspendida.

Artigo 138. *Acumulación de xuízos declarativos en tramitación.*

1. Os xuízos en que se exerceron accións de responsabilidade contra os administradores ou liquidadores, de dereito ou feito, contra a persoa natural designada para o exercicio permanente das funcións propias do cargo de administrador persoa xurídica, contra a persoa, calquera que sexa a súa denominación, que teña atribuídas facultades de máis alta dirección da sociedade cando non exista delegación permanente de facultades do consello nun ou en varios conselleiros delegados, e contra os auditores polos danos e perdas causados á persoa xurídica concursada, acumularanse de oficio ao concurso, sempre que se encontren en primeira instancia e non finalizase o acto do xuízo ou a vista.

2. Os xuízos acumulados continuarán a súa tramitación ante o xuíz do concurso conforme o procedemento polo cal se veña tramitando a reclamación.

3. Contra a sentenza que se dite poderanse interpoñer os recursos que procedan como se non fosen obxecto de acumulación.

Artigo 139. *Suspensión da tramitación de xuízos declarativos.*

1. Desde a declaración do concurso ata a data de eficacia do convenio ou, en caso de liquidación, ata a conclusión do procedemento quedarán en suspenso os procedementos iniciados antes desa declaración de concurso nos cales se exerceron accións de reclamación de obrigacións sociais contra os administradores das sociedades de capital concursadas que incumprisen os deberes legais en caso de concorrencia de causa de disolución.

2. Desde a declaración do concurso ata a data de eficacia do convenio ou, en caso de liquidación, ata a conclusión do procedemento quedarán en suspenso os procedementos iniciados antes desa declaración nos cales se exerceu contra o dono da obra a acción directa que se recoñece aos que puxesen o seu traballo e materiais nunha obra axustada alzadamente polo contratista.

Artigo 140. *Pactos de mediación, convenios e procedementos arbitrais.*

1. A declaración de concurso, por si soa, non afectará a vixencia dos pactos de mediación nin os convenios arbitrais subscritos polo debedor.

2. Os procedementos de mediación e os procedementos arbitrais en tramitación na data da declaración de concurso continuarán ata a terminación da mediación ou ata a firmeza do laudo arbitral. A representación e a defensa do concursado nestes procedementos rexeranse polo establecido para os xuízos declarativos no capítulo I deste título.

3. O xuíz do concurso, de oficio ou por solicitude do concursado, en caso de intervención, ou da administración concursal, en caso de suspensión, poderá acordar, antes de que comece o procedemento de mediación ou de que se inicie o procedemento arbitral, a suspensión dos efectos deses pactos ou deses convenios, se entende que poderían supoñer un prexuízo para a tramitación do concurso. Queda a salvo o establecido nos tratados internacionais.

4. En caso de fraude, a administración concursal poderá impugnar ante o xuíz do concurso os pactos de mediación e os convenios e procedementos arbitrais.

Artigo 141. *Sentenzas e laudos firmes.*

As sentenzas e os laudos firmes ditados antes ou despois da declaración de concurso vinculan o xuíz deste, o cal dará ás resolucións pronunciadas o tratamento concursal que corresponda.

Sección 2.^a Dos efectos sobre as accións e sobre os procedementos executivos

Subsección 1.^a Das regras xerais

Artigo 142. *Prohibición de inicio de execucións e constrinximentos.*

Desde a declaración de concurso, non se poderán iniciar execucións singulares, xudiciais ou extraxudiciais, nin tampouco constrinximentos administrativos, incluídos os tributarios, contra os bens ou dereitos da masa activa.

Artigo 143. *Suspensión das actuacións e dos procedementos de execución.*

1. As actuacións e os procedementos de execución contra os bens ou dereitos da masa activa que estivesen en tramitación quedarán en suspenso desde a data de declaración de concurso, sen prexuízo do tratamento concursal que corresponda dar aos respectivos créditos. Serán nulas cantas actuacións se realicen desde ese momento.

2. O xuíz do concurso, por solicitude da administración concursal, logo de audiencia dos acredores afectados, poderá acordar o levantamento e a cancelación dos embargos realizados nas actuacións e os procedementos de execución cuxa tramitación quedase suspendida cando o mantemento deses embargos dificulte gravemente a continuidade da actividade profesional ou empresarial do concursado. O levantamento e cancelación non se poderá acordar respecto dos embargos administrativos.

Artigo 144. *Excepcións á suspensión das actuacións e dos procedementos de execución.*

1. Cando se incorpore ás actuacións ou ao procedemento correspondente o testemuño da resolución do xuíz do concurso que declare que un ben ou dereito concreto que fose obxecto de embargo non é necesario para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor, poderanse proseguir as actuacións e procedementos de execución das seguintes clases:

1.º As execucións laborais en que o embargo dese ben ou dereito sexa anterior á data de declaración do concurso.

2.º Os procedementos administrativos de execución en que a dilixencia de embargo sexa anterior á data de declaración do concurso.

2. O diñeiro obtido coa execución destinarase ao pagamento do crédito que dese lugar a ela e o sobranse integrarase na masa activa. Con todo, se en terzaría de mellor dereito exercida pola administración concursal se determina a existencia de créditos concursais con preferencia de cobramento, o importe do obtido a que acade esa preferencia poñerase á disposición do concurso.

3. Se na data da resolución xudicial mediante a que se aprobe o plan de liquidación, sexa ou non firme, non se producise o alleamento dos bens ou dereitos ou non se publicasen os anuncios de poxa do ben ou dereito embargado, estas actuacións e procedementos de execución quedarán sen efecto.

Subsección 2.^a Das regras especiais para os procedementos de execución de garantías reais e asimilados

Artigo 145. *Efectos sobre as execucións de garantías reais.*

1. Desde a declaración de concurso, os titulares de dereitos reais de garantía, sexan ou non acredores concursais, sobre bens ou dereitos da masa activa necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do concursado non poderán iniciar procedementos de execución ou realización forzosa sobre eses bens ou dereitos.

2. Desde a declaración de concurso, as actuacións de execución ou realización forzosa xa iniciadas nesa data sobre calquera ben ou dereito da masa activa quedarán suspendidas, aínda que xa estivesen publicados os anuncios de poxa.

Artigo 146. *Inicio ou continuación de execucións de garantías reais sobre bens ou dereitos non necesarios.*

Os titulares de dereitos reais de garantía, sexan ou non acredores concursais, sobre bens ou dereitos da masa activa non necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do concursado que pretendan iniciar procedementos de execución ou realización forzosa sobre eses bens ou dereitos, ou que pretendan alzar a suspensión, deberán xuntar coa demanda ou incorporar ao procedemento xudicial ou administrativo cuxa tramitación fose suspendida o testemuño da resolución do xuíz do concurso que declare que non son necesarios para esa continuidade. Unha vez cumprido ese requisito, poderá iniciarse a execución ou alzarse a súa suspensión e ordenarse que continúe ante o órgano xurisdiccional ou administrativo orixinariamente competente para tramitala.

Artigo 147. *Declaración do carácter necesario ou non necesario de bens ou dereitos da masa activa.*

1. A declaración do carácter necesario ou non necesario de calquera ben ou dereito integrado na masa activa corresponde ao xuíz do concurso, por solicitude do titular do dereito real, logo de audiencia da administración concursal, calquera que sexa a fase en que se encontre o concurso de acredores.

2. As accións ou participacións de sociedades cuxo obxecto real exclusivo fose a tenza dun activo e do pasivo necesario para o seu financiamento non se considerarán necesarias para a continuación da actividade, salvo que a execución da garantía constituída sobre elas sexa causa de modificación ou de resolución das relacións contractuais que permitan ao concursado manter a explotación dese activo.

3. A declaración previa do carácter necesario dun ben ou dereito non impedirá que o titular do dereito real presente unha solicitude posterior para que se declare o carácter non necesario dese mesmo ben ou dereito cando cambiasen as circunstancias.

Artigo 148. *Fin da prohibición de inicio ou continuación de execucións de garantías reais sobre calquera clase de bens.*

1. Os titulares de dereitos reais de garantía sobre calquera ben ou dereito da masa activa, sexan ou non acredores concursais, poderán iniciar procedementos de execución ou realización forzosa sobre eses bens ou dereitos e continuar aqueles cuxa tramitación fose suspendida nos seguintes casos:

1.º Desde a data de eficacia dun convenio que non impida o exercicio do dereito de execución separada sobre eses bens ou dereitos.

2.º Desde que transcorrese un ano contado desde a data de declaración de concurso sen que tivese lugar a apertura da liquidación.

2. A demanda de execución ou a solicitude de restablecemento das execucións suspendidas presentaraa o titular do dereito real ante o xuíz do concurso, quen, de ser procedente a admisión a trámite da demanda ou da solicitude de restablecemento, acordará a tramitación en peza separada dentro do propio procedemento concursal, acomodando as actuacións ás normas propias do procedemento xudicial ou extraxudicial que corresponda.

3. Iniciadas ou restablecidas as actuacións executivas, non poderán ser suspendidas por razón das vicisitudes propias do concurso.

Artigo 149. *Efectos da apertura da fase de liquidación da masa activa sobre as execucións de garantías reais.*

1. A apertura da fase de liquidación producirá a perda do dereito a iniciar a execución ou a realización forzosa da garantía sobre bens e dereitos da masa activa por parte daqueles acredores que non exercesen estas accións antes da declaración de concurso ou non as iniciasen transcorrido un ano desde a declaración de concurso.

2. As execucións que quedasen suspendidas como consecuencia da declaración de concurso acumularanse ao concurso de acredores como peza separada. Desde que se produza a acumulación, a suspensión quedará sen efecto.

Artigo 150. *Réxime das accións de recuperación.*

O establecido nos artigos anteriores será de aplicación ás seguintes accións:

1.º Ás accións resolutorias de compravendas de bens inmoebles por falta de pagamento do prezo aprazado, aínda que deriven de condicións explícitas inscritas no Rexistro da Propiedade.

2.º Ás accións tendentes a recuperar os bens vendidos a prazos ou financiados con reserva de dominio mediante contratos inscritos no Rexistro de Bens Móbiles.

3.º Ás accións tendentes a recuperar os bens cedidos en arrendamento financeiro mediante contratos inscritos nos rexistros da propiedade ou de bens móbiles ou formalizados en documento que comporte execución.

Artigo 151. *Condición de terceiro posuidor do concursado.*

A declaración de concurso non afectará a execución da garantía real cando o concursado teña a condición de terceiro posuidor do ben ou dereito obxecto desta.

CAPÍTULO III

Dos efectos sobre os créditos

Artigo 152. *Suspensión da devindicación de xuros.*

1. Desde a declaración de concurso quedará suspendida a devindicación dos xuros, legais ou convencionais.

2. Exceptúanse do establecido no punto anterior os créditos salariais, que devindicarán xuros conforme o xuro legal do diñeiro, e os créditos con garantía real, que devindicarán os xuros remuneratorios pactados ata onde acade o valor da garantía.

Artigo 153. *Compensación.*

1. A compensación cuxos requisitos existisen antes da declaración de concurso producirá plenos efectos aínda que sexa alegada despois desa declaración, ou aínda que a resolución xudicial ou o acto administrativo que a declare se ditase con posterioridade a ela. O feito de que o acredor lle comunicase ao administrador concursal a existencia do crédito non impedirá a declaración de compensación.

2. Declarado o concurso, non procederá a compensación dos créditos e débedas do concursado, coa excepción daqueles que procedan da mesma relación xurídica. Queda a salvo o establecido nas normas de dereito internacional privado.

3. A controversia sobre o importe dos créditos e débedas que se deberán compensar e a concurrencia dos presupostos da compensación resolveraa o xuíz do concurso polas canles do incidente concursal.

Artigo 154. *Suspensión do dereito de retención.*

1. Declarado o concurso, quedará suspendido o exercicio do dereito de retención sobre bens e dereitos integrados na masa activa.

2. Se, no momento de conclusión do concurso, eses bens ou dereitos non fosen alleados, deberán ser restituídos de inmediato ao titular do dereito de retención cuxo crédito non fose integramente satisfeito.

3. Esta suspensión non afectará as retencións impostas pola lexislación administrativa, tributaria, laboral e de seguridade social.

Artigo 155. *Interrupción da prescrición.*

1. Desde a declaración ata a conclusión do concurso quedará interrompida a prescrición das accións contra o debedor polos créditos anteriores á declaración.

2. A interrupción da prescrición non producirá efectos fronte aos debedores solidarios, así como tampouco fronte aos fiadores e avalistas.

3. Desde a declaración ata a conclusión do concurso quedará interrompida a prescrición das accións contra socios e contra os administradores, os liquidadores, a persoa natural designada para o exercicio permanente das funcións propias do cargo de administrador persoa xurídica, e a persoa, calquera que sexa a súa denominación, que teña atribuídas facultades da máis alta dirección da sociedade cando non exista delegación permanente de facultades do consello nun ou en varios conselleiros delegados, así como contra os auditores da persoa xurídica concursada e aqueloutras cuxo exercicio quede suspendido en virtude do disposto nesta lei.

4. En caso de interrupción, o cómputo do prazo para a prescrición iniciarase novamente na data da conclusión do concurso.

CAPÍTULO IV

Dos efectos sobre os contratos

Sección 1.^a *Dos efectos sobre os contratos*

Artigo 156. *Principio xeral de vixencia dos contratos.*

A declaración de concurso non é causa de resolución anticipada do contrato. Teranse por non postas as cláusulas que establezan a facultade de resolución ou a extinción do contrato pola única causa da declaración de concurso de calquera das partes.

Artigo 157. *Efectos sobre os contratos pendentes de cumprimento por un dos contratantes.*

Nos contratos con obrigacións recíprocas, cando no momento da declaración do concurso unha das partes cumprise integramente as súas obrigacións e a outra tivese pendente o cumprimento total ou parcial das que fosen ao seu cargo, o crédito ou a débeda que corresponda ao concursado incluírase, segundo proceda, na masa activa ou na pasiva do concurso.

Artigo 158. *Efectos sobre os contratos con obrigacións recíprocas pendentes de cumprimento por ambas as partes.*

A declaración de concurso, por si soa, non afectará a vixencia dos contratos con obrigacións recíprocas pendentes de cumprimento tanto a cargo do concursado como da outra parte. Ambas as partes deberán executar as prestacións comprometidas e serán con cargo á masa aquelas a que estea obrigado o concursado.

Artigo 159. *Supostos especiais.*

1. A declaración de concurso non afectará o exercicio da facultade de denuncia unilateral do contrato nos casos en que así o recoñeza expresamente a lei.

2. A declaración de concurso non afectará a aplicación das leis que dispoñan ou expresamente permitan pactar a extinción do contrato nos casos de situacións concursais ou de liquidación administrativa dalgunha das partes.

Sección 2.^a Da resolución dos contratos

Subsección 1.^a Da resolución por incumprimento

Artigo 160. *Resolución por incumprimento anterior.*

Unha vez declarado o concurso, a facultade de resolución do contrato por incumprimento anterior á declaración de concurso só se poderá exercer se o contrato é de tracto sucesivo.

Artigo 161. *Resolución por incumprimento posterior.*

Unha vez declarado o concurso, a facultade de resolución do contrato con obrigacións recíprocas pendentes de cumprimento poderase exercer por incumprimento posterior de calquera das partes.

Artigo 162. *Exercicio da acción de resolución.*

A acción de resolución do contrato por incumprimento exercerase ante o xuíz do concurso e instruírse polos trámites do incidente concursal.

Artigo 163. *Efectos da resolución do contrato.*

1. En caso de resolución do contrato por incumprimento, quedarán extinguidas as obrigacións pendentes de vencemento. En canto ás vencidas, incluírse no concurso o crédito que corresponda ao acredor que cumprise as súas obrigacións contractuais, se o incumprimento do concursado é anterior á declaración do concurso. Se é posterior, o crédito da parte cumpridora satisfacerase con cargo á masa.

2. En todo caso, o crédito comprenderá o resarcimento dos danos e perdas que proceda.

Artigo 164. *Cumprimento do contrato por resolución do xuíz do concurso.*

Aínda que exista causa de resolución, o xuíz, atendendo ao interese do concurso, poderá acordar o cumprimento do contrato, e serán por conta da masa as prestacións debidas ou que deba realizar o concursado.

Subsección 2.^a Da resolución en interese do concursoArtigo 165. *Resolución xudicial do contrato en interese do concurso.*

1. Aínda que non exista causa de resolución, o concursado, en caso de intervención, e a administración concursal, en caso de suspensión, poderán solicitar a resolución de calquera contrato con obrigacións recíprocas se o consideran necesario ou conveniente para o interese do concurso.

2. Antes de presentar a demanda ante o xuíz do concurso, as persoas lexitimadas poderán solicitar ao letrado da Administración de xustiza que cite o concursado, a administración concursal e a outra parte no contrato a unha comparecencia ante o xuíz do concurso. Realizada a comparecencia, de existir acordo en canto á resolución e aos seus efectos, o xuíz ditará auto en que declare resolto o contrato de conformidade co acordado. Se houber discrepancias, calquera dos lexitimados poderá presentar demanda de resolución conforme o establecido no punto anterior.

3. A demanda de resolución tramitarase polas canles do incidente concursal. O xuíz decidirá acerca da resolución solicitada acordando, de ser o caso, as restitucións que procedan e a indemnización que se deba satisfacer con cargo á masa.

Se o contrato que se vai rescindir é de arrendamento financeiro, coa demanda xuntarase taxación pericial independente do valor dos bens cedidos, que o xuíz poderá ter en conta para fixar a indemnización.

Sección 3.^a Do dereito á rehabilitación de contratosArtigo 166. *Rehabilitación de contratos de financiamento.*

1. A administración concursal, por propia iniciativa ou por instancia do concursado, poderá rehabilitar a favor deste os contratos de crédito, préstamo e demais de financiamento cuxo vencemento anticipado por falta de pagamento de cotas de amortización ou de xuros devindicados se producise dentro dos tres meses precedentes á declaración de concurso.

2. A notificación do exercicio da facultade de rehabilitación á outra parte do contrato deberá ser realizada pola administración concursal antes de que finalice o prazo para presentar a comunicación de créditos, con satisfacción ou consignación previa ou simultánea das cantidades debidas no momento da rehabilitación e con asunción dos pagamentos futuros con cargo á masa.

3. A rehabilitación non procederá cando o acredor se opoña por iniciar antes da declaración de concurso o exercicio das accións en reclamación do pagamento das cantidades debidas contra o propio debedor, contra algún codebedor solidario ou contra calquera garante.

Artigo 167. *Rehabilitación de contratos de adquisición de bens con prezo aprazado.*

1. A administración concursal, por propia iniciativa ou por instancia do concursado, poderá rehabilitar os contratos de adquisición de bens mobles ou inmobles con contraprestación ou prezo aprazado cuxa resolución se producise dentro dos tres meses precedentes á declaración de concurso.

2. A notificación do exercicio da facultade de rehabilitación á outra parte do contrato deberá ser realizada pola administración concursal antes de que finalice o prazo para a comunicación de créditos, con satisfacción ou consignación previa ou simultánea das cantidades debidas no momento da rehabilitación e con asunción dos pagamentos futuros con cargo á masa.

3. O transmitente poderase opoñer á rehabilitación cando, con anterioridade á declaración de concurso, iniciase o exercicio das accións de resolución do contrato ou de restitución do ben transmitido ou cando, coa mesma antelación, recuperase a posesión material do ben por canles lexitimas e devolveuse ou consignase no procedente a

contraprestación recibida ou realizase actos dispositivos sobre el en favor de terceiro, o que deberá acreditar suficientemente se non lle consta á administración concursal.

4. O posterior incumprimento do contrato que fose rehabilitado conferiralle ao acredor o dereito para resolvelo sen posibilidade de ulterior rehabilitación.

Artigo 168. *Rehabilitación de contratos de arrendamentos urbanos.*

1. A administración concursal poderá enervar a acción de desafuzamento exercida contra o debedor con anterioridade á declaración do concurso, así como rehabilitar a vixencia do contrato de arrendamento urbano ata o momento mesmo de efectuarse o efectivo lanzamento.

2. A notificación á outra parte do exercicio da facultade de rehabilitación do contrato ou de enervación da acción de desafuzamento do contrato deberá ser realizada pola administración concursal con pagamento previo ou simultáneo con cargo á masa de todas as rendas e conceptos pendentes, así como co compromiso de satisfacer as posibles custas procesuais causadas ata ese momento.

3. O exercicio dos dereitos a que se refire este artigo poderase realizar aínda que o arrendatario xa enervase o desafuzamento en ocasión anterior.

Sección 4.^a Dos efectos sobre os contratos de traballo e sobre os convenios colectivos

Subsección 1.^a Dos efectos sobre os contratos de traballo

Artigo 169. *Lexislación aplicable.*

1. Declarado o concurso, a modificación substancial das condicións de traballo, o traslado, o despedimento e a suspensión de contratos e a redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción tramitaranse polas regras establecidas nesta subsección cando teñan carácter colectivo.

2. En todo o non previsto nesta subsección aplicarase a lexislación laboral. Os representantes dos traballadores terán cantas facultades lles atribúa esa lexislación.

Artigo 170. *Medidas colectivas en tramitación.*

1. Se na data da declaración do concurso o empresario iniciase os trámites para a modificación substancial das condicións de traballo, o traslado, o despedimento, a suspensión de contratos ou a redución de xornada, de carácter colectivo, o concursado porao inmediatamente en coñecemento do xuíz do concurso. No caso de que aínda non se acadase un acordo ou non se notificase a decisión empresarial, dentro dos tres días seguintes ao da comunicación, o letrado da Administración de xustiza citará para comparecencia os lexitimados previstos no artigo seguinte para expoñer e xustificar, de ser o caso, a procedencia de continuar coa tramitación das medidas colectivas, conforme o previsto nesta subsección. As actuacións efectuadas ata a data da declaración de concurso conservarán a súa validez no procedemento que se tramite perante o xulgado.

2. Se na data da declaración do concurso xa se acadase un acordo ou se notificase a decisión adoptada con relación á modificación substancial das condicións de traballo, ao traslado, ao despedimento, á suspensión de contratos ou á redución de xornada, de carácter colectivo, corresponderalle á administración concursal a execución de tales medidas.

3. Se ao tempo da declaración de concurso o acordo ou a decisión empresarial fosen impugnados ante a xurisdición social, o procedemento continuará ante os órganos desta xurisdición ata a firmeza da correspondente resolución.

4. Nos casos a que se refire este artigo, a declaración de concurso deberá ser comunicada á autoridade laboral para os efectos que procedan.

Artigo 171. *Lexitimación activa.*

1. A lexitimación activa para solicitar do xuíz do concurso a modificación substancial das condicións de traballo, o traslado, o despedimento, a suspensión de contratos ou a redución de xornada, de carácter colectivo, que afecten os contratos de traballo en que sexa empregador o concursado, corresponde a este, á administración concursal ou aos traballadores da empresa concursada a través dos seus representantes legais.

2. A representación dos traballadores na tramitación do procedemento corresponderá aos suxeitos indicados no número 4 do artigo 41 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, na orde e nas condicións sinaladas nel. Transcorridos os prazos indicados no referido artigo sen que os traballadores designasen representantes, o xuíz poderá acordar a intervención dunha comisión dun máximo de tres membros, integrada polos sindicatos máis representativos e os representativos do sector a que pertenza a empresa.

Artigo 172. *Presentación da solicitude.*

A adopción das medidas previstas no artigo anterior só se poderá solicitar do xuíz do concurso unha vez presentado o informe da administración concursal, salvo que se considere que a demora na aplicación das medidas colectivas pretendidas pode comprometer gravemente a viabilidade futura da empresa e do emprego ou causar grave prexuízo aos traballadores. Nese caso, e con acreditación desta circunstancia, poderase realizar a solicitude ao xuíz en calquera momento procesual desde a declaración de concurso.

Artigo 173. *Contido da solicitude.*

1. Na solicitude deberanse expoñer e xustificar, de ser o caso, as causas motivadoras das medidas colectivas pretendidas e os obxectivos que se propoñen acadar con estas, e xuntaranse os documentos necesarios para a súa acreditación.

2. Se a medida afecta empresas de máis de cincuenta traballadores, deberase xuntar coa solicitude un plan que recolla a incidencia das medidas laborais propostas na viabilidade futura da empresa e do emprego.

Artigo 174. *Período de consultas.*

1. Unha vez recibida a solicitude, o xuíz convocará o concursado, a administración concursal e os representantes dos traballadores a un período de consultas cuxa duración non será superior a trinta días naturais, ou a quince, tamén naturais, no suposto de empresas que conten con menos de cincuenta traballadores.

Nos casos en que a solicitude fose formulada polo concursado ou pola administración concursal, a comunicación aos representantes legais dos traballadores do inicio do período de consultas deberá incluír copia da solicitude e dos documentos que, de ser o caso, se achegasen.

2. A administración concursal ou os representantes dos traballadores poderán solicitar ao xuíz a participación no período de consultas doutras persoas naturais ou xurídicas que indiciariamente poidan constituir unha unidade de empresa coa concursada.

3. Durante o período de consultas, o concursado, a administración concursal e os representantes dos traballadores deberán negociar de boa fe para acadar un acordo.

Artigo 175. *Deber de colaboración e auxilio xudicial.*

1. A administración concursal poderá requirir a colaboración do concursado e o auxilio do xulgado que considere necesarios para comprobar as causas da solicitude e a exactitude dos documentos que a acompañen.

2. En caso de que os representantes dos traballadores ou a administración concursal soliciten ao xuíz a participación no período de consultas doutras persoas naturais ou

xurídicas que indiciariamente poidan constituír unha unidade de empresa coa concursada, poderán solicitar o auxilio do xulgado que se considere necesario para esa comprobación. Igualmente, para o caso de unidade empresarial, e para efectos de valorar a realidade económica do conxunto empresarial, poderase reclamar a documentación económica consolidada ou a relativa a outras empresas.

Artigo 176. *Substitución do período de consultas.*

1. A apertura do período de consultas non será necesaria no caso de que a solicitude veña acompañada de acordo suscrito pola administración concursal e os representantes dos traballadores.

2. En calquera momento, o xuíz, por instancia da administración concursal ou da representación dos traballadores, poderá acordar a substitución do período de consultas polo procedemento de mediación ou arbitraje que sexa de aplicación no ámbito da empresa, que se deberá desenvolver dentro do prazo máximo sinalado para o dito período.

Artigo 177. *Acordo.*

1. O acordo requirirá a conformidade da maioría dos representantes legais dos traballadores ou, de ser o caso, da maioría dos membros da comisión representativa dos traballadores sempre que, en ambos os casos, representen a maioría dos traballadores do centro ou centros de traballo afectados.

2. No acordo recollerase a identidade dos traballadores afectados e fixaranse as indemnizacións, que se axustarán ao establecido na lexislación laboral, salvo que, ponderando os intereses afectados polo concurso, se pacten de forma expresa outras superiores.

Artigo 178. *Comunicación ao xuíz.*

Ao finalizar o prazo sinalado ou no momento en que se acade un acordo, a administración concursal e os representantes dos traballadores comunicarán ao xuíz do concurso o resultado do período de consultas.

Artigo 179. *Informe da autoridade laboral.*

1. Unha vez realizada a comunicación prevista no artigo anterior, o letrado da Administración de xustiza solicitará informe da autoridade laboral sobre as medidas propostas ou o acordo acadado.

2. O informe da autoridade laboral deberá ser emitido no prazo de quince días, e esta poderá oír a administración concursal e os representantes dos traballadores antes da súa emisión.

3. Recibido o informe polo xuíz do concurso ou transcorrido o prazo de emisión, seguirá o curso das actuacións. Se o informe é emitido fóra de prazo, poderá non obstante ser tido en conta polo xuíz do concurso ao adoptar a correspondente resolución.

Artigo 180. *Prazo de emisión da resolución.*

Cumpridos os trámites ordenados nos artigos anteriores, o xuíz, nun prazo máximo de cinco días, resolverá mediante auto sobre as medidas propostas.

Artigo 181. *Resolución en caso de acordo.*

De existir acordo, o xuíz aprobarao, salvo que na súa conclusión aprecie a existencia de fraude, dolo, coacción ou abuso de dereito. Neste caso, determinará o que proceda conforme a lexislación laboral.

Artigo 182. *Resolución en caso de inexistencia de acordo.*

1. Se non fose acadado un acordo, o xuíz do concurso dará audiencia a aqueles que interviñesen no período de consultas, para o cal o letrado da Administración de xustiza os convocará a unha comparecencia na cal poderán formular alegacións e achegar proba documental. O xuíz poderá substituír esta comparecencia por un trámite escrito de alegacións por tres días.

2. En todo caso, o xuíz determinará o que proceda conforme a lexislación laboral.

Artigo 183. *Eficacia da resolución que acorde a suspensión e o despedimento colectivos.*

En caso de se acordar a suspensión dos contratos de traballo de carácter colectivo ou o despedimento colectivo, o auto producirá efectos constitutivos desde a data en que se dite, salvo que nel se dispoña outra data posterior, e orixinará a situación legal de desemprego dos traballadores afectados.

Artigo 184. *Suspensión do dereito de rescisión de contrato con indemnización.*

1. Durante a tramitación do concurso quedará en suspenso o dereito de rescisión do contrato con indemnización que recoñece a lexislación laboral ao traballador prexudicado no suposto de se acordar unha modificación substancial das condicións de traballo de carácter colectivo durante a tramitación do concurso.

2. A suspensión prevista no punto anterior tamén será de aplicación cando se acorde un traslado colectivo, sempre que o novo centro de traballo se encontre na mesma provincia que o centro de traballo de orixe e a menos de sesenta quilómetros deste, salvo que se acredite que o tempo mínimo de desprazamento, de ida e volta, supera o vinte e cinco por cento da duración da xornada diaria de traballo.

3. As suspensións previstas nos puntos anteriores non se poderán prolongar por un período superior a doce meses, contados desde a data do auto en que se autorice a modificación ou o traslado.

Artigo 185. *Extinción do contrato por vontade do traballador.*

1. Desde que se acorde a iniciación do procedemento previsto nesta subsección para o despedimento colectivo, os xuíces da orde social suspenderán a tramitación da totalidade dos procesos individuais posteriores á solicitude do concurso pendentes de resolución firme nos cales se exercen contra o concursado accións resolutorias individuais con fundamento nas causas que determinan a extinción do contrato por vontade do traballador, ao abeiro da lexislación laboral, motivadas pola situación económica ou de insolvencia do concursado. A suspensión dos procesos individuais subsistirá ata que adquira firmeza o auto que poña fin ao dito procedemento.

2. A resolución que acorde a suspensión comunicárase á administración concursal para os efectos do recoñecemento como continxente do crédito que poida resultar da sentenza que no seu día se dite, se for alzada a suspensión.

3. O auto que acorde o despedimento colectivo producirá efectos de cousa xulgada sobre os procesos individuais suspendidos, que se arquivarán sen máis trámites.

Subsección 2.^a Dos efectos sobre os contratos do persoal de alta dirección

Artigo 186. *Extinción e suspensión dos contratos do persoal de alta dirección por decisión da administración concursal.*

1. Durante a tramitación do concurso, a administración concursal, por propia iniciativa ou por instancia do concursado, poderá extinguir ou suspender os contratos deste co persoal de alta dirección.

2. En caso de extinción do contrato de traballo, o xuíz do concurso poderá moderar a indemnización que lle corresponda ao alto directivo, e nese caso quedará sen efecto a

que se pactase no contrato, co límite da indemnización establecida na lexislación laboral para o despedimento colectivo.

Artigo 187. *Extinción do contrato do persoal de alta dirección por decisión do alto directivo.*

En caso de suspensión do contrato, este poderase extinguir por vontade do alto directivo, con aviso previo dun mes, e conservarse o dereito á indemnización nos termos do artigo anterior.

Artigo 188. *Aprazamento de pagamento.*

A administración concursal poderá solicitar do xuíz que o pagamento do crédito relativo á indemnización que corresponda ao alto directivo se aprace ata que sexa firme a sentenza de cualificación.

Subsección 3.^a Dos efectos sobre os convenios colectivos

Artigo 189. *Modificación de condicións establecidas en convenios colectivos.*

A modificación das condicións establecidas nos convenios colectivos que sexan aplicables só poderá afectar aquelas materias en que sexa admisible conforme a lexislación laboral e, en todo caso, requirirá o acordo dos representantes legais dos traballadores.

Sección 5.^a Dos efectos sobre os contratos coas administracións públicas

Artigo 190. *Contratos de carácter administrativo.*

Os efectos da declaración de concurso sobre os contratos de carácter administrativo suscritos polo concursado con administracións públicas rexeranse polo establecido na súa lexislación especial.

Artigo 191. *Contratos de carácter privado.*

Na falta de lexislación específica, os efectos da declaración de concurso sobre os contratos de carácter privado suscritos polo concursado coas administracións públicas e outras entidades do sector público rexeranse polo establecido nesta lei.

TÍTULO IV

Da masa activa

CAPÍTULO I

Da composición da masa activa

Artigo 192. *Principio de universalidade.*

1. A masa activa do concurso está constituída pola totalidade dos bens e dereitos integrados no patrimonio do concursado na data da declaración de concurso e polos que se reintegren a este ou adquira ata a conclusión do procedemento.

2. Exceptúanse do disposto no punto anterior aqueles bens e dereitos que, mesmo tendo carácter patrimonial, sexan legalmente inembargables.

Artigo 193. *Bens conxugais.*

1. En caso de concurso de persoa casada, a masa activa comprenderá os bens e dereitos propios ou privativos do concursado.

2. Se o réxime económico do matrimonio fose o de sociedade de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, incluíranse na masa, ademais, os bens gananciais ou comúns cando deban responder de obrigacións do concursado.

Artigo 194. *Dereitos de adquisición do cónxuxe do concursado.*

1. O cónxuxe do concursado terá dereito a adquirir a totalidade de cada un dos bens gananciais ou comúns incluídos na masa activa satisfacendo á masa a metade do seu valor.

2. O prezo de adquisición será o que de común acordo determinen o cónxuxe do concursado e a administración concursal. Na falta de acordo observarase o que, logo de oídas as partes, determine o xuíz do concurso como valor de mercado. Cando o considere oportuno, o xuíz poderá solicitar o informe dun experto.

3. Por excepción ao establecido no punto anterior, o valor da vivenda habitual do matrimonio será o do prezo de adquisición actualizado conforme o índice específico de prezos de consumo, sen que en ningún caso poida superar o do valor de mercado.

Artigo 195. *Presunción de doazóns.*

1. Se o concursado está casado en réxime de separación de bens, presumirase en beneficio da masa activa, salvo proba en contrario, que o concursado lle doara ao seu cónxuxe a metade da contraprestación satisfeita por este durante o ano anterior á declaración de concurso para a adquisición a título oneroso de bens ou dereitos.

2. Se se acredita que a contraprestación procedía directa ou indirectamente do patrimonio do concursado, presumirase, salvo proba en contrario, a doazón da totalidade da contraprestación.

3. As presuncións a que se refire este artigo non rexerán cando no momento da realización do acto os cónxuxes estean separados xudicialmente ou de feito.

Artigo 196. *Pacto de supervivencia entre os cónxuxes.*

Os bens adquiridos por ambos os cónxuxes con pacto de supervivencia consideraranse divisibles no concurso de calquera deles e integrarase na masa activa a metade correspondente ao cónxuxe concursado.

Artigo 197. *Contas indistintas.*

1. Os saldos acredores de contas en que o concursado figure como titular indistinto integraranse na masa activa, salvo proba en contrario apreciada como suficiente pola administración concursal.

2. Calquera interesado poderá impugnar a decisión sobre o saldo. A impugnación substanciarase polos trámites do incidente concursal.

CAPÍTULO II

Do inventario da masa activa

Artigo 198. *Deber de elaboración do inventario.*

1. A administración concursal deberá elaborar un inventario da masa activa, que incluírá a relación e a valoración dos bens e dereitos de que se compón no día inmediatamente anterior ao da presentación do seu informe.

2. En caso de concurso de persoa casada en réxime de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, incluíranse no inventario a relación e a valoración dos bens e

dereitos privativos do debedor concursado, así como as dos bens e dereitos gananciais ou comúns cando debe responder de obrigacións do concursado, con expresa indicación deste carácter.

3. Os bens de propiedade allea en poder do concursado e sobre os cales este teña dereito de uso non se incluírán no inventario, nin será necesaria a súa valoración. Por excepción incluírase no inventario o dereito de uso sobre un ben de propiedade allea se o concursado fose arrendatario financeiro.

Artigo 199. *Descrición dos bens e dereitos.*

A administración concursal expresará no inventario a natureza, as características, o lugar en que se encontren e, de ser o caso, os datos de identificación rexistral de cada un dos bens e dereitos relacionados. Indicaranse tamén no inventario os dereitos, os gravames, as trabas e as cargas que afecten estes bens e dereitos, a favor de acredor ou de terceiro, con expresión da natureza que teñan e, de ser o caso, os datos de identificación rexistral.

Artigo 200. *Unidades produtivas.*

1. Se na masa activa existen un ou varios establecementos, explotacións ou calquera outra unidade produtiva de bens ou de servizos, describíranse como anexo do inventario, con expresión dos bens e dereitos da masa activa que as integren.

2. Considérase unidade produtiva o conxunto de medios organizados para o exercicio dunha actividade económica esencial ou accesoria.

Artigo 201. *Valoración dos bens e dereitos.*

1. A valoración de cada un dos bens e dereitos incluídos no inventario realizarase conforme o valor de mercado que tiveren.

2. Ademais do valor de mercado indicárase no inventario o valor que resulte de deducir os dereitos, os gravames ou as cargas de natureza perpetua, temporal ou redimible que directamente os afecten e inflúan no seu valor, así como as garantías reais e as trabas ou embargos que garantan ou aseguren créditos non incluídos na masa pasiva.

Artigo 202. *Relacións complementarias.*

1. Ao inventario engadírase unha relación de todos os litixios cuxo resultado poida afectar a masa activa e outra comprensiva de cantas accións se debería promover, ao xuízo da administración concursal, para a reintegración desa masa.

2. En ambas as relacións informarase sobre a viabilidade, os riscos, os custos e as posibilidades de financiamento das correspondentes actuacións xudiciais.

Artigo 203. *Asesoramento de expertos independentes.*

1. Se a administración concursal considera necesario o asesoramento dun ou varios expertos independentes para a estimación dos valores de bens e dereitos ou da viabilidade dos litixios en curso e das accións a que se refire o artigo anterior, propoñerá o nomeamento ao xuíz, con expresión dos termos da encarga. Contra a decisión do xuíz non caberá ningún recurso.

2. Será de aplicación aos expertos independentes o réxime de incompatibilidades, prohibicións, recusación e responsabilidade establecido para os administradores concursais e os seus representantes.

3. A retribución dos expertos independentes será por conta da administración concursal.

4. Os informes emitidos polos expertos e o detalle dos honorarios devindicados uniranse ao inventario.

CAPÍTULO III

Da conservación e do alleamento da masa activa*Sección 1.^a Da conservación da masa activa***Artigo 204. *Deber de conservación.***

No exercicio das facultades de administración e disposición sobre a masa activa atenderase á conservación dos elementos que a integren do modo máis conveniente para o interese do concurso. Para tal fin, a administración concursal poderá solicitar do xulgado o auxilio que xulgue necesario.

*Sección 2.^a Do alleamento de bens e dereitos da masa activa**Subsección 1.^a Das regras xerais***Artigo 205. *Prohibición de alleamento.***

Ata a aprobación xudicial do convenio ou ata a aprobación do plan de liquidación, os bens e dereitos que integran a masa activa non se poderán allear ou gravar sen autorización do xuíz.

Artigo 206. *Excepcións á prohibición legal de alleamento.*

1. Exceptúanse do disposto no artigo anterior:

1.º Os actos de disposición inherentes á continuación da actividade profesional ou empresarial do debedor, nos termos establecidos neste capítulo.

2.º Os actos de disposición indispensables para satisfacer as exixencias de tesouraría que requira a tramitación do concurso de acredores.

3.º Os actos de disposición indispensables para garantir a viabilidade dos establecementos, explotacións ou calquera outra unidade produtiva de bens ou de servizos que formen parte da masa activa.

A administración concursal deberá comunicar inmediatamente ao xuíz do concurso os actos de disposición a que se refiren os ordinais primeiro, segundo e terceiro deste número con xustificación do carácter indispensable deses actos.

2. Exceptúanse igualmente do disposto no artigo anterior os actos de disposición de bens que non sexan necesarios para a continuidade da actividade cando se presenten ofertas que coincidan substancialmente co valor que se lles deu no inventario. Entenderase que esa coincidencia é substancial se no caso de inmobles a diferenza é inferior a un dez por cento e no caso de mobles a un vinte por cento, e non conste oferta superior.

A administración concursal deberá comunicar inmediatamente ao xuíz do concurso a oferta recibida con xustificación do carácter non necesario dos bens. A oferta presentada quedará aprobada se no prazo de dez días non se presenta unha superior.

Artigo 207. *Alleamento de bens e dereitos litixiosos.*

1. Os bens ou dereitos sobre cuxa titularidade ou dispoñibilidade exista cuestión litixiosa promovida poderanse allear con tal carácter e o adquirente quedará ás resultas do litixio.

2. A administración concursal comunicará o alleamento ao xulgado ou tribunal que estea a coñecer do litixio. Esta comunicación producirá, de pleno dereito, a sucesión procesual, sen que se poida opoñer a contraparte e aínda que o adquirente non se constitúa como parte.

Artigo 208. *Prohibición de adquirir bens e dereitos da masa activa.*

1. Os administradores concursais non poderán adquirir por si ou por persoa interposta, mesmo nin en poxa, os bens e dereitos que integren a masa activa do concurso.

2. Aqueles que infrinxan a prohibición de adquirir quedarán inhabilitados para o exercicio do cargo, o xuíz procederá de inmediato a un novo nomeamento e reintegrarán á masa, sen ningunha contraprestación, o ben ou dereito que adquirisen. Se o administrador concursal é acredor concursal, perderá este, ademais, o crédito de que fose titular.

Subsección 2.^a Das especialidades do alleamento de bens ou dereitos afectos a privilexio especial

Artigo 209. *Modo ordinario de realización dos bens afectos.*

A realización en calquera estado do concurso dos bens e dereitos afectos a créditos con privilexio especial farase en poxa, xudicial ou extraxudicial, incluída a electrónica, salvo que o xuíz autorice outro modo de realización de entre os previstos nesta lei.

Artigo 210. *Realización directa dos bens afectos.*

1. En calquera estado do concurso, o xuíz poderá autorizar a realización directa dos bens e dereitos afectos a créditos con privilexio especial.

2. A solicitude de realización directa deberá ser presentada ao xuíz pola administración concursal ou polo acredor con privilexio especial e tramitarase a través do procedemento establecido nesta lei para a obtención de autorizacións xudiciais.

3. O xuíz concederá a autorización solicitada se a oferta é por un prezo superior ao mínimo que se pactase ao constituír a garantía, con pagamento ao contado. O xuíz poderá autorizar excepcionalmente a realización directa por un prezo inferior se o concursado e o acredor ou os acredores con privilexio especial o aceptan de forma expresa, sempre e cando se efectúe a valor de mercado segundo taxación oficial actualizada por entidade homologada para o caso de bens inmobles e valoración por entidade especializada para bens mobles.

4. Concedida a autorización xudicial, as condicións fixadas para a realización directa anunciaranse coa mesma publicidade que corresponda á poxa do ben ou dereito afecto e se, dentro dos dez días seguintes ao do último dos anuncios, se presenta no xulgado mellor ofertante, o xuíz abrirá licitación entre todos os oferentes e determinará a fianza que deban prestar para participar nela.

Artigo 211. *Dación en pagamento ou para pagamento dos bens afectos.*

1. En calquera estado do concurso, o xuíz poderá autorizar a dación dos bens e dereitos afectos a créditos con privilexio especial en pagamento ou para o pagamento ao acredor privilexiado ou á persoa que el designe.

2. A solicitude de dación en pagamento ou para pagamento deberá ser presentada polo acredor con privilexio especial ou pola administración concursal co consentimento expreso e previo daquel. A solicitude tramitarase a través do procedemento establecido nesta lei para a obtención de autorizacións xudiciais. Calquera interesado poderá efectuar alegacións sobre a pertinencia da dación ou sobre as condicións en que se propuxese a súa realización.

3. Mediante a dación en pagamento quedará completamente satisfeito o crédito con privilexio especial.

4. A autorización da dación para pagamento deberá exixir que a posterior realización do ben ou dereito afecto ao crédito con privilexio especial se efectúe por un valor non inferior ao de mercado, segundo taxación oficial actualizada por entidade homologada para o caso de bens inmobles e valoración por entidade especializada para bens mobles. Se houber remanente, corresponderá á masa activa. Se non se consegue a completa

satisfacción do crédito, a parte non satisfeita será recoñecida no concurso coa clasificación que corresponda.

Artigo 212. *Alleamento de bens e dereitos afectos con subsistencia do gravame.*

1. Por solicitude da administración concursal, o xuíz, logo de audiencia dos interesados, poderá autorizar o alleamento de bens e dereitos da masa activa afectos a créditos con privilexio especial con subsistencia do gravame e con subrogación do adquirente na obrigaón do debedor. Subrogado o adquirente, o crédito quedará excluído da masa pasiva.

2. Por excepción, non terá lugar a subrogación do adquirente, a pesar de que subsista a garantía, cando se trate de créditos tributarios e de seguridade social.

Artigo 213. *Destino do importe obtido.*

1. Calquera que sexa o modo de realización dos bens afectos, o acredor privilexiado terá dereito a recibir o importe resultante da realización do ben ou dereito en cantidade que non exceda a débeda orixinaria, calquera que for o valor atribuído no inventario, conforme o establecido nesta lei, ao ben ou dereito sobre o cal se constituíse a garantía. Se houber remanente, corresponderá á masa activa.

2. Se non se consegue a completa satisfacción do crédito, a parte non satisfeita será recoñecida no concurso coa clasificación que corresponda.

Artigo 214. *Bens e dereitos incluídos en establecementos ou unidades produtivas.*

1. En todo caso, se os bens e dereitos da masa activa afectos a créditos con privilexio especial están incluídos nos establecementos, explotacións ou calquera outra unidade produtiva que se allee en conxunto, aplicaranse as seguintes regras:

1.^a Se se transmiten sen subsistencia da garantía, corresponderá aos acredores privilexiados a parte proporcional do prezo obtido equivalente ao valor que o ben ou dereito sobre o cal se constituíse a garantía supoña respecto ao valor global da unidade produtiva transmitida.

Se o prezo que se vai percibir non acada o valor da garantía, será necesaria a conformidade á transmisión por parte dos acredores con privilexio especial que teñan dereito de execución separada, sempre que representen, polo menos, o setenta e cinco por cento da clase do pasivo privilexiado especial, afectado pola transmisión. A parte do crédito garantido que non queda satisfeita será recoñecida no concurso coa clasificación que corresponda.

Se o prezo que se vai percibir é igual ou superior ao valor da garantía, non será preciso o consentimento dos acredores privilexiados afectados.

2.^a Se se transmiten con subsistencia da garantía, subrogándose o adquirente na obrigaón de pagamento a cargo da masa activa, non será necesario o consentimento do acredor privilexiado e o crédito quedará excluído da masa pasiva. O xuíz velará por que o adquirente teña a solvencia económica e os medios necesarios para asumir a obrigaón que se transmite.

3.^a Cando se trate de créditos tributarios e de seguridade social, non terá lugar a subrogación do adquirente a pesar de que subsista a garantía.

Subsección 3.^a Das especialidades do alleamento de unidades produtivas

Artigo 215. *Modo ordinario de alleamento de unidades produtivas.*

O alleamento en calquera estado do concurso do conxunto da empresa ou dunha ou varias unidades produtivas farase en poxa, xudicial ou extraxudicial, incluída a electrónica, salvo que o xuíz autorice outro modo de realización de entre os previstos nesta lei.

Artigo 216. *Autorización xudicial para o alleamento directo ou a través de persoa ou entidade especializada.*

1. En calquera estado do concurso ou cando a poxa quede deserta, o xuíz, mediante auto, poderá autorizar o alleamento directo do conxunto da empresa ou dunha ou varias unidades produtivas, ou o alleamento a través de persoa ou de entidade especializada.

2. A solicitude deberá ser presentada ao xuíz pola administración concursal e tramitarse a través do procedemento establecido nesta lei para a obtención de autorizacións xudiciais.

3. A retribución da persoa ou entidade especializada realizarase con cargo á retribución que a administración concursal percibise.

4. Contra o auto que acorde a realización dos bens e dereitos da masa activa a través de alleamento directo ou a través de persoa ou entidade especializada non caberá ningún recurso.

Artigo 217. *Determinacións a cargo da administración concursal.*

En caso de alleamento do conxunto da empresa ou dunha ou varias unidades produtivas, a administración concursal, calquera que sexa o sistema de alleamento, deberá determinar o prazo para a presentación das ofertas e especificar, antes da iniciación dese prazo, os gastos realizados con cargo á masa activa para a conservación en funcionamento da actividade do conxunto da empresa ou da unidade ou unidades produtivas obxecto de alleamento, así como os previsibles ata a adxudicación definitiva.

Artigo 218. *Contido das ofertas.*

Calquera que sexa o sistema de alleamento, as ofertas deberán ter, polo menos, o seguinte contido:

1.º A identificación do oferente e a información sobre a súa solvencia económica e sobre os medios humanos e técnicos á súa disposición.

2.º A determinación precisa dos bens, dereitos, contratos e licenzas ou autorizacións incluídos na oferta.

3.º O prezo ofrecido, as modalidades de pagamento e as garantías achegadas. No caso de que se transmitan bens ou dereitos afectos a créditos con privilexio especial, deberase distinguir na oferta entre o prezo que se ofrecería con subsistencia ou sen subsistencia das garantías.

4.º A incidencia da oferta sobre os traballadores.

Artigo 219. *Regra da preferencia.*

En caso de poxa, o xuíz, mediante auto, poderá acordar a adxudicación ao oferente cuxa oferta non difira en máis do quince por cento da oferta superior cando considere que garante en maior medida a continuidade da empresa no seu conxunto ou, de ser o caso, da unidade produtiva e dos postos de traballo, así como a mellor e máis rápida satisfacción dos créditos dos acredores.

Artigo 220. *Audiencia dos representantes dos traballadores.*

1. As resolucións que o xuíz adopte en relación co alleamento da empresa ou dunha ou varias unidades produtivas deberán ser ditadas logo de audiencia, polo prazo de quince días, dos representantes dos traballadores, de existiren.

2. No caso de que as operacións de alleamento impliquen a modificación substancial das condicións de traballo, o traslado, o despedimento, a suspensión de contrato ou a redución de xornada de carácter colectivo, observarse o disposto nesta lei en materia de contratos de traballo.

Artigo 221. *Sucesión de empresa.*

1. En caso de alleamento dunha unidade produtiva, considerarase, para os efectos laborais e de seguridade social, que existe sucesión de empresa.
2. O xuíz do concurso será o único competente para declarar a existencia de sucesión de empresa.

Artigo 222. *Subrogación do adquirente.*

1. En caso de transmisión dunha ou varias unidades produtivas, o adquirente quedará subrogado nos contratos afectos á continuidade da actividade profesional ou empresarial que se desenvolva na unidade ou unidades produtivas obxecto de transmisión, sen necesidade de consentimento da outra parte.
2. Por excepción ao establecido no punto anterior, a cesión de contratos administrativos producirase de conformidade co establecido na lexislación sobre contratos do sector público.
3. Cando o adquirente continúe a actividade nas mesmas instalacións, tamén quedará subrogado nas licenzas ou autorizacións administrativas afectas á continuidade da actividade empresarial ou profesional que forme parte da unidade produtiva.

Artigo 223. *Exclusións á subrogación por vontade do adquirente.*

A transmisión dunha unidade produtiva non implicará a subrogación do cesionario respecto daquelas licenzas, autorizacións ou contratos non laborais en que o adquirente, ao formular a oferta, manifestase expresamente a súa intención de non subrogarse.

Artigo 224. *Efectos sobre os créditos pendentes de pagamento.*

1. A transmisión dunha unidade produtiva non comportará obrigação de pagamento dos créditos non satisfeitos polo concursado antes da transmisión, xa sexan concursais xa contra a masa, salvo nos seguintes supostos:

- 1.º Cando o adquirente asumise expresamente esta obrigação.
- 2.º Cando así o estableza unha disposición legal.
- 3.º Cando se produza sucesión de empresa respecto dos créditos laborais e de seguridade social correspondentes aos traballadores desa unidade produtiva en cuxos contratos quede subrogado o adquirente. O xuíz do concurso poderá acordar respecto destes créditos que o adquirente non se subroga na parte da contía dos salarios ou indemnizacións pendentes de pagamento anteriores ao alleamento que sexa asumida polo Fondo de Garantía Salarial, de conformidade co texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

2. Non será de aplicación o disposto no punto anterior cando os adquirentes das unidades produtivas sexan persoas especialmente relacionadas co concursado.

Subsección 4.^a Da cancelación de cargas

Artigo 225. *Cancelación de cargas.*

1. No decreto do letrado da Administración de xustiza polo que se aprobe o remate ou no auto do xuíz polo que autorice a transmisión dos bens ou dereitos, xa sexa de forma separada, por lotes ou formando parte dunha empresa ou unidade produtiva, acordarase a cancelación de todas as cargas anteriores ao concurso constituídas a favor de créditos concursais. Os gastos da cancelación serán por conta do adquirente.

2. Por excepción ao establecido no punto anterior, non procederá acordar a cancelación de cargas cando a transmisión de bens ou dereitos afectos á satisfacción de créditos con privilexio especial se realizase con subsistencia do gravame.

CAPÍTULO IV

Da reintegración da masa activa

Sección 1.^a Das accións rescisorias especiais

Artigo 226. *Accións rescisorias dos actos do debedor.*

Unha vez declarado o concurso, serán rescindibles os actos prexudiciais para a masa activa realizados polo debedor dentro dos dous anos anteriores á data da declaración, aínda que non existise intención fraudulenta.

Artigo 227. *Presuncións absolutas de prexuízo.*

O prexuízo patrimonial presúmese, sen admitir proba en contrario, cando se trate de actos de disposición a título gratuito, salvo as liberalidades de uso e de pagamentos ou outros actos de extinción de obrigacións cuxo vencemento for posterior á declaración do concurso, agás se contan con garantía real.

Artigo 228. *Presuncións relativas de prexuízo.*

Salvo proba en contrario, o prexuízo patrimonial presúmese cando se trate dos seguintes actos:

- 1.º Os actos de disposición a título oneroso realizados a favor dalgunha das persoas especialmente relacionadas co concursado.
- 2.º Os actos de constitución de garantías reais a favor de obrigacións preexistentes ou das novas contraídas en substitución daquelas.
- 3.º Os pagamentos ou outros actos de extinción de obrigacións cuxo vencemento for posterior á declaración do concurso se contan con garantía real.

Artigo 229. *Proba do prexuízo.*

Cando se trate de actos non comprendidos no artigo anterior, o prexuízo patrimonial para a masa activa deberá ser probado por quen exerza a acción rescisoria.

Artigo 230. *Actos non rescindibles.*

En ningún caso poderán ser obxecto de rescisión:

- 1.º Os actos ordinarios da actividade profesional ou empresarial do debedor que fosen realizados en condicións normais.
- 2.º Os actos de constitución de garantías de calquera clase a favor de créditos públicos.
- 3.º Os actos de constitución de garantías a favor do Fondo de Garantía Salarial.
- 4.º Os actos comprendidos no ámbito de leis especiais reguladoras dos sistemas de pagamentos e compensación e liquidación de valores e instrumentos derivados.
- 5.º As operacións mediante as cales se instrumenten as medidas de resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

Artigo 231. *Lexitimación activa da administración concursal.*

A lexitimación activa para o exercicio das accións rescisorias corresponderá á administración concursal.

Artigo 232. *Lexitimación activa subsidiaria dos acredores.*

1. Os acredores que instasen por escrito da administración concursal o exercicio dalgunha acción rescisoria, con identificación do acto concreto que se trate de rescindir e

o fundamento da rescisión, estarán lexitimados para exercela se a administración concursal non o fai dentro dos dous meses seguintes ao requirimento. As demandas presentadas polos lexitimados subsidiarios notificaranse á administración concursal.

2. O transcurso deste prazo non impedirá á administración concursal o exercicio da acción de rescisión dese acto, fose ou non exercida a acción polos acredores. Se xa fose exercida polos acredores, o xuíz do concurso procederá de oficio á acumulación dos procedementos.

3. Os acredores litigarán á súa custa en interese do concurso. No caso de que a demanda sexa total ou parcialmente estimada, terán dereito a reembolsarse con cargo á masa activa, unha vez que a sentenza acade firmeza, os gastos e custas en que incorresen ata o límite do obtido como consecuencia de rescisión.

Artigo 233. *Lexitimación pasiva.*

1. As demandas de rescisión deberanse dirixir contra o concursado e contra quen fose parte no acto impugnado.

2. Se o ben ou o dereito que se pretenda reintegrar fose transmitido a un terceiro, a demanda tamén se deberá dirixir contra este cando o demandante pretenda desvirtuar a presunción de boa fe do adquirente ou atacar a irrevindicabilidade de que goce ou a protección derivada da publicidade rexistral.

Artigo 234. *Procedemento.*

As accións rescisorias tramitaranse pola canle do incidente concursal.

Artigo 235. *Efectos da rescisión.*

1. A sentenza que estime a acción declarará a ineficacia do acto impugnado.

2. Se o acto obxecto de impugnación é un contrato con obrigacións recíprocas, a sentenza condenará á restitución das prestacións obxecto daquel que xa se realizasen, cos seus froitos e xuros.

3. Se se trata dun acto unilateral, a sentenza, de proceder, condenará á restitución á masa activa da prestación obxecto daquel e ordenará a inclusión na lista de acredores do crédito que corresponda.

4. Se os bens e dereitos saídos do patrimonio do debedor non se poden reintegrar á masa activa por pertencer a terceiro non demandado ou que, conforme a sentenza, procedese de boa fe ou goza de irrevindicabilidade ou de protección rexistral, condenarase quen fose parte no acto rescindido a entregar o valor que tiñan cando saíron do patrimonio do debedor concursado, máis o xuro legal.

5. Se a sentenza aprecia mala fe en quen contratou co debedor, condenarase, ademais, a indemnizar a totalidade dos danos e perdas causados á masa activa.

Artigo 236. *Réxime do dereito á contraprestación.*

1. O dereito á prestación que, de ser o caso, resulte a favor de calquera dos demandados como consecuencia da rescisión dun contrato con obrigacións recíprocas terá a consideración de crédito contra a masa, que se deberá satisfacer simultaneamente á reintegración dos bens e dereitos obxecto do acto rescindido.

2. O crédito que, de ser o caso, resulte a favor do demandado como consecuencia da rescisión dun acto unilateral terá a consideración de crédito concursal coa clasificación que lle corresponda.

3. Se a sentenza aprecia mala fe no demandado, o crédito á prestación terá a consideración de crédito subordinado. Igual clasificación terá o crédito a favor do acredor de mala fe en caso de rescisión do acto unilateral.

Artigo 237. *Recurso contra a sentenza de rescisión.*

A sentenza que se dite no incidente de rescisión será directamente apelable. A tramitación e a resolución deste recurso de apelación terán carácter preferente.

Sección 2.ª Das demais accións de reintegración

Artigo 238. *Outras accións de impugnación dos actos do debedor.*

1. Declarado o concurso, tamén se poderán impugnar, mediante o exercicio de calquera outra acción que proceda conforme o dereito xeral, os actos do debedor anteriores á data da declaración.

2. As accións de impugnación exerceranse ante o xuíz do concurso e serán de aplicación as mesmas normas de lexitimación, procedemento e apelación establecidas para as accións rescisorias concursais.

CAPÍTULO V

Da redución da masa activa

Artigo 239. *Separación de bens e dereitos.*

1. Os bens de propiedade allea que se encontren en poder do concursado e sobre os cales este non teña dereito de uso, garantía ou retención serán entregados pola administración concursal aos seus lexitimos titulares, por solicitude destes.

2. A denegación da entrega do ben pola administración concursal poderá ser impugnada polo propietario polos trámites do incidente concursal.

3. A sentenza que se dite no incidente de separación será directamente apelable. A tramitación e a resolución deste recurso de apelación terán carácter preferente.

Artigo 240. *Imposibilidade de separación por alleamento do ben ou do dereito.*

1. Se os bens e dereitos susceptibles de separación fosen alleados polo debedor antes da declaración de concurso a terceiro de quen non poidan reivindicarse, o titular prexudicado poderá optar entre exixir a cesión do dereito para recibir a contraprestación se o adquirente aínda non a realizou, ou comunicar á administración concursal, para o seu recoñecemento no concurso, o crédito correspondente ao valor que teñan os bens e dereitos, xa sexa no momento do alleamento xa en calquera outro posterior, á elección do solicitante, máis o xuro legal.

2. No prazo dun mes contado desde a firmeza da resolución xudicial que recoñecese a imposibilidade de separación, o titular prexudicado deberá comunicar á administración concursal o valor do ben ou do dereito segundo a opción que exerza, e solicitará o recoñecemento do crédito que resulte. O crédito correspondente ao titular prexudicado terá a consideración de crédito concursal ordinario. Se a comunicación do crédito se efectúa transcorrido ese prazo dun mes, produciranse os efectos da falta de comunicación oportuna.

Artigo 241. *Separación de buques e aeronaves.*

1. Os titulares de créditos con privilexio sobre os buques e as aeronaves poderán separar estes bens da masa activa do concurso mediante o exercicio, polo procedemento correspondente, das accións que teñan recoñecidas na súa lexislación específica. Se a execución resulta remanente a favor do concursado, integrarase na masa activa.

2. Se a execución separada non se iniciase no prazo dun ano desde a data da declaración de concurso, xa non se poderá efectuar e a clasificación destes créditos rexerase polo establecido nesta lei.

CAPÍTULO VI

Dos créditos contra a masa activa

Sección 1.^a Dos créditos contra a masa activa

Artigo 242. *Créditos contra a masa.*

Son créditos contra a masa:

1.º Os créditos por salarios correspondentes aos últimos trinta días de traballo efectivo realizado antes da declaración de concurso en contía que non supere o dobre do salario mínimo interprofesional.

2.º Os gastos e as custas xudiciais necesarios para a solicitude e a declaración de concurso, a adopción de medidas cautelares e a publicación das resolucións xudiciais previstas nesta lei.

3.º A asistencia e representación do concursado e da administración concursal durante toda a tramitación do procedemento e os seus incidentes, cando a súa intervención sexa legalmente obrigatoria ou se realice en interese da masa, ata a eficacia do convenio ou, noutro caso, ata a conclusión do concurso, con excepción dos ocasionados polos recursos que interpoñan contra resolucións do xuíz cando fosen total ou parcialmente desestimados con expresa condena en custas.

4.º Os gastos e as custas xudiciais ocasionados pola asistencia e representación do concursado, da administración concursal ou de acredores lexitimados nos xuízos que, en interese da masa, continúen ou se inicien conforme o disposto nesta lei, salvo o previsto para os casos de desistencia, achantamento, transacción e defensa separada do debedor e, de ser o caso, ata os límites cuantitativos establecidos nela.

5.º Os créditos pola condena ao pagamento das custas como consecuencia da desestimación das demandas que se presentaron ou dos recursos que se interpuxeron con autorización da administración concursal ou como consecuencia do achantamento ou da desistencia realizados igualmente con autorización da administración concursal. En caso de transacción, observarase o pactado polas partes en materia de custas.

6.º A retribución da administración concursal.

7.º Os de alimentos do debedor e das persoas respecto das cales teña o deber legal de prestalos, conforme o disposto nesta lei sobre a súa procedencia e contía, así como, en toda a extensión que se fixe na correspondente resolución xudicial posterior á declaración do concurso, os dos alimentos a cargo do concursado acordados polo xuíz de primeira instancia nalgún dos procesos civís sobre capacidade, filiación, matrimonio e menores.

Tamén terán esta consideración os créditos deste tipo devindicados con posterioridade á declaración do concurso cando teñan a súa orixe nunha resolución xudicial ditada con anterioridade.

8.º Os xerados polo exercicio da actividade profesional ou empresarial do concursado tras a declaración do concurso. Quedan comprendidos nesta regra os créditos laborais correspondentes a ese período, incluídas as indemnizacións por despedimento ou extinción dos contratos de traballo que se producen con posterioridade á declaración de concurso, así como as recargas sobre as prestacións por incumprimento das obrigacións en materia de saúde laboral, ata que o xuíz acorde o cesamento da actividade profesional ou empresarial, ou declare a conclusión do concurso.

Os créditos por indemnizacións derivadas de extincións colectivas de contratos de traballo ordenados polo xuíz do concurso entenderanse comunicados e recoñecidos pola propia resolución que os aprrobe, sexa cal for o momento.

9.º Os que, conforme esta lei, resulten de prestacións a cargo do concursado nos contratos con obrigacións recíprocas pendentes de cumprimento que continúen en vigor tras a declaración de concurso, e de obrigacións de restitución e indemnización en caso de resolución en interese do concurso ou por incumprimento posterior á declaración de concurso por parte do concursado.

10.º Os que, nos casos de pagamento de créditos con privilexio especial sen realización dos bens ou dereitos afectos, nos de rehabilitación de contratos ou de enervación de desafiuzamento e nos demais previstos nesta lei, correspondan polas cantidades debidas e as de vencemento futuro a cargo do concursado.

11.º Os que, nos casos de rescisión concursal de actos realizados polo debedor, correspondan á devolución de contraprestacións recibidas por este, salvo que a sentenza aprecie mala fe no titular deste crédito.

12.º Os que resulten de obrigacións validamente contraídas durante o procedemento pola administración concursal ou, coa autorización ou conformidade desta, polo concursado sometido a intervención.

13.º Os que resulten de obrigacións nacidas da lei ou de responsabilidade extracontractual do concursado con posterioridade á declaración de concurso e ata a conclusión deste.

14.º En caso de liquidación, os créditos concedidos ao concursado antes da apertura da fase de liquidación para financiar o plan de viabilidade necesario para o cumprimento do convenio aprobado polo xuíz.

Non terán a consideración de créditos contra a masa os créditos, nacidos durante a fase de cumprimento do convenio, de que sexa ou fose titular calquera das persoas especialmente relacionadas co debedor, como consecuencia de préstamos ou de calquera outro contrato de análoga finalidade ou como consecuencia de achegas pecuniarias realizadas en operacións de aumento do capital da sociedade debedora, aínda que o aumento quedase sen efecto.

15.º Calquera outro crédito ao cal esta lei atribúa expresamente tal consideración.

Artigo 243. *Fondo de Garantía Salarial.*

A subrogación do Fondo de Garantía de Salarios na titularidade de calquera crédito contra a masa ou concursal non afectará o carácter e a clasificación deses créditos.

Sección 2.ª Do réxime dos créditos contra a masa activa

Artigo 244. *Pagamento dos créditos contra a masa.*

O pagamento de créditos contra a masa farase con cargo aos bens e dereitos non afectos ao pagamento de créditos con privilexio especial.

Artigo 245. *Momento do pagamento dos créditos contra a masa.*

1. Os créditos por salarios que teñan a consideración de créditos contra a masa pagaranse de forma inmediata.

2. Os restantes créditos contra a masa, calquera que sexa a súa natureza e o estado do concurso, pagaranse tras os seus respectivos vencementos.

3. A administración concursal poderá alterar por interese do concurso a regra do pagamento tras o vencemento se a masa activa é suficiente para a satisfacción de todos os créditos contra a masa. A postergación do pagamento dos créditos contra a masa non poderá afectar os créditos por alimentos, os créditos laborais, os créditos tributarios nin os da Seguridade Social.

Artigo 246. *Recoñecemento de créditos contra a masa.*

O recoñecemento de créditos contra a masa corresponderá á administración concursal.

Artigo 247. *Xuízos declarativos relativos a créditos contra a masa.*

As accións relativas ao recoñecemento ou á falta de recoñecemento por parte da administración concursal dos créditos contra a masa, calquera que sexa o momento en

que se xeraron, e as de reclamación do pagamento destes créditos exerceranse ante o xuíz do concurso polos trámites do incidente concursal.

Artigo 248. *Execucións relativas a créditos contra a masa.*

1. As execucións xudiciais ou administrativas para facer efectivos créditos contra a masa só se poderán iniciar a partir da data de eficacia do convenio.

2. A prohibición de iniciar execucións non impedirá a devindicación dos xuros, recargas e demais obrigacións por razón da falta de pagamento tras o seu vencemento do crédito contra a masa.

Sección 3.^a Das especialidades en caso de insuficiencia da masa activa

Artigo 249. *Deber de comunicación da insuficiencia da masa activa.*

En canto conste que a masa activa é insuficiente para o pagamento dos créditos contra a masa, a administración concursal comunicarao ao xuíz do concurso, que o poñerá de manifesto na oficina xudicial ás partes comparecidas.

Artigo 250. *Pagamento dos créditos contra a masa en caso de insuficiencia da masa activa.*

1. Desde que a administración concursal comunique ao xuíz do concurso que a masa activa é insuficiente para o pagamento dos créditos contra a masa, o pagamento deses créditos vencidos ou que venzan despois da comunicación realizarase conforme a orde seguinte e, de ser o caso, a pro rata dentro de cada número:

1.º Os créditos salariais dos últimos trinta días de traballo efectivo en contía que non supere o dobre do salario mínimo interprofesional.

2.º Os créditos por salarios e indemnizacións na contía que resulte de multiplicar o triplo do salario mínimo interprofesional polo número de días de salario pendentes de pagamento.

3.º Os créditos por alimentos devindicados tras a apertura da fase de liquidación en contía que non supere o salario mínimo interprofesional.

4.º Os créditos por custas e gastos xudiciais do concurso de acredores.

5.º Os demais créditos contra a masa.

2. Exceptúanse do establecido no punto anterior aqueles créditos contra a masa que sexan imprescindibles para a liquidación.

TÍTULO V

Da masa pasiva

CAPÍTULO I

Da integración da masa pasiva

Artigo 251. *Principio de universalidade.*

1. Todos os créditos contra o debedor, ordinarios ou non, na data da declaración de concurso, calquera que sexa a nacionalidade e o domicilio do acredor, quedarán de dereito integrados na masa pasiva, estean ou non recoñecidos no procedemento, salvo que teñan a consideración de créditos contra a masa.

2. En caso de concurso de persoa casada en réxime de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, os créditos contra o cónxuxe do concursado que sexan, ademais,

créditos de responsabilidade da sociedade ou comunidade conxugal quedarán de dereito integrados na masa pasiva.

CAPÍTULO II

Da comunicación e do recoñecemento de créditos

Sección 1.ª Da comunicación aos acredores

Artigo 252. *Comunicación aos acredores.*

1. A administración concursal realizará sen demora unha comunicación individualizada a cada un dos acredores cuxa identidade e domicilio se recollan na documentación que conste en autos, na cal informará da declaración de concurso e do deber de comunicar os créditos na forma e dentro do prazo establecidos nesta lei.

2. Cando conste o enderezo electrónico do acredor, a comunicación efectuarase por medios electrónicos.

Artigo 253. *Comunicación a organismos públicos.*

1. A administración concursal comunicará sen demora a declaración de concurso á Axencia Estatal de Administración Tributaria e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, conste ou non a súa condición de acredores.

2. A comunicación efectuarase a través dos correspondentes medios que estean habilitados nas respectivas sedes electrónicas destes organismos.

Artigo 254. *Comunicación aos representantes dos traballadores.*

A administración concursal comunicará sen demora a declaración de concurso á representación dos traballadores, se a houber, facéndolles saber do seu dereito para constituírse como parte no procedemento.

Sección 2.ª Da comunicación de créditos

Artigo 255. *Comunicación de créditos.*

Dentro do prazo sinalado no auto de declaración de concurso, os acredores do concursado anteriores á data desa declaración comunicarán á administración concursal a existencia dos seus créditos.

Artigo 256. *Contido da comunicación.*

1. A comunicación expresará o nome, o domicilio e os demais datos de identidade do acredor, así como os relativos ao crédito, ao seu concepto, contía, datas de adquisición e vencemento, características e clasificación que se pretenda. Se se invocar un privilexio especial, indícaranse, ademais, os bens ou dereitos da masa activa que afecte e, de ser o caso, os datos rexistrados.

2. Na comunicación, o acredor sinalará un enderezo postal ou un enderezo electrónico para que a administración concursal realice tantas comunicacións resulten necesarias ou convenientes. As comunicacións da administración concursal ao enderezo sinalado polo acredor producirán plenos efectos.

3. Coa comunicación xuntarase copia do título ou dos documentos relativos ao crédito. No caso de que o acredor opte por realizar a comunicación do crédito por medio electrónico, a copia remitirase polo mesmo medio.

4. Salvo que os títulos ou documentos figuren inscritos nun rexistro público, a administración concursal poderá solicitar os orixinais ou copias autorizadas dos títulos ou

documentos achegados, así como calquera outra xustificación que considere necesaria para o recoñecemento do crédito.

Artigo 257. *Forma da comunicación.*

1. A comunicación formularase por escrito asinado polo acredor, por calquera outro interesado no crédito ou por quen acredite representación suficiente deles, e dirixirase á administración concursal.

2. A comunicación poderá presentarse no domicilio designado para o efecto polo administrador concursal, remitirse ao dito domicilio ou efectuarse por medios electrónicos.

Artigo 258. *Comunicación en concursos de debedores solidarios.*

1. En caso de concursos de debedores solidarios, o acredor ou o interesado poderán comunicar a existencia dos créditos á administración concursal de cada un dos concursos.

2. O escrito presentado en cada concurso expresará se se efectuou ou se vai efectuar a comunicación nos demais, e xuntarase, de ser o caso, copia do escrito ou dos escritos presentados e dos que se recibiron.

Sección 3.^a Do recoñecemento de créditos

Subsección 1.^a Das clases de recoñecemento

Artigo 259. *Recoñecemento dos créditos pola administración concursal.*

1. A administración concursal determinará a inclusión ou exclusión dos créditos na lista de acredores.

2. A inclusión ou a exclusión adoptarase respecto de cada un dos créditos, tanto dos que se comunicasen expresamente como dos que resulten dos libros e documentos do debedor ou que por calquera outra razón consten no concurso.

Artigo 260. *Recoñecemento forzoso dos créditos.*

1. A administración concursal incluírá necesariamente na lista de acredores aqueles créditos que fosen recoñecidos por resolución procesual ou por laudo, aínda que non sexan firmes; os asegurados con garantía real inscrita en rexistro público; os que consten en documento con forza executiva; os que consten en certificación administrativa; e os créditos dos traballadores cuxa existencia e contía resulten dos libros e documentos do debedor ou que por calquera outra razón consten no concurso.

2. Non obstante o recoñecemento, a administración concursal, dentro do prazo para a emisión do seu informe, poderá impugnar en xuízo ordinario os convenios ou procedementos arbitrais se concorre fraude, a existencia e validez dos créditos asegurados con garantía real ou que consten en documento con forza executiva, así como, a través das canles establecidas para o efecto pola súa lexislación específica, os actos administrativos.

3. Cando na data da declaración de concurso non se presentase algunha declaración ou autoliquidación que sexa precisa para a determinación dun crédito de dereito público ou dos traballadores, deberá formalizala o concursado, en caso de intervención, ou a administración concursal cando non o realice o concursado ou en caso de suspensión das facultades de administración e disposición. Se, por ausencia de datos, non for posible a determinación da súa contía, deberase recoñecer como crédito continxente.

Subsección 2.^a Dos supostos especiais de recoñecementoArtigo 261. *Créditos sometidos a condición.*

1. Os créditos sometidos a condición resolutoria recoñeceranse como condicionais e, mentres non se cumpra a condición, gozarán dos dereitos concursais que correspondan á súa contía e clasificación.

2. En caso de cumprimento da condición, poderanse anular, por petición de parte, as actuacións e decisións en que o acto, a adhesión ou o voto do acredor condicional fose decisivo. As demais actuacións manteranse, sen prexuízo do deber de devolución á masa, de ser o caso, das cantidades cobradas polo acredor condicional, e da responsabilidade en que o dito acredor podería ter incorrido fronte á masa ou fronte aos acredores.

3. Os créditos sometidos a condición suspensiva serán recoñecidos no concurso como créditos continxentes sen contía propia e coa clasificación que corresponda; admitiranse os seus titulares como acredores lexitimados no procedemento sen máis limitacións que a suspensión dos dereitos de adhesión, de voto e de cobramento.

4. A confirmación do crédito continxente, ou o seu recoñecemento en sentenza firme ou susceptible de execución provisional, outorgará ao seu titular a totalidade dos dereitos concursais que correspondan á súa contía e clasificación.

5. Cando o xuíz do concurso considere probable o cumprimento da condición resolutoria ou a confirmación do crédito continxente, poderá, por petición de parte, adoptar as medidas cautelares de constitución de provisións con cargo á masa, de prestación de fianzas polas partes e calquera outra que considere oportuna en cada caso.

Artigo 262. *Créditos litixiosos.*

1. Os créditos litixiosos seguirán o mesmo réxime dos créditos sometidos a condición suspensiva.

2. Para os efectos desta lei, terá a condición de crédito litixioso desde que se conteste a demanda relativa a el.

Artigo 263. *Créditos garantidos cun patrimonio adicional de responsabilidade.*

1. Os créditos que non se poidan facer efectivos contra o concursado sen a excusión previa do patrimonio do debedor principal recoñeceranse como créditos continxentes mentres o acredor non xustifique cumpridamente á administración concursal que esgotou a excusión. En tal caso, confirmarase o recoñecemento do crédito no concurso polo saldo subsistente.

2. Os créditos en que o acredor goce de fianza de terceiro recoñeceranse polo seu importe sen ningunha limitación e sen prexuízo da substitución do titular do crédito en caso de pagamento polo fiador.

Unha vez realizado o pagamento, con subrogación do fiador na posición xurídica do acredor afianzado, a administración concursal deberá reclasificar o crédito optando pola clasificación de inferior grao de entre as que correspondan ao acredor ou ao fiador.

Artigo 264. *Recoñecemento en caso de pagamentos parciais previos.*

Por solicitude do acredor que cobrase parte do seu crédito dun avalista, fiador ou debedor solidario do concursado, poderanse incluír ao seu favor na lista de acredores tanto o resto do seu crédito non satisfeito como a totalidade do que, por reembolso ou por cota de solidariedade, corresponda a quen fíxese o pagamento parcial, aínda que este non tiver comunicado o seu crédito ou tiver feito remisión da débeda.

Artigo 265. *Créditos públicos.*

1. Os créditos de dereito público das administracións públicas e dos seus organismos públicos que, na data da declaración de concurso, fosen impugnados en vía administrativa

ou xurisdiccional terán a consideración de créditos sometidos a condición resolutoria, mesmo cando a súa executividade se encontre preventivamente suspendida.

2. Os créditos de dereito público das administracións públicas e dos seus organismos públicos que poidan resultar de procedementos de comprobación ou inspección recoñeceranse como continxentes ata a súa cuantificación, a partir da cal terán o carácter que lles corresponda conforme a súa natureza, sen que sexa posible a súa subordinación por comunicación tardía.

3. No caso de non existir liquidación administrativa, os créditos tributarios e os créditos da Seguridade Social por cantidades defraudadas á Facenda pública ou á Tesouraría Xeral da Seguridade Social recoñeceranse como continxentes desde a admisión a trámite da querela ou denuncia ata que sexan recoñecidos por sentenza.

4. Tamén se recoñecerán como continxentes as liquidacións vinculadas a delito, ata que se dite sentenza firme.

Artigo 266. *Efectos do cumprimento da condición ou do acaecemento da continxencia.*

Se antes da presentación da lista definitiva de acredores se cumprise a condición ou acaecese a continxencia a que se refiren os artigos desta subsección, a administración concursal, de oficio ou por solicitude do interesado, deberá incluír nesa lista as modificacións que procedan.

Sección 4.^a Do cómputo dos créditos

Artigo 267. *Cómputo dos créditos en diñeiro.*

1. Para os únicos efectos da cuantificación do pasivo, computaranse en diñeiro e expresaranse en moeda de curso legal todos os créditos que se recoñezan, sen que iso supoña a súa conversión nin modificación.

2. Os créditos expresados noutra moeda computaranse na de curso legal segundo o tipo de cambio oficial na data da declaración de concurso.

3. Os créditos que teñan por obxecto prestacións non pecuniarias ou prestacións pecuniarias determinadas por referencia a un ben distinto do diñeiro computaranse polo valor das prestacións ou do ben na data da declaración de concurso.

4. Os créditos que teñan por obxecto prestacións pecuniarias futuras computaranse polo seu valor na data da declaración de concurso e a actualización efectuarase conforme o tipo de xuro legal vixente nese momento.

Sección 5.^a Da comunicación extemporánea de créditos

Artigo 268. *Comunicación extemporánea de créditos.*

1. Unha vez concluído o prazo de impugnación da lista de acredores e antes da presentación da lista definitiva, poderanse presentar novas comunicacións de créditos. Estes créditos serán recoñecidos ou excluídos pola administración concursal conforme as regras xerais establecidas para o recoñecemento ou a exclusión, sen máis excepcións que as establecidas nesta lei.

2. Se os créditos obxecto da comunicación extemporánea foren recoñecidos, clasificaranse como créditos subordinados. Cando o acredor xustifique que non tivo noticia da súa existencia antes da conclusión do prazo de impugnación, estes créditos serán clasificados segundo a natureza que lles corresponda.

CAPÍTULO III

Da clasificación dos créditos concursais*Sección 1.^a Das clases de créditos*Artigo 269. *Clases de créditos.*

1. Os créditos concursais clasificaranse, para efectos do concurso, en privilexiados, ordinarios e subordinados.

2. Os créditos privilexiados clasificaranse, pola súa vez, en créditos con privilexio especial, se afectan determinados bens ou dereitos da masa activa, e créditos con privilexio xeral, se afectan a totalidade desa masa. No concurso non se admitirá ningún privilexio ou preferencia que non estea recoñecido na lei.

3. Clasificaranse como créditos ordinarios aqueles que nesta lei non teñan a consideración de créditos privilexiados ou subordinados.

*Sección 2.^a Dos créditos privilexiados*Subsección 1.^a Dos créditos con privilexio especialArtigo 270. *Créditos con privilexio especial.*

Son créditos con privilexio especial:

1.º Os créditos garantidos con hipoteca legal ou voluntaria, inmobiliaria ou mobiliaria, ou con peñor sen desprazamento, sobre os bens ou dereitos hipotecados ou peñorados.

2.º Os créditos garantidos con anticrese, sobre os froitos do inmovible gravado.

3.º Os créditos refaccionarios, sobre os bens refaccionados, incluídos os dos traballadores sobre os obxectos elaborados por eles mentres sexan propiedade ou estean en posesión do concursado.

4.º Os créditos por contratos de arrendamento financeiro ou de compravenda con prezo aprazado de bens mobles ou inmovibles, a favor dos arrendadores ou vendedores e, de ser o caso, dos financiadores, sobre os bens arrendados ou vendidos con reserva de dominio, con prohibición de dispoñer ou con condición resolutoria en caso de falta de pagamento.

5.º Os créditos con garantía de valores representados mediante anotacións en conta, sobre os valores gravados.

6.º Os créditos garantidos con peñor constituído en documento público, sobre os bens ou dereitos peñorados que estean en posesión do acreedor ou dun terceiro.

Artigo 271. *Requisitos do privilexio especial.*

1. Os créditos a que se refiren os números 1.º a 5.º do artigo anterior deberán ter constituída a respectiva garantía antes da declaración de concurso cos requisitos e formalidades establecidos pola lexislación específica para que sexa opoñible a terceiros, salvo que se trate dos créditos con hipoteca legal tácita ou dos refaccionarios dos traballadores.

2. De se tratar de peñor de créditos da masa activa, será suficiente con que a constitución da garantía conste en documento con data fidedigna anterior á declaración de concurso.

3. De se tratar de peñor sobre créditos futuros, será necesario que, antes da declaración de concurso, concorran os dous seguintes requisitos:

1.º Que os créditos futuros nacesen de contratos perfeccionados ou de relacións xurídicas constituídas antes desa declaración.

2.º Que o peñor estivese constituído en documento público ou, no caso de peñor sen desprazamento, se inscribise no rexistro público correspondente.

4. De se tratar de créditos futuros derivados da resolución de contratos de concesión de obras ou de contratos de concesión de servizos, ademais do exixido no punto anterior, será necesario que, antes da declaración de concurso, o peñor se constituíse en garantía de créditos que garden relación coa concesión ou co contrato e fose autorizado polo órgano de contratación conforme a normativa sobre contratos do sector público.

Artigo 272. *Límite do privilexio especial.*

1. Para os efectos do convenio, acordos de refinanciamento e acordos extraxudiciais de pagamento, o privilexio especial estará limitado ao valor razoable do ben ou dereito sobre o cal se constituíse a garantía, coas deducións establecidas nesta lei.

2. O importe do crédito que exceda o recoñecido como privilexio especial será clasificado segundo corresponda.

Artigo 273. *Determinación do valor razoable.*

1. Para os efectos de determinar o límite do privilexio especial, entenderase por valor razoable dos bens e dereitos da masa activa:

1.º En caso de bens inmobles, o resultante do informe emitido por unha sociedade de taxación homologada e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España. Este informe non será necesario cando o dito valor fose determinado por unha sociedade de taxación homologada e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España dentro dos seis meses anteriores á data de declaración de concurso.

2.º En caso de valores mobiliarios que coticen nun mercado regulado, o prezo medio ponderado a que fosen negociados nun ou en varios mercados regulados no último trimestre anterior á data de declaración de concurso, de conformidade coa certificación emitida pola sociedade reitora do mercado secundario oficial ou do mercado regulado de que se trate.

3.º En caso de bens ou dereitos distintos dos sinalados nos números anteriores, o resultante do informe emitido por experto independente de conformidade cos principios e coas normas de valoración xeralmente recoñecidos para eses bens. Este informe non será necesario cando o dito valor fose determinado por experto independente dentro dos seis meses anteriores á data de declaración do concurso.

2. Os bens ou dereitos sobre os cales estivesen constituídas garantías denominadas en moeda distinta ao euro converteranse ao euro aplicando o tipo de cambio da data da valoración, entendido como o tipo de cambio medio de contado.

3. O informe non será necesario cando a garantía se constituíse sobre efectivos, sobre o saldo de contas correntes e de aforro, sobre diñeiro electrónico ou sobre imposicións a prazo fixo.

Artigo 274. *Especialidades en caso de vivendas terminadas.*

1. En caso de vivendas xa terminadas, o informe sobre bens inmobles previsto no artigo anterior poderase substituír por unha valoración actualizada cando entre a data da última valoración dispoñible e a data da valoración actualizada non transcorresen máis de seis anos. A valoración actualizada obterase aplicando ao último valor de taxación dispoñible realizado por unha sociedade de taxación homologada e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España a variación acumulada constatada polo valor razoable dos inmobles situados na mesma zona e con similares características desde a emisión da última taxación na data de valoración.

2. No suposto de non dispoñerse de información sobre a variación no valor razoable proporcionado por unha sociedade de taxación ou se non se considera representativa, o último valor dispoñible poderase actualizar coa variación acumulada do prezo da vivenda establecido polo Instituto Nacional de Estatística para a comunidade autónoma en que radique o inmovible, diferenciando entre se é vivenda nova ou de segunda man, sempre que

entre a data da última valoración dispoñible e a data da valoración actualizada non transcorresen máis de tres anos.

Artigo 275. Deducións do valor razoable.

1. Unha vez determinado o valor razoable, para calcular o límite do privilexio especial a administración concursal realizará as seguintes deducións:

1.º O dez por cento do valor razoable do ben ou dereito sobre o cal estea constituída a garantía.

2.º O importe dos créditos pendentes que gocen de garantía preferente sobre o mesmo ben ou sobre o mesmo dereito.

2. En ningún caso o valor da garantía pode ser inferior a cero nin superior ao valor do crédito con privilexio especial, así como tampouco ao valor da responsabilidade máxima hipotecaria ou pignoratícia que se pactase.

Artigo 276. Garantías constituídas sobre varios bens.

No caso de que a garantía a favor dun mesmo crédito recaia sobre varios bens da masa activa, aplicaranse sobre cada un dos bens as regras establecidas nos artigos anteriores, sen que o valor conxunto das garantías constituídas poida exceder o valor do crédito do acreedor correspondente.

Artigo 277. Garantías constituídas en pro indiviso.

En caso de garantía constituída en pro indiviso sobre un ou varios bens ou dereitos da masa activa a favor de dous ou máis créditos, o valor da garantía correspondente a cada crédito será o resultante de aplicar ao límite do privilexio especial a proporción que nel corresponda a cada un deles, segundo as normas e acordos que rexan o pro indiviso.

Artigo 278. Custo dos informes e das valoracións.

1. O custo dos informes ou valoracións será liquidado con cargo á masa e deducirase da retribución que corresponda á administración concursal que estea pendente de cobramento.

2. Se o acreedor afectado solicita un informe de valoración contradictorio, emitirase á súa custa.

Artigo 279. Modificación do límite do privilexio especial.

1. Se concorreren novas circunstancias que poidan modificar significativamente o valor razoable dos bens ou dereitos sobre os cales se constituíse a garantía, deberase achegar un novo informe de sociedade de taxación homologada e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España ou de experto independente, segundo proceda.

2. Cando o acreedor afectado alegue a concurrencia de circunstancias que fagan necesaria unha nova valoración, o informe emitirase á súa custa.

Subsección 2.^a Dos créditos con privilexio xeral

Artigo 280. Créditos con privilexio xeral.

Son créditos con privilexio xeral:

1.º Os créditos por salarios que non teñan recoñecido privilexio especial, na contía que resulte de multiplicar o triplo do salario mínimo interprofesional polo número de días de salario pendentes de pagamento; as indemnizacións derivadas da extinción dos contratos, na contía correspondente ao mínimo legal calculada sobre unha base que non

supere o triplo do salario mínimo interprofesional; as indemnizacións derivadas de accidente de traballo e enfermidade profesional, devindicadas con anterioridade á declaración de concurso; o capitalis custo de seguridade social dos cales sexa legalmente responsable o concursado, e as recargas sobre as prestacións por incumprimento das obrigacións en materia de saúde laboral devindicadas con anterioridade á declaración de concurso.

2.º As cantidades correspondentes a retencións tributarias e de seguridade social debidas polo concursado en cumprimento dunha obrigación legal.

3.º Os créditos de persoas naturais derivados do traballo persoal non dependente e os que correspondan ao propio autor pola cesión dos dereitos de explotación da obra obxecto de propiedade intelectual, devindicados durante os seis meses anteriores á declaración de concurso.

4.º Os créditos tributarios, os créditos da seguridade social e demais de dereito público que non teñan privilexio especial nin o privilexio xeral do ordinal 2.º deste artigo. Respecto dos créditos públicos sinalados, o privilexio xeral a que se refire este número só acadará o cincuenta por cento do importe dos respectivos créditos, deducidos da base para o cálculo da porcentaxe os créditos con privilexio especial, os créditos con privilexio xeral conforme o ordinal 2.º deste mesmo artigo e os créditos subordinados.

5.º Os créditos por responsabilidade civil extracontractual e os créditos por responsabilidade civil derivada do delito contra a Facenda pública e contra a Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Con todo, os créditos por danos persoais non asegurados estarán incluídos no número anterior en concorrencia cos demais créditos dese número.

6.º Os créditos que supoñan novos ingresos de tesouraría concedidos no marco dun acordo de refinanciamento non rescindibles na contía non recoñecida como crédito contra a masa.

7.º Os créditos de que sexa titular o acredor por instancia do cal se declarase o concurso, excluídos os que tivesen o carácter de subordinados, ata o cincuenta por cento do seu importe.

Sección 3.ª Dos créditos subordinados

Artigo 281. Créditos subordinados.

1. Son créditos subordinados:

1.º Os créditos clasificados como subordinados pola administración concursal por comunicación extemporánea, salvo que se trate de créditos de recoñecemento forzoso, ou polas resolucións xudiciais que resolvan os incidentes de impugnación da lista de acredores e por aquelas outras que atribúan ao crédito esa clasificación.

2.º Os créditos que por pacto contractual teñan o carácter de subordinados respecto de todos os demais créditos contra o concursado, incluídos os participativos.

3.º Os créditos por recargas e xuros de calquera clase, incluídos os moratorios, salvo os correspondentes a créditos con garantía real ata onde acade a respectiva garantía.

4.º Os créditos por multas e demais sancións pecuniarias.

5.º Os créditos de que sexa titular algunha das persoas especialmente relacionadas co concursado nos termos establecidos nesta lei.

6.º Os créditos que, como consecuencia de rescisión concursal, resulten a favor de quen na sentenza fose declarado parte de mala fe no acto impugnado.

7.º Os créditos derivados dos contratos con obrigacións recíprocas, a cargo da contraparte do concursado, ou do acredor, en caso de rehabilitación de contratos de financiamento ou de adquisición de bens con prezo aprazado, cando o xuíz constata, logo de informe da administración concursal, que o acredor obstaculiza de forma reiterada o cumprimento do contrato en prexuízo do interese do concurso.

2. Por excepción ao establecido no ordinal 5.º do punto anterior, os créditos de que sexa titular algunha das persoas especialmente relacionadas co concursado non serán obxecto de subordinación nos seguintes casos:

1.º Os créditos por alimentos nacidos e vencidos antes da declaración de concurso, que terán a consideración de crédito ordinario.

2.º Os créditos a que se refire o ordinal 1.º do artigo 280 cando o concursado sexa persoa natural.

3.º Os créditos a que se refiren os ordinais 1.º e 4.º do artigo 283 cando os titulares respectivos reúnan as condicións de participación no capital que alí se indican, salvo que procedan de préstamos ou de actos con análoga finalidade.

Artigo 282. Persoas especialmente relacionadas co concursado persoa natural.

Considéranse persoas especialmente relacionadas co concursado persoa natural:

1.º O cónxuxe do concursado ou quen o fose dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso, a súa parella de feito inscrita ou as persoas que convivan con análoga relación de afectividade ou convivisen habitualmente con el dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso.

2.º Os ascendentes, descendentes e irmáns do concursado ou de calquera das persoas a que se refire o número anterior.

3.º Os cónxuxes dos ascendentes, dos descendentes e dos irmáns do concursado.

4.º As persoas xurídicas controladas polo concursado ou polas persoas mencionadas nos números anteriores, así como os seus administradores de dereito ou de feito. Presumirase que existe control cando concorra algunha das situacións previstas no punto primeiro do artigo 42 do Código de comercio.

5.º As persoas xurídicas que formen parte do mesmo grupo de empresas que as previstas no número anterior.

6.º As persoas xurídicas das que as persoas descritas nos números anteriores sexan administradoras de dereito ou de feito.

Artigo 283. Persoas especialmente relacionadas coa concursado persoa xurídica.

1. Considéranse persoas especialmente relacionadas co concursado persoa xurídica:

1.º Os socios que conforme a lei sexan persoal e ilimitadamente responsables das débedas sociais e aqueloutros que, no momento do nacemento do dereito de crédito, sexan titulares, directa ou indirectamente de, polo menos, un cinco por cento do capital social, se a sociedade declarada en concurso ten valores admitidos a negociación no mercado secundario oficial, ou un dez por cento de non os ter. Cando os socios sexan persoas naturais, consideraranse tamén persoas especialmente relacionadas coa persoa xurídica concursada as persoas que o sexan cos socios conforme o disposto no artigo anterior.

2.º Os administradores, de dereito ou de feito, os liquidadores do concursado persoa xurídica e os directores xerais da persoa xurídica concursada con poderes xerais da empresa, así como quen o fose dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso.

3.º As sociedades que formen parte do mesmo grupo que a sociedade declarada en concurso.

4.º Os socios comúns da sociedade declarada en concurso e doutra sociedade do mesmo grupo, sempre que, no momento de nacemento do dereito de crédito, sexan titulares nesoutra sociedade, directa ou indirectamente de, polo menos, un cinco por cento do capital social, se a sociedade ten valores admitidos a negociación no mercado secundario oficial, ou un dez por cento de non os ter.

2. Non terán a consideración de persoas especialmente relacionadas co concursado os acredores que capitalizasen directa ou indirectamente todo ou parte dos seus créditos en cumprimento dun acordo de refinanciamento adoptado de conformidade co disposto nesta lei, dun acordo extraxudicial de pagamentos ou dun convenio concursal, para os efectos da cualificación dos créditos que posúan contra o concursado como consecuencia da refinanciamento outorgado en virtude do dito acordo ou convenio e aínda que asumisen cargos na administración do debedor por razón da capitalización.

Tampouco terán a consideración de administradores de feito os acredores que subscribisen un acordo de refinanciamento, convenio concursal ou acordo extraxudicial de pagamentos polas obrigacións que asuma o debedor en relación co plan de viabilidade, salvo que se probase a existencia dalgunha circunstancia que poida xustificar esta condición.

Artigo 284. *Presunción de especial relación co concursado.*

Salvo proba en contrario, presúmense persoas especialmente relacionadas co concursado os cesionarios ou adxudicatarios de créditos pertencentes a calquera das persoas mencionadas nos dous artigos anteriores, sempre que a adquisición se tiver producise dentro dos dous anos anteriores á declaración de concurso.

CAPÍTULO IV

Da lista de acredores

Artigo 285. *Estrutura da lista de acredores.*

A lista de acredores, referida á data de solicitude do concurso, comprenderá unha relación dos incluídos e outra dos excluídos, ambas ordenadas alfabeticamente.

Artigo 286. *Contido da lista de acredores.*

1. A relación dos acredores incluídos expresará a identidade de cada un deles; a causa, a contía por principal e por xuros, e as datas de orixe e vencemento dos créditos recoñecidos de que foren titulares; as garantías persoais ou reais prestadas ou constituídas, con indicación do valor atribuído no inventario, conforme o establecido nesta lei, o ben ou dereito sobre o cal se constituíu a garantía, e a cualificación xurídica de cada un dos créditos de que o acredor sexa titular. De ser o caso, indicárase nesa relación o carácter de condicionais, litixiosos ou pendentes da excusión previa do patrimonio do debedor principal que teña cada un dos créditos.

2. A relación dos excluídos expresará a identidade de cada un deles e os motivos da exclusión.

3. Se as houber, faranse constar expresamente na lista as diferenzas entre a comunicación e o recoñecemento e as consecuencias da falta de comunicación oportuna.

4. Cando o concursado for persoa casada en réxime de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, relacionaranse separadamente os créditos que só se poidan facer efectivos sobre o seu patrimonio privativo e os que se poden facer efectivos tamén sobre o patrimonio común.

Artigo 287. *Subclasificación dos créditos privilexiados.*

Se, no momento da presentación da lista de acredores, non está en tramitación a fase de liquidación ou o concursado non solicitase a apertura desa fase, os créditos que teñan privilexio xeral ou especial, respectivamente, deberanse incluír nesa lista nalgunha das seguintes clases:

1.º Os créditos de dereito público.

2.º Os créditos laborais. Considéranse créditos laborais os créditos dos acredores por dereito laboral e os créditos dos traballadores autónomos economicamente dependentes en contía que non exceda a prevista no ordinal 1.º do artigo 280. Non terán a consideración de créditos laborais os derivados dunha relación laboral de carácter especial do persoal de alta dirección na parte que exceda a contía prevista no ordinal 1.º do artigo 280.

3.º Os créditos financeiros. Considéranse créditos financeiros os créditos procedentes de calquera endebedamento financeiro por parte do debedor, con independencia de que os titulares deses créditos estean ou non sometidos a supervisión financeira.

4.º Os restantes créditos. Nesta clase inclúiranse os dos acredores por operacións comerciais e o resto de acredores non incluídos nas categorías anteriores.

Artigo 288. *Relación de créditos contra a masa.*

En relación adxunta á lista de acredores detallaranse e cuantificaranse os créditos contra a masa xa devindicados e pendentes de pagamento, con indicación dos respectivos vencementos.

TÍTULO VI

Do informe da administración concursal

CAPÍTULO I

Do informe da administración concursal

Sección 1.ª Das comunicacións electrónicas anteriores á presentación do informe

Artigo 289. *Comunicación do proxecto de inventario e da lista de acredores.*

1. Cunha antelación mínima de dez días ao da presentación do informe ao xuíz, a administración concursal dirixirá comunicación electrónica ao concursado e a aqueles de cuxo enderezo electrónico teña constancia que comunicasen os seus créditos, e remitarlles o proxecto de inventario e da lista de acredores, estean ou non incluídos nela. Na comunicación expresarase o día en que terá lugar a presentación do informe.

2. Ata tres días antes da presentación do informe ao xuíz, o concursado e os acredores poderán solicitar á administración concursal, igualmente por medios electrónicos, que rectifique calquera erro ou que complemente os datos comunicados. A administración concursal dirixirá ao concursado e aos acredores, igualmente por medios electrónicos, unha relación das solicitudes de rectificación ou complemento recibidas.

3. Os mesmos documentos e a relación das solicitudes de rectificación ou de complemento publicaranse no Rexistro público concursal.

Sección 2.ª Do informe da administración concursal

Artigo 290. *Deber de presentación do informe.*

Dentro dos dous meses seguintes contados desde a data de aceptación, o administrador concursal presentará ao xulgado un informe co contido e os documentos establecidos nos artigos seguintes. En caso de administración dual, o prazo para presentar o informe contarase desde a data en que se produza a última das aceptacións.

Artigo 291. *Prórroga do prazo.*

1. Se o prazo de comunicación de créditos vence despois do prazo legal para a presentación do informe, este prorrogarase de maneira automática ata os cinco días seguintes ao da conclusión do prazo para a comunicación dos créditos.

2. Se concorren circunstancias excepcionais, a administración concursal poderá solicitar do xuíz a prórroga do prazo de presentación do informe por tempo non superior a dous meses máis.

No caso de que o administrador concursal fose nomeado en, polo menos, tres concursos que se encontrasen en tramitación, a prórroga só se poderá conceder se o solicitante acredita a concorrencia de causas alleas ás específicas do exercicio profesional.

3. Se o número de acredores é superior a dous mil, a administración concursal poderá solicitar unha prórroga por tempo non superior a catro meses máis.

4. As solicitudes de prórroga só se poderán presentar antes de que expire o prazo legal.

Artigo 292. *Estrutura do informe.*

O informe da administración concursal conterá:

1.º A análise da memoria que se xunte coa solicitude de declaración de concurso ou que, en caso de concurso necesario, fose presentada polo concursado por requirimento do xuíz.

2.º A exposición do estado da contabilidade do concursado e, de ser o caso, o xuízo sobre os documentos contables e complementarios.

3.º Unha memoria das principais decisións e actuacións da administración concursal.

4.º A exposición motivada acerca da situación patrimonial do concursado e de cantos datos e circunstancias poidan ser relevantes para a tramitación do concurso.

Artigo 293. *Documentos anexos ao informe.*

1. Co informe xuntaranse os documentos seguintes:

1.º O inventario da masa activa, xunto coa relación dos litixios en tramitación e a das accións de reintegración que se van exercer.

2.º A lista de acredores, xunto coa relación de créditos contra a masa xa devindicados e pendentes de pagamento, con expresión dos vencementos respectivos.

2. Se unha empresa forma parte da masa activa, xuntarase co informe a valoración da empresa no seu conxunto e de cada unha das unidades produtivas que a integren, tanto nas hipóteses de continuidade das actividades como de liquidación.

3. Se se presentase proposta anticipada de convenio, xuntarase co informe o escrito de avaliación. Se se abrise a fase de liquidación, xuntarase co informe o plan de liquidación.

Artigo 294. *Publicidade da presentación do informe.*

1. A presentación ao xuíz do informe da administración concursal e dos documentos complementarios notificarase a quen comparecese no concurso no enderezo sinalado para efectos de notificacións e publicarase no Rexistro público concursal e no taboleiro de anuncios do xulgado.

2. A administración concursal remitirá telematicamente copia do informe e dos documentos complementarios a aqueles que comunicasen os seus créditos de cuxo enderezo electrónico teña constancia, estean ou non incluídos na lista de acredores.

3. O xuíz poderá acordar, de oficio ou por instancia do interesado, calquera publicidade complementaria que considere imprescindible, en medios oficiais ou privados.

Artigo 295. *Dereito á obtención de copia do inventario e da lista de acredores.*

Quen se constituíse como parte no concurso de acredores terá dereito a solicitar e a obter de inmediato, á súa custa, copia do informe da administración concursal e dos documentos complementarios.

Artigo 296. *Infracción do deber de presentación do informe.*

1. O administrador concursal que non presente o informe dentro do prazo legal ou, de ser o caso, dentro da prórroga concedida polo xuíz do concurso perderá o dereito á remuneración e deberá devolver á masa activa as cantidades percibidas. Contra a resolución xudicial que acorde impoñer esta sanción caberá recurso de apelación.

2. A infracción do deber de presentación será, ademais, xusta causa para a separación do administrador concursal.

3. A indemnización dos danos e perdas que esa infracción poida ter causado á masa activa será exixible conforme o réxime de responsabilidade da administración concursal establecido nesta lei.

CAPÍTULO II

Da impugnación do inventario e da lista de acredores

Artigo 297. *Lexitimación e prazo para impugnar.*

1. Dentro do prazo de dez días, as partes comparecidas no concurso de acredores poderán impugnar o inventario e a lista de acredores.

2. O prazo para impugnar para quen recibise a notificación do xulgado da presentación do informe contarase desde a recepción desa notificación. Para os demais lexitimados interesados, o prazo de dez días computarase desde a última publicación de entre as establecidas pola lei ou, de ser o caso, acordadas polo xuíz.

Artigo 298. *Contido da impugnación.*

1. A impugnación do inventario poderá consistir na solicitude da inclusión ou da exclusión de bens ou dereitos, ou do aumento ou diminución da valoración dos incluídos.

2. A impugnación da lista de acredores poderase referir á inclusión ou á exclusión de créditos concursais, así como á contía ou á clasificación dos recoñecidos.

Artigo 299. *Consecuencias da falta de impugnación.*

Os que non impugnaren en tempo e forma o inventario ou a lista de acredores adxuntos ao informe da administración concursal non poderán formular pretensións de modificación do contido destes documentos, aínda que poderán recorrer en apelación contra as modificacións introducidas polo xuíz ao resolver as impugnacións doutros lexitimados.

Artigo 300. *Tramitación das impugnacións.*

1. As impugnacións instruiranse polos trámites do incidente concursal.

2. O xuíz poderá de oficio acumular todas ou varias delas para resolvelas conxuntamente.

Artigo 301. *Publicidade das impugnacións.*

1. Inmediatamente que se presenten, estean ou non admitidas a trámite, o letrado da Administración de xustiza publicará o feito da presentación de cada unha desas impugnacións no Rexistro público concursal.

2. Dentro dos cinco días seguintes a aquel en que finalizase o prazo de impugnación, o letrado da Administración de xustiza publicará no dito rexistro unha relación das impugnacións presentadas e das pretensións deducidas en cada unha delas.

Artigo 302. *Cancelación de garantías.*

1. Se o titular dun crédito clasificado como subordinado non impugna en tempo e forma esta cualificación, o xuíz do concurso, vencido o prazo de impugnación e sen máis

trámites, ditará auto en que declare extinguidas as garantías de calquera clase constituídas sobre bens e dereitos da masa activa a favor dos créditos de que aquel fose titular, e ordenará, de ser o caso, a restitución posesoria e a cancelación dos asentos nos rexistros correspondentes. En caso de impugnación desa cualificación, o xuíz procederá do mesmo xeito cando deveña firme a resolución xudicial desestimatoria da impugnación.

2. Cando o concursado sexa persoa natural, non procederá a cancelación das garantías constituídas sobre bens e dereitos da masa activa a favor dos créditos dos cales sexan titulares persoas especialmente relacionadas co debedor que segundo esta lei deban estar incluídos na clasificación de créditos con privilexio xeral por salarios, indemnizacións por extinción de contratos laborais, indemnizacións por accidente de traballo e enfermidade profesional, capitais custo de seguridade social dos cales sexa responsable o concursado e recargas sobre prestacións por incumprimento das obrigacións en materia de saúde laboral.

CAPÍTULO III

Da presentación dos textos definitivos e da fin da fase común

Sección 1.ª Da presentación dos textos definitivos

Artigo 303. *Presentación dos textos definitivos.*

1. Dentro dos cinco días seguintes ao da notificación da última sentenza resolutoria das impugnacións, a administración concursal introducirá no inventario, na lista de acredores e, de ser o caso, na exposición motivada do seu informe as modificacións que procedan e presentará ao xuíz os textos definitivos correspondentes.

2. Nos textos definitivos a administración concursal fará constar expresamente as diferenzas entre o inventario e a lista de acredores inicialmente presentados e os que agora presenta.

3. Cos textos definitivos xuntaranse os documentos seguintes:

1.º Unha relación das comunicacións posteriores de créditos presentadas coas modificacións introducidas pola administración concursal na lista de acredores.

2.º Unha relación actualizada dos créditos contra a masa xa devindicados, pagados e pendentes de pagamento, con expresión dos vencementos respectivos.

4. Os textos definitivos e os documentos complementarios quedarán de manifesto na oficina xudicial.

5. No caso de que da lista definitiva de acredores resulte a existencia de único acredor, o xuíz ditará auto en que acorde a conclusión do concurso de acredores.

Artigo 304. *Remisión dos textos definitivos.*

O mesmo día da presentación dos textos definitivos, a administración concursal remitirá telematicamente copia destes textos coa documentación complementaria aos acredores recoñecidos de cuxo enderezo electrónico teña constancia.

Artigo 305. *Impugnacións relativas a créditos comunicados extemporaneamente.*

1. Dentro do prazo de dez días seguintes á posta de manifesto dos textos definitivos, calquera interesado poderá impugnar a decisión da administración concursal acerca da inclusión ou non inclusión na lista definitiva dos créditos comunicados extemporaneamente.

2. A impugnación instruirase polos trámites do incidente concursal. A impugnación non impedirá a continuación da fase de convenio ou liquidación e será de aplicación o previsto nesta lei sobre os efectos da modificación da lista definitiva de acredores.

Sección 2.^a Da finalización da fase común

Artigo 306. *Finalización da fase común.*

1. Dentro dos quince días seguintes ao da expiración do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores, se non se presentaron impugnacións ou, de se teren presentado, á data en que se poñan de manifesto na oficina xudicial os textos definitivos daqueles documentos, o xuíz ditará auto en que poña fin á fase común do concurso.

2. No mesmo auto acordará a apertura da fase de convenio e ordenará a formación da sección quinta, salvo que xa se encontrase en tramitación a fase de liquidación ou o concursado solicitase a apertura desa fase.

3. Unha vez declarada a apertura da fase do convenio e durante a súa tramitación seguirán sendo aplicables as normas establecidas sobre efectos da declaración do concurso para a fase común.

Artigo 307. *Finalización anticipada da fase común.*

Cando as impugnacións afecten menos do vinte por cento da masa activa ou da masa pasiva do concurso, segundo os textos provisionais presentados pola administración concursal, o xuíz poderá ordenar a finalización anticipada da fase común e a apertura da fase de convenio ou de liquidación, sen prexuízo do reflexo que as impugnacións poidan ter nos textos definitivos e as medidas cautelares que poida adoptar para a súa efectividade.

CAPÍTULO IV

Da modificación da lista definitiva de acredores

Artigo 308. *Modificacións da lista definitiva de acredores.*

O texto definitivo da lista de acredores poderase modificar nos casos seguintes:

1.º Cando se estimen os recursos interpostos contra as resolucións do xuíz do concurso nos incidentes de impugnación da lista de acredores.

2.º Cando se resolva a impugnación das modificacións derivadas da comunicación extemporánea de créditos.

3.º Cando se diten resolucións xudiciais no concurso das cales resulte a existencia, a modificación do importe ou da clase do crédito ou a extinción dun crédito concursal.

4.º Cando, nun procedemento administrativo de comprobación ou inspección iniciado despois de presentado o informe da administración concursal ou o texto definitivo da lista de acredores, se dite resolución administrativa que supoña a existencia dun crédito concursal de dereito público.

5.º Cando, nun proceso penal iniciado despois da presentación do informe da administración concursal ou do texto definitivo da lista de acredores, se dite sentenza que supoña a existencia dun crédito concursal.

6.º Cando, nun proceso laboral iniciado despois da presentación do informe da administración concursal ou do texto definitivo da lista de acredores, se dite sentenza que supoña a existencia dun crédito concursal.

7.º Cando, despois de presentados os textos definitivos, se cumprise a condición ou continxencia prevista ou os créditos fosen recoñecidos ou confirmados por acto administrativo, por laudo ou por resolución procesual firme ou susceptible de execución provisional conforme a súa natureza ou contía.

Artigo 309. *Tratamento dos créditos que modifican a lista definitiva de acredores.*

No caso de que resulten recoñecidos, os créditos terán a seguinte clasificación:

1.º Nos tres primeiros casos do artigo precedente, a que lles asignase a resolución xudicial.

2.º Nos demais casos, a que lles corresponda conforme a súa natureza, sen que sexa posible a súa subordinación por comunicación tardía.

Artigo 310. *Substitucións do acredor inicial na lista definitiva de acredores.*

1. En caso de substitución dun acredor recoñecido, ben por adquisición do crédito, ben por subrogación na súa titularidade, manterase a clasificación do crédito correspondente ao acredor inicial.

2. Por excepción ao establecido no punto anterior, serán de aplicación as seguintes regras:

1.º Respecto dos créditos salariais ou por indemnización derivada de extinción da relación laboral, a subrogación unicamente procederá a favor do Fondo de Garantía Salarial.

2.º Respecto dos créditos por cantidades correspondentes a retencións tributarias e de seguridade social debidas polo concursado en cumprimento dunha obrigaón legal e dos créditos de dereito público que gozasen de privilexio xeral, o carácter privilexiado unicamente se manterá cando o acredor posterior sexa un organismo público.

3.º En caso de pagamento por debedor solidario, por fiador ou por avalista, a administración concursal reclasificará o crédito optando pola clasificación de inferior grao de entre as que correspondan ao acredor ou ao debedor solidario, ao fiador ou ao avalista que pagase.

4.º No suposto en que o acredor posterior sexa unha persoa especialmente relacionada co concursado, a administración concursal procederá a reclasificar o crédito optando pola clasificación de inferior grao de entre as que correspondan ao acredor ou á dita persoa especialmente relacionada co concursado.

Artigo 311. *Procedemento de modificación da lista definitiva de acredores.*

1. Cando a modificación da lista definitiva sexa consecuencia dunha resolución xudicial ditada no concurso, a administración concursal modificará o texto definitivo da lista de acredores en canto teña constancia dela.

2. Nos demais casos, a modificación do texto definitivo da lista de acredores deberase solicitar antes de que se dite resolución pola cal se aprobe o convenio ou se presente no xulgado o informe final de liquidación ou a comunicación de insuficiencia da masa activa para atender os créditos contra a masa.

Para ese efecto, os acredores dirixirán á administración concursal unha solicitude con xustificación da modificación pretendida, así como da concorrencia dalgunha das circunstancias previstas neste capítulo.

3. No prazo de cinco días, a administración concursal informará por escrito o xuíz sobre a solicitude.

4. Se o informe for contrario á modificación pretendida, o solicitante poderá promover incidente, dentro do prazo de dez días, para que se recoñeza o crédito. Incoado o incidente, observarase o que se decida nel. Se non o promove no prazo indicado, o xuíz rexeitará a solicitude.

5. Se o informe for favorable á modificación pretendida, darase traslado del, polo termo de dez días, ás partes comparecidas. Se non se efectuaren alegacións ou non foren contrarias á pretensión formulada, o xuíz acordará a modificación por medio de auto sen ulterior recurso. Noutro caso, o xuíz resolverá igualmente por medio de auto, contra o cal cabe interpoñer recurso de apelación.

Artigo 312. *Efectos da modificación da lista definitiva de acredores.*

1. A tramitación da solicitude non impedirá a continuación da fase de convenio ou liquidación.
2. A modificación acordada non afectará a validez do convenio que se poida ter acadado ou das operacións de liquidación ou pagamento realizadas antes da presentación da solicitude ou tras ela ata a súa introdución por resolución firme.

Artigo 313. *Medidas cautelares para a modificación da lista definitiva de acredores.*

Cando considere probable a introdución da modificación pretendida, o xuíz do concurso, por petición do solicitante, poderá adoptar as medidas cautelares que en cada caso considere oportunas para asegurar a efectividade da resolución que vai ditar.

Artigo 314. *Execución provisional da resolución xudicial relativa á modificación da lista definitiva de acredores.*

O xuíz, por petición de parte, poderá acordar a execución provisional da resolución relativa á modificación da lista definitiva de acredores co fin de que:

- 1.º A modificación se admita provisionalmente, en todo ou en parte, para os efectos do exercicio dos dereitos de adhesión e voto e para o cálculo das maiorías necesarias para a aceptación da proposta de convenio.
- 2.º Os pagamentos que se van realizar teñan en conta as modificacións pretendidas; con todo, as cantidades correspondentes quedarán na masa activa ata que sexa firme a resolución que decida sobre a modificación pretendida, salvo que garanta a súa devolución por aval ou fianza suficiente.

TÍTULO VII

Do convenio

CAPÍTULO I

Da proposta de convenio

Sección 1.ª Dos propoñentes

Artigo 315. *Autoría da proposta de convenio.*

1. O debedor e os acredores cuxos créditos superen unha quinta parte da masa pasiva poderán presentar proposta de convenio nas condicións de tempo, forma e contido establecidas nesta lei.
2. En ningún caso se poderá presentar proposta de convenio se o concursado solicitase a liquidación da masa activa.

Artigo 316. *Sinatura da proposta de convenio.*

1. A proposta de convenio formularase por escrito e estará asinada polo debedor ou por todos os acredores propoñentes, ou polos seus respectivos representantes con poder suficiente.
2. Cando a proposta conteña compromisos a cargo de acredores ou de terceiros para realizar pagamentos, prestar garantías ou financiamento ou asumir calquera outra obrigaición, deberá ir asinada, ademais, polos comprometentes ou os seus respectivos representantes con poder suficiente, mesmo aínda que a proposta teña contido alternativo ou atribúa trato singular aos acredores que acepten esas novas obrigaicións.
3. As sinaturas da proposta e, de ser o caso, a xustificación do seu carácter representativo, deberán estar lexitimadas.

*Sección 2.ª Do contido da proposta de convenio**Subsección 1.ª Das regras xerais sobre a proposta de convenio**Artigo 317. Contido da proposta de convenio.*

1. A proposta de convenio deberá conter proposicións de quitación, de espera ou de quitación e espera. A espera non poderá ser superior a dez anos.

2. A proposta de convenio poderá conter, para todos ou algúns acredores ou para determinadas clases de acredores, con excepción dos acredores públicos, cantas proposicións adicionais considere convenientes o propoñente ou propoñentes sen máis limitacións que as establecidas pola lei.

3. Na proposta de convenio poderase incluír a posibilidade de fusión, escisión ou cesión global de activo e pasivo da persoa xurídica concursada.

Artigo 318. Prohibicións.

1. En ningún caso a proposta de convenio poderá supoñer:

1.º A alteración da contía dos créditos establecida por esta lei, sen prexuízo dos efectos da quitación ou quitacións que poida conter.

2.º A alteración da clasificación dos créditos establecida por esta lei.

2. A proposta non poderá consistir na liquidación da masa activa para satisfacción dos créditos.

Artigo 319. Propostas condicionadas.

1. A proposta que someta a eficacia do convenio a calquera clase de condición terase por non presentada.

2. Por excepción ao disposto no punto anterior, en caso de concursos conexas, a proposta que presente un dos concursados poderase condicionar a que noutro ou noutros adquira eficacia un convenio cun contido determinado.

Artigo 320. Proposta con cláusula de xuros.

Cando a proposta de convenio non conteña proposicións de quitación poderá incluír o pagamento, total ou parcial, dos xuros cuxa devindicación quedase suspendida por efecto da declaración de concurso, calculados ao tipo legal ou, se for menor, ao convencional.

Artigo 321. Proposta con limitación de facultades.

1. A proposta de convenio poderá conter medidas prohibitivas ou limitativas do exercicio polo debedor das facultades de administración e de disposición, durante o período de cumprimento do convenio, sobre bens e dereitos da masa activa.

2. As medidas prohibitivas ou limitativas serán inscribibles nos rexistros públicos correspondentes e, en particular, naqueles en que figuren inscritos os bens ou dereitos afectados por elas.

A inscrición non impedirá o acceso aos rexistros públicos dos actos contrarios, pero prexudicará calquera titular rexistral a sentenza que declare a ineficacia do acto.

Artigo 322. Proposta con atribución de funcións á administración concursal durante o período de cumprimento do convenio.

Na proposta de convenio poderase atribuír a calquera membro da administración concursal ou ao auxiliar delegado, co consentimento previo do interesado ou interesados, o exercicio de funcións determinadas durante o período de cumprimento do convenio, fixando a remuneración que se considere oportuna.

Artigo 323. *Proposta de convenio con previsións para a realización de bens ou dereitos afectos a créditos con privilexio especial.*

1. A proposta de convenio poderá conter previsións para o alleamento de bens ou dereitos afectos a créditos con privilexio especial, que se deberán ater aos modos de realización e regras establecidos para o efecto nesta lei.

2. O acreedor privilexiado suxeito ao convenio deberá recibir o importe que resulte da realización do ben ou dereito en cantidade que non exceda a débeda orixinaria nos termos que resulten das previsións do convenio. Se hai remanente, corresponderá á masa activa.

3. Se coa dita realización non se consegue a completa satisfacción do crédito nos termos que resulten das previsións do convenio, o resto será tratado coa clasificación que lle corresponda.

Subsección 2.^a Da proposta de convenio con asunción

Artigo 324. *A proposta de convenio con asunción.*

1. A proposta de convenio poderá consistir na adquisición por unha persoa natural ou xurídica, determinada na propia proposta, ben do conxunto de bens e dereitos da masa activa afectos á actividade profesional ou empresarial do concursado, ben de determinadas unidades produtivas, con asunción por parte do adquirente do compromiso de continuidade desa actividade durante o tempo mínimo que se estableza na proposta, e da obrigaçión de pagamento, total ou parcial, de todos ou dalgúns dos créditos concursais.

2. A transmisión da unidade ou das unidades produtivas ao adquirente determinado na proposta de convenio estará sometida ás regras especiais establecidas nesta lei para esta clase de transmisións.

Subsección 3.^a Do contido alternativo da proposta de convenio

Artigo 325. *Proposta de convenio con contido alternativo.*

Ademais dunha proposición de quitación, de espera ou de quitación e espera, a proposta de convenio poderá conter calquera outra alternativa para todos ou algúns créditos ou clases de créditos, sen máis limitacións que as establecidas pola lei, que en ningún caso afectarán os acredores públicos.

Artigo 326. *Facultade de elección.*

1. Na proposta de convenio con contido alternativo deberase determinar o prazo para o exercicio da facultade de elección, así como a alternativa aplicable en caso de falta de exercicio desa facultade.

2. O prazo para o exercicio da facultade de elección non poderá ser superior a un mes contado desde a data da firmeza da resolución xudicial que aprobe o convenio.

Artigo 327. *Proposta de convenio con conversión de créditos.*

1. Na proposta de convenio de contido alternativo poderase incluír como unha das alternativas a conversión dos créditos en accións, participacións ou cotas ou en obrigaçións convertibles da propia sociedade concursada ou doutra sociedade, ou a conversión dos créditos en créditos participativos por período non superior a dez anos, en créditos subordinados, en créditos con xuros capitalizables ou en calquera outro instrumento financeiro con características, rango ou vencemento distintos daqueles que teñan os créditos orixinarios.

2. A conversión dos créditos laborais exixirá o consentimento individual dos titulares deses créditos.

Artigo 328. *Proposta de convenio con conversión de créditos en accións ou participacións sociais.*

1. A conversión de créditos en accións ou participacións sociais, con ou sen prima, poderase realizar aínda que os créditos para compensar non sexan líquidos, non estean vencidos ou non sexan exixibles.

2. Para a adopción por parte da xunta xeral de socios do acordo de aumentar o capital social por conversión de créditos concursais en accións ou participacións da sociedade concursada non será necesaria a maioría reforzada establecida pola lei ou polos estatutos sociais.

Artigo 329. *Proposta de convenio con cesión en pagamento.*

1. Na proposta de convenio de contido alternativo poderase incluír como unha desas alternativas a cesión en pagamento de bens ou dereitos da masa activa aos acredores.

2. Os bens ou dereitos da masa activa obxecto de cesión en pagamento non poderán ser os necesarios para a continuación da actividade profesional ou empresarial do concursado.

3. Na proposta deberase determinar, conforme o establecido nesta lei, cal é o valor razoable dos bens ou dereitos obxecto de cesión.

4. O valor dos bens e dereitos obxecto de cesión deberá ser igual ou inferior ao importe dos créditos que se extinguen. Se for superior, a diferenza deberá ser integrada polo cesionario ou cesionarios na masa activa.

5. En ningún caso se impoñerá a cesión en pagamento aos acredores públicos.

Artigo 330. *Proposta de convenio con cesión das accións ou dos efectos da reintegración.*

Na proposta de convenio de contido alternativo poderase incluír como unha desas alternativas a cesión a un ou a varios acredores ou clases de acredores das accións de reintegración da masa activa.

Sección 3.^a Do plan de pagamentos e do plan de viabilidade

Artigo 331. *O plan de pagamentos.*

1. As propostas de convenio deberanse presentar acompañadas dun plan de pagamentos.

2. No plan de pagamentos determinaranse, ademais, os recursos previstos para o seu cumprimento, incluídos, de ser o caso, os procedentes do alleamento de determinados bens ou dereitos da masa activa.

Artigo 332. *O plan de viabilidade.*

1. Cando para o cumprimento do convenio se prevexa contar cos recursos que xere a continuación, total ou parcial, do exercicio da actividade profesional ou empresarial, a proposta deberá ir acompañada, ademais do plan de pagamentos, dun plan de viabilidade no cal se especifiquen os recursos necesarios, os medios e as condicións da súa obtención e, de ser o caso, os compromisos da súa prestación por parte de terceiros.

2. Os créditos comprometidos por acredores ou terceiros que se concedan ao concursado para financiar a continuidade da actividade satisfaranse nos termos fixados no propio convenio.

CAPÍTULO II

Da presentación da proposta e da admisión a trámite*Sección 1.ª Do momento de presentación da proposta**Subsección 1.ª Da presentación anticipada da proposta de convenio***Artigo 333. *Presentación anticipada da proposta de convenio.***

O debedor poderá presentar ante o xuíz proposta anticipada de convenio desde a solicitude de concurso voluntario ou desde a declaración de concurso necesario e, en ambos os casos, ata a expiración do prazo de comunicación de créditos.

Artigo 334. *Adhesións iniciais á proposta anticipada de convenio.*

Cando a proposta anticipada de convenio se presente coa propia solicitude de concurso voluntario, deberá ir acompañada das adhesións de acredores de calquera clase, prestadas en instrumento público, cuxos créditos acaden a décima parte do pasivo presentado polo debedor. Nos demais casos, as adhesións á proposta anticipada de convenio deberán superar a quinta parte dese pasivo.

Artigo 335. *Prohibicións.*

1. Non poderá presentar proposta anticipada de convenio o debedor que se achar nalgún dos seguintes casos:

1.º Ter sido condenado en sentenza firme por delito contra o patrimonio, contra a orde socioeconómica, de falsidade documental, contra a Facenda pública, a Seguridade Social ou contra os dereitos dos traballadores. En caso de debedor persoa xurídica, darase esta causa de prohibición se algún dos seus administradores ou liquidadores, ou daqueles que o fosen nos tres anos anteriores á presentación da proposta de convenio, fose condenado por calquera deses delitos.

2.º Ter incumplido nalgún dos tres últimos exercicios a obrigaición do depósito das contas anuais.

2. Se, admitida a trámite a proposta anticipada de convenio, o concursado incorre en causa de prohibición ou se comproba que con anterioridade incorrera nalgunha delas, o xuíz de oficio, por instancia da administración concursal ou de parte interesada e, en todo caso, oíndo o concursado, declarará sen efecto a proposta e poñerá fin á súa tramitación.

Artigo 336. *Dereito a presentar nova proposta ou a manter a proposta anticipada de convenio.*

1. Se a proposta anticipada de convenio non é admitida a trámite ou o convenio non é aprobado polo xuíz, o concursado poderá presentar nova proposta de convenio.

2. Se a proposta anticipada de convenio non obtén a maioría do pasivo concursal necesaria para ser aprobada, o concursado poderá manter ou modificar esa proposta ou presentar outra nova. O concursado que mantivese a proposta anticipada de convenio non poderá presentar nova proposta de convenio.

3. A modificación da proposta anticipada de convenio ou a nova proposta poderase presentar ata a data en que se poñan de manifesto aos acredores constituídos como parte o inventario ou a lista definitiva de acredores.

Subsección 2.^a Da presentación ordinaria da proposta de convenioArtigo 337. *Presentación da proposta de convenio polo concursado.*

Unha vez transcorrido o prazo de comunicación de créditos e ata a finalización do prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores, se non se presentasen impugnacións ou, de se teren presentado, ata a data en que se poñan de manifesto aos acredores constituídos como parte na oficina xudicial os textos definitivos daqueles documentos, o concursado poderá presentar proposta de convenio perante o xulgado que tramite o concurso.

Artigo 338. *Presentación da proposta de convenio polos acredores.*

Cando o concursado non mantivese a proposta anticipada de convenio, o acredor ou os acredores cuxos créditos, individual ou conxuntamente, superen unha quinta parte do total pasivo resultante da lista definitiva de acredores poderán presentar proposta de convenio, dentro do mesmo prazo establecido para o concursado no artigo anterior, perante o xulgado que tramite o concurso.

Artigo 339. *Presentación posterior da proposta de convenio.*

Cando non se presentasen proposta ou propostas de convenio conforme o establecido nos artigos anteriores, o concursado ou o acredor ou acredores cuxos créditos, individual ou conxuntamente, superen unha quinta parte do total pasivo resultante da lista definitiva de acredores poderán presentar proposta de convenio desde a convocatoria da xunta ata corenta días antes da data sinalada para a súa realización ou, en caso de tramitación escrita, ata un mes anterior ao prazo previsto para a presentación de adhesións.

Artigo 340. *Efectos da falta de presentación de propostas de convenio.*

Cando non se presentase dentro dos prazos establecidos pola lei ningunha proposta de convenio ou, téndose presentado, non se admitise a trámite ningunha das propostas, o xuíz, de oficio, acordará a apertura da fase de liquidación da masa activa.

Sección 2.^a Da admisión a trámite da proposta de convenioArtigo 341. *Traslado da proposta de convenio.*

1. O letrado da Administración de xustiza dará traslado ás partes comparecidas no concurso da proposta ou propostas presentadas.
2. No caso de proposta anticipada de convenio, o traslado efectuarase en cada unha das resolucións polas que se teñan por comparecidos os interesados.
3. O traslado da proposta non procederá para aqueles acredores que se adheriron á proposta.

Artigo 342. *Admisión a trámite da proposta de convenio.*

1. O xuíz admitirá a trámite a proposta ou as propostas de convenio se cumpren as condicións de tempo, forma e contido establecidas nesta lei.
2. Se a proposta de convenio prevé a adquisición por un terceiro ben do conxunto de bens e dereitos da masa activa afectos á actividade profesional ou empresarial do concursado, ben de determinadas unidades produtivas, con asunción polo adquirente do compromiso de continuidade desa actividade, non se poderá admitir a trámite sen a audiencia previa dos representantes dos traballadores.
3. Se o concursado solicitase a liquidación, non procederá a admisión a trámite da proposta ou propostas que se presentasen.

Artigo 343. *Forma e momento da admisión a trámite.*

1. Cando a proposta anticipada de convenio se presentase coa solicitude de concurso voluntario ou antes da declaración xudicial deste, o xuíz resolverá sobre a súa admisión a trámite no mesmo auto de declaración de concurso. Cando a proposta anticipada de convenio se presentase despois da declaración de concurso, o xuíz resolverá sobre a súa admisión a trámite mediante auto, que ditará dentro dos tres días seguintes ao da presentación.

2. Nos casos de presentación ordinaria da proposta de convenio polo concursado ou polos acredores, o xuíz, dentro dos cinco días seguintes ao da presentación, resolverá mediante auto sobre a admisión a trámite de cada unha das presentadas.

Artigo 344. *Defectos da proposta de convenio.*

1. De apreciar algún defecto na proposta ou propostas de convenio presentadas, o xuíz, dentro do mesmo prazo establecido para a admisión a trámite, dispoñerá que se notifique ao concursado e, de ser o caso, aos acredores para que dentro dos tres días seguintes ao da notificación poidan emendalo.

2. O xuíz rexeitará a admisión a trámite da proposta anticipada de convenio cando o debedor estiver incurso nalgunha prohibición ou cando as adhesións presentadas na forma establecida nesta lei non acaden a proporción do pasivo exixida.

Artigo 345. *Recursos.*

1. Contra o pronunciamento xudicial que resolva sobre a admisión a trámite dunha proposta anticipada de convenio non se dará ningún recurso.

2. Contra o pronunciamento xudicial que resolva sobre a admisión a trámite das demais propostas só se poderá interpoñer recurso de reposición. Contra o auto resolutorio do recurso de reposición non caberá ningún recurso, pero as partes poderán reproducir a cuestión na apelación máis próxima sempre que tiveren formulado protesta no prazo de cinco días.

Artigo 346. *Prohibición de modificar ou revogar a proposta de convenio.*

As propostas de convenio non se poderán modificar nin revogar unha vez que fosen admitidas a trámite, pero o concursado poderá deixalas sen efecto en calquera momento mediante a solicitude da liquidación da masa activa. Queda a salvo o establecido respecto da proposta anticipada de convenio.

CAPÍTULO III

Da avaliación da proposta de convenio

Artigo 347. *Avaliación da proposta de convenio pola administración concursal.*

1. Na resolución que admita a trámite calquera proposta de convenio acordarase dar traslado dela á administración concursal para que, no prazo improrrogable de dez días, presente avaliación da proposta.

2. Por excepción ao establecido no punto anterior, non será necesaria nova avaliación da proposta anticipada de convenio que o concursado decidise manter.

Artigo 348. *Contido da avaliación da proposta de convenio.*

1. A administración concursal avaliará o contido da proposta de convenio en relación co plan de pagamentos e, de ser o caso, co plan de viabilidade que a acompañe.

2. A avaliación deberá conter necesariamente un xuízo favorable, con ou sen reservas, ou desfavorable, acerca da viabilidade do cumprimento do convenio proposto.

Artigo 349. *Comunicación da avaliación aos acredores.*

1. A administración concursal comunicará de forma telemática a avaliación aos acredores de cuxo enderezo electrónico teña coñecemento.
2. A avaliación realizada antes da presentación do informe da administración concursal unirase a este e a realizada con posterioridade poñerase de manifesto na oficina xudicial desde o mesmo día da súa presentación.

Artigo 350. *Avaliación desfavorable ou con reservas da proposta anticipada de convenio.*

1. Se a avaliación da proposta anticipada de convenio for desfavorable ou contiver reservas, o xuíz, mediante auto, deberá decidir entre deixar sen efecto a admisión da proposta ou acordar a continuación da súa tramitación, con unión da avaliación ao informe.
2. Contra o auto que resolva sobre estas cuestións non se dará ningún recurso.

CAPÍTULO IV

Da aceptación da proposta de convenio por parte dos acredores

Sección 1.^a Da aceptación da proposta

Artigo 351. *Formas de aceptación da proposta.*

1. Os acredores poderán aceptar calquera proposta de convenio mediante a adhesión a ela dentro dos prazos e cos efectos establecidos nesta lei e, no caso de que a proposta se someta a votación na xunta de acredores, mediante o voto favorable.
2. Os acredores poderanse opoñer a calquera proposta de convenio cos mesmos requisitos e dentro dos mesmos prazos que os establecidos para as adhesións e, no caso de que a proposta se someta a votación na xunta de acredores, mediante o voto en contra.

Artigo 352. *Acredores sen dereito de adhesión e de voto.*

1. Os titulares de créditos subordinados non terán dereito de adhesión á proposta de convenio nin dereito de voto na xunta de acredores. Tampouco terán estes dereitos as persoas especialmente relacionadas co concursado que adquirisen o seu crédito por actos entre vivos despois da declaración de concurso.
2. Os acredores a que se refire o punto anterior poderán exercer o dereito de voto que lles corresponda por outros créditos de que sexan titulares.

Artigo 353. *Acredores sindicados.*

En caso de créditos que, tras a declaración do concurso, continúen suxeitos a un réxime ou pacto de sindicación, entenderase que os titulares deses créditos se adhíren á proposta de convenio ou votan a favor dela cando a suma das adhesións e dos votos represente, polo menos, o setenta e cinco por cento dos créditos sindicados. Se no réxime ou no pacto de sindicación se establecese unha maioría inferior, será de aplicación esta última.

Sección 2.^a Das adhesións á proposta de convenio

Artigo 354. *Contido da adhesión.*

1. A adhesión á proposta de convenio expresará a contía do crédito ou dos créditos de que sexa titular o acredor, así como a súa clase.
2. A adhesión á proposta de convenio será pura e simple, sen introducir modificación nin condicionamento ningún. Noutro caso, terase o acredor por non adherido.

Artigo 355. *Formas da adhesión.*

Unha vez admitida a trámite unha proposta de convenio, a adhesión á dita proposta deberase efectuarse mediante comparecencia ante o letrado da Administración de xustiza ou mediante instrumento público.

Artigo 356. *Acredores con créditos de distinta clase.*

No caso de que un acredor sexa simultaneamente titular de créditos privilexiados e ordinarios, a adhesión presumirase realizada e o voto presumirase emitido exclusivamente respecto dos créditos ordinarios, e só afectará os créditos privilexiados se así se manifestase expresamente no acto de adhesión ou de votación.

Artigo 357. *Adhesión de acredores públicos.*

A adhesión á proposta de convenio por parte dos titulares de créditos públicos realizarase conforme as normas legais e regulamentalas especiais que resulten aplicables.

Artigo 358. *Revogación das adhesións.*

As adhesións só se poderán revogar nos seguintes casos:

1.º Cando, non conseguindo unha proposta anticipada de convenio as maiorías do pasivo establecidas pola lei, o concursado decida manter esa mesma proposta para a súa tramitación na fase de convenio. A revogación deberase efectuar antes da constitución da xunta de acredores ou, en caso de tramitación escrita, antes de que finalice o prazo para adhesións.

2.º Cando o importe ou a clase do crédito expresados na adhesión resulten modificados na lista definitiva. A revogación só será posible dentro dos cinco días seguintes ao da posta de manifesto da dita lista na oficina xudicial. Noutro caso, terase por adherido o acredor nos termos que resulten desa lista.

3.º Cando o acredor adherido que asista á xunta, persoalmente ou por medio de representante, vote en contra da proposta.

Sección 3.ª Do sistema de aceptación da proposta anticipada de convenio

Artigo 359. *Aceptación por adhesión.*

1. Calquera acredor poderá adherirse a unha proposta anticipada de convenio na forma e cos requisitos establecidos nesta lei.

2. O prazo para a presentación ao xulgado das adhesións dos acredores á proposta anticipada de convenio iniciarase na data da admisión a trámite da proposta e finalizará unha vez transcorrido o prazo de impugnación do inventario e da lista de acredores provisionais.

3. O prazo para a presentación ao xulgado das adhesións dos acredores ás demais propostas de convenio iniciarase desde a notificación aos comparecidos da presentación do informe da administración concursal ou desde que o informe de avaliación da proposta de convenio quedase de manifesto no xulgado, e finalizará no momento do peche da lista de asistentes á xunta de acredores ou, en caso de tramitación escrita, na data límite fixada polo xuíz no auto que acorde esa tramitación.

Sección 4.^a Da aceptación das demais propostas de convenio

Subsección 1.^a Da aceptación en xunta de acredores

Artigo 360. *Convocatoria da xunta.*

1. Salvo que se aprobase convenio anticipado, o xuíz do concurso, presentadas ou non propostas de convenio, no auto polo cal poña fin á fase común ordenará a convocatoria da xunta de acredores para a súa realización no lugar, día e hora fixados polo letrado da Administración de xustiza conforme as regras establecidas na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para a celebración das vistas, e determinará a publicidade da convocatoria. En todo caso, o anuncio de convocatoria publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e no Rexistro público concursal.

2. O auto notificaráselles ao concursado, á administración concursal e a todas as partes comparecidas no procedemento.

3. Na notificación da convocatoria expresarase que os acredores se poden adherir á proposta ou propostas de convenio ou formular oposición a elas, conforme o establecido nesta lei.

4. Cando o concursado mantivese a proposta anticipada de convenio, o xuíz, sen necesidade de nova resolución sobre a dita proposta nin avaliación da administración concursal, ditará auto polo cal convoque a xunta de acredores.

Artigo 361. *Data de realización da xunta.*

1. Cando se presentase proposta de convenio ou se mantivese a proposta anticipada, a xunta de acredores deberá ser convocada para a súa realización dentro do segundo mes contado desde a data do auto.

2. Nos demais casos, deberá selo para a súa realización dentro do terceiro mes contado desde a mesma data.

Artigo 362. *Deber de asistencia.*

1. O concursado deberá asistir á xunta de acredores persoalmente ou facerse representar por apoderado con facultades para aceptar propostas de convenio. O concursado ou o seu representante poderán asistir acompañados de letrado que interveña no seu nome durante as deliberacións.

2. O administrador concursal ou cada un dos membros da administración concursal terán o deber de asistir á xunta. A infracción deste deber dará lugar á perda do dereito á remuneración fixada, coa devolución á masa das cantidades percibidas. Contra a resolución xudicial que acorde impoñer esta sanción non caberá recurso de apelación.

3. En calquera caso, a falta de asistencia do administrador concursal ou, en caso de administración concursal dual, de calquera dos seus membros non determinará a suspensión da xunta, salvo que o xuíz así o acorde; nese caso, o letrado da Administración de xustiza deberá sinalar a data da súa continuación .

Artigo 363. *Dereito de asistencia.*

1. Os acredores que figuren na lista definitiva terán dereito de asistencia á xunta.

2. Os acredores con dereito de asistencia poderanse facer representar na xunta por medio de apoderado, sexa ou non acredor. Unha mesma persoa poderá representar varios acredores. Non poderán ser apoderados nin o concursado nin as persoas especialmente relacionadas con este, aínda que sexan acredores.

O procurador que comparecese no concurso por un acredor só poderá representalo se está expresamente facultado para asistir a xuntas de acredores en concursos de acredores.

3. O apoderamento deberase conferir por comparecencia ante o letrado da Administración de xustiza do vulgado ou mediante escritura pública, e entenderase que as

facultades representativas para asistir á xunta comprenden as de intervir nela e votar calquera clase de convenio.

4. Os titulares de créditos públicos e, de ser o caso, as empresas públicas que sexan acreedoras consideraranse representados por aqueles que, conforme a lexislación que lles sexa aplicable, os poidan representar e defender en procedementos xudiciais.

Artigo 364. *Mesa da xunta.*

1. A xunta de acredores será presidida polo xuíz ou, excepcionalmente, polo administrador concursal ou polo membro da administración concursal designado polo xuíz.

2. Como secretario da xunta actuará o letrado da Administración de xustiza do xulgado. En todo caso, a presenza deste na xunta será imprescindible e nela estará asistido pola administración concursal.

Artigo 365. *Lista de asistentes.*

1. A lista de asistentes á xunta formarase sobre a base da lista definitiva de acredores, especificando en cada caso os que asistan persoalmente, os que o fagan por representante, con identificación do acto polo cal se conferiu a representación, e os que se teñan por presentes conforme o disposto nesta lei.

2. A lista de asistentes inserirase como anexo á acta ben en soporte físico ben informático, dilixenciado, en todo caso, polo secretario da xunta.

Artigo 366. *Constitución da xunta.*

1. A xunta de acredores reunirse no lugar, día e hora fixados na convocatoria.

2. A xunta entenderase constituída coa concorrencia de acredores que titulen créditos por importe, polo menos, da metade do pasivo ordinario do concurso ou, na súa falta, cando concorran acredores que representen, polo menos, a metade do pasivo do concurso que poida resultar afectado polo convenio, excluídos os acredores subordinados.

3. Os acredores, ordinarios ou privilexiados, asinantes dalgunhas das propostas e os adheridos en tempo e forma a calquera delas que non asistan á xunta teranse por presentes para os efectos do quórum de constitución.

Artigo 367. *Apertura da sesión.*

1. O presidente da xunta de acredores abrirá a sesión, dirixirá as deliberacións e decidirá sobre a validez dos apoderamentos, acreditación dos comparecentes e demais cuestións que poidan resultar controvertidas.

2. A sesión comezará coa exposición por parte do secretario da xunta da proposta ou propostas admitidas a trámite que se someten a deliberación, con indicación da súa procedencia e, de ser o caso, da contía e da clasificación dos créditos titulados por aqueles que as presentasen.

Artigo 368. *Dereito de información.*

Os acredores asistentes á xunta ou os seus representantes poderán solicitar aclaracións sobre o informe da administración concursal e sobre a actuación desta, así como sobre a proposta ou propostas de convenio e a avaliación realizada pola administración concursal.

Artigo 369. *Debate sobre as propostas.*

Unha vez tomada razón das solicitudes de voz para intervencións a favor e en contra da proposta ou propostas sometidas a debate, o presidente concederá a palabra aos solicitantes e poderá considerar suficientemente debatida a proposta unha vez que se producen alternativamente tres intervencións en cada sentido.

Artigo 370. *Votación das propostas.*

1. Unha vez concluído o debate, o presidente someterá a proposta a votación nominal e por chamamento dos acredores asistentes con dereito a voto.

2. Os acredores asistentes poderán emitir o voto no sentido que xulguen conveniente, aínda que asinasen a proposta ou se adherisen a ela.

3. Deliberarase e votarase en primeiro lugar sobre a proposta presentada polo concursado. Se non for aceptada, procederase do mesmo xeito coas presentadas polos acredores, sucesivamente e pola orde que resulte da contía maior a menor do total dos créditos titulados polos seus asinantes.

4. Aceptada unha proposta, non procederá deliberar sobre as restantes nin sometelas a votación.

Artigo 371. *Prórroga da xunta.*

O presidente poderá acordar a prórroga das sesións durante un ou máis días hábiles consecutivos.

Artigo 372. *Acta da xunta.*

1. O secretario da xunta expedirá a acta da xunta conforme o disposto para a documentación das actuacións na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil. Na acta relatarase de maneira sucinta o acaecido na deliberación de cada proposta e expresará o resultado das votacións con indicación do sentido do voto dos acredores que así o solicitasen. Os acredores poderán solicitar tamén que se una á acta o texto escrito das súas intervencións cando non figuren xa en autos.

2. Calquera que fose o número de sesións, redactarase unha soa acta da xunta.

3. Unha vez lida e asinada a acta polo secretario da xunta, o presidente levantará a sesión.

4. No mesmo día de conclusión da xunta ou no seguinte hábil, o secretario elevará ao xuíz a acta.

5. O concursado, a administración concursal e calquera acredor terán dereito a obter, á súa custa, testemuño da acta, literal ou en relación, total ou parcial, que expedirá o letrado da Administración de xustiza e que se entregará ao solicitante dentro dos tres días seguintes ao de presentación da solicitud.

Artigo 373. *Gravación da xunta de acredores.*

1. A xunta de acredores será gravada en soporte audiovisual, conforme o previsto para a gravación de vistas na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

2. O concursado, a administración concursal e calquera acredor terán dereito a obter, á súa custa, copia da gravación realizada, que será entregada polo letrado da Administración de xustiza ao solicitante dentro dos tres días seguintes ao de presentación da solicitud.

Subsección 2.^a *Da aceptación en caso de tramitación escrita***Artigo 374. *Tramitación escrita.***

Cando o número de acredores exceda os trescentos, o xuíz, no auto polo cal poña fin á fase común, poderá acordar a tramitación escrita do convenio.

Artigo 375. *Réxime da tramitación escrita.*

1. No auto que acorde a tramitación escrita do convenio o xuíz sinalará a data límite para a presentación de adhesións ou para formular oposición ás distintas propostas de convenio que se presentasen, que será de dous meses contados desde a data do auto.

2. No caso de que, na data do auto que acorde a tramitación escrita, aínda non se presentasen propostas de convenio, só se poderán presentar ata un mes anterior ao vencemento do prazo previsto no punto anterior. As adhesións e as oposicións á proposta de convenio deberanse realizar no xulgado desde que quede de manifesto o escrito de avaliación na oficina xudicial e ata a conclusión do prazo previsto no punto anterior.

3. A oposición á proposta e a revogación da adhesión deberán constar en autos antes da data límite fixada no auto que acordase a tramitación escrita.

4. A orde para verificar a aceptación das propostas será a mesma que a establecida para a xunta de acredores.

Sección 5.^a Das maiorías do pasivo ordinario necesarias para a aceptación da proposta de convenio

Artigo 376. Maiorías necesarias para a aceptación de propostas de convenio.

1. Cando a proposta de convenio consista no pagamento íntegro dos créditos ordinarios en prazo non superior a tres anos ou no pagamento inmediato dos créditos ordinarios vencidos con quitación inferior ao vinte por cento, será necesario que o pasivo que representen os acredores adheridos ou que votasen a favor da dita proposta sexa superior ao pasivo dos acredores que manifestasen a súa oposición a ela ou votasen en contra.

2. Cando a proposta de convenio conteña quitacións iguais ou inferiores á metade do importe do crédito; esperas, xa sexan de principal, de xuros ou de calquera outra cantidade debida, cun prazo non superior a cinco anos; ou, no caso de acredores distintos dos públicos ou laborais, a conversión dos créditos en créditos participativos durante o mesmo prazo, será necesario o cincuenta por cento do pasivo ordinario.

3. Cando a proposta de convenio ou algunha das alternativas que conteña teña calquera outro contido, será necesario o sesenta e cinco por cento do pasivo ordinario.

4. Para os efectos do establecido nesta lei, considérase pasivo ordinario a suma dos créditos ordinarios e daqueles créditos privilexiados, especiais ou xerais, que se adherisen á proposta ou votasen a favor dela.

Artigo 377. Regras de cómputo.

1. Computaranse como votos favorables á correspondente proposta de convenio os dos acredores, ordinarios ou privilexiados asinantes da proposta e os dos adheridos que, non asistindo á xunta, fosen tidos por presentes por aplicación do disposto nesta lei.

2. Se o concursado mantivese a proposta anticipada de convenio, computaranse como adhesións ou como votos favorables os dos acredores, ordinarios ou privilexiados, adheridos a esa proposta anticipada, salvo que revogasen a adhesión ou asistan, por si ou por medio de representante, á xunta de acredores.

Artigo 378. Trato singular.

1. Para que se considere aceptada unha proposta de convenio que atribúa un trato singular a certos créditos ou a grupos de créditos determinados polas súas características, será preciso, ademais da obtención da maioría que corresponda, a adhesión ou o voto favorable, na mesma proporción, do pasivo non afectado polo trato singular.

2. Para estes efectos, non se considerará que existe un trato singular cando a proposta de convenio manteña a favor dos acredores privilexiados que se adhiran á proposta ou voten ao seu favor vantaxes propias do seu privilexio, sempre que eses acredores queden suxeitos a quitación, espera ou a ambas na mesma medida que os ordinarios.

*Sección 6.^a Da verificación e proclamación do resultado**Artigo 379. Verificación e proclamación do resultado.*

1. Unha vez finalizada a votación dunha proposta de convenio na xunta de acredores, o letrado da Administración de xustiza verificará o resultado e proclamarao de inmediato na propia xunta.

2. Se a proposta for anticipada ou se o xuíz acordase tramitación escrita, o letrado da Administración de xustiza verificará o resultado e proclamarao mediante decreto que ditará dentro dos dez días seguintes a aquel en que tiver finalizado o prazo de presentación de adhesións.

3. Se a proposta obtívase a aceptación dos acredores coas maiorías do pasivo concursal exixidas pola lei, o letrado da Administración de xustiza, ao proclamar o resultado, advertirá os lexitimados do dereito a se opoñeren á aprobación xudicial do convenio.

*Sección 7.^a Da aceptación da proposta de convenio por parte do concursado**Artigo 380. Aceptación da proposta de convenio por parte do concursado.*

1. O concursado poderá aceptar en calquera momento a proposta de convenio presentada polos acredores.

2. En todo caso, considérase aceptada a proposta polo concursado se non se opón á aprobación do convenio polo xuíz ou non solicita a apertura da fase de liquidación.

CAPÍTULO V**Da aprobación xudicial do convenio***Sección 1.^a Do carácter necesario da aprobación xudicial do convenio**Artigo 381. Sometemento á aprobación xudicial.*

Se a proposta de convenio obtívase a aceptación dos acredores coas maiorías do pasivo concursal exixidas pola lei, o letrado da Administración de xustiza, no mesmo día da proclamación do resultado ou no seguinte hábil, someterá o convenio aceptado á aprobación do xuíz.

*Sección 2.^a Da oposición á aprobación xudicial do convenio**Artigo 382. Lexitimación para formular oposición.*

1. A lexitimación activa para opoñerse á aprobación xudicial do convenio corresponde, en caso de proposta anticipada de convenio ou de tramitación escrita, a aqueles que non se adherisen á proposta e, en caso de tramitación en xunta de acredores, aos acredores non asistentes á xunta, aos que fosen ilexitimamente privados do dereito de voto e a aqueles que votasen en contra da proposta de convenio aceptada por maioría, así como, en calquera caso, á administración concursal.

2. O concursado que non solicitase a apertura da fase de liquidación poderase opoñer á aprobación xudicial do convenio se non tiver formulado a proposta de convenio aceptada polos acredores nin tiver prestado posteriormente conformidade a esa proposta. Noutro caso, se o convenio resulta aprobado polo xuíz, quedará suxeito a el.

Artigo 383. *Motivos de oposición.*

1. A oposición só se poderá fundar nos seguintes motivos:

- 1.º Na infracción das normas que esta lei establece sobre o contido do convenio.
- 2.º Na infracción das normas que esta lei establece sobre a forma e o contido das adhesións ou dos votos.
- 3.º Na adhesión á proposta ou o voto favorable a ela por aquel ou aqueles que non fosen titulares lexítimos dos créditos, ou na obtención das adhesións ou dos votos mediante manobras que afecten a paridade de trato entre os acredores ordinarios, cando esas adhesións ou eses votos fosen decisivos para a aprobación dunha proposta de convenio.
- 4.º Na infracción das normas que esta lei establece sobre a tramitación escrita da proposta de convenio ou sobre a constitución ou a realización da xunta.

2. Non poderá formular oposición fundada en infracción legal na constitución ou na celebración da xunta quen, tendo asistido a esta, non a denunciase no momento da súa comisión ou, de ser anterior á constitución da xunta, no momento de se declarar constituída, salvo que conorra algunha das circunstancias a que se refire o ordinal terceiro do punto anterior.

Artigo 384. *Oposición por inviabilidade obxectiva do cumprimento do convenio.*

Os acredores lexitimados para formularen oposición á aprobación xudicial do convenio que, individualmente ou agrupados, sexan titulares, polo menos, do cinco por cento dos créditos ordinarios e a administración concursal poderanse opoñer, ademais, á aprobación xudicial do convenio cando o cumprimento deste sexa obxectivamente inviable.

Artigo 385. *Prazo de oposición.*

A oposición á aprobación xudicial do convenio deberase presentar no prazo de dez días, contados desde o seguinte ao da data de proclamación do resultado polo letrado de Administración de xustiza.

Artigo 386. *Tramitación da oposición.*

A oposición á aprobación xudicial do convenio tramitarase polas canles do incidente concursal.

Artigo 387. *Medidas cautelares durante a tramitación da oposición.*

O xuíz, ao admitir a trámite a oposición e emprazar as demais partes para que contesten, poderá tomar cantas medidas cautelares procedan para evitar que a demora derivada da tramitación da oposición impida, por si soa, o cumprimento futuro do convenio aceptado, en caso de desestimarse a oposición. Entre tales medidas cautelares poderá acordar que se inicie o cumprimento do convenio aceptado, baixo as condicións provisionais que determine.

Sección 3.ª Da aprobación xudicial do convenio

Artigo 388. *Facultades do xuíz para a aprobación do convenio.*

1. O xuíz non poderá modificar o contido do convenio sometido á súa aprobación, aínda que si poderá emendar erros materiais ou de cálculo.
2. Cando for necesario, o xuíz poderá fixar a correcta interpretación das cláusulas do convenio.

Artigo 389. *Aprobación xudicial do convenio.*

Dentro dos cinco días seguintes ao do vencemento do prazo para opoñerse á aprobación sen que se formulase oposición, ou dentro do prazo de dez días unha vez tramitado o incidente, se se formulou, o xuíz ditará sentenza pola cal aprobe ou rexeite o convenio. No auto en que se aprobe o xuíz deberá incluír integramente o convenio aprobado.

Artigo 390. *Publicidade da sentenza aprobatoria.*

Á sentenza pola cal se aprobe o convenio daráselle a mesma publicidade que á do auto de declaración de concurso.

Artigo 391. *Sentenza estimatoria da oposición.*

1. A sentenza que estime a oposición por infracción legal no contido do convenio ou por inviabilidade obxectiva do seu cumprimento declarará rexeitado o convenio. Contra ela poderase interpoñer recurso de apelación.

2. Se a sentenza estima a oposición por infracción legal na constitución ou na realización da xunta, o xuíz acordará que o letrado da Administración de xustiza convoque nova xunta de acredores cos mesmos requisitos de publicidade e antelación que os establecidos nesta lei. A xunta deberá ter lugar dentro do mes seguinte á data da sentenza.

Nesta xunta someterase a deliberación e voto a proposta de convenio que obtivese maioría na anterior e, de resultar rexeitada, someteranse a deliberación e voto, pola orde establecida nesta lei, todas as demais propostas admitidas a trámite.

Se a sentenza estima a oposición por infracción na tramitación escrita, o xuíz poderá acordar que o letrado da Administración de xustiza convoque xunta nos termos anteriores ou que se proceda a unha nova tramitación escrita por un prazo non superior a trinta días desde a data da sentenza.

Artigo 392. *Rexeitamento de oficio do convenio aceptado.*

1. O xuíz, fose ou non formulada oposición, rexeitará de oficio o convenio aceptado polos acredores se aprecia que se infrinxiu algunha das normas que esta lei establece sobre o contido do convenio, sobre a forma e o contido das adhesións e sobre a tramitación escrita ou a constitución da xunta e a súa realización.

2. Se a infracción apreciada afecta a forma e o contido dalgunhas das adhesións, o xuíz, mediante auto, concederá o prazo dun mes para que aquelas se formen cos requisitos e na forma establecidos na lei, transcorrido o cal ditará a oportuna resolución.

3. Se a infracción apreciada afecta a constitución ou a realización da xunta, o xuíz ditará auto polo cal acorde que o letrado da Administración de xustiza convoque nova xunta, cos mesmos requisitos de publicidade e de antelación que os establecidos nesta lei. A xunta deberá ter lugar dentro do mes seguinte á data da resolución xudicial.

4. Se a infracción apreciada afecta as regras sobre a tramitación escrita do convenio, o xuíz acordará que o secretario xudicial convoque xunta nos termos expresados no punto anterior ou que se proceda a unha nova tramitación escrita por un prazo non superior a un mes desde a data do auto.

CAPÍTULO VI

Da eficacia do convenio

Artigo 393. *Comezo da eficacia do convenio.*

1. O convenio adquirirá eficacia desde a data da sentenza que o aprobe.

2. Malia o establecido no punto anterior, o xuíz, por razón do contido do convenio, poderá acordar, de oficio ou por instancia de parte, atrasar esa eficacia á data en que a

sentenza de aprobación acade firmeza. O atraso da eficacia do convenio poderase acordar con carácter parcial.

Artigo 394. *Cesación dos efectos da declaración de concurso.*

1. Desde a eficacia do convenio cesarán todos os efectos da declaración de concurso, que quedarán substituídos polos que, de ser o caso, se establezan no propio convenio.

2. Os deberes de colaboración e información subsistirán ata a conclusión do procedemento.

Artigo 395. *Cesamento da administración concursal.*

1. Desde a eficacia do convenio cesará a administración concursal.

2. A administración concursal renderá contas da súa actuación ante o xuíz do concurso dentro do prazo que este sinale.

3. Non obstante o cesamento, a administración concursal conservará plena lexitimación para continuar os incidentes en curso así como para actuar na sección sexta, con facultades para solicitar a execución provisional ou definitiva das sentenzas que se diten neses incidentes e da sentenza de cualificación.

Artigo 396. *Extensión necesaria do convenio.*

1. O contido do convenio vinculará o debedor e os acredores ordinarios e subordinados, respecto dos créditos de calquera destas clases que fosen anteriores á declaración de concurso, aínda que non se adherisen á proposta de convenio ou votasen a favor dela, ou aínda que, por calquera causa, non fosen recoñecidos.

2. Os acredores subordinados quedarán afectados polas mesmas quitacións e esperas establecidas no convenio para os ordinarios, pero os prazos de espera computaranse a partir do íntegro cumprimento do convenio respecto destes últimos. Quedan a salvo os efectos que poida producir o exercicio da facultade de elección polos acredores subordinados.

Artigo 397. *Extensión do convenio aos créditos privilexiados.*

1. Os acredores privilexiados quedarán vinculados ao convenio aprobado polo xuíz se fosen autores da proposta ou se se adherisen a ela, salvo que revogasen a adhesión, ou se votasen a favor dela, así como se se adhiren en forma ao convenio xa aceptado polos acredores ou aprobado polo xuíz antes da declaración xudicial do seu cumprimento.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, os acredores privilexiados quedarán tamén vinculados ao convenio cando, dentro da mesma clase a que pertencen, se obtivesen as seguintes maiorías:

1.º O sesenta por cento do importe dos créditos privilexiados da mesma clase, cando o convenio consista no pagamento íntegro dos créditos en prazo non superior a tres anos ou no pagamento inmediato dos créditos vencidos con quitación inferior ao vinte por cento; ou cando conteña quitacións iguais ou inferiores á metade do importe do crédito; esperas, xa sexan de principal, de xuros ou de calquera outra cantidade debida, cun prazo non superior a cinco anos; ou, no caso de acredores distintos dos públicos ou laborais, a conversión dos créditos en créditos participativos durante o mesmo prazo.

2.º O setenta e cinco por cento do importe dos créditos privilexiados da mesma clase, nos convenios que teñan outro contido.

No caso de acredores con privilexio especial, o cómputo das maiorías farase en función da proporción das garantías aceptantes sobre o valor total das garantías outorgadas dentro de cada clase.

No caso dos acredores con privilexio xeral, o cómputo realizarase en función do pasivo aceptante sobre o total do pasivo que se beneficie de privilexio xeral dentro de cada clase.

Artigo 398. *Eficacia obxectiva do convenio.*

Os créditos ordinarios e os créditos subordinados quedarán extinguidos na parte a que acade a quitación, aprazados na súa exixibilidade polo tempo de espera e, en xeral, afectados polo contido do convenio. A mesma regra será de aplicación a aqueles créditos privilexiados aos cales se estenda a eficacia do convenio.

Artigo 399. *Conservación de dereitos.*

1. O convenio non producirá efectos respecto dos dereitos dos acredores fronte aos obrigados solidarios co concursado nin fronte aos fiadores ou avalistas, salvo que eses acredores fosen autores da proposta, se adherisen a ela, salvo que revogasen a adhesión ou votasen a favor dela. Os obrigados solidarios, os fiadores e os avalistas non poderán invocar a aprobación do convenio nin o contido deste en prexuízo daqueles.

2. A responsabilidade dos obrigados solidarios, fiadores ou avalistas do concursado fronte aos acredores que fosen autores da proposta, se adherisen a ela, salvo que revogasen a adhesión, ou votasen a favor dela rexerese polos pactos que sobre o particular establecesen e, na súa falta, polas normas legais aplicables á obrigación que contraesen.

CAPÍTULO VII

Do cumprimento do convenio

Sección 1.^a Do cumprimento do convenio

Artigo 400. *Información periódica.*

Con periodicidade semestral, contada desde a data de eficacia total ou parcial da sentenza aprobatoria do convenio, o concursado informará o xuíz do concurso acerca do seu cumprimento.

Artigo 401. *Cumprimento.*

1. O concursado, unha vez que considere integramente cumprido o convenio, presentará ao xuíz do concurso o informe correspondente coa xustificación adecuada e solicitará a declaración xudicial de cumprimento. O letrado da Administración de xustiza acordará poñer de manifesto na oficina xudicial o informe e a solicitude.

2. Transcorridos quince días desde a posta de manifesto, o xuíz, se considera cumprido o convenio, declararao mediante auto, ao cal dará a mesma publicidade que a da súa aprobación.

Sección 2.^a Do incumprimento do convenio

Artigo 402. *Lexitimación para solicitar a declaración de incumprimento.*

1. Calquera acredor que considere incumplido o convenio no que o afecte poderá solicitar do xuíz a declaración de incumprimento.

2. A infracción das medidas prohibitivas ou limitativas do exercicio polo debedor das facultades de administración e de disposición sobre bens e dereitos da masa activa durante o período de cumprimento do convenio constituirá incumprimento do convenio, cuxa declaración poderá ser solicitada do xuíz por calquera acredor.

Artigo 403. *Réxime da solicitude e da declaración de incumprimento.*

1. A acción para solicitar a declaración de incumprimento do convenio poderase exercer desde que se produza o incumprimento e caducará aos dous meses contados desde a última publicación do auto de cumprimento.
2. A demanda de declaración de incumprimento do convenio tramitarase pola canle do incidente concursal.
3. No caso de ser estimada, na declaración de incumprimento do convenio, o xuíz declararao resolto e abrirá a fase de liquidación da masa activa.
4. Contra a sentenza que resolva o incidente caberá recurso de apelación.

Artigo 404. *Efectos da declaración de incumprimento.*

1. Desde que acade firmeza a declaración de incumprimento, as quitacións, as esperas e calquera outra modificación dos créditos que fose pactada no convenio quedarán sen efecto.
2. Desde que acade firmeza a declaración de incumprimento, os acredores con privilexio especial aos cales se estendese a eficacia do convenio ou se adherisen a el unha vez aprobado poderán iniciar ou restablecer a execución separada da garantía con independencia da apertura da fase de liquidación. Neste caso, o acredor executante fará seu o importe resultante da execución en cantidade que non exceda a débeda orixinaria. O resto, se o houber, corresponderá á masa activa do concurso.

Artigo 405. *Actos realizados en execución do convenio.*

1. Os actos realizados polo concursado ou por terceiros en execución do convenio aprobado producirán plenos efectos.
2. Malia o establecido no punto anterior, desde que alcance firmeza a declaración de incumprimento serán anulables os actos realizados durante a fase de cumprimento do convenio que supoñan contravención do propio convenio ou alteración da igualdade de trato dos acredores que se encontren en igualdade de circunstancias, e serán rescindibles os actos prexudiciais para a masa activa realizados polo debedor durante esa fase se se acredita a concorrencia de fraude.

TÍTULO VIII

Da liquidación da masa activa

CAPÍTULO I

Da apertura da fase de liquidación

Artigo 406. *Apertura da liquidación por solicitude do debedor.*

O debedor poderá pedir a liquidación en calquera momento e o xuíz, dentro dos dez días seguintes ao da solicitude, ditará auto polo cal abra a fase de liquidación.

Artigo 407. *Apertura obrigatoria da liquidación.*

1. Durante a vixencia do convenio, o concursado deberá pedir a liquidación desde que coñeza a imposibilidade de cumprir os pagamentos comprometidos neste e as obrigacións contraídas con posterioridade á aprobación daquel.
2. Se o concursado non solicita a liquidación durante a vixencia do convenio, poderá facelo calquera acredor que acredite a existencia dalgún dos feitos que poden fundamentar a declaración de concurso.
O xuíz resolverá mediante auto, logo de audiencia do concursado, sobre se procede ou non abrir a liquidación.

Artigo 408. *Apertura da liquidación por solicitude da administración concursal.*

A administración concursal poderá solicitar a apertura da fase de liquidación en caso de cesamento total ou parcial da actividade profesional ou empresarial. Da solicitude darase traslado ao concursado polo prazo de tres días. O xuíz resolverá sobre a solicitude mediante auto dentro dos cinco días seguintes.

Artigo 409. *Apertura de oficio da liquidación.*

1. A apertura da fase de liquidación procederá de oficio nos seguintes casos:

1.º Non se ter presentado dentro do prazo legal ningunha proposta de convenio ou non ser admitidas a trámite as que fosen presentadas.

2.º Non se ter aceptado ningunha proposta de convenio na xunta de acredores ou na tramitación escrita.

3.º Terse rexeitado por resolución xudicial firme o convenio aceptado en xunta de acredores ou o tramitado por escrito, sen que proceda en ningún deses casos nova convocatoria de xunta nin nova tramitación escrita.

4.º Terse declarado por resolución xudicial firme a nulidade do convenio aprobado polo xuíz.

5.º Terse declarado por resolución xudicial firme o incumprimento do convenio.

2. Nos casos 1.º e 2.º do punto anterior, a apertura da fase de liquidación será acordada polo xuíz sen máis trámites, no momento en que proceda, mediante auto que se notificará ao concursado, á administración concursal e a todas as partes comparecidas no procedemento.

En calquera dos demais casos, a apertura da fase de liquidación acordarase na propia resolución xudicial que a motive e farase efectiva unha vez que esta adquira firmeza.

Artigo 410. *Publicidade da apertura da liquidación.*

Á resolución xudicial que declare a apertura da fase de liquidación daráselle a mesma publicidade que á do auto de declaración de concurso.

CAPÍTULO II

Dos efectos da apertura da fase de liquidación

Artigo 411. *Efectos xerais.*

Durante a fase de liquidación seguiranse aplicando as normas contidas no título III do libro I desta lei en canto non se opoñan ás específicas deste capítulo.

Artigo 412. *Reposición da administración concursal.*

Cando en virtude da eficacia do convenio a administración concursal cesase, o xuíz, na mesma resolución en que acorde a apertura da liquidación, repoñeráa no exercicio do seu cargo ou nomeará outra nova.

Artigo 413. *Efectos sobre o concursado.*

1. Durante a fase de liquidación a situación do concursado será a de suspensión do exercicio das facultades de administración e disposición sobre a masa activa, con todos os efectos establecidos para ela no título III do libro I desta lei.

2. Se o concursado é persoa natural, a apertura da liquidación producirá a extinción do dereito a alimentos con cargo á masa activa, salvo cando for imprescindible para atender as necesidades mínimas do concursado e as do seu cónxuxe, ou cando aprecie a existencia de pactos expresos ou tácitos dos cales derive a inequívoca vontade dos

conviventes de formar un patrimonio común, as da parella de feito inscrita, así como para atender as dos descendentes baixo a súa potestade.

3. Se o concursado é persoa xurídica, a resolución xudicial que abra a fase de liquidación conterà a declaración de disolución se non está acordada e, en todo caso, o cesamento dos administradores ou liquidadores, que serán substituídos para todos os efectos pola administración concursal, sen prexuízo de continuar aqueles en representación da concursada no procedemento concursal e nos incidentes en que sexa parte.

Artigo 414. *Efectos sobre os créditos concursais.*

Ademais dos efectos establecidos no capítulo III do título III do libro I desta lei, a apertura da liquidación producirá o vencemento anticipado dos créditos concursais aprazados e a conversión en diñeiro daqueles que consistan noutras prestacións.

CAPÍTULO III

Das operacións de liquidación

Sección 1.^a Das regras xerais de liquidación

Artigo 415. *Regras xerais.*

1. As operacións de liquidación efectuaranse conforme un plan de liquidación que elaborará a administración concursal e que precisará de aprobación xudicial.

2. De non se aprobar un plan de liquidación e, de ser o caso, no que non tivese previsto o aprobado, as operacións de liquidación axustaranse ás regras supletorias establecidas neste capítulo.

3. En calquera caso, apróbese ou non o plan de liquidación, serán de necesaria aplicación as regras especiais previstas no título IV do libro I sobre a realización de bens ou dereitos afectos a privilexio especial e sobre o alleamento de unidades produtivas ou do conxunto da empresa.

Sección 2.^a Do plan de liquidación

Artigo 416. *Da presentación do plan de liquidación.*

1. Dentro dos quince días seguintes ao de notificación da resolución de apertura da fase de liquidación, a administración concursal presentará ao xuíz un plan para a realización dos bens e dereitos integrados na masa activa do concurso. Se a complexidade do concurso o xustifica, o xuíz, por solicitude da administración concursal, poderá acordar a prórroga deste prazo por un novo período de igual duración.

2. No caso de que a apertura da liquidación se acordase no mesmo auto de declaración de concurso ou antes de que finalice o prazo para presentar o informe da administración concursal, o plan de liquidación presentarase como anexo dese informe.

3. O letrado da Administración de xustiza acordará poñer de manifesto o plan na oficina xudicial e nos lugares que para este efecto designe, e anunciarao na forma que xulgue conveniente.

Artigo 417. *Criterios legais de elaboración do plan de liquidación.*

1. A administración concursal elaborará o plan de liquidación atendendo ao interese do concurso e á máis adecuada satisfacción dos acredores.

2. Sempre que sexa posible, no plan de liquidación deberase proxectar o alleamento unitario do conxunto dos establecementos, explotacións e calquera outra unidade produtiva da masa activa ou dalgúns deles.

3. Salvo para os créditos públicos, no plan de liquidación poderase prever a cesión de bens ou dereitos en pagamento ou para pagamento dos créditos concursais. A cesión en pagamento ou para pagamento exixirá o consentimento dos acredores a que afecte.

Artigo 418. *Observacións ao plan de liquidación e propostas de modificación.*

1. Durante os quince días seguintes ao da data en que quedase de manifesto na oficina xudicial o plan de liquidación, o concursado, os acredores concursais e, de existiren, os representantes dos traballadores poderán formular observacións e propostas de modificación.

2. No caso de que o plan de liquidación conteña previsións sobre a modificación substancial das condicións de traballo, o traslado, o despedimento, a suspensión de contrato ou a redución de xornada de carácter colectivo, observarase o establecido nesta lei en materia de contratos de traballo.

Artigo 419. *Aprobación do plan de liquidación.*

1. Transcorrido o prazo a que se refire o artigo anterior, o xuíz, segundo xulgue conveniente para o interese do concurso, deberá, mediante auto, aprobar o plan nos termos en que fose presentado, introducir nel as modificacións que considere necesarias ou oportunas ou acordar a liquidación conforme as regras legais supletorias. No auto que se aprobe o xuíz deberá incluír integramente o plan de liquidación aprobado.

2. A aprobación do plan terá valor de autorización para allear os bens ou dereitos afectos a crédito con privilexio especial ou para dalos en pagamento ou para pagamento, ou de autorización para allear as unidades produtivas cando así conste expresamente no propio plan aprobado.

3. Contra o auto os interesados poderán interpoñer recurso de apelación.

Artigo 420. *Modificación do plan de liquidación.*

1. O administrador concursal poderá solicitar do xuíz en calquera momento a modificación do plan aprobado se o considera conveniente para o interese do concurso e a máis rápida satisfacción dos acredores. A solicitude especificará as regras concretas do plan que deben ser modificadas e aquelas outras que deban ser suprimidas ou introducidas.

2. A modificación deberase axustar aos trámites establecidos nesta lei para a aprobación do plan de liquidación.

3. Se o considera conveniente, o xuíz, mediante auto, poderá aprobar a modificación proposta nos termos en que fose solicitada polo administrador concursal, introducir nela as modificacións que xulgue necesarias ou oportunas ou denegar a solicitude de modificación.

4. Contra o auto os interesados poderán interpoñer recurso de apelación.

Sección 3.^a Das regras supletorias

Subsección 1.^a Do procedemento de alleamento

Artigo 421. *Regra do procedemento de constrinximento.*

En defecto de previsións no plan de liquidación, os bens e dereitos da masa activa allearanse, segundo a súa natureza, polas disposicións establecidas na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para o procedemento de constrinximento.

Subsección 2.^a Da regra do conxunto

Artigo 422. *Regra do conxunto.*

1. O conxunto dos establecementos, explotacións e calquera outra unidade produtiva de bens ou de servizos da masa activa allearase como un todo.

2. Cando o considere conveniente para o interese do concurso, o xuíz, logo de informe da administración concursal, poderá acordar mediante auto que se efectúe o alleamento individualizado dos establecementos, explotacións e calquera outra unidade produtiva ou dalgunhas delas, ou dos elementos de que se compoñan.

3. Contra o auto que acorde o alleamento individualizado dos establecementos, explotacións e calquera outra unidade produtiva ou dalgunhas delas, ou dos elementos de que se compoñan, non caberá ningún recurso.

CAPÍTULO IV

Da publicidade dos bens e dereitos obxecto de liquidación

Artigo 423. *Publicidade dos bens e dereitos obxecto de liquidación.*

No caso de concursado persoa xurídica, a administración concursal, unha vez aprobado o plan de liquidación ou acordado que a liquidación se realice mediante as regras legais supletorias, deberá remitir, para a súa publicación no portal de liquidacións concursais do Rexistro público concursal, canta información resulte necesaria para facilitar o alleamento da masa activa.

En particular, remitirase información sobre a forma xurídica da persoa xurídica concursada, sector a que pertence, ámbito de actuación, tempo durante o cal estivo en funcionamento, volume de negocio, tamaño do balance, número de empregados, inventario dos activos máis relevantes da empresa, contratos vixentes con terceiros, licenzas e autorizacións administrativas vixentes, pasivos da empresa, procesos xudiciais, administrativos, arbitrais ou de mediación nos cales estivese incurso e aspectos laborais relevantes.

CAPÍTULO V

Dos informes trimestrais de liquidación

Artigo 424. *Informes trimestrais de liquidación.*

1. Cada tres meses, contados desde a apertura da fase de liquidación, a administración concursal presentará ao xuíz do concurso un informe sobre o estado das operacións. A ese informe xuntarase unha relación dos créditos contra a masa na cal se detallarán e cuantificarán os devindicados e pendentes de pagamento, con indicación dos seus respectivos vencementos.

2. O informe trimestral quedará de manifesto na oficina xudicial e será comunicado pola administración concursal de forma telemática aos acredores de cuxo enderezo electrónico se teña coñecemento. O incumprimento desta obriga de comunicación poderá determinar a separación da administración concursal e a existencia da responsabilidade se ese incumprimento causase dano aos acredores.

CAPÍTULO VI

Da consignación preventiva

Artigo 425. *Da consignación preventiva.*

1. O xuíz, de oficio ou por instancia de parte, poderá ordenar a consignación na conta do xulgado de ata un quince por cento do que se obteña en cada un dos alleamentos dos bens e dereitos que integran a masa activa ou dos pagamentos en efectivo que se realicen con cargo a ela.

2. As cantidades consignadas utilizaranse para facer fronte ao pagamento daqueles créditos concursais que resulten dos pronunciamentos xudiciais estimatorios dos recursos

de apelación interpostos ou que se poidan interpoñer fronte a sentenzas de impugnación da lista de acredores ou actos de liquidación.

Artigo 426. *Da liberación das cantidades consignadas.*

As cantidades consignadas liberaranse cando os recursos de apelación fosen resoltos ou cando o prazo para a súa interposición expirase. A parte do remanente consignado que quedase libre tras a resolución ou expiración do prazo de interposición dos recursos será entregada á administración concursal para que esta a asigne de acordo coa orde de prelación legalmente establecida nesta lei, tendo en conta a parte dos créditos que xa fose satisfeita.

CAPÍTULO VII

Da prolongación indebida da liquidación

Artigo 427. *Separación da administración concursal por prolongación indebida da liquidación.*

1. Transcorrido un ano desde a firmeza da resolución xudicial pola que se procedeu á apertura da fase de liquidación sen que finalizase esta, calquera interesado poderá solicitar ao xuíz do concurso a separación da administración concursal e o nomeamento doutra nova.

2. O xuíz, logo de audiencia da administración concursal, acordará a separación de non existir causa que xustifique a dilación e procederá ao nomeamento de quen deba substituíla.

3. O auto polo cal se acorde a separación da administración concursal por prolongación indebida da liquidación inserirase no Rexistro público concursal.

Artigo 428. *Perda do dereito á retribución.*

Os administradores concursais separados por prolongación indebida da liquidación perderán o dereito a percibir as retribucións devindicadas e deberán reintegrar á masa activa as cantidades que nese concepto percibisen desde a apertura da fase de liquidación.

TÍTULO IX

Do pagamento aos acredores concursais

Artigo 429. *Dedución para pagamentos de créditos contra a masa.*

Antes de proceder ao pagamento dos créditos concursais, a administración concursal deducirá da masa activa os bens e dereitos necesarios para satisfacer os créditos contra esta.

Artigo 430. *Pagamento de créditos con privilexio especial.*

1. O pagamento dos créditos con privilexio especial farase con cargo aos bens e dereitos afectos, xa sexan obxecto de execución separada ou colectiva.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, en canto se encontren paralizadas as execucións de garantías reais e o exercicio de accións de recuperación asimiladas ou subsista a suspensión das execucións iniciadas antes da declaración de concurso, a administración concursal poderá comunicar aos titulares destes créditos con privilexio especial que opta por atender o seu pagamento con cargo á masa e sen realización dos bens e dereitos afectos. Comunicada esta opción, a administración concursal deberá satisfacer de inmediato a totalidade dos prazos de amortización e xuros vencidos, e asumirá a obrigaçión de atender os sucesivos como créditos contra a masa e en contía

que non exceda o valor da garantía conforme figura na lista de acredores. En caso de incumprimento, realizaranse os bens e dereitos afectos para satisfacer os créditos con privilexio especial conforme o disposto no punto seguinte.

3. O importe obtido pola realización dos bens ou dereitos afectos destinarase ao pagamento do acredor privilexiado en cantidade que non exceda a débeda orixinaria. O resto, se o houber, corresponderá á masa activa. Se non se consegue a completa satisfacción do crédito, a parte non satisfeita será tratada no concurso coa clasificación que lle corresponda.

Artigo 431. *Prioridade temporal.*

Se un mesmo ben ou dereito se encontra afecto a máis dun crédito con privilexio especial, os pagamentos realizaranse conforme a prioridade temporal que para cada crédito resulte do cumprimento dos requisitos e formalidades previstos na súa lexislación específica para a súa opoñibilidade a terceiros. A prioridade para o pagamento dos créditos con hipoteca legal tácita será a que resulte da regulación desta.

Artigo 432. *Pagamento de créditos con privilexio xeral.*

1. Deducidos da masa activa os bens e dereitos necesarios para satisfacer os créditos contra a masa e con cargo aos bens non afectos a privilexio especial ou ao remanente que deles quede unha vez pagados estes créditos, atenderase ao pagamento daqueles que gozan de privilexio xeral, pola orde establecida nesta lei e, de ser o caso, a pro rata dentro de cada número.

2. O xuíz poderá autorizar o pagamento destes créditos sen esperar á conclusión das impugnacións promovidas adoptando as medidas cautelares que considere oportunas en cada caso para asegurar a súa efectividade e a dos créditos contra a masa de previsible xeración.

Artigo 433. *Pagamento de créditos ordinarios.*

1. O pagamento dos créditos ordinarios efectuarase unha vez satisfeitos os créditos contra a masa e os privilexiados.

2. Os créditos ordinarios serán satisfeitos a pro rata, conxuntamente coa parte dos créditos con privilexio especial en que non fosen satisfeitos con cargo aos bens e dereitos afectos, salvo que teñan a consideración de subordinados.

3. A administración concursal atenderá o pagamento destes créditos en función da liquidez da masa activa e poderá dispoñer de entregas de cotas cuxo importe non sexa inferior ao cinco por cento do nominal de cada crédito.

Artigo 434. *Pagamento de créditos ordinarios con antelación.*

1. En casos excepcionais, o xuíz, por solicitude da administración concursal, poderá motivadamente autorizar a realización de pagamentos de créditos ordinarios con antelación cando considere suficientemente cuberto o pagamento dos créditos contra a masa e dos créditos privilexiados.

2. O xuíz poderá tamén autorizar o pagamento dos créditos ordinarios antes de que conclúan as impugnacións promovidas, adoptando en cada caso as medidas cautelares que considere oportunas para asegurar a súa efectividade e a dos créditos contra a masa de previsible xeración.

Artigo 435. *Pagamento dos créditos subordinados.*

1. O pagamento dos créditos subordinados non se realizará ata que quedasen integramente satisfeitos os créditos ordinarios.

2. O pagamento destes créditos realizarase pola orde establecida nesta lei e, de ser o caso, a pro rata dentro de cada número.

Artigo 436. *Pagamento anticipado.*

De o pagamento dun crédito se realizar antes do vencemento que tiver na data da apertura da liquidación, farase co desconto correspondente, calculado ao tipo de xuro legal.

Artigo 437. *Dereito do acredor á cota do debedor solidario.*

O acredor que, antes da declaración de concurso, cobrase parte do crédito dun debedor solidario, dun fiador ou dun avalista do debedor terá dereito a obter no concurso do debedor os pagamentos correspondentes a aqueles ata que, sumados aos que perciba polo seu crédito, cubran o importe total deste.

Artigo 438. *Pagamento de crédito recoñecido en dous ou máis concursos de debedores solidarios.*

1. No caso de que o crédito fose recoñecido en dous ou máis concursos de debedores solidarios, a suma do percibido en todos os concursos non poderá exceder o importe do crédito.

2. A administración concursal poderá reter o pagamento ata que o acredor presente certificación acreditativa do percibido nos concursos dos demais debedores solidarios. Unha vez efectuado o pagamento, poñerá en coñecemento das administracións concursais dos demais concursos.

3. O debedor solidario concursado que efectuase pagamento parcial ao acredor non poderá obter o pagamento nos concursos dos codebedores mentres o acredor non fose integramente satisfeito.

Artigo 439. *Coordinación con pagamentos anteriores en fase de convenio.*

1. Se á liquidación precedese o cumprimento parcial dun convenio, presumiranse lexítimos os pagamentos realizados nel, salvo que se probe a existencia de fraude, contravención ao convenio ou alteración da igualdade de trato aos acredores.

2. Aqueles que recibisen pagamentos parciais cuxa presunción de lexitimidade non resulte desvirtuada por sentenza firme de revogación, reteranos no seu poder, pero non poderán cobrar o que lles falte por percibir ata que o resto dos acredores da súa mesma clasificación recibise pagamentos nunha porcentaxe equivalente.

Artigo 440. *Pagamento de xuros.*

Se resulta remanente despois do pagamento da totalidade dos créditos concursais, procederá o pagamento, total ou parcial, dos xuros cuxa devindicación quedase suspendida por efecto da declaración de concurso, calculados ao tipo convencional e, de non existir, ao tipo legal.

TÍTULO X

Da cualificación do concurso

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 441. *Cualificación do concurso.*

O concurso cualificarase como fortuíto ou como culpable.

Artigo 442. Concurso culpable.

O concurso cualificarase como culpable cando na xeración ou agravación do estado de insolvencia mediase dolo ou culpa grave do debedor ou, se os tiver, dos seus representantes legais e, en caso de persoa xurídica, dos seus administradores ou liquidadores, de dereito ou de feito, directores xerais, e de quen, dentro dos dous anos anteriores á data de declaración do concurso, tivese calquera destas condicións.

Artigo 443. Supostos especiais.

En todo caso, o concurso cualificarase como culpable nos seguintes supostos:

1.º Cando o debedor se alzase coa totalidade ou parte dos seus bens en prexuízo dos seus acredores ou realizase calquera acto que atrase, dificulte ou impida a eficacia dun embargo en calquera clase de execución iniciada ou de previsible iniciación.

2.º Cando, durante os dous anos anteriores á data da declaración de concurso, saísen fraudulentamente do patrimonio do debedor bens ou dereitos.

3.º Cando, antes da data de declaración do concurso, o debedor realizase calquera acto xurídico dirixido a simular unha situación patrimonial ficticia.

4.º Cando o debedor cometese inexactitude grave en calquera dos documentos adxuntos á solicitude de declaración de concurso ou presentados durante a tramitación do procedemento, ou xuntase ou presentase documentos falsos.

5.º Cando o debedor legalmente obrigado a levar a contabilidade incumprise substancialmente esta obrigaón, levase dobre contabilidade ou cometese na que levase irregularidade relevante para a comprensión da súa situación patrimonial ou financeira.

6.º Cando a apertura da liquidación fose acordada de oficio por incumprimento do convenio debido a causa imputable ao concursado.

Artigo 444. Presuncións de culpabilidade.

O concurso presúmese culpable, salvo proba en contrario, cando o debedor ou, de ser o caso, os seus representantes legais, administradores ou liquidadores:

1.º Incumprisen o deber de solicitar a declaración do concurso.

2.º Incumprisen o deber de colaboración co xuíz do concurso e a administración concursal, non lles facilitasen a información necesaria ou conveniente para o interese do concurso ou non asistisen, por si ou por medio de apoderado, á xunta de acredores, sempre que a súa participación fose determinante para a adopción do convenio.

3.º Se, nalgún dos tres últimos exercicios anteriores á declaración de concurso, o debedor obrigado legalmente a levar a contabilidade non formulase as contas anuais, non as sometese a auditoría, debendo facelo, ou, unha vez aprobadas, non as depositase no Rexistro Mercantil ou no rexistro correspondente.

Artigo 445. Cómplices.

Considéranse cómplices as persoas que, con dolo ou culpa grave, cooperasen co debedor ou, se os tivese, cos seus representantes legais e, en caso de persoa xurídica, cos seus administradores ou liquidadores, tanto de dereito como de feito, ou cos seus directores xerais, na realización de calquera acto que fundase a cualificación do concurso como culpable.

CAPÍTULO II

Da sección de cualificación

*Sección 1.^a Da formación e tramitación da sección de cualificación**Subsección 1.^a Do réxime xeral**Artigo 446. Formación da sección sexta.*

1. Na mesma resolución xudicial pola cal se aprobe o convenio ou o plan de liquidación ou se ordene a liquidación da masa activa conforme as normas legais supletorias o xuíz ordenará a formación da sección sexta.

2. Por excepción ao establecido no punto anterior, non procederá a formación da sección sexta cando se aprobe un convenio no cal se estableza, para todos os créditos ou para os dunha ou varias clases ou subclases das establecidas nesta lei, unha quitación inferior a un terzo do importe deses créditos ou unha espera inferior a tres anos, salvo que resulte incumplido.

3. A sección encabezarase con testemuño da resolución xudicial que ordenase a súa formación e incorporaranse a ela testemuños da solicitude de declaración de concurso, da documentación achegada polo debedor, do auto de declaración de concurso e do informe da administración concursal cos documentos anexos.

Artigo 447. Comparecencia de acredores no procedemento.

Dentro dos dez días seguintes ao da última publicación que se dese á resolución en que o xuíz acordase a formación da sección sexta, calquera acredor ou persoa que acredite interese lexítimo poderá comparecer e ser parte na sección e, de ser o caso, alegar por escrito canto considere relevante para que a administración concursal ou o Ministerio Fiscal poidan fundar a cualificación do concurso como culpable.

Artigo 448. Informe da administración concursal.

1. Unha vez transcorrido o prazo a que se refire o artigo anterior, o letrado da Administración de xustiza ditará resolución en que requira a administración concursal para que, no prazo de quince días, presente un informe razoado e documentado sobre os feitos relevantes para a cualificación do concurso, con proposta de resolución. Se os acredores ou persoas con interese lexítimo formularsen alegacións para a cualificación do concurso como culpable, nesa mesma resolución ordenarase dar traslado deses escritos á administración concursal.

2. Se a administración concursal propón a cualificación do concurso como culpable, o informe, que terá a estrutura propia dunha demanda, expresará a identidade das persoas a que deba afectar a cualificación e a das que deban ser consideradas cómplices, con xustificación da causa, así como con determinación dos danos e perdas que, de ser o caso, causasen as persoas anteriores e as demais pretensións que se consideren procedentes conforme o previsto pola lei.

Artigo 449. Ditame do Ministerio Fiscal.

1. Unha vez unido á sección sexta o informe da administración concursal, o letrado da Administración de xustiza dará traslado do contido desa sección ao Ministerio Fiscal para que, no prazo de dez días, emita ditame, coa mesma estrutura que a do informe da administración concursal, con xustificación da causa, así como con determinación dos danos e perdas que, de ser o caso, causasen as persoas anteriores, e as demais pretensións que xulgue procedentes. Atendidas as circunstancias, o xuíz poderá acordar a prórroga do dito prazo por un máximo de dez días máis.

2. Se o Ministerio Fiscal non emite ditame dentro de prazo, entenderase que non se opón á proposta de cualificación da administración concursal e seguirá o seu curso a tramitación da sección.

Artigo 450. *Tramitación da sección.*

1. Se o informe da administración concursal e o ditame que, de ser o caso, emitise o Ministerio Fiscal coinciden en cualificar o concurso como fortuíto, o xuíz, sen máis trámites, ordenará, mediante auto, o arquivamento das actuacións. Contra o auto que ordene o arquivamento das actuacións non caberá ningún recurso.

2. Noutro caso, o letrado da Administración de xustiza dará audiencia ao concursado polo prazo de dez días e, na mesma resolución, ordenará emprazar todas as demais persoas que, segundo resulte do actuado, poidan ser afectadas pola cualificación do concurso ou declaradas cómplices, co fin de que, no prazo de cinco días, comparezan na sección se non o fixesen con anterioridade.

3. A quen compareza en prazo, o letrado da Administración de xustiza daralle vista do contido da sección para que, dentro dos dez días seguintes, alegue canto conveña ao seu dereito. Se comparece con posterioridade ao vencemento do prazo, considerarao parte sen retroceder o curso das actuacións. Se non comparece, o letrado da Administración de xustiza declararao en rebeldía e seguirán o seu curso as actuacións sen volvelo citar.

Artigo 451. *Oposición á cualificación.*

1. Se o concursado ou algún dos comparecidos formula oposición, deberá facelo na forma prevista para un escrito de contestación á demanda. Para os trámites posteriores, o procedemento instruirase segundo o previsto para o incidente concursal. De seren varias as oposicións, tramitaranse xuntas no mesmo incidente.

2. Se non se formulase oposición, o xuíz ditará sentenza no prazo de cinco días.

Subsección 2.^a Do réxime especial en caso de incumprimento do convenio

Artigo 452. *Especialidades da formación da sección de cualificación en caso de incumprimento do convenio.*

1. En caso de incumprimento do convenio, na mesma resolución xudicial que acorde a apertura da liquidación por razón dese incumprimento o xuíz ordenará a formación da sección sexta se non se abra se por razón do contido do convenio aprobado.

2. Se a sección sexta fose formada no seu día por razón do contido do convenio, na mesma resolución xudicial que acorde a apertura da liquidación por razón dese incumprimento o xuíz procederá do seguinte modo:

1.º Se se ditase nela sentenza de cualificación ou auto de arquivamento da sección, ordenará a reapertura desa sección, con incorporación a ela das actuacións anteriores e da propia resolución.

2.º Se continúa en tramitación, ordenará a formación dunha peza separada dentro da sección de cualificación que se encontre aberta, para a súa tramitación de forma autónoma e conforme as normas establecidas neste título que lle sexan de aplicación.

Artigo 453. *Comparecencia de acredores no procedemento.*

Dentro do prazo de dez días, contado desde a última publicación que se dese á resolución pola cal o xuíz acordase a reapertura desa sección ou a formación de peza separada, calquera acredor ou persoa que acredite interese lexítimo poderá comparecer na sección ou na peza separada e, de ser o caso, alegar por escrito canto considere relevante para que a administración concursal ou o Ministerio Fiscal poidan fundar a

cualificación do concurso como culpable en razón do incumprimento do convenio por causa imputable ao concursado.

Artigo 454. *Contido do informe e do ditame.*

1. No caso de reapertura da sección ou de formación de peza separada, o informe da administración concursal e, de ser o caso, o ditame do Ministerio Fiscal limitaranse a determinar as causas do incumprimento do convenio, con proposta de resolución.

2. No caso de formación da sección de cualificación, o informe da administración concursal e, de ser o caso, o ditame do Ministerio Fiscal expresarán os feitos relevantes para a cualificación do concurso, sen a limitación a que se refire o punto anterior, con proposta de resolución.

Sección 2.^a Da sentenza de cualificación

Artigo 455. *Sentenza de cualificación.*

1. A sentenza declarará o concurso como fortuíto ou como culpable. Se o cualifica como culpable, expresará a causa ou causas en que se fundamente a cualificación.

2. A sentenza que cualifique o concurso como culpable conterá, ademais, os seguintes pronunciamentos:

1.º A determinación das persoas afectadas pola cualificación, así como, de ser o caso, a das declaradas cómplices.

En caso de persoa xurídica, poderán ser consideradas persoas afectadas pola cualificación os administradores ou liquidadores, de dereito ou de feito, os directores xerais e aqueles que, dentro dos dous anos anteriores á data da declaración de concurso, tivesen calquera destas condicións.

Se algunha das persoas afectadas o fose como administrador ou liquidador de feito, a sentenza deberá motivar especificamente a atribución desa condición.

Non terán a consideración de administradores de feito os acredores que, en virtude do pactado no convenio, teñan dereitos especiais de información, de autorización de determinadas operacións do debedor ou calquera outra de vixilancia ou control sobre o cumprimento do plan de viabilidade, salvo que se acredite a existencia dalgunha circunstancia de distinta natureza que poida xustificar a atribución desa condición.

2.º A inhabilitación das persoas naturais afectadas pola cualificación para administrar os bens alleos durante un período de dous a quince anos, así como para representar calquera persoa durante o mesmo período.

A duración do período de inhabilitación fixaraa o xuíz atendendo á gravidade dos feitos e á entidade do prexuízo causado á masa activa, así como á existencia doutras sentenzas de cualificación do concurso como culpable nas cales a mesma persoa xa fose inhabilitada.

Excepcionalmente, en caso de convenio, se así o solicitase a administración concursal no informe de cualificación, a sentenza poderá autorizar o inhabilitado para continuar á fronte da empresa ou como administrador da sociedade concursada durante o tempo de cumprimento do convenio ou por período inferior.

3.º A perda de calquera dereito que as persoas afectadas pola cualificación ou declaradas cómplices teñan como acredores concursais ou da masa.

4.º A condena ás persoas afectadas pola cualificación ou declaradas cómplices a devolver os bens ou dereitos que indebidamente obtivesen do patrimonio do debedor ou recibisen da masa activa.

5.º A condena ás persoas afectadas pola cualificación ou declaradas cómplices a indemnizar os danos e perdas causados.

Artigo 456. *Condena á cobertura do déficit.*

1. Cando a sección de cualificación fose formada ou reaberta como consecuencia da apertura da fase de liquidación, o xuíz, na sentenza de cualificación, poderá condenar, con

ou sen solidariedade, á cobertura, total ou parcial, do déficit a todos ou a algúns dos administradores, liquidadores, de dereito ou de feito, ou directores xerais da persoa xurídica concursada que fosen declarados persoas afectadas pola cualificación na medida en que a conduta destas persoas que determinase a cualificación do concurso como culpable xerase ou agravase a insolvencia.

2. Considérase que existe déficit cando o valor dos bens e dereitos da masa activa segundo o inventario da administración concursal sexa inferior á suma dos importes dos créditos recoñecidos na lista de acredores.

3. En caso de pluralidade de condenados á cobertura do déficit, a sentenza deberá individualizar a cantidade que deberá satisfacer cada un deles, de acordo coa participación nos feitos que determinasen a cualificación do concurso.

4. En caso de reapertura da sección sexta por incumprimento do convenio, se o concurso fose xa cualificado como culpable, o xuíz para fixar a condena á cobertura, total ou parcial, do déficit, atenderá tanto aos feitos declarados probados na sentenza de cualificación como aos determinantes da reapertura.

Artigo 457. *Publicidade.*

O contido da sentenza de cualificación do concurso como culpable inscribírase no Rexistro público concursal.

Artigo 458. *Cumprimento das condenas de inhabilitación.*

No caso de que unha mesma persoa sexa inhabilitada en dous ou máis concursos, o período de inhabilitación será a suma de cada un deles.

Artigo 459. *Cesamento e substitución dos inhabilitados.*

1. A firmeza da sentenza de cualificación producirá o cesamento automático dos administradores e liquidadores da persoa xurídica concursada que fosen inhabilitados.

2. Se o cesamento impide o funcionamento do órgano de administración ou liquidación, a administración concursal, aínda que fose cesada, convocará xunta ou asemblea de socios para o nomeamento de quen deba cubrir as vacantes dos inhabilitados. Os gastos da convocatoria serán por conta da sociedade.

Artigo 460. *Recurso de apelación.*

Quen fose parte na sección sexta poderá interpoñer recurso de apelación contra a sentenza de cualificación.

Artigo 461. *Execución da sentenza de cualificación.*

1. A lexitimación para solicitar a execución da condena ou das condenas que conteña a sentenza de cualificación corresponderá á administración concursal. Os acredores que instasen por escrito da administración concursal a solicitude da execución estarán lexitimados para solicitala se a administración concursal non o fixer dentro do mes seguinte ao requirimento.

2. Todas as cantidades que se obteñan en execución da sentenza de cualificación se integrarán na masa activa do concurso.

Artigo 462. *Regra da non vinculación dos xuíces do penal.*

A cualificación non vinculará os xuíces e tribunais da orde xurisdiccional penal que, de ser o caso, entendan de actuacións do debedor que poidan ser constitutivas de delito.

Sección 3.^a Da cualificación en caso de intervención administrativa

Artigo 463. *Formación da sección de cualificación.*

1. Nos casos de adopción de medidas administrativas que comporten a disolución e liquidación dunha entidade e exclúan a posibilidade de declarar o concurso, a autoridade supervisora que as acordase comunicará inmediatamente a resolución ao xuíz que sexa competente para a declaración de concurso desa entidade.

2. Unha vez recibida a comunicación, e aínda que a resolución administrativa non sexa firme, o xuíz, de oficio ou por solicitude do Ministerio Fiscal ou da autoridade administrativa, ditará auto en que acorde a formación dunha sección autónoma de cualificación, sen declaración previa de concurso.

3. Darase ao auto a publicidade prevista nesta lei para a resolución xudicial de apertura da liquidación.

Artigo 464. *Especialidades da tramitación.*

1. A sección encabezarase coa resolución administrativa que acordase as medidas.

2. Os interesados poderán comparecer e ser parte na sección no prazo de quince días contados desde a publicación prevista no artigo anterior.

3. O informe sobre a cualificación será emitido pola autoridade supervisora que acordase a medida de intervención, salvo que na lexislación específica se designe persoa distinta.

TÍTULO XI

Da conclusión e da reapertura do concurso de acredores

CAPÍTULO I

Da conclusión do concurso

Sección 1.^a Das causas de conclusión do concurso

Artigo 465. *Causas.*

A conclusión do concurso co arquivamento das actuacións procederá nos seguintes casos:

1.º Unha vez que sexa firme o auto da Audiencia Provincial que revogue en apelación o auto de declaración de concurso.

2.º Cando da lista definitiva de acredores resulte a existencia de único acredor.

3.º Cando se dite auto de cumprimento do convenio, unha vez transcorrido o prazo de caducidade das accións de declaración de incumprimento ou, de ser o caso, rexeitadas por resolución xudicial firme as que se tiveren exercido.

4.º Unha vez liquidados os bens e dereitos da masa activa e aplicado o obtido na liquidación á satisfacción dos créditos.

5.º En calquera estado do procedemento, cando se comprobe a insuficiencia da masa activa para satisfacer os créditos contra a masa.

6.º En calquera estado do procedemento, cando se comprobe o pagamento ou a consignación da totalidade dos créditos recoñecidos ou a íntegra satisfacción dos acredores por calquera outro medio ou que xa non existe a situación de insolvencia.

7.º Unha vez terminada a fase común do concurso, cando quede firme a resolución que acepte a desistencia ou a renuncia da totalidade dos acredores recoñecidos.

*Sección 2.ª Do réxime de conclusión do concurso**Subsección 1.ª Da conclusión do concurso por revogación da declaración**Artigo 466. Revogación da declaración de concurso.*

A conclusión do concurso acordarase mediante dilixencia o letrado da Administración de xustiza, unha vez que conste no xulgado a firmeza do auto da Audiencia Provincial que revogue o auto de declaración de concurso.

*Subsección 2.ª Da conclusión do concurso por cumprimento do convenio**Artigo 467. Cumprimento do convenio.*

Unha vez transcorrido o prazo de caducidade das accións de declaración de incumprimento ou, de ser o caso, rexeitadas por resolución xudicial firme as que se exerceron, o xuíz ditará auto de conclusión do procedemento.

*Subsección 3.ª Da conclusión do concurso por finalización da liquidación**Artigo 468. Presentación do informe final de liquidación.*

1. Dentro do mes seguinte á conclusión da liquidación da masa activa, a administración concursal presentará ao xuíz do concurso o informe final de liquidación en que solicite a conclusión do procedemento. Se está en tramitación a sección sexta, o informe final presentarase no mes seguinte á notificación da sentenza de cualificación.

2. No informe final de liquidación, o administrador concursal expoñerá as operacións de liquidación que realizase e as cantidades obtidas en cada unha desas operacións, así como os pagamentos realizados e, de ser o caso, as consignacións efectuadas para a satisfacción dos créditos contra a masa e dos créditos concursais.

3. No informe final de liquidación o administrador concursal expoñerá se o debedor ten a propiedade de bens ou dereitos legalmente inembargables, e se na masa activa existen bens ou dereitos desprovistos de valor de mercado ou cuxo custo de realización sexa manifestamente desproporcionado respecto do previsible valor venal, así como se existen bens ou dereitos peñorados ou hipotecados.

4. O informe final poñerase de manifesto na oficina xudicial a todas as partes comparecidas durante o prazo de quince días.

5. A administración concursal remitirá o informe final mediante comunicación telemática aos acredores de cuxo enderezo electrónico teña coñecemento.

6. O establecido neste artigo será de aplicación ao informe xustificativo da procedencia da conclusión do concurso por calquera outra causa de conclusión do concurso e ao escrito en que o administrador concursal emita informe favorable sobre a solicitude de conclusión deducida por outros lexitimados.

Artigo 469. Oposición á conclusión.

1. Se no prazo de audiencia concedido ás partes, computado desde a posta de manifesto do informe final na oficina xudicial, se formula oposición á conclusión do concurso, darase a esta a tramitación do incidente concursal.

2. Se non se formula oposición no prazo indicado, o xuíz resolverá sobre a conclusión do procedemento na mesma resolución que decida sobre a rendición de contas.

Subsección 4.^a Da conclusión por insuficiencia da masa activa simultánea á declaración do concurso

Artigo 470. *Presupostos.*

O xuíz poderá acordar no mesmo auto de declaración de concurso a conclusión do procedemento cando aprecie de maneira evidente que a masa activa presumiblemente será insuficiente para a satisfacción dos posibles gastos do procedemento e, ademais, que non é previsible o exercicio de accións de reintegración ou de responsabilidade de terceiros nin a cualificación do concurso como culpable.

Artigo 471. *Recurso contra o auto de conclusión do concurso.*

Quen teña interese lexítimo poderá interpoñer recurso de apelación contra o pronunciamento do auto polo cal se decretase a conclusión do concurso.

Artigo 472. *Especialidades en caso de concurso de persoa natural.*

1. Se o concursado for persoa natural, o xuíz, no mesmo auto que acorde a conclusión, designará un administrador concursal que deberá liquidar os bens existentes e pagar os créditos contra a masa seguindo a orde establecida nesta lei para o suposto de insuficiencia de masa.

2. Unha vez comunicada ao xulgado a finalización da liquidación, o debedor, dentro dos quince días seguintes, poderá solicitar a exoneración do pasivo insatisfeito ante o xuíz do concurso, para o cal serán de aplicación a tramitación, os requisitos e os efectos establecidos nesta lei.

Subsección 5.^a Da conclusión por insuficiencia da masa activa posterior ao auto de declaración do concurso

Artigo 473. *Presupostos da conclusión do concurso.*

1. Durante a tramitación do concurso procederá a conclusión por insuficiencia da masa activa cando, non sendo previsible o exercicio de accións de reintegración ou de responsabilidade de terceiros nin a cualificación do concurso como culpable, a masa activa non sexa presumiblemente suficiente para a satisfacción dos créditos contra a masa, salvo que o xuíz considere que o pagamento deses créditos está garantido por un terceiro de maneira suficiente.

A insuficiencia de masa activa existirá aínda que o concursado manteña a propiedade de bens legalmente inembargables ou desprovistos de valor de mercado ou cuxo custo de realización sería manifestamente desproporcionado respecto do seu previsible valor venal.

2. Malia o disposto no punto anterior, non se poderá ditar auto de conclusión do concurso por insuficiencia da masa activa mentres se estea tramitando a sección de cualificación ou estean pendentes demandas de reintegración ou de exixencia de responsabilidade de terceiros, salvo que as correspondentes accións fosen obxecto de cesión ou sexa manifesto que o que se obteña delas non sería suficiente para a satisfacción dos créditos contra a masa.

Artigo 474. *Informe xustificativo da administración concursal.*

1. Unha vez satisfeitos os créditos contra a masa conforme a orde prevista nesta lei para o caso de insuficiencia de masa activa, a administración concursal presentará ao xuíz do concurso un informe co mesmo contido establecido para o balance final de liquidación, no cal afirmará e razoará inescusablemente que o concurso non será cualificado como culpable e que non existen accións viables de reintegración da masa activa nin de responsabilidade de terceiros pendentes de ser exercidas ou ben que o que se poida obter

das correspondentes accións non sería suficiente para o pagamento dos créditos contra a masa, e solicitará a conclusión do procedemento.

2. A administración concursal remitirá o informe xustificativo mediante comunicación telemática aos acredores de cuxo enderezo electrónico teña coñecemento.

3. O informe final poñerase de manifesto na oficina xudicial a todas as partes comparecidas durante o prazo de quince días.

Artigo 475. *Oposición á conclusión.*

1. Se no prazo de audiencia concedido ás partes, computado desde a posta de manifesto do informe da administración concursal na oficina xudicial, se formula oposición á conclusión do concurso, darase a esta a tramitación do incidente concursal.

2. Se non se formula oposición no prazo indicado, o xuíz resolverá sobre a conclusión por insuficiencia de masa na mesma resolución que decida sobre a rendición de contas.

Artigo 476. *Solicitud de continuación do concurso.*

1. Ata a data en que se dite o auto de conclusión do concurso, os acredores e calquera outro lexitimado poderán solicitar a continuación do concurso sempre que xustifiquen a existencia de indicios suficientes para considerar que se poden exercer determinadas accións de reintegración ou que acheguen por escrito feitos relevantes que poidan conducir á cualificación de concurso culpable e á constitución de depósito ou á consignación no vulgado dunha cantidade suficiente para a satisfacción dos previsibles créditos contra a masa. O depósito ou consignación poderase facer tamén mediante aval solidario de duración indefinida, pagadoiro a primeiro requirimento, emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, ou por calquera outro medio que, ao xuízo do tribunal, garanta a inmediata dispoñibilidade da cantidade.

2. O letrado da Administración de xustiza admitirá a trámite a solicitude se cumpre as condicións de tempo e contido establecidas nesta lei. Se entende que non concorren as condicións ou que non se emendaron, dará conta ao xuíz para que dite auto en que acepte ou denegue a solicitude.

3. Se continúa o concurso, o instante estará lexitimado para o exercicio das accións de reintegración que identificase na solicitude e, en canto ás custas e gastos, aterase ao establecido nesta lei para o exercicio subsidiario de accións polos acredores.

Subsección 6.^a Da conclusión do concurso por satisfacción dos acredores, por desistencia ou por renuncia

Artigo 477. *Conclusión por satisfacción aos acredores, desistencia ou renuncia.*

1. O concursado, a administración concursal ou calquera dos acredores poderá alegar como causa de conclusión do concurso o pagamento ou a consignación da totalidade dos créditos recoñecidos ou a íntegra satisfacción dos acredores por calquera outro medio, así como, unha vez terminada a fase común do concurso, a firmeza da resolución que acepte a desistencia ou a renuncia da totalidade dos acredores recoñecidos. A solicitude de conclusión do concurso de acredores poderase presentar aínda que se encontre en tramitación a sección sexta.

2. Cando a solicitude de conclusión non a formule a propia administración concursal, daráselle traslado da solicitude para que emita informe no prazo de quince días, no cal se poderá opoñer á conclusión de concurso.

3. Unha vez presentado o informe pola administración concursal ou solicitada por esta a conclusión, o letrado da Administración de xustiza dará traslado ás demais partes comparecidas para que no prazo de quince días poidan formular oposición á solicitude de conclusión.

4. Se non se formula oposición, o xuíz resolverá sobre a conclusión do concurso na mesma resolución que decida sobre a rendición de contas. De se formular oposición á conclusión de concurso, daráselle a tramitación do incidente concursal.

5. A conclusión do concurso non impedirá a continuación da tramitación da sección sexta nin a execución por parte da administración concursal dos pronunciamentos da sentenza de cualificación.

Sección 3.^a Da rendición de contas

Artigo 478. Rendición de contas.

1. Co informe final de liquidación, co informe xustificativo da procedencia da conclusión do concurso por calquera outra causa de conclusión do concurso ou co escrito en que emita informe favorable sobre a solicitude de conclusión deducida por outros lexitimados, o administrador concursal presentará escrito de rendición de contas.

2. No escrito de rendición de contas xustificará cumpridamente o administrador concursal a utilización que fixese das facultades conferidas e detallará a retribución que lle fose fixada polo xuíz para cada fase do concurso, especificando as cantidades percibidas, incluídas as complementarias, así como as datas de cada unha desas percepcións, e expresará os pagamentos do auxiliar ou auxiliares delegados, se fosen nomeados, así como os de calquera experto, taxador e entidade especializada que contratase, con cargo á retribución do propio administrador concursal. Así mesmo, precisará o número de traballadores asignados pola administración concursal ao concurso e o número total de horas dedicadas polo conxunto destes traballadores ao concurso.

3. O letrado da Administración de xustiza remitirá o escrito de rendición de contas ao Rexistro público concursal.

Artigo 479. Oposición e resolución.

1. Dentro do prazo de audiencia para formular oposición á conclusión do concurso, tanto o concursado como os acredores poderán formular oposición razoada á aprobación das contas.

2. Se non se formula oposición ás contas nin á conclusión do concurso, o xuíz, mediante auto, decidirá sobre a conclusión de concurso e, de acordarse esta, declarará aprobadas as contas.

3. Se só se formula oposición ás contas, esta instruírase polos trámites do incidente concursal e na sentenza que poña fin a este incidente resolverase sobre esta e decidírase sobre a conclusión do concurso.

4. Se a oposición só afecta a conclusión de concurso, o xuíz aprobará as contas na sentenza que decida sobre a conclusión, no caso de que esta sexa acordada.

5. Se se formula oposición á aprobación das contas e tamén á conclusión do concurso, ambas se tramitarán no mesmo incidente e se resolverán na mesma sentenza.

6. Á sección segunda unirase un testemuño da resolución que decida sobre a rendición de contas.

Artigo 480. Efectos da aprobación ou desaprobación das contas.

1. A desaprobación das contas comportará a inhabilitación temporal do administrador ou administradores concursais para seren nomeados noutros concursos durante un período que determinará o xuíz na sentenza de desaprobación e que non poderá ser inferior a seis meses nin superior a dous anos.

2. A aprobación ou a desaprobación das contas non prexulga a procedencia ou improcedencia da acción de responsabilidade dos administradores concursais.

*Sección 4.ª Dos recursos e da publicidade*Artigo 481. *Recursos.*

1. Contra o auto que acorde a conclusión do concurso non caberá ningún recurso e contra o que a denegue poderase interpoñer recurso de apelación.

2. Contra a sentenza que resolva a oposición á conclusión do concurso caberán os recursos previstos nesta lei para as sentenzas ditadas en incidentes concursais.

Artigo 482. *Publicidade.*

A resolución que acorde a conclusión do procedemento notificaráselles ás mesmas persoas ás cales se lles notificase o auto de declaración de concurso e publicarse no Rexistro público concursal e, por medio de edicto, no «Boletín Oficial del Estado»,

*Sección 5.ª Dos efectos da conclusión do concurso*Artigo 483. *Efectos xerais.*

Nos casos de conclusión do concurso, cesarán as limitacións sobre as facultades de administración e de disposición do concursado, salvo as que se conteñan na sentenza de cualificación, e cesará a administración concursal; así mesmo, o xuíz ordenará o arquivamento das actuacións, sen máis excepcións que as establecidas nesta lei.

Artigo 484. *Efectos específicos en caso de concurso de persoa natural.*

1. En caso de conclusión do concurso por liquidación ou insuficiencia de masa activa, o debedor persoa natural quedará responsable do pagamento dos créditos insatisfeitos, salvo que obteña o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito.

2. Os acredores poderán iniciar execucións singulares mentres non se acorde a reapertura do concurso ou non se declare novo concurso. Para tales execucións, a inclusión do seu crédito na lista definitiva de acredores equipárase a unha sentenza firme de condena.

Artigo 485. *Efectos específicos en caso de concurso de persoa xurídica.*

A resolución xudicial que declare a conclusión do concurso por liquidación ou por insuficiencia da masa activa do concursado persoa xurídica acordará a extinción da persoa xurídica concursada e dispoñerá a cancelación da súa inscrición nos rexistros públicos que corresponda; para este efecto expedirase mandamento que conteña testemuño da resolución firme.

CAPÍTULO II

Do beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito*Sección 1.ª Do ámbito de aplicación*Artigo 486. *Ámbito de aplicación.*

Se a causa de conclusión do concurso for a finalización da fase de liquidación da masa activa ou a insuficiencia desa masa para satisfacer os créditos contra a masa, o debedor persoa natural poderá solicitar o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito.

*Sección 2.^a Do réxime xeral**Subsección 1.^a Dos presupostos da exoneración**Artigo 487. Presuposto subxectivo.*

1. Só poderá solicitar o beneficio de exoneración de responsabilidade o debedor persoa natural que sexa de boa fe.

2. Para estes efectos, considérase que o debedor é de boa fe cando reúna os dous seguintes requisitos:

1.º Que o concurso non fose declarado culpable. Con todo, se o concurso fose declarado culpable por ter incumplido o debedor o deber de solicitar oportunamente a declaración de concurso, o xuíz poderá conceder o beneficio atendendo ás circunstancias en que se producise o atraso.

2.º Que o debedor non fose condenado en sentenza firme por delitos contra o patrimonio, contra a orde socioeconómica, de falsidade documental, contra a Facenda pública e a Seguridade Social ou contra os dereitos dos traballadores nos dez anos anteriores á declaración de concurso. Se existe un proceso penal pendente, o xuíz do concurso deberá suspender a decisión respecto á exoneración do pasivo insatisfeito ata que se dite resolución xudicial firme.

Artigo 488. Presuposto obxectivo.

1. Para a obtención do beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito será preciso que no concurso de acredores se satisfixesen na súa integridade os créditos contra a masa e os créditos concursais privilexiados e, se reúna os requisitos para poder facelo, que o debedor subscribise ou, polo menos, tentase subscribir un acordo extraxudicial de pagamentos cos acredores.

2. Se o debedor que reúna os requisitos para poder facelo non tentase un acordo extraxudicial de pagamentos previo, poderá obter ese beneficio se no concurso de acredores se satisfixese, ademais dos créditos contra a masa e os créditos privilexiados, polo menos, o vinte e cinco por cento do importe dos créditos concursais ordinarios.

*Subsección 2.^a Da solicitude de exoneración e da concesión do beneficio**Artigo 489. Solicitude de exoneración.*

1. O debedor deberá presentar ante o xuíz do concurso a solicitude de exoneración do pasivo insatisfeito dentro do prazo de audiencia concedido ás partes para formular oposición á solicitude de conclusión do concurso.

2. Na solicitude o debedor xustificará a concorrencia dos presupostos e requisitos establecidos nos artigos anteriores.

3. O letrado da Administración de xustiza dará traslado da solicitude do debedor á administración concursal e aos acredores comparecidos para que dentro do prazo de cinco días aleguen canto consideren oportuno en relación coa concesión do beneficio.

4. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo a que se refire o punto anterior, o letrado da Administración de xustiza dará traslado ao debedor dos escritos que se presentasen co fin de que, dentro do prazo que para o efecto lle conceda, manifeste se mantén a solicitude inicial ou se, desistindo do réxime legal xeral para a exoneración, opta por exoneración mediante a aprobación xudicial dun plan de pagamentos. Se non manifesta o contrario, entenderase que o debedor mantén a solicitude inicial. Se opta por esta posibilidade, deberá xuntar proposta de plan de pagamentos e a solicitude tramitarase conforme o establecido na sección seguinte.

Artigo 490. *Resolución sobre a solicitude.*

1. Se a administración concursal e os acredores comparecidos mostran conformidade á solicitude do debedor que mantívase a solicitude inicial ou non se opoñen a ela dentro do prazo legal, o xuíz do concurso, logo de verificación da concorrencia dos presupostos e requisitos establecidos nesta lei, concederá o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito na resolución en que declare a conclusión do concurso.

2. A oposición só se poderá fundar na falta dalgún dos presupostos e requisitos establecidos nesta lei. A oposición instruirase polo trámite do incidente concursal.

3. Non se poderá ditar auto de conclusión do concurso ata que gañe firmeza a resolución que se dite no incidente pola que se conceda ou denegue o beneficio solicitado.

Subsección 3.^a Da extensión da exoneración

Artigo 491. *Extensión da exoneración.*

1. Se se satisfixesen na súa integridade os créditos contra a masa e os créditos concursais privilexiados, e se o debedor que reúna os requisitos para poder facelo tentase un acordo extraxudicial de pagamentos previo, o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito estenderase á totalidade dos créditos insatisfeitos, exceptuando os créditos de dereito público e por alimentos.

2. Se o debedor que reúna os requisitos para poder facelo non tentase un acordo extraxudicial de pagamentos previo, o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito estenderase ao setenta e cinco por cento dos créditos ordinarios e á totalidade dos subordinados.

Subsección 4.^a Da revogación da exoneración

Artigo 492. *Revogación da concesión da exoneración.*

1. Calquera acredor concursal estará lexitimado para solicitar do xuíz do concurso a revogación da concesión do beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito se, durante os cinco anos seguintes ao da súa concesión, se constata que o debedor ocultou a existencia de bens ou dereitos ou de ingresos, salvo que sexan inembargables segundo a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

2. A solicitude de revogación tramitarase conforme o establecido para o xuízo verbal.

3. No caso de que o xuíz acorde a revogación do beneficio, os acredores recuperarán a plenitude das súas accións fronte ao debedor para facer efectivos os créditos non satisfeitos á conclusión do concurso.

Sección 3.^a Do réxime especial de exoneración pola aprobación dun plan de pagamentos

Artigo 493. *Presuposto obxectivo especial.*

Aínda que o debedor de boa fe non reúna o presuposto obxectivo establecido para o réxime xeral, poderá solicitar o beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito, con suxeición a un plan de pagamentos da débeda que non quedaría exonerada, se cumpre os seguintes requisitos:

1.º Non ter rexeitado, dentro dos catro anos anteriores á declaración de concurso, unha oferta de emprego adecuada á súa capacidade.

2.º Non ter incumplido os deberes de colaboración e de información respecto do xuíz do concurso e da administración concursal.

3.º Non ter obtido o beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito dentro dos dez últimos anos.

Artigo 494. *Solicitud de exoneración.*

Na solicitude de exoneración do pasivo insatisfeito, o debedor deberá aceptar de forma expresa someterse ao plan de pagamentos que resulte aprobado polo xuíz e que a concesión deste beneficio se faga constar no Rexistro público concursal durante un prazo de cinco anos.

Artigo 495. *Proposta de plan de pagamentos.*

1. Á solicitude de exoneración do pasivo insatisfeito xuntará o debedor unha proposta de plan de pagamentos dos créditos contra a masa, dos créditos concursais privilexiados, dos créditos por alimentos e da parte dos créditos ordinarios que inclúa o plan. Respecto aos créditos de dereito público, a tramitación das solicitudes de aprazamento ou fraccionamento rexerá pola súa normativa específica.

2. Na proposta de plan de pagamentos deberá incluír expresamente o debedor o calendario de pagamentos dos créditos que, segundo esa proposta, non queden exonerados. O pagamento destes créditos deberase realizar dentro dos cinco anos seguintes á conclusión do concurso, salvo que teñan un vencemento posterior.

3. Os créditos incluídos na proposta de plan de pagamentos non poderán devindicar xuro.

Artigo 496. *Aprobación do plan de pagamentos.*

1. O letrado da Administración de xustiza dará traslado da solicitude e da proposta de plan de pagamentos presentadas polo debedor á administración concursal e aos acredores comparecidos durante un prazo de dez días, para que poidan alegar canto xulguen oportuno en relación coa concesión do beneficio.

2. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo a que se refire o punto anterior, o letrado da Administración de xustiza dará traslado ao debedor dos escritos que se presentasen co fin de que, dentro do prazo que para o efecto lle conceda, manifeste se mantén o plan de pagamentos ou o modifica atendendo en todo ou en parte ao alegado.

3. Elevadas as actuacións, o xuíz do concurso, na mesma resolución en que declare a conclusión do concurso, logo de verificación da concorrencia dos presupostos e dos requisitos establecidos nesta lei, concederá provisionalmente o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito e aprobará o plan de pagamentos nos termos da proposta ou coas modificacións que considere oportunas, sen que en ningún caso o período de cumprimento poida ser superior a cinco anos.

Artigo 497. *Extensión da exoneración en caso de plan de pagamentos.*

1. O beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito concedido aos debedores que aceptasen someterse ao plan de pagamentos estenderase á parte que, conforme este, vaia quedar insatisfeita, dos seguintes créditos:

1.º Os créditos ordinarios e subordinados pendentes na data de conclusión do concurso, aínda que non fosen comunicados, exceptuando os créditos de dereito público e por alimentos.

2.º Respecto aos créditos con privilexio especial, o seu importe que non se puidese satisfacer coa execución da garantía, salvo na parte que poida gozar de privilexio xeral.

2. As solicitudes de aprazamento ou de fraccionamento do pagamento dos créditos de dereito público rexerá polo disposto na súa normativa específica.

Artigo 498. *Revogación da concesión da exoneración en caso de plan de pagamentos.*

Ademais da solicitude de revogación en caso de ocultación por parte do debedor da existencia de bens ou dereitos ou de ingresos, calquera acredor concursal, durante o prazo fixado para o cumprimento do plan de pagamentos, estará lexitimado para solicitar

do xuíz do concurso a revogación da concesión provisional do beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito nos seguintes casos:

- 1.º Se o debedor incumpre o plan de pagamentos.
- 2.º Se mellora substancialmente a situación económica do debedor por causa de herdanza, legado ou doazón, ou por xogo de sorte, envite ou azar, de maneira que, sen detrimento da obrigaçión de satisfacer alimentos, poida pagar todos os créditos exonerados.
- 3.º Se o debedor incorre en causa que impedisese a concesión do beneficio por falta dos requisitos establecidos para poder ser considerado debedor de boa fe.

Artigo 499. *Exoneración definitiva.*

1. Unha vez transcorrido o prazo fixado para o cumprimento do plan de pagamentos sen que se revogase o beneficio, o xuíz do concurso, por petición do debedor, ditará auto en que se conceda a exoneración definitiva do pasivo insatisfeito no concurso.

2. Aínda que o debedor non cumpra na súa integridade o plan de pagamentos, o xuíz, logo de audiencia dos acredores, atendendo ás circunstancias do caso, poderá conceder a exoneración definitiva do pasivo insatisfeito do debedor que non cumprise na súa integridade o plan de pagamentos pero destinase ao seu cumprimento, polo menos, a metade dos ingresos percibidos durante o prazo de cinco anos desde a concesión provisional do beneficio que non teñan a consideración de inembargables ou a cuarta parte dos ditos ingresos cando concorran no debedor as circunstancias previstas no artigo 3.1, letras a) e b), do Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, respecto aos ingresos da unidade familiar e circunstancias familiares de especial vulnerabilidade.

Para os efectos deste artigo, enténdese por ingresos inembargables os previstos no artigo 1 do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.

3. A resolución pola cal se conceda a exoneración definitiva do pasivo insatisfeito publicarase no Rexistro público concursal.

4. Contra esta resolución non caberá ningún recurso.

Sección 4.ª Dos efectos comúns da exoneración

Artigo 500. *Efectos da exoneración sobre os acredores.*

Os acredores cuxos créditos se extingan por razón da exoneración non poderán iniciar ningún tipo de acción fronte ao debedor para o seu cobramento.

Artigo 501. *Efectos da exoneración respecto dos bens conxugais comúns.*

1. Se o réxime económico do matrimonio debedor é o de sociedade de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, a exoneración beneficiará os bens comúns respecto dos créditos anteriores á declaración de concurso fronte aos que deban responder eses bens, aínda que o outro cónxuxe non fose declarado en concurso.

2. A mesma regra será de aplicación aos bens da sociedade ou comunidade conxugal xa disolta en canto non fose liquidada.

3. Queda a salvo a facultade dos acredores de dirixirse contra o patrimonio privativo do cónxuxe do debedor polas súas débedas propias en canto non obtivese este o beneficio da exoneración do pasivo.

Artigo 502. *Efectos da exoneración sobre os obrigados solidarios e sobre fiadores.*

A exoneración non afectará os dereitos dos acredores fronte aos obrigados solidariamente co debedor e fronte aos seus fiadores ou avalistas, os cales non poderán invocar o beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito obtido polo debedor nin subrogarse polo pagamento posterior á liquidación nos dereitos que o acredor tivese contra aquel, salvo que se revogase a exoneración concedida.

CAPÍTULO III

Da reapertura do concurso

Artigo 503. *Reapertura do concurso.*

Nos casos en que proceda, a reapertura do concurso será declarada polo mesmo xulgado que coñecese do procedemento e tramitarase nos mesmos autos.

Artigo 504. *Reapertura do concurso do debedor persoa natural.*

1. A reapertura do concurso do debedor persoa natural só poderá ter lugar dentro dos cinco anos seguintes á conclusión por liquidación ou insuficiencia da masa activa.
2. A declaración de concurso de debedor persoa natural despois dos cinco anos seguintes á conclusión doutro por liquidación ou insuficiencia da masa activa terá a consideración de novo concurso.

Artigo 505. *Reapertura do concurso concluído por debedor persoa xurídica.*

1. A reapertura do concurso do debedor persoa xurídica por liquidación ou por insuficiencia da masa activa só poderá ter lugar cando, despois da conclusión, aparezan novos bens.
2. No ano seguinte á data da conclusión do concurso por liquidación ou por insuficiencia da masa activa, calquera dos acredores insatisfeitos poderá solicitar a reapertura do concurso. Na solicitude de reapertura deberanse expresar as concretas accións de reintegración que se deban exercer ou, de ser o caso, expoñer aqueles feitos relevantes que poidan conducir á cualificación de concurso como culpable, salvo que, no concurso concluído, xa se cualificase o concurso como culpable.
3. Na resolución xudicial pola cal se acorde a reapertura do concurso, o xuíz ordenará a liquidación dos bens e dereitos aparecidos con posterioridade á conclusión.

Artigo 506. *Publicidade.*

1. Á reapertura do concurso daráselle a mesma publicidade que a que se deu á declaración de concurso.
2. En caso de reapertura do concurso de persoa xurídica, no propio auto en que se acorde a reapertura o xuíz ordenará a reapertura da folla rexistral da concursada na forma prevista no Regulamento do Rexistro Mercantil, aprobado polo Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo.

Artigo 507. *Inventario e lista de acredores en caso de reapertura.*

1. Os textos definitivos do inventario e da lista de acredores serán actualizados pola administración concursal no prazo de dous meses.
2. A actualización limitarase, en canto ao inventario, a suprimir da relación dos bens e dereitos aqueles que saísen do patrimonio do debedor, a corrixir a valoración dos subsistentes e a incorporar e valorar os que aparecen con posterioridade, e en canto á lista de acredores, a indicar a contía actual e demais modificacións acaecidas respecto dos créditos subsistentes e a incorporar á relación os créditos posteriores.

3. A actualización realizarase e aprobarase de conformidade co disposto nos títulos IV e V do libro I desta lei para a determinación da masa activa e pasiva.

4. A publicidade do informe da administración concursal e dos documentos actualizados e a impugnación destes rexeranse polo disposto nos capítulos I e II do título VI do libro I desta lei. O xuíz rexeitará de oficio e sen ulterior recurso aquelas pretensións que non se refiran estritamente ás cuestións obxecto de actualización.

TÍTULO XII

Das normas procesuais xerais, do procedemento abreviado, do incidente concursal e do sistema de recursos

CAPÍTULO I

Da tramitación do procedemento

Artigo 508. Seccións.

O procedemento de concurso dividirase nas seguintes seccións e as actuacións de cada unha delas ordenaranse en cantas pezas separadas sexan necesarias ou convenientes:

1.º A sección primeira comprenderá o relativo á declaración de concurso, ás medidas cautelares, á resolución final da fase común, á conclusión e, de ser o caso, á reapertura do concurso.

2.º A sección segunda comprenderá todo o relativo á administración concursal do concurso, ao nomeamento e ao estatuto dos administradores concursais, á determinación das súas facultades e ao seu exercicio, á rendición de contas e, de ser o caso, á responsabilidade dos administradores concursais. Nesta sección incluírase o informe da administración concursal cos documentos que se xunten e, de ser o caso, os textos definitivos.

3.º A sección terceira comprenderá o relativo á determinación da masa activa, ás autorizacións para o alleamento de bens e dereitos da masa activa, á tramitación, decisión e execución das accións de reintegración e de redución e aos créditos contra a masa.

4.º A sección cuarta comprenderá o relativo á determinación da masa pasiva, á comunicación, recoñecemento, gradación e clasificación dos créditos concursais e ao pagamento dos acredores. Nesta sección incluíranse tamén, en peza separada, os xuízos declarativos que se acumulasen ao concurso de acredores e as execucións que se inicien ou se restablezan contra o concursado.

5.º A sección quinta comprenderá o relativo ao convenio, sexa anticipado ou de tramitación ordinaria, e á liquidación.

6.º A sección sexta comprenderá o relativo á cualificación do concurso e aos seus efectos.

Artigo 509. Partes necesarias.

En todas as seccións do concurso serán recoñecidos como parte, sen necesidade de comparecencia en forma, o debedor e a administración concursal. Na sección sexta será parte, ademais, o Ministerio Fiscal.

Artigo 510. Representación e defensa do debedor.

O concursado actuará sempre representado por procurador e asistido de letrado.

Artigo 511. *Actuación da administración concursal.*

A administración concursal será oída sempre sen necesidade de comparecencia en forma, pero cando interveña en incidentes ou recursos deberá facelo asistida de letrado. Cando o nomeado administrador concursal ou o auxiliar delegado teñan a condición de letrado, a dirección técnica destes incidentes e recursos entenderase incluída nas funcións da administración concursal ou do auxiliar delegado.

Artigo 512. *Representación e defensa dos acredores e demais lexitimados.*

1. Os acredores e os demais lexitimados para solicitar a declaración de concurso actuarán representados por procurador e asistidos por letrado para solicitar esa declaración e para comparecer no procedemento, así como para interpoñer recursos, formular incidentes ou impugnar actos de administración.

2. Os acredores e os demais lexitimados para solicitar a declaración de concurso poderán comunicar créditos e formular alegacións, así como asistir e intervir na xunta de acredores sen necesidade de comparecer en forma.

Os acredores que non comparezan en forma poderán solicitar do xulgado o exame daqueles documentos ou informes que consten en autos sobre os seus respectivos créditos; acudirán para iso á oficina xudicial persoalmente ou por medio de letrado ou procurador que os represente, os cales para o dito trámite non estarán obrigados a comparecer.

3. Calquera outro que teña interese lexítimo no concurso poderá comparecer sempre que o faga representado por procurador e asistido de letrado.

Artigo 513. *Representación e defensa das administracións públicas e dos traballadores.*

1. O disposto nos artigos anteriores entenderase sen prexuízo do establecido para as administracións públicas na normativa procesual específica.

2. O disposto nos artigos anteriores entenderase sen prexuízo do establecido para a representación e defensa dos traballadores na Lei reguladora da xurisdición social, incluídas as facultades atribuídas aos graduados sociais e aos sindicatos para o exercicio de cantas accións e recursos sexan precisos no proceso concursal para a efectividade dos créditos e dereitos laborais.

Artigo 514. *Condición de parte do Fondo de Garantía Salarial.*

O Fondo de Garantía Salarial será parte do procedemento sempre que deba aboar salarios e indemnizacións aos traballadores, sexa en concepto de créditos contra a masa ou de créditos concursais.

Artigo 515. *Tramitación de oficio.*

Unha vez declarado o concurso, o letrado da Administración de xustiza impulsará de oficio o proceso.

Artigo 516. *Prazos para prover.*

Cando a lei non fixe prazo para ditar unha resolución, deberá ditarse sen dilación.

Artigo 517. *Extensión de facultades do xuíz do concurso.*

1. O xuíz poderá habilitar os días e horas necesarios para a práctica das dilixencias que considere urxentes en beneficio do concurso. O letrado da Administración de xustiza poderá habilitar os días e horas necesarios para a práctica daquelas actuacións procesuais ordenadas por el ou das que teñan como finalidade dar cumprimento ás resolucións ditadas polo xuíz.

2. O xuíz poderá realizar actuacións de proba fóra do ámbito da súa competencia territorial, poñéndoo previamente en coñecemento do xuíz competente, cando non se prexudique a competencia do xuíz correspondente e veña xustificado por razóns de economía procesual.

Artigo 518. *Autorizacións xudiciais.*

1. Nos casos en que a lei estableza a necesidade de obter autorización do xuíz ou os administradores concursais a consideren conveniente, a solicitude formularase por escrito.

2. Da solicitude presentada daráselles traslado a todas as partes que deban ser oídas respecto do seu obxecto, e concederáselles para alegacións prazo de igual duración non inferior a tres días nin superior a dez, atendidas a complexidade e importancia da cuestión.

3. O xuíz resolverá sobre a solicitude mediante auto dentro dos cinco días seguintes ao último vencemento.

4. Contra o auto que conceda ou denegue a autorización solicitada non caberá máis recurso que o de reposición.

Artigo 519. *Prexudicialidade penal.*

A incoación de procedementos criminais relacionados co debedor ou por feitos que teñan relación ou influencia no concurso de acredores non provocará a suspensión da tramitación deste, nin de ningunha das seccións en que se divide.

Artigo 520. *Medidas cautelares por solicitude de xuíces ou tribunais da orde xurisdiccional penal.*

1. Admitida a trámite querela ou denuncia criminal contra o debedor ou por feitos que teñan relación ou influencia no concurso, será competencia exclusiva do xuíz do concurso adoptar, por solicitude do xuíz ou tribunal da orde xurisdiccional penal, calquera medida cautelar de carácter patrimonial que afecte a masa activa, incluídas as de retención de pagamentos aos acredores inculpados en procedementos criminais ou outras análogas.

2. As medidas cautelares acordadas en ningún caso deben impedir continuar a tramitación do procedemento concursal e acordaranse do modo máis conveniente para garantir a execución dos pronunciamentos patrimoniais da eventual condena penal.

3. As medidas cautelares acordadas non poderán alterar ou modificar a clasificación dos créditos concursais nin as preferencias de pagamentos establecidas nesta lei.

Artigo 521. *Dereito procesual supletorio.*

No non previsto nesta lei será de aplicación o disposto na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

CAPÍTULO II

Do procedemento abreviado

Sección 1.^a Da aplicación do procedemento abreviado

Artigo 522. *Aplicación facultativa do procedemento abreviado.*

1. O xuíz poderá aplicar o procedemento abreviado cando, á vista da información dispoñible, considere que o concurso non reviste especial complexidade, atendendo ás seguintes circunstancias:

- 1.º Que a lista presentada polo debedor inclúa menos de cincuenta acredores.
- 2.º Que a estimación inicial do pasivo non supere os cinco millóns de euros.
- 3.º Que a valoración dos bens e dereitos non acade os cinco millóns de euros.

Cando o debedor sexa unha persoa natural, o xuíz valorará especialmente se é administrador dalgunha persoa xurídica ou se responde ou é garante de débedas alleas.

2. O xuíz poderá tamén aplicar o procedemento abreviado cando o debedor presente proposta anticipada de convenio ou unha proposta de convenio, aínda que non sexa anticipada, que inclúa unha modificación estrutural pola cal se transmita integramente o seu activo e o seu pasivo.

Artigo 523. *Aplicación obrigatoria do procedemento abreviado.*

O xuíz aplicará necesariamente o procedemento abreviado cando o debedor cesase completamente na súa actividade e non teña en vigor contratos de traballo ou cando o debedor presente, xunto coa solicitude de concurso, un plan de liquidación que conteña unha proposta escrita vinculante de adquisición da unidade produtiva en funcionamento.

Artigo 524. *Transformación do procedemento.*

En calquera momento, o xuíz, de oficio ou por requirimento do debedor, da administración concursal ou de calquera acredor, á vista da modificación das circunstancias previstas nos artigos anteriores e atendendo á maior ou menor complexidade do concurso, poderá transformar un procedemento abreviado en ordinario ou un procedemento ordinario en abreviado.

Sección 2.^a Das especialidades do procedemento abreviado

Artigo 525. *Redución dos prazos para as actuacións da administración concursal.*

1. A administración concursal deberá presentar o inventario de bens e dereitos da masa activa dentro dos quince días seguintes ao da aceptación do cargo.

2. A administración concursal efectuará a comunicación do proxecto de inventario e da lista de acredores ao debedor e aos acredores, polo menos, cinco días antes da presentación da lista de acredores.

3. A administración concursal deberá presentar o seu informe no prazo dun mes, contado a partir da aceptación do cargo. Cando concorra causa xustificada, o administrador concursal poderá solicitar ao xuíz unha prórroga, que en ningún caso excederá os quince días.

Artigo 526. *Tramitación das impugnacións.*

1. O letrado da Administración de xustiza formará peza separada en que se tramitará o relativo ás impugnacións do inventario e da lista de acredores, e o día seguinte, sen incoar incidente, dará traslado delas á administración concursal.

2. No prazo de dez días, a administración concursal comunicarlle ao xulgado se acepta a pretensión, incorporándoa aos textos definitivos, ou se se opón formalmente a ela, propoñendo pola súa vez a proba que considere pertinente.

3. Unha vez contestada a demanda ou transcorrido o prazo para iso, o proceso continuará conforme os trámites do incidente concursal.

4. Se hai máis dunha impugnación, acumularanse de modo que se realice, de ser preciso, unha soa vista e se resolvan na mesma sentenza.

5. A administración concursal deberá informar de inmediato o xuíz da incidencia das impugnacións sobre o quórum e as maiorías necesarias para aprobar o convenio.

Artigo 527. *Prazo para a presentación ordinaria de proposta de convenio.*

1. O prazo para a presentación ordinaria das propostas de convenio finalizará en todo caso cinco días despois da publicación do informe da administración concursal.

2. Logo de admitida a trámite polo xuíz a proposta de convenio, o letrado da Administración de xustiza sinalará data para a realización da xunta de acredores dentro dos trinta días seguintes.

Artigo 528. Apertura da fase de liquidación.

1. Se no prazo previsto no punto primeiro do artigo anterior non se presentase proposta de convenio, o letrado da Administración de xustiza abrirá de inmediato a fase de liquidación requirindo a administración concursal para que presente o plan de liquidación no prazo improrrogable de dez días.

2. Unha vez aprobado o plan, as operacións de liquidación non poderán durar máis de tres meses, prorrogables, por petición da administración concursal, por un mes máis.

Artigo 529. Solicitud de concurso con presentación de proposta anticipada de convenio.

1. No auto de declaración de concurso o xuíz pronunciarase sobre a admisión a trámite da proposta de convenio presentada polo debedor coa súa solicitude.

A administración concursal deberá avaliar a proposta de convenio presentada polo debedor, dentro do prazo de dez días contado desde a publicación da declaración de concurso.

2. A aceptación da proposta de convenio realizarase por escrito. Os acredores que non se adherisen antes á proposta de convenio presentada polo debedor poderán facelo ata cinco días despois da data de presentación do informe da administración concursal.

3. Dentro dos tres días seguintes a aquel en que tiver finalizado o prazo para formular adhesións, o letrado da Administración de xustiza verificará se a proposta de convenio acadou a maioría legalmente exixida e proclamará o resultado mediante decreto.

De ser obter a maioría, o xuíz, inmediatamente despois da expiración do prazo de oposición á aprobación xudicial do convenio, ditará sentenza aprobatoria, salvo que se formulase oposición á dita aprobación ou proceda o seu rexeitamento de oficio.

Se hai oposición, o letrado da Administración de xustiza admitirá a demanda e o xuíz poderá requirir o impugnante para que preste caución polos danos ou perdas que para a masa pasiva e activa do concurso poida supoñer a demora na aprobación do convenio.

Artigo 530. Solicitud de concurso con presentación de plan de liquidación.

1. Cando o debedor presente, xunto coa solicitude de concurso, un plan de liquidación que conteña unha proposta escrita vinculante de adquisición da unidade produtiva en funcionamento, o xuíz acordará de inmediato a apertura da fase de liquidación.

2. Aberta a fase de liquidación, o letrado da Administración de xustiza dará traslado do plan de liquidación presentado polo debedor para que emita informe, no prazo de dez días, a administración concursal e para que os acredores poidan realizar alegacións.

O informe da administración concursal deberá incluír necesariamente o inventario da masa activa do concurso e avaliar o efecto sobre as masas activa e pasiva do concurso da resolución dos contratos que estea prevista no plan de liquidación.

No auto polo cal se aprobe o plan de liquidación o xuíz poderá acordar a resolución dos contratos pendentes de cumprimento por ambas as partes, con excepción daqueles que se vinculen a unha oferta efectiva de compra da empresa ou dunha unidade produtiva.

3. En caso de se suspenderen as operacións de liquidación con motivo das impugnacións do inventario ou da lista de acredores, o xuíz poderá requirir os impugnantes para que presten unha caución que garanta os posibles danos e perdas pola demora.

Artigo 531. Normas que rexen o procedemento abreviado.

En todo o non regulado expresamente neste capítulo aplicaranse as normas previstas para o procedemento ordinario.

CAPÍTULO III

Do incidente concursal

Artigo 532. *Ámbito do incidente concursal.*

1. Todas as cuestións que se susciten durante o concurso e que non teñan sinalada nesta lei outra tramitación, así como as accións que deban ser exercidas ante o xuíz do concurso, se tramitarán pola canle do incidente concursal.

2. Non se admitirán aqueles incidentes concursais que teñan por obxecto solicitar a realización de determinados actos de administración ou impugnalos por razóns de oportunidade.

Artigo 533. *Continuación da tramitación do concurso de acredores.*

1. Os incidentes concursais non suspenderán a tramitación do concurso de acredores.

2. Malia o establecido no punto anterior, o xuíz, unha vez incoado un incidente, poderá acordar, de oficio ou por instancia de parte, a suspensión daquelas actuacións que considere que se poidan ver afectadas pola resolución que se dite.

Artigo 534. *Partes no incidente concursal.*

1. No incidente concursal consideraranse partes demandadas aquelas contra as cales se dirixa a demanda.

2. Calquera persoa comparecida no concurso poderá intervir no incidente concursal conforme o réxime establecido na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para a intervención de suxeitos orixinariamente non demandantes nin demandados, sen necesidade de especial pronunciamento do tribunal, nin audiencia das partes cando se trate daquelas que teñan previamente a condición de parte no concurso ou se trate de acredores incluídos na lista de acredores.

Artigo 535. *Réxime do incidente concursal.*

O incidente concursal tramitarase na forma establecida na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para o xuízo verbal, coas especialidades establecidas nesta lei.

Artigo 536. *Demanda incidental e admisión a trámite.*

1. A demanda presentárase na forma prevista na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para o xuízo ordinario.

2. Se o xuíz considera que a cuestión formulada é impertinente ou carece de entidade necesaria para tramitala pola vía incidental, resolverá, mediante auto, a súa inadmisión e, se procede, acordará que se lle dea á cuestión exposta a tramitación que corresponda. Contra este auto caberá recurso de apelación.

3. Nos demais casos, ditará providencia en que admita a trámite o incidente e acorde que se empracen as demais partes comparecidas, con entrega de copia da demanda ou demandas, para que no prazo común de dez días contesten na forma prevista na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para o xuízo ordinario.

Artigo 537. *Acumulación de demandas incidentais.*

Cando nun incidente se acumulen demandas cuxos pedimentos non resulten coincidentes, as partes que interveñan terán que contestar as demandas a cuxas pretensións se opoñan se o momento da súa intervención o permite, e expresar con claridade e precisión a tutela concreta que soliciten. De non o faceren así, o xuíz rexeitará de plano a súa intervención, sen que contra esta resolución caiba ningún recurso.

Artigo 538. *Cuestións procesuais.*

Se na contestación se formulasen cuestións procesuais ou as suscitase o demandante á vista deste escrito no prazo de cinco días desde que se lle deu traslado del, o xuíz resolveraa ditando a resolución que proceda conforme o disposto na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, para a resolución escrita deste tipo de cuestións conforme o previsto na audiencia previa do xuízo ordinario.

Artigo 539. *Proposición de medios de proba.*

1. No incidente concursal, as probas propoñeranse nos escritos de alegacións, e resolverase sobre a admisión mediante auto.

2. A achega da proba documental non será necesaria se os documentos constan no concurso de acredores, pero a parte interesada deberá designar o documento completo que propoña como proba e sinalar en que trámite foi presentado.

Artigo 540. *Vista e sentenza.*

1. O incidente concursal finalizará mediante sentenza.

2. O xuíz ditará sentenza sen citación ás partes para a vista e sen máis trámites nos seguintes supostos:

1.º Cando non se presentase escrito de contestación á demanda ou non exista discusión sobre os feitos ou estes non sexan relevantes ao xuízo do xuíz e non se admitisen medios de proba.

2.º Cando a única proba que resulte admitida sexa a de documentos, e estes xa se achegasen ao proceso sen resultaren impugnados.

3.º Cando só se achegasen informes periciais e as partes non soliciten nin o xuíz considere necesaria a presenza dos peritos na vista para a ratificación do seu informe.

3. No caso de que proceda a realización de vista, esta desenvolverase na forma prevista na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, para os xuízos verbais. Tras a práctica da proba, outorgaráselles ás partes un trámite oral de conclusións.

Artigo 541. *Incidente concursal en materia laboral.*

1. Dilucidaranse polo trámite do incidente concursal en materia laboral as accións que os traballadores ou o Fondo de Garantía Salarial exerzan contra o auto que decida sobre a modificación substancial das condicións de traballo, o traslado, o despedimento, a suspensión de contratos e a redución de xornada por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción que, conforme a lei, teñan carácter colectivo, así como as de traballadores que teñan a condición de persoal de alta dirección contra a decisión da administración concursal de extinguir ou suspender os contratos subscritos polo concursado con estes.

2. Os traballadores deberán presentar a demanda, conforme o establecido na lexislación procesual civil, no prazo dun mes desde que coñeceron ou puideron coñecer a resolución xudicial e o Fondo de Garantía Salarial desde que se lle notifique a resolución. O persoal de alta dirección deberá presentar a demanda no mesmo prazo desde que a administración concursal lle notifique a decisión adoptada.

3. No caso de que a demanda conteña defectos, omisións ou imprecisións, o letrado da Administración de xustiza advertirallo ao demandante ou demandantes co fin de que o emenden no prazo de catro días, co apercibimento de que, de non se emendar, procederá o seu arquivamento. En ningún caso se poderá inadmitir a demanda por considerar que a cuestión exposta é intranscendente ou carece da entidade necesaria para tramitarse por vía incidental.

4. Admitida a demanda, o letrado da Administración de xustiza sinalará, dentro dos dez días seguintes, o día e a hora en que deberá ter lugar o acto do xuízo, e citará os

demandados con entrega de copia da demanda e demais documentos; deberá mediar, en todo caso, un mínimo de catro días entre a citación e a efectiva realización do xuízo, que comezará co intento de conciliación ou avinza sobre o obxecto do incidente. De non se lograr esta, ratificarase o demandante na súa demanda ou ampliaraa sen alterar substancialmente as súas pretensións, contestando oralmente o demandado; a continuación propoñeránselles ás partes as probas sobre os feitos en que non haxa conformidade e o procedemento continuará conforme os trámites do xuízo verbal da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, aínda que tras a práctica da proba se lles outorgará ás partes un trámite de conclusións.

5. Tras a práctica da proba outorgaráselles ás partes un trámite oral de conclusións.

Artigo 542. *Custas.*

1. A sentenza que se dite no incidente concursal rexerese en materia de custas polo disposto na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, tanto en canto á súa imposición como no relativo á súa exacción, e serán inmediatamente exixibles, unha vez que sexa firme a sentenza, con independencia do estado en que se encontre o concurso.

2. A sentenza que se dite no incidente concursal en materia laboral rexerese, en materia de custas, polo disposto na Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

Artigo 543. *Cousa xulgada.*

Unha vez que sexan firmes, as sentenzas que poñan fin aos incidentes concursais producirán efectos de cousa xulgada.

CAPÍTULO IV

Dos recursos

Artigo 544. *Recursos contra resolucións do letrado da Administración de xustiza.*

Os recursos contra as resolucións ditadas polo letrado da Administración de xustiza no concurso serán os mesmos que prevé a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, e tramitaranse na forma que se determina nela.

Artigo 545. *Recursos contra as resolucións do xuíz.*

Os recursos contra as resolucións ditadas polo xuíz no concurso tramitaranse na forma prevista pola Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, coas modificacións que se indican nos artigos seguintes e sen prexuízo do previsto nesta lei en materia laboral.

Artigo 546. *Recursos contra providencias e autos.*

Contra as providencias e autos que dite o xuíz do concurso só caberá o recurso de reposición, salvo que nesta lei se exclúa todo recurso ou se outorgue outro distinto.

Artigo 547. *Impugnación diferida.*

1. Contra os autos resolutorios de recursos de reposición e contra as sentenzas ditadas en incidentes concursais promovidos na fase común ou na de convenio non caberá ningún recurso, pero as partes poderán reproducir a cuestión na apelación máis próxima sempre que tiveren formulado protesta no prazo de cinco días. Exceptúanse as sentenzas ditadas nos incidentes de reintegración e de separación da masa activa, que serán apelables directamente. Este recurso de apelación terá carácter preferente.

2. Para os efectos sinalados no punto anterior, considerarase apelación máis próxima a que corresponda fronte á resolución de apertura da fase de convenio, a que acorde a apertura da fase de liquidación e a que aprobe a proposta anticipada de convenio.

Artigo 548. *Resolucións directamente apelables.*

Contra as sentenzas que aproben o convenio, ou as que resolvan incidentes concursais formulados con posterioridade ou durante a fase de liquidación, caberá recurso de apelación, que se tramitará con carácter preferente.

Artigo 549. *Suspensión de actuacións.*

1. Ao admitir un recurso de apelación, o xuíz do concurso, de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar motivadamente a suspensión daquelas actuacións que se poidan ver afectadas pola súa resolución.

2. Se ao recorrer contra a sentenza de aprobación do convenio se solicita a suspensión dos efectos deste, o xuíz poderá acordala con carácter total ou parcial.

3. A decisión do xuíz sobre a suspensión de actuacións ou o atraso da eficacia do convenio poderá ser revisada pola Audiencia Provincial por solicitude de parte, formulada mediante escrito presentado ante aquela nos cinco días seguintes ao da notificación da decisión do xuíz do concurso. Esta cuestión deberá ser resolta con carácter previo ao exame do fondo do recurso e dentro dos dez días seguintes ao da recepción dos autos polo tribunal.

4. Contra o auto que dite a Audiencia Provincial non cabe interpoñer ningún recurso.

Artigo 550. *Recursos extraordinarios.*

Contra as sentenzas ditadas polas audiencias provinciais relativas á aprobación ou cumprimento do convenio, á cualificación ou conclusión do concurso, ou que resolvan accións das comprendidas nas seccións terceira e cuarta, poderase interpoñer recurso de casación e extraordinario por infracción procesual, de acordo cos criterios de admisión establecidos na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.

Artigo 551. *Recursos en materia laboral.*

1. Contra o auto que decida sobre a modificación substancial das condicións de traballo, o traslado, o despedimento, a suspensión de contratos ou a redución de xornada, por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción que, conforme a lei, teñan carácter colectivo, e contra a sentenza que resolva incidentes concursais relativos a accións sociais cuxo coñecemento corresponda ao xuíz do concurso, caberá recurso de suplicación e os demais recursos previstos na Lei reguladora da xurisdición social, que se tramitarán e resolverán ante os órganos xurisdicionais da orde social sen que ningún deles teña efectos suspensivos sobre a tramitación do concurso nin de ningún dos seus incidentes, seccións ou pezas separadas.

2. A lexitimación para recorrer contra o auto indicado no punto anterior corresponde á administración concursal, ao concursado, aos traballadores a través dos seus representantes e ao Fondo de Garantía Salarial, así como, en caso de declaración da existencia de grupo laboral de empresas, a aquelas entidades que o integren.

TÍTULO XIII

Da publicidade do concurso

CAPÍTULO I

Da publicidade telemática

Artigo 552. *Publicidade telemática.*

A publicidade da declaración de concurso, a publicidade daquelas outras resolucións exixida por esta lei e as notificacións e comunicacións que procedan realizáranse

preferentemente por medios telemáticos na forma que regulamentariamente se determine, garantindo a seguridade e a integridade das comunicacións.

CAPÍTULO II

Dos edictos

Artigo 553. *Edictos.*

1. O traslado dos oficios cos edictos realizarase preferentemente por vía telemática desde o xulgado aos medios de publicidade correspondentes.

2. Excepcionalmente, e se o previsto no punto anterior non é posible, os oficios cos edictos serán entregados ao procurador do solicitante do concurso, quen deberá remitilos de inmediato aos correspondentes medios de publicidade.

3. Se o solicitante do concurso é unha Administración pública que actúa representada e defendida polos seus servizos xurídicos, o traslado dos oficios realizarao directamente o letrado da Administración de xustiza aos medios de publicidade.

Artigo 554. *Difusión dos edictos.*

A publicidade exixida por esta lei dos edictos relativos a resolucións ditadas polo xuíz do concurso entenderase cumprida mediante a inserción no taboleiro de anuncios do xulgado e no Rexistro público concursal e, se así o establece, no «Boletín Oficial del Estado».

CAPÍTULO III

Dos mandamentos

Artigo 555. *Mandamentos.*

1. Os asentos exixidos por esta lei nos rexistros públicos de persoas e de bens efectuaranse en virtude de mandamento librado polo letrado da Administración de xustiza. No mandamento expresaranse o órgano xudicial que ditou a resolución, a data e a natureza da resolución, o número de autos e se a correspondente resolución é ou non firme.

2. As anotacións preventivas que se deban expedir nos rexistros públicos de persoas ou de bens por falta de firmeza da resolución caducarán, en todo caso, aos catro anos desde a data da anotación e cancelaranse de oficio ou por instancia de calquera interesado. O letrado da Administración de xustiza, antes de que se produza a caducidade, poderá decretar a prórroga da anotación por catro anos máis.

Artigo 556. *Traslado dos mandamentos.*

1. O traslado dos mandamentos e da documentación necesaria para a práctica dos asentos realizarase preferentemente por vía telemática desde o xulgado aos rexistros correspondentes.

2. Excepcionalmente, e se o previsto no punto anterior non for posible, os mandamentos serán entregados ao procurador do solicitante do concurso para a súa presentación inmediata nos rexistros correspondentes.

3. Se o solicitante do concurso é unha Administración pública que actúa representada e defendida polos seus servizos xurídicos, o traslado dos mandamentos realizarao directamente o letrado da Administración de xustiza aos rexistros correspondentes.

Artigo 557. *Resolucións obxecto de publicidade nos rexistros de persoas.*

Serán obxecto de anotación ou de inscrición no folio correspondente ao concursado nos rexistros de persoas a que se refire esta lei a declaración e a reapertura do concurso, a aprobación de convenio, a apertura da fase de liquidación, a aprobación do plan de liquidación, a conclusión do concurso e a resolución da impugnación do auto de conclusión, a sentenza de cualificación do concurso como culpable, cantas resolucións se diten en materia de intervención ou suspensión das facultades de administración e a disposición do concursado sobre os bens e dereitos que integran a masa activa, as que se establezan na sentenza de aprobación do convenio, cantas as modifiquen ou as deixen sen efecto, así como calquera outra exixida por esta lei.

Artigo 558. *Resolucións obxecto de publicidade nos rexistros de bens.*

1. Serán obxecto de anotación ou de inscrición no folio correspondente a cada un dos bens ou dereitos pertencentes á masa activa que figuren inscritos a nome do concursado nos rexistros da propiedade e nos rexistros de bens mobles a declaración e a reapertura do concurso; o nomeamento e cesamento do administrador ou administradores concursais; a aprobación do convenio, a apertura da fase de liquidación, a aprobación do plan de liquidación, a resolución xudicial firme pola cal se acorde a conclusión do concurso, cantas resolucións se diten en materia de intervención ou suspensión das facultades de administración e disposición do concursado sobre os bens e dereitos da masa activa, as que se establezan na sentenza de aprobación do convenio e as que se establezan na sentenza de cualificación, cantas as modifiquen ou as deixen sen efecto, así como calquera outra exixida por esta lei.

2. A anotación ou a inscrición das medidas limitativas ou prohibitivas da capacidade de obrar do concursado establecidas no convenio non impedirá o acceso dos actos contrarios aos rexistros públicos, pero prexudicará a calquera titular rexistral a acción de ineficacia ou de reintegración da masa que, de ser o caso, se exerza.

Artigo 559. *Coordinación entre rexistros públicos.*

Poderanse establecer regulamentariamente mecanismos de coordinación entre os diversos rexistros públicos nos cales, conforme o establecido nesta lei, se deban anotar e inscribir a declaración de concurso e aqueloutras resolucións a que se refiren os artigos anteriores.

CAPÍTULO IV

Do Rexistro público concursal

Artigo 560. *O Rexistro público concursal.*

1. O Rexistro público concursal é un instrumento técnico de información, de acceso libre e gratuíto, sobre os concursos de acredores declarados en España, as principais resolucións que se diten neses concursos e as situacións preconcursais, así como das persoas naturais e xurídicas que poidan ser nomeadas administradores concursais.

2. O Rexistro público concursal levarase baixo a dependencia do Ministerio de Xustiza.

3. Desenvolveranse regulamentariamente a estrutura, o contido e o sistema de publicidade a través deste rexistro e os procedementos de inserción e de acceso.

Artigo 561. *Organización do rexistro.*

O Rexistro público concursal constará de cinco seccións:

1.^a Na sección primeira, de edictos concursais, inseriranse, ordenadas alfabeticamente por concursado e datas, a declaración de concurso e as demais resolucións que se deban publicar neste rexistro conforme o establecido nesta lei.

2.^a Na sección segunda, de publicidade rexistral, inseriranse, ordenadas alfabeticamente por concursado e datas, as resolucións xudiciais anotadas ou inscritas nos rexistros públicos de persoas, incluída a da cualificación do concurso como culpable.

Nesta sección inseriranse igualmente, ordenadas alfabeticamente por persoas e datas, as resolucións xudiciais anotadas ou inscritas nos rexistros públicos, relativas ás persoas afectadas pola cualificación.

A inserción das resolucións xudiciais nesta sección segunda efectuarase en virtude de certificacións remitidas de oficio polo encargado do rexistro unha vez realizado o correspondente asento.

3.^a Na sección terceira, de exoneración do pasivo insatisfeito, inseriranse, ordenadas alfabeticamente por concursado, a obtención provisional dese beneficio cun plan de pagamentos cunha duración máxima de cinco anos e a resolución xudicial pola cal se conceda a exoneración definitiva.

4.^a Na sección cuarta, de administradores concursais e auxiliares delegados, inscribíranse, ordenadas alfabeticamente por orde de apelidos, se son persoas naturais, e por denominación, se non o son, as persoas naturais e xurídicas que, cumprindo os requisitos legais e regulamentarios para poderen ser nomeadas administrador concursal e auxiliares delegados, solicitasen a inscrición neste rexistro manifestando a vontade de exercer como administrador concursal ou auxiliar delegado.

Nesta sección inseriranse igualmente, na parte relativa a cada unha desas persoas, os nomeamentos, os cesamentos, con expresión da causa, e, de ser o caso, a inhabilitación dos administradores concursais e dos auxiliares delegados, con indicación do tribunal e da clase e data da resolución xudicial, así como os autos en que se fixe ou modifique a súa remuneración.

Cando un administrador concursal sexa inhabilitado, o letrado da Administración de xustiza poñerá en coñecemento do Rexistro público concursal co fin de que se dea de baixa polo período de inhabilitación.

Nesta sección inserirase igualmente, ordenada alfabeticamente por tribunais, a indicación do administrador cuxa designación secuencial corresponda en cada xulgado en función do tamaño de cada concurso.

5.^a Na sección quinta, de acordos extraxudiciais de pagamentos e de acordos de refinanciamento de pasivo financeiro, inseriranse, ordenadas alfabeticamente por debedor, as comunicacións da apertura das negociacións cos acredores para acadar tales acordos, salvo que teña carácter reservado, os acordos extraxudiciais de pagamento que se acadaron e, no caso de acordos de refinanciamento de pasivo financeiro, a súa homologación polo xuíz.

Artigo 562. *Inserción de resolucións xudiciais na sección primeira.*

1. A inserción das resolucións xudiciais na sección primeira realizarase, ben integramente ou por extracto, en virtude de mandamento directamente remitido polo letrado da Administración de xustiza. Se a resolución for inscribible nun rexistro público de persoas, a inserción das resolucións ou dos seus extractos realizarase preferentemente a través de mecanismos de coordinación co rexistro en que conste inscrito ou se inscriba o concursado, conforme os modelos que se aproben regulamentariamente.

2. Se a resolución se publica por extracto, incluíranse nel os datos indispensables para a determinación do contido e alcance da resolución, con indicación dos datos rexistrables cando aquelas causasen anotación ou inscrición nos correspondentes rexistros públicos.

Artigo 563. *Solicitud de inscripción na sección cuarta.*

1. No caso de persoas naturais na solicitude de inscripción na sección cuarta, indicaranse o enderezo profesional, o correo electrónico, o número de identificación fiscal e o ámbito ou ámbitos territoriais en que se manifestase a disposición para exercer, así como a identidade de todas as persoas xurídicas inscritas nesta sección coas cales se encontre relacionada profesionalmente para o exercicio da actividade de administrador concursal. Na solicitude expresarase igualmente a experiencia en todos os concursos previos en que fose nomeado administrador concursal ou auxiliar delegado, con expresión do tribunal en que se tramitou e o número de autos, sinalando a identidade do concursado, o sector de actividade, o tipo de procedemento e a remuneración percibida.

2. No caso das persoas xurídicas na solicitude de inscripción na sección cuarta, indicaranse a denominación, o domicilio, a forma xurídica, o correo electrónico, o enderezo de cada oficina en que se realice a súa actividade e o ámbito ou ámbitos territoriais en que se manifestase a disposición para exercer, así como a identidade e o enderezo de cada un dos socios e de calquera persoa natural inscrita nesta sección que preste os seus servizos para a persoa xurídica. Na solicitude expresarase igualmente a experiencia en todos os concursos previos en que fose nomeada administradora concursal ou auxiliar delegado, con expresión do tribunal en que se tramitou e o número de autos, con indicación da identidade da persoa natural encargada da dirección dos traballos e da representación da persoa xurídica en cada un deles.

3. Na sección cuarta do Rexistro público concursal, na parte relativa a cada unha desas persoas, inseriranse todos os datos a que se refiren os dous puntos anteriores.

Artigo 564. *Liberdade de acceso ao Rexistro público concursal.*

1. O contido do rexistro será accesible pola internet ou outros medios equivalentes de consulta telemática.

2. Por excepción ao establecido no punto anterior, unicamente terán acceso á información relativa á concesión provisional do beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito aquelas persoas que xustifiquen a existencia de interese lexítimo en pescudar a situación do debedor. En todo caso considérase que teñen interese lexítimo aqueles que realicen unha oferta en firme ao debedor, xa sexa de crédito ou de calquera outra entrega de bens ou prestación de servizos que teña que ser remunerada ou devolta por este e que estea condicionada á súa solvencia, así como as administracións públicas e órganos xurisdicionais habilitados legalmente para solicitaren a información necesaria para o exercicio das súas funcións. A apreciación da existencia de interese lexítimo será realizada por quen estea a cargo do Rexistro público concursal.

Artigo 565. *Valor meramente informativo do Rexistro público concursal.*

A publicación das resolucións xudiciais ou dos seus extractos terá un valor meramente informativo.

Artigo 566. *Control do inicio da accesibilidade da información.*

O Rexistro público concursal deberá contar cun dispositivo que permita coñecer e acreditar fidedignamente, por solicitude de calquera interesado, o inicio da difusión pública das resolucións e da información que se inclúan nel.

TÍTULO XIV

Dos concursos de acredores con especialidades

CAPÍTULO I

Do concurso da herdanza

Artigo 567. *Declaración do concurso da herdanza.*

O concurso da herdanza poderase declarar en canto non fose aceptada pura e simplemente.

Artigo 568. *Lexitimación para solicitar a declaración de concurso.*

1. Para solicitar a declaración de concurso da herdanza non aceptada pura e simplemente están lexitimados o administrador da herdanza xacente, os herdeiros e os acredores do debedor falecido.

2. Na solicitude os lexitimados deberán expresar os datos do causante e o carácter en que formulan a declaración de concurso, e xuntarán o documento de que resulte a súa lexitimación ou propoñerán proba para acreditarla.

3. A solicitude formulada por un herdeiro producirá os efectos da aceptación da herdanza a beneficio de inventario.

Artigo 569. *Concurso voluntario e concurso necesario da herdanza.*

1. O concurso de acredores da herdanza terá a consideración de voluntario cando a primeira das solicitudes presentadas for a do administrador da herdanza xacente ou a dun herdeiro. Nos demais casos, o concurso considerarase necesario.

2. Por excepción ao disposto no punto anterior, o concurso de acredores da herdanza terá a consideración de necesario cando, nos tres meses anteriores á data da solicitude do administrador da herdanza xacente ou dun herdeiro, se presentase e admitise a trámite outra contra o debedor antes do seu falecemento ou contra a propia herdanza por calquera lexitimado, aínda que este desistise, non comparecese na vista ou non se ratificase na solicitude.

Artigo 570. *Efectos sobre o debedor.*

En caso de concurso da herdanza, corresponderá á administración concursal o exercicio das facultades patrimoniais de administración e disposición sobre o patrimonio sucesorio, sen que o xuíz poida modificar esta situación.

Artigo 571. *Falecemento do concursado.*

1. A morte ou declaración de falecemento do concursado non será causa de conclusión do concurso, que continuará tramitándose como concurso da herdanza, e corresponderá á administración concursal o exercicio das facultades patrimoniais de administración e disposición do patrimonio sucesorio.

2. A representación da herdanza no procedemento corresponderá a quen a exerza conforme dereito e, de ser o caso, a quen designen os herdeiros.

3. Unha vez falecido o concursado, a herdanza manterase indivisa durante a tramitación do concurso.

CAPÍTULO II

Das especialidades do concurso por razón da persoa do debedor*Sección 1.^a Das comunicacións e notificacións especiais*

Artigo 572. *Comunicacións especiais da solicitude de concurso voluntario ou necesario.*

1. En caso de solicitude de concurso de acredores dunha sociedade que teña emitidos valores ou instrumentos financeiros negociados nun mercado secundario oficial, o letrado da Administración de xustiza, unha vez que o xuíz provese sobre ela, comunicarllo sen dilación á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. En caso de solicitude de concurso de acredores dunha entidade de crédito ou a unha empresa de servizos de investimento, o órgano xudicial competente, suspendendo a tramitación da solicitude, notificarállelo ao supervisor competente e ao FROB para dar cumprimento ao disposto nos números 2 e 3 da disposición adicional décimo quinta da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

A continuación, no caso de que así proceda o letrado da Administración de xustiza, unha vez que o xuíz provese sobre ela, comunicarllelo sen dilación ao Banco de España, ao FROB e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, e solicitará a relación dos sistemas de pagamentos e de liquidación de valores ou instrumentos financeiros, incluídos os derivados, aos cales pertenza a entidade afectada e a denominación e domicilio do xestor nos termos previstos na lexislación especial aplicable.

3. En caso de solicitude de concurso de acredores dunha entidade aseguradora ou reaseguradora, o letrado da Administración de xustiza, unha vez que o xuíz provese sobre ela, comunicarllo sen dilación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

4. En caso de solicitude de concurso de acredores dunha mutua colaboradora coa Seguridade Social, o letrado da Administración de xustiza, unha vez que o xuíz provese sobre ela, comunicarllo sen dilación ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Artigo 573. *Notificacións especiais da declaración de concurso.*

Declarado o concurso de calquera das entidades a que se refire o artigo anterior, o letrado da Administración de xustiza notificará o auto, no mesmo día da data, aos mesmos organismos e administracións públicas aos cales notificase ou debería ter notificado a existencia da solicitude, así como ao xestor dos sistemas aos cales pertenza a entidade afectada.

Sección 2.^a Das especialidades da administración concursal

Artigo 574. *Nomeamento da administración concursal.*

1. No concurso de entidade de crédito o xuíz nomeará administrador concursal de entre as persoas propostas en terna polo FROB.

2. No concurso de entidade aseguradora ou reaseguradora o xuíz nomeará administrador concursal o Consorcio de Compensación de Seguros.

3. No concurso dunha entidade sometida á supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores o xuíz nomeará administrador concursal de entre as persoas propostas en terna por esa comisión.

Artigo 575. *Incompatibilidades e prohibicións.*

1. As normas establecidas nesta lei sobre incompatibilidades e prohibicións para ser nomeado administrador concursal serán de aplicación ás persoas nomeadas polo xuíz do

concurso por proposta do FROB, do Consorcio de Compensación de Seguros ou da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

2. Exceptúanse do establecido no punto anterior as prohibicións por razón do cargo ou función pública que teña ou tivese o nomeado ou, en caso de administración concursal dual, das incompatibilidades por razón da vinculación persoal ou profesional entre os membros da administración concursal.

Artigo 576. Aceptación do nomeado.

1. Cando o nomeamento da administración concursal recaia en calquera das persoas propostas polo FROB, o Consorcio de Compensación de Seguros ou a Comisión Nacional do Mercado de Valores, non será necesaria a aceptación do nomeado.

2. Dentro do prazo de cinco días seguintes ao da notificación do nomeamento, o nomeado comunicaralle ao xulgado os enderezos postal e electrónico en que efectuar a comunicación de créditos, así como calquera outra notificación.

O enderezo electrónico que se sinale deberá cumprir condicións técnicas de seguridade das comunicacións electrónicas no relativo á constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións.

Artigo 577. Carácter gratuíto do cargo.

Se as persoas propostas polo FROB, o Consorcio de Compensación de Seguros ou a Comisión Nacional do Mercado de Valores para o exercicio do cargo de administrador concursal forman parte destes organismos, non terán dereito a retribución con cargo á masa activa.

Sección 3.^a Das especialidades do concurso de entidades de crédito, de empresas de servizos de investimento, de entidades aseguradoras, de entidades que sexan membros de mercados regulados e de entidades participantes nos sistemas de compensación e liquidación de valores

Artigo 578. Réxime especial do concurso de acredores.

1. Nos concursos de entidades de crédito ou entidades legalmente asimiladas a elas, empresas de servizos de investimento e entidades aseguradoras, así como de entidades membros de mercados oficiais de valores e entidades participantes nos sistemas de compensación e liquidación de valores, aplicaranse as especialidades que para o concurso de acredores estean establecidas na súa lexislación específica.

2. Considérase lexislación especial, para os efectos da aplicación do punto anterior, a contida nas seguintes normas:

1.º Os artigos 10, 14 e 15 da Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario, así como as normas reguladoras doutros valores ou instrumentos aos cales legalmente se atribúa o mesmo réxime de solvencia que o aplicable ás cédulas hipotecarias.

2.º A disposición adicional quinta da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de entidades de crédito á segunda Directiva de coordinación bancaria e se introducen outras modificacións relativas ao sistema financeiro.

3.º A Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, polo que respecta ao réxime aplicable ás garantías constituídas a favor do Banco de España, do Banco Central Europeo ou doutros bancos centrais nacionais da Unión Europea, no exercicio das súas funcións.

4.º A disposición adicional terceira da Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital risco e das súas sociedades xestoras.

5.º A Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

6.º O texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.

7.º A Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

8.º O texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.

9.º O capítulo II do título I do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso á produtividade e para a mellora da contratación pública.

10.º A Lei 6/2005, do 22 de abril, sobre saneamento e liquidación das entidades de crédito.

11.º O artigo 34 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

12.º A Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo pechado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo pechado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

13.º O artigo 16.4 e a disposición adicional cuarta, punto 7, da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial.

14.º A Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

15.º Os títulos VI e VII da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades aseguradoras e reaseguradoras.

16.º O texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, e a súa normativa de desenvolvemento.

17.º O Real decreto 217/2008, do 15 de febreiro, sobre o réxime xurídico das empresas de servizos de investimento e das demais entidades que prestan servizos de investimento e polo que se modifica parcialmente o Regulamento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, aprobado polo Real decreto 1309/2005, do 4 de novembro.

18.º O Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

3. As normas legais enumeradas no punto anterior aplicaranse co alcance subxectivo e obxectivo previsto nelas ás operacións ou contratos que nelas se recollen.

Sección 4.ª Das especialidades do concurso de empresas concesionarias de obras e servizos públicos ou contratistas das administracións públicas

Artigo 579. Concurso de concesionarias de obras e servizos públicos ou contratistas das administracións públicas.

Nos concursos de empresas concesionarias de obras e servizos públicos ou contratistas das administracións públicas aplicaranse as especialidades establecidas na lexislación de contratos do sector público e na lexislación específica reguladora de cada tipo de contrato administrativo.

Artigo 580. Lexitimación adicional para presentar proposta de convenio.

Nos concursos de empresas concesionarias de obras e servizos públicos ou contratistas das administracións públicas, ademais dos lexitimados con carácter xeral para presentaren proposta de convenio, poderán presentala as administracións públicas, incluídos os organismos, entidades e sociedades mercantís vinculadas ou dependentes delas, aínda que non sexan acredores, nas mesmas condicións de tempo, forma e contido establecidas nesta lei.

Artigo 581. *Da acumulación de concursos de concesionarias de obras e servizos públicos ou contratistas das administracións públicas.*

1. Cando nos concursos de dúas ou máis empresas concesionarias de obras e servizos públicos ou contratistas das administracións públicas se presenten propostas de convenio que afecten todas elas, procederá a acumulación dos procedementos en tramitación, calquera que sexa a fase en que se encontren, aínda que a eficacia dos respectivos convenios non estea condicionada á eficacia dos demais.

2. A acumulación procederá aínda que os concursos fosen declarados por diferentes xulgados. Neste caso, a competencia para a tramitación dos concursos acumulados corresponderá ao xuíz que estea a coñecer do concurso da concesionaria ou da contratista con maior pasivo no momento da presentación da solicitude de concurso.

Sección 5.^a Das especialidades do concurso de entidades deportivas

Artigo 582. *Concurso de entidades deportivas.*

1. Nos concursos de entidades deportivas que participen en competicións oficiais aplicaranse as especialidades que para o concurso de acredores prevexa a lexislación estatal do deporte e as súas normas de desenvolvemento.

2. A declaración xudicial de concurso dunha entidade deportiva non interromperá a continuación da actividade que veña exercendo nin impedirá a aplicación da normativa reguladora da participación desa entidade na competición.

LIBRO SEGUNDO

Do dereito preconcursal

TÍTULO I

Da comunicación da apertura de negociacións cos acredores

CAPÍTULO I

Da comunicación de apertura de negociacións cos acredores

Artigo 583. *Comunicación da apertura de negociacións.*

1. O debedor, persoa natural ou xurídica, en situación de insolvencia actual ou inminente, que non fose declarado en concurso poderá poñer en coñecemento do xulgado competente para a declaración do propio concurso a apertura de negociacións cos acredores para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio ou para acadar un acordo de refinanciamento que reúna os requisitos establecidos nesta lei, sempre que non sexa singular.

2. Se o debedor solicitase o nomeamento dun mediador concursal para tratar de acadar un acordo extraxudicial de pagamentos, o notario, o rexistrador mercantil ou a cámara ante os cales se presentou a solicitude, unha vez aceptado o nomeamento polo mediador, comunicará ao xulgado competente para a declaración do concurso a apertura de negociacións cos acredores para acadar un acordo extraxudicial de pagamentos, indicando a identidade do mediador.

3. Na comunicación indicárase que execucións se seguen contra o patrimonio do debedor e cales delas recaen sobre bens ou dereitos que se consideran necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial.

4. Unha vez formulada a comunicación, o mesmo debedor non poderá presentar outra no prazo dun ano.

Artigo 584. *Momento da comunicación.*

Se o debedor se encontra en situación de insolvencia actual, a comunicación só se poderá realizar antes do vencemento do prazo legalmente establecido para o cumprimento do deber de solicitar o concurso.

Artigo 585. *Publicación da comunicación.*

1. O mesmo día da recepción da comunicación, o letrado da Administración de xustiza ditará decreto en que deixe constancia desa comunicación, na cal ordenará a publicación no Rexistro público concursal de edicto que conteña extracto desa resolución.

2. No decreto faranse constar as execucións que se encontran en curso sobre bens ou dereitos que, segundo a solicitude, sexan necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor. En caso de controversia sobre o carácter necesario do ben ou do dereito, quen posúa interese lexítimo poderá interpoñer recurso de revisión.

3. Se no escrito de comunicación consta a solicitude do carácter reservado da comunicación, o letrado da Administración de xustiza non ordenará a publicación do edicto. O debedor poderá solicitar en calquera momento o levantamento do carácter reservado da comunicación.

CAPÍTULO II

Dos efectos da comunicación

Sección 1.ª Dos efectos da comunicación sobre os créditos

Artigo 586. *Efectos da comunicación sobre os créditos a prazo.*

A comunicación da apertura de negociacións cos acredores non producirá por si soa o vencemento anticipado dos créditos aprazados.

Artigo 587. *Efectos da comunicación sobre as garantías persoais.*

1. A comunicación da apertura de negociacións cos acredores non impedirá que o acredor que dispoña de garantía persoal dun terceiro para a satisfacción do crédito poida facela efectiva se o crédito garantido vencese.

2. Os garantes non poderán invocar a comunicación da apertura de negociacións en prexuízo do acredor, mesmo aínda que este participe nesas negociacións.

Sección 2.ª Dos efectos da comunicación sobre as accións e sobre os procedementos executivos

Artigo 588. *Prohibición de iniciación de execucións.*

1. Ata que transcorran tres meses contados desde a data de presentación da comunicación da apertura de negociacións para tratar de acadar un acordo extraxudicial de pagamentos, os acredores non poderán iniciar execucións xudiciais ou extraxudiciais sobre os bens e dereitos integrados no patrimonio do debedor.

2. Ata que transcorran tres meses contados desde a data de presentación da comunicación da apertura de negociacións para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio ou para acadar un acordo de refinanciamento, os acredores non poderán iniciar execucións xudiciais ou extraxudiciais nas cales soliciten o embargo de bens ou dereitos necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor.

3. O prazo será de dous meses se o debedor é persoa natural que non teña a condición de empresario.

Artigo 589. *Suspensión das execucións en tramitación.*

As execucións sobre os bens ou dereitos a que se refire o artigo anterior que estean en tramitación suspenderáas o xuíz que estea a coñecer delas.

Artigo 590. *Execucións de créditos de pasivos financeiros.*

Non se poderán iniciar e, de se teren iniciado, suspenderanse as execucións singulares, xudiciais ou extraxudiciais, promovidas polos acredores de pasivos financeiros sobre calquera outro ben ou dereito integrado no patrimonio do debedor se se acredita documentalmente que, polo menos, o cincuenta e un por cento do pasivo financeiro total apoiou expresamente a apertura das negociacións para a subscripción do acordo de refinanciamento, con compromiso expreso de non iniciar ou continuar execucións individuais fronte ao debedor mentres teñan lugar as negociacións.

Artigo 591. *Das execucións de garantías reais.*

1. Non obstante a comunicación da apertura de negociacións cos acredores para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio ou para acadaren un acordo de refinanciamento, os acredores con garantía real poderán iniciar execucións sobre os bens ou dereitos sobre os cales se constituíse a garantía. Se a garantía recae sobre bens ou dereitos necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor, unha vez iniciado o procedemento de execución, o xuíz que estea a coñecer deste suspenderá ata que transcorran tres meses contados desde a data de presentación da comunicación da apertura de negociacións cos acredores para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio ou para acadaren un acordo de refinanciamento.

2. Non obstante a comunicación da apertura de negociacións cos acredores para tratar de alcanzar un acordo extraxudicial de pagamentos, os acredores con garantía real poderán iniciar execucións sobre os bens ou dereitos sobre cales se constituíse a garantía. Se a garantía recae sobre a vivenda habitual do debedor ou sobre bens ou dereitos necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor, unha vez iniciado o procedemento, o xuíz que estea a coñecer delas suspenderá a execución sobre eses bens ou dereitos ata que transcorran tres meses, contados desde a data da comunicación da apertura de negociacións cos acredores, ou dous meses, se o debedor é persoa natural que non ten a condición de empresario.

3. Efectuada nos rexistros públicos de bens e dereitos a anotación da apertura de negociacións cos acredores, non se poderán anotar respecto dos bens e dereitos do debedor embargos ou secuestros posteriores á presentación da solicitude do nomeamento de mediador concursal.

Artigo 592. *Créditos de dereito público.*

O disposto nesta sección non será de aplicación aos procedementos de execución que teñan por obxecto facer efectivos créditos de dereito público.

Artigo 593. *Posibilidade de iniciar ou restablecer execucións.*

1. As execucións non iniciadas ou suspendidas poderanse iniciar ou restablecer se o xuíz competente para a declaración de concurso resolve que os bens ou dereitos non son necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor.

2. As execucións non iniciadas ou suspendidas poderanse iniciar ou restablecer unha vez transcorridos tres meses desde a comunicación ao xulgado da apertura de negociacións cos acredores, ou dous meses se o debedor é persoa natural que non ten a condición de empresario.

Sección 3.^a Dos efectos sobre as solicitudes de concurso

Artigo 594. *Efectos da comunicación sobre a solicitude de concurso por instancia de lexitimados distintos do debedor.*

1. As solicitudes de concurso presentadas despois da comunicación da apertura de negociacións por outros lexitimados distintos do debedor ou, no acordo extraxudicial de pagamentos, distintos do debedor ou do mediador concursal non se admitirán a trámite mentres non transcorra o prazo de tres meses, contados desde a data desa comunicación, ou de dous meses, se o debedor é persoa natural que non teña a condición de empresario. As presentadas antes da comunicación, malia que aínda non fosen admitidas a trámite, continuarán a súa tramitación.

2. As solicitudes que se presenten con posterioridade á expiración dese prazo só se proverán cando vencese o prazo dun mes hábil sen que o debedor solicite a declaración de concurso. Se o debedor solicita a declaración de concurso dentro dese mes, esta tramitarase en primeiro lugar. Unha vez declarado o concurso por instancia do debedor, as solicitudes que se presentasen antes e as que se presenten despois da do debedor uniranse aos autos e consideraranse os solicitantes como comparecidos.

CAPÍTULO III

Da exhibibilidade do deber legal de solicitar o concurso

Artigo 595. *Exhibibilidade do deber legal.*

O debedor que, dentro dos tres meses contados desde a comunicación ao xulgado da apertura de negociacións cos acredores ou dous meses se é persoa natural que non ten a condición de empresario, non acadase un acordo de refinanciamento ou un acordo extraxudicial de pagamentos ou adhesións suficientes á proposta anticipada de convenio, deberá solicitar a declaración de concurso dentro do mes hábil seguinte se se encontra en estado de insolvencia actual, a menos que xa a solicite o mediador concursal.

TÍTULO II

Dos acordos de refinanciamento

CAPÍTULO I

Dos acordos de refinanciamento*Sección 1.^a Das clases de acordos de refinanciamento*

Artigo 596. *Clases de acordos de refinanciamento.*

Considéranse acordos de refinanciamento:

1.º Os acordos colectivos de refinanciamento, estipulados polo debedor cos seus acredores, con ou sen homologación xudicial.

2.º Os acordos singulares de refinanciamento, estipulados polo debedor ben con un, ben con varios acredores, sempre que reúnan os requisitos establecidos na sección 3.^a deste capítulo, que en ningún caso poderán ser homologados polo xuíz.

Sección 2.^a Dos acordos colectivos de refinanciamento

Artigo 597. *Acordos de refinanciamento.*

O debedor, persoa natural ou xurídica, en situación de insolvencia actual ou inminente, que non fose declarado en concurso poderá acadar en calquera momento un acordo de

refinanciamento cos seus acredores. Se efectuase comunicación ao xulgado competente do inicio de negociacións cos acredores, o acordo de refinanciamento deberase acadar dentro dos tres meses seguintes á data desa comunicación.

Artigo 598. *Requisitos dos acordos colectivos de refinanciamento.*

1. Para os efectos do establecido nesta lei, os acordos colectivos de refinanciamento deberán reunir os seguintes requisitos:

1.º Que o acordo responda a un plan de viabilidade que permita a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor a curto e a medio prazo.

2.º Que o acordo teña como obxecto, polo menos, a ampliación significativa do crédito dispoñible ou a modificación ou a extinción das obrigacións do debedor, ben mediante a prórroga da data de vencemento, ben mediante o establecemento de novas obrigacións en substitución daquelas que se extingan.

3.º Que o acordo fose suscrito polo debedor e por acredores que representen, na data en que se adoptase, polo menos, as tres quintas partes do pasivo do debedor, computado conforme o establecido nesta lei, segundo certificación emitida polo auditor de contas do debedor.

Se o debedor ou as sociedades do grupo non teñen a obrigaçión de someter as contas anuais a auditoría, o auditor que emita a certificación será o nomeado para este efecto polo rexistrador mercantil do domicilio do debedor e, nos casos de acordos de grupo ou de subgrupo de sociedades, o da sociedade dominante.

4.º Que o acordo fose formalizado en instrumento público por todos os que o subscribisen.

2. Ao instrumento público incorporaranse como anexo o plan de viabilidade, a certificación do auditor e cantos documentos xustifiquen a concorrencia na data do acordo dos requisitos exixidos pola lei segundo a clase de acordo de que se trate. Se o plan de viabilidade fose sometido a informe de experto independente, o informe incorporárase tamén como anexo á escritura.

3. O instrumento público en que se formalice o acordo colectivo de refinanciamento terá a consideración de documento sen contía para os efectos de determinación dos honorarios do notario que o autorice. Os folios da matriz e das primeiras copias que se expidan non devindicarán ningunha cantidade a partir do décimo folio inclusive.

Artigo 599. *Regras de cómputo da maioría.*

1. No cómputo da porcentaxe do pasivo deduciranse do total os pasivos titularidade de acredores que sexan persoas especialmente relacionadas co debedor.

2. En caso de pasivo suxeito a un réxime ou pacto de sindicación, entenderase que acepta o acordo colectivo de refinanciamento a totalidade dos acredores sindicados cando quen subscriba o acordo represente, polo menos, o setenta e cinco por cento do pasivo sindicado. Se no réxime ou no pacto de sindicación se establecese unha maioría inferior, será de aplicación esta última.

3. No caso de acordo colectivo de refinanciamento de grupo ou subgrupo, a porcentaxe do pasivo calcularase tanto en base individual, en relación con todas e cada unha das sociedades afectadas, como en base consolidada, en relación cos créditos de cada grupo ou subgrupo afectados, con exclusión en ambos os casos de préstamos e créditos concedidos por sociedades do grupo.

Artigo 600. *Nomeamento de experto independente para emitir informe sobre o plan de viabilidade.*

1. Tanto o debedor como os acredores poderán solicitar do rexistrador mercantil do domicilio do debedor o nomeamento dun experto independente para que informe sobre o plan de viabilidade.

2. Se o acordo colectivo de refinanciamento afecta distintas sociedades dun mesmo grupo, o informe poderá ser elaborado por un só experto, designado polo rexistrador do domicilio da sociedade dominante, se está afectada polo acordo e, na súa falta, polo do domicilio de calquera das sociedades dese grupo.

3. Para a emisión do informe, o rexistrador mercantil designará como experto o profesional que considere idóneo. Será de aplicación ao experto o réxime de incompatibilidades e prohibicións establecidas nesta lei para ser nomeado administrador concursal, así como o réxime de incompatibilidades establecidas para ser nomeado auditor de contas.

Artigo 601. *Contido do informe do experto.*

1. No informe o experto pronunciarase sobre o carácter razoable e realizable do plan de viabilidade, sobre a proporcionalidade, conforme as condicións normais de mercado na data do acordo, das garantías constituídas ou que se constitúan a favor dos acredores, así como das demais mencións do plan de viabilidade que, de ser o caso, prevexa a normativa que resulte aplicable.

2. Cando o informe conteña reservas ou limitacións de calquera clase, as partes do acordo deberán valorar expresamente no instrumento público en que se formalice o acordo colectivo de refinanciamento a incidencia que o contido desas reservas ou limitacións poida ter no plan de viabilidade.

Artigo 602. *Eficacia do acordo colectivo de refinanciamento.*

1. O contido do acordo colectivo de refinanciamento vinculará o debedor, os acredores que o subscribisen e, en caso de pasivo suxeito a un réxime ou pacto de sindicación, todos os acredores sindicados cando aqueles que subscriban o acordo representen a porcentaxe do pasivo sindicado que resulte exixible.

2. Salvo que no propio acordo colectivo de refinanciamento se estableza outra cousa, o acordo adquirirá eficacia desde a data do instrumento público en que se formalizase.

Artigo 603. *Acordos de refinanciamento de grupo.*

Nos casos de acordos colectivos de refinanciamento de grupo ou de subgrupo, as referencias ao debedor que se conteñen nos artigos anteriores entenderanse realizadas a aquelas sociedades do mesmo grupo que estipulen o acordo.

Sección 3.^a Dos acordos singulares de refinanciamento

Artigo 604. *Acordos singulares de refinanciamento.*

1. Para os efectos do establecido nesta lei, son acordos singulares de refinanciamento os estipulados polo debedor, persoa natural ou xurídica, en situación de insolvencia actual ou inminente, que non fose declarado en concurso, cun ou con varios acredores que, individualmente considerados ou conxuntamente cos que se estipulasen en execución do acordado, reúnan os seguintes requisitos:

1.º Que o acordo responda a un plan de viabilidade que permita a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor a curto e a medio prazo.

2.º Que incrementa a proporción previa de activo sobre pasivo existente na data de adopción do acordo.

3.º Que o activo corrente resultante sexa igual ou superior ao pasivo corrente.

4.º Que a proporción dos créditos con garantías persoais ou reais dos acredores que subscriban o acordo non sexa superior á existente antes do acordo, nin superior ao noventa por cento do pasivo total afectado polo acordo. No caso de garantías reais, o valor da garantía determinarase conforme o establecido no título VI do libro I desta lei.

5.º Que o tipo de xuro aplicable aos créditos subsistentes ou resultantes do acordo a favor do acreedor ou dos acredores intervinientes non exceda en máis dun terzo a media dos xuros aplicables aos créditos antes do acordo.

6.º Que o acordo se formalizase en escritura pública outorgada polo debedor e por todos os acredores intervinientes nel, por si ou por medio de representante. Na escritura deberanse facer constar as razóns que, desde o punto de vista económico, xustifiquen o acordo, así como os diversos actos e negocios realizados entre o debedor e os acredores que subscriban o acordo, e xuntaranse a ela cantos documentos xustifiquen a concorrencia na data do outorgamento dos requisitos a que se refiren os números anteriores.

2. Para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos nos ordinais 1.º e 2.º do punto anterior, teranse en conta todas as consecuencias de natureza económica, patrimonial ou financeira, incluídas as fiscais, así como as cláusulas de vencemento anticipado preexistentes ou que se estipulen e calquera outra similar, derivadas dos actos que se leven a cabo mesmo cando se produzan con respecto a acredores non intervinientes.

CAPÍTULO II

Da homologación dos acordos de refinanciamento

Sección 1.ª Dos requisitos da homologación

Artigo 605. *Acordos homologables.*

1. O debedor, persoa natural ou xurídica, en situación de insolvencia actual ou inminente, que non fose declarado en concurso, poderá solicitar en calquera momento a homologación xudicial do acordo de refinanciamento que acadase cos seus acredores. Se efectuou comunicación ao xulgado competente do inicio de negociacións cos acredores, a solicitude deberase presentar dentro dos tres meses seguintes.

2. Os acordos singulares de refinanciamento non poderán ser obxecto de homologación.

Artigo 606. *Requisitos da homologación.*

1. Para os efectos do establecido nesta lei, os acordos de refinanciamento, para seren homologados, deberán reunir os seguintes requisitos:

1.º Que o acordo responda a un plan de viabilidade que permita a continuidade da actividade profesional ou empresarial do debedor a curto e a medio prazo.

2.º Que o acordo teña como obxecto, polo menos, a ampliación significativa do crédito dispoñible ou a modificación ou a extinción das obrigacións do debedor, ben mediante a prórroga da data de vencemento, ben mediante o establecemento de novas obrigacións en substitución daquelas que se extingan.

3.º Que o acordo fose subscrito por acredores que representen, no momento da súa adopción, polo menos, o cincuenta e un por cento do pasivo financeiro, contado conforme o establecido nesta lei, segundo certificación emitida polo auditor de contas do debedor.

Se o debedor ou as sociedades do grupo non teñen a obrigación de someter as contas anuais a auditoría, o auditor que emita a certificación será o nomeado para este efecto polo rexistrador mercantil do domicilio do debedor e, nos casos de acordos de grupo ou de subgrupo de sociedades, o da sociedade dominante.

4.º Que o acordo fose formalizado en instrumento público por todos os que o subscribisen.

2. Para os efectos do establecido no punto anterior, considéranse créditos financeiros os procedentes de calquera endebedamento financeiro por parte do debedor, con independencia de que os titulares deses créditos estean ou non sometidos a supervisión

financeira. En ningún caso terán a consideración de créditos financeiros os créditos de dereito público, os créditos laborais e os acredores por operacións comerciais, aínda que calquera deles teña aprazada a exixibilidade do crédito.

3. Ao instrumento público incorporaranse como anexo o plan de viabilidade, a certificación do auditor e cantos documentos xustifiquen a concorrencia na data do acordo dos requisitos exixidos pola lei segundo a clase de acordo de que se trate. Se o plan de viabilidade fose sometido a informe de experto independente, o informe incorporárase tamén como anexo á escritura.

Artigo 607. Regras de cómputo da maioría do pasivo financeiro.

1. No cómputo da porcentaxe do pasivo financeiro non se poderá tomar en consideración a subscrición do acordo de refinanciamento ou a adhesión a el por acredores que non sexan titulares desa clase de pasivo.

2. Os créditos financeiros expresados noutra moeda computaranse na de curso legal segundo o tipo de cambio oficial na data do instrumento público en que se formalizase.

3. No cómputo da porcentaxe do pasivo financeiro deduciranse do total os pasivos financeiros titularidade de acredores que sexan persoas especialmente relacionadas co debedor, os cales, con todo, poderán quedar afectados pola extensión da eficacia do acordo homologado de refinanciamento.

4. En caso de pasivo financeiro suxeito a un réxime ou pacto de sindicación, entenderase que subscribe o acordo de refinanciamento a totalidade dos acredores sindicados cando aqueles que subscriban o acordo representen, polo menos, o setenta e cinco por cento do pasivo sindicado. Se no réxime ou no pacto de sindicación se establecese unha maioría inferior, será de aplicación esta última.

5. En caso de pasivo financeiro especialmente privilexiado, para determinar o límite do privilexio observarase o establecido no título V do libro I desta lei. As certificacións emitidas pola sociedade reitora do mercado secundario oficial ou do mercado secundario de que se trate, en caso de garantías sobre valores mobiliarios cotizados, ou por unha sociedade de taxación homologada e inscrita no Rexistro Especial do Banco de España, en caso de bens inmoables, uniranse á escritura pública como anexo.

Artigo 608. Regras de cómputo da maioría en caso de acordos de grupo ou de subgrupo.

No caso de acordo de refinanciamento de grupo ou subgrupo, a porcentaxe do pasivo financeiro calcularase tanto en base individual, en relación con todas e cada unha das sociedades afectadas, como en base consolidada, en relación cos créditos de cada grupo ou subgrupo afectados, con exclusión en ambos os casos dos préstamos e créditos concedidos por sociedades do grupo.

Sección 2.^a Da homologación xudicial

Subsección 1.^a Do procedemento de homologación

Artigo 609. Competencia para a homologación.

1. Os acordos de refinanciamento poderán ser homologados polo xuíz que sexa competente para a declaración, de ser o caso, do concurso de acredores do debedor que o subscribise.

2. No caso de acordo de refinanciamento de grupo ou subgrupo, será competente para a homologación o xuíz que sexa competente para a declaración de concurso de acredores da sociedade dominante ou, cando esta non subscribise o acordo, o da sociedade do grupo con maior pasivo financeiro que participe no acordo.

Artigo 610. *Solicitud de homologación.*

1. A solicitude de homologación do acordo de refinanciamento poderá ser formulada polo debedor ou por calquera acreedor que o subscribise.
2. Á solicitude xuntarase unha copia íntegra do instrumento público.

Artigo 611. *Admisión a trámite.*

Se o acordo reúne os requisitos establecidos no artigo 606 desta lei, o xuíz ditará providencia en que a admita a trámite, e nesa mesma providencia decretará que a paralización das execucións singulares continúe ata que acorde ou denegue a homologación solicitada.

Artigo 612. *Publicación da providencia.*

O letrado da Administración de xustiza ordenará a publicación da providencia no Rexistro público concursal por medio dun anuncio que conterá os datos que identifiquen o debedor, o xuíz competente, o número do procedemento xudicial de homologación, a data do acordo de refinanciamento e os efectos daquelas medidas que se conteñen nel, coa indicación de que o acordo está á disposición dos acredores afectados polo acordo no xulgado competente para coñecer da homologación, con posibilidade de acceder ao seu contido por medios telemáticos.

Artigo 613. *Auto de homologación.*

1. Dentro dos quince días seguintes ao da publicación da providencia de admisión a trámite da solicitude no Rexistro público concursal, o xuíz, mediante auto, homologará o acordo de refinanciamento que reúna os requisitos establecidos no artigo 606 desta lei.
2. No auto de homologación o xuíz declarará que o contido do acordo de refinanciamento vincula o debedor, os acredores que o subscribisen, os acredores sindicados, en caso de pasivo suxeito a un réxime ou pacto de sindicación, cando quen subscriba o acordo represente a porcentaxe do pasivo sindicado que resulte exigible, e aqueles acredores aos cales, aínda que non subscribisen o acordo de homologación ou mostrasen a súa desconformidade a el, esta lei estende a eficacia do acordo.
3. No auto de homologación, o xuíz decretará a finalización das execucións singulares que quedasen paralizadas, con arquivamento das actuacións. Unha vez firme o auto de homologación, o xuíz poderá ordenar a cancelación dos embargos que se practicasen nos procedementos de execución por créditos afectados polo acordo de refinanciamento do pasivo financeiro.

Artigo 614. *Eficacia do auto de homologación.*

O acordo producirá os seus efectos de inmediato e terá forza executiva, aínda que non sexa firme.

Artigo 615. *Publicidade do auto de homologación.*

O auto de homologación do acordo de refinanciamento do pasivo financeiro publicarase de inmediato no Rexistro público concursal e mediante edicto no «Boletín Oficial del Estado». O edicto conterá os datos que identifiquen o debedor, o xuíz competente, o número do procedemento xudicial de homologación, a data do acordo de refinanciamento, a data do auto de homologación e os acredores aos cales se estende a eficacia do acordo de refinanciamento.

Artigo 616. *Adhesión a un acordo homologado de refinanciamento do pasivo financeiro.*

1. Salvo que se trate de titulares de créditos de dereito público, os acredores que non o sexan de pasivos financeiros poderanse adherir ao acordo homologado de refinanciamento.
2. Aos acredores adheridos estenderáselles o contido do acordo homologado.
3. Estas adhesións non se terán en conta para os efectos do cómputo das porcentaxes de pasivo financeiro exixidas por esta lei para a adopción do acordo ou para a extensión de efectos do acordo homologado.

Artigo 617. *Prohibición temporal de novas solicitudes de homologación.*

Unha vez solicitada a homologación dun acordo de refinanciamento polo propio debedor ou por algún dos seus acredores, non se poderá solicitar outra respecto do mesmo debedor ata que transcorra un ano.

Subsección 2.^a Da impugnación da homologación

Artigo 618. *Impugnación da homologación.*

1. Dentro dos quince días seguintes ao da publicación da homologación no «Boletín Oficial del Estado», os acredores de pasivos financeiros afectados pola homologación xudicial que non subscribisen o acordo de refinanciamento ou que mostrasen a súa desconformidade a este poderán impugnar a homologación ante o mesmo xuíz que homologase o acordo.
2. A impugnación non suspenderá a execución do acordo.

Artigo 619. *Motivos de impugnación da homologación.*

1. A impugnación só poderá fundarse nos seguintes motivos:
 - 1.º En non ter adoptado o acordo coas maiorías exixidas por esta lei.
 - 2.º No carácter desproporcionado do sacrificio exixido ao acredor ou acredores que impugnen a homologación.
2. Para determinar se o sacrificio é ou non desproporcionado, o xuíz deberá ter en conta todas as circunstancias concorrentes.
3. En todo caso, considérase desproporcionado o sacrificio se é diferente para acredores iguais ou semellantes, así como se o acredor que non goce de garantía real pode obter na liquidación da masa activa unha maior cota de satisfacción que a prevista no acordo de refinanciamento.

Artigo 620. *Tramitación da impugnación.*

1. Todas as impugnacións se tramitarán conxuntamente polas canles do incidente concursal.
2. Das impugnacións presentadas darase traslado ao debedor e aos acredores afectados pola homologación do acordo de refinanciamento do pasivo financeiro para que poidan formular oposición.

Artigo 621. *Sentenza.*

1. A sentenza que resolva a impugnación da homologación deberase ditar dentro dos trinta días seguintes a aquel en que finalizase a tramitación do incidente. A estimación da impugnación polo carácter desproporcionado do sacrificio exixido a un ou varios dos acredores non impedirá a homologación do acordo respecto dos demais.
2. A sentenza que resolva a impugnación terá a mesma publicidade que o auto de homologación.

3. A sentenza que resolva a impugnación non será susceptible de recurso de apelación.

Artigo 622. *Momento de eficacia da sentenza.*

Os efectos da sentenza que resolva a impugnación da homologación produciranse, sen posibilidade de suspensión ou aprazamento, o día seguinte ao da súa publicación por medio de edicto no «Boletín Oficial del Estado».

Sección 3.^a Da extensión da eficacia do acordo homologado de refinanciamento

Subsección 1.^a Da extensión aos créditos sen garantía real

Artigo 623. *Extensión aos créditos sen garantía real.*

Tras ser homologado o acordo de refinanciamento dun debedor, estenderanse aos acredores de pasivos financeiros, cuxos créditos non gocen de garantía real ou pola parte dos créditos que exceda o valor desa garantía que non subscribisen o acordo de refinanciamento ou que mostrasen a súa desconformidade con el, os seguintes efectos:

1.º As esperas por prazo non superior a cinco anos, xa sexan de principal, de xuros ou de calquera outra cantidade debida, e a conversión dos créditos en créditos participativos durante o mesmo prazo, se o acordo fose suscrito por acredores que representen, polo menos, o sesenta por cento do pasivo financeiro total.

2.º As esperas por prazo superior a cinco anos e non superior a dez, as quitacións, a conversión dos créditos en accións ou participacións da sociedade debedora ou doutra sociedade, a conversión dos créditos en créditos participativos por período superior a cinco anos, e non superior a dez, en obrigacións convertibles, en créditos subordinados, en créditos con xuros capitalizables ou en calquera outro instrumento financeiro con características, rango ou vencemento distintos daqueles que teñan os créditos orixinais, e a cesión de bens ou dereitos aos acredores en pagamento ou para pagamento da totalidade ou parte da débeda, se o acordo fose suscrito por acredores que representen, polo menos, o setenta e cinco por cento do pasivo financeiro total.

Artigo 624. *Réxime especial da conversión en accións ou participacións sociais.*

1. A conversión de créditos en accións ou participacións sociais, con ou sen prima, en execución dun plan homologado de refinanciamento do pasivo financeiro poderase realizar aínda que os créditos para compensar non sexan líquidos, non estean vencidos ou non sexan exixibles.

2. Para a adopción por parte da xunta xeral de socios do acordo de aumentar o capital social por conversión dos créditos en accións ou participacións sociais non será necesaria a maioría reforzada establecida pola lei ou polos estatutos sociais.

Artigo 625. *Dereito de opción en caso de conversión en accións ou participacións sociais.*

1. Dentro do prazo dun mes contado desde a eficacia da homologación, os acredores por pasivos financeiros poderán optar entre a conversión do crédito en capital ou unha quitación equivalente ao importe do nominal das accións ou participacións que lles correspondería subscribir ou asumir e, de ser o caso, da correspondente prima de emisión ou de asunción.

2. En caso de falta de exercicio da facultade de elección, entenderase que os acredores optan pola quitación.

Subsección 2.^a Da extensión aos créditos con garantía realArtigo 626. *Extensión aos créditos con garantía real.*

1. Tras ser homologado o acordo de refinanciamento dun debedor, estenderanse aos acredores de pasivos financeiros, cuxo crédito non exceda o valor da garantía real que non subscribisen o acordo de refinanciamento ou que, antes ou despois da homologación, mostrasen a súa desconformidade con el, os seguintes efectos:

1.º As esperas por prazo non superior a cinco anos, xa sexan de principal, de xuros ou de calquera outra cantidade debida, e a conversión dos créditos en créditos participativos durante o mesmo prazo, se ese efecto fose acordado por acredores que representen, polo menos, o sesenta e cinco por cento do pasivo financeiro con privilexio especial por razón do valor da garantía real calculado conforme o establecido no título V do libro I desta lei.

2.º As esperas por prazo superior a cinco anos e non superior a dez, as quitacións, a conversión dos créditos en accións ou participacións da sociedade debedora ou doutra sociedade, a conversión dos créditos en créditos participativos por período superior a cinco anos, e non superior a dez, en obrigacións convertibles, en créditos subordinados, en créditos con xuros capitalizables ou en calquera outro instrumento financeiro con características, rango ou vencemento distintos daqueles que teñan os créditos orixinais, e a cesión de bens ou dereitos aos acredores en pagamento ou para pagamento da totalidade ou parte da débeda, se ese específico efecto fose acordado por acredores que representen, polo menos, o oitenta por cento do pasivo financeiro con privilexio especial por razón do valor da garantía real calculado conforme o establecido no título V do libro I desta lei.

2. Á conversión do crédito en accións ou participacións sociais será de aplicación o establecido nos dous artigos anteriores.

Subsección 3.^a Da conservación das garantías persoaisArtigo 627. *Conservación das garantías persoais.*

1. Os acredores de pasivos financeiros que non subscribisen o acordo de homologación ou que mostrasen a súa desconformidade con el aos cales, por efecto da homologación, se estendan os efectos do acordo de refinanciamento do pasivo financeiro manterán os seus dereitos fronte aos obrigados solidariamente co debedor e fronte aos seus fiadores ou avalistas, os cales non poderán invocar nin a aprobación do acordo de refinanciamento nin os efectos da homologación en prexuízo daqueles.

2. Respecto dos acredores financeiros que subscribisen o acordo de refinanciamento, o mantemento dos seus dereitos fronte aos demais obrigados, fiadores ou avalistas dependerá do que se acordase na respectiva relación xurídica.

CAPÍTULO III

Do incumprimento do acordo de refinanciamentoArtigo 628. *Incumprimento do acordo de refinanciamento.*

1. En caso de non cumprir o debedor os termos do acordo de refinanciamento, calquera acredor afectado polo acordo poderá solicitar a declaración de incumprimento.

2. Será xuíz competente para coñecer da solicitude o que o homologase e, na falta de homologación, o que sexa competente para a declaración de concurso de acredores do debedor.

3. A solicitude instruirase polos trámites do incidente concursal. Da solicitude darase traslado ao debedor e a todos os acredores que comparezan e, en caso de homologación,

aos que comparecesen no incidente de impugnación da homologación, para que se poidan adherir ou opoñer a ela.

4. A sentenza que resolva o incidente non será susceptible de recurso de apelación.

Artigo 629. *Efectos da declaración de incumprimento.*

1. A declaración de incumprimento do acordo de refinanciamento supoñerá a resolución deste e a desaparición dos efectos sobre os créditos.

2. Declarado o incumprimento, os acredores poderán instar a declaración de concurso de acredores ou iniciar as execucións singulares.

3. As execucións das garantías reais non se poderán iniciar se no acordo de refinanciamento se pactase, para o caso de incumprimento, a extinción das garantías preexistentes ou das constituídas en execución dese acordo.

Artigo 630. *Incumprimento do acordo de refinanciamento e execución de garantías reais.*

Incumplido o acordo de refinanciamento do pasivo financeiro, serán de aplicación ás execucións das garantías reais as seguintes regras:

1.^a Se o importe obtido na execución excede o da débeda orixinaria ou o saldo pendente dela de non se ter producido o acordo, considerarase sobranse a diferenza entre o primeiro e o segundo importe para os efectos do establecido na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, e na lexislación hipotecaria.

2.^a Se a cantidade obtida na execución é menor que a débeda orixinaria ou do saldo pendente dela de non se ter producido o acordo, pero maior do valor da garantía calculado conforme o establecido no título VI do libro I desta lei, considerarase que non hai sobranse da execución nin remanente do crédito, polo que o acredor fará súa toda a cantidade resultante da execución.

3.^a Se a cantidade resultante da execución é inferior ao valor da garantía calculado conforme o establecido no título VI do libro I desta lei, considerarase como parte remanente do crédito a diferenza entre o importe dese crédito e a cantidade resultante da execución.

TÍTULO III

Do acordo extraxudicial de pagamentos

CAPÍTULO I

Dos presupostos

Artigo 631. *Presuposto xeral.*

1. O debedor, persoa natural ou xurídica, en situación de insolvencia actual ou inminente, que non fose declarado en concurso poderá solicitar o nomeamento dun mediador concursal para tratar de acadar un acordo extraxudicial de pagamentos cos seus acredores.

2. Se o debedor é persoa xurídica, será competente para decidir sobre a solicitude o órgano de administración ou de liquidación.

Artigo 632. *Presuposto especial para a debedor persoa natural.*

Se o debedor é persoa natural, será necesario que a estimación inicial do valor do pasivo non sexa superior a cinco millóns de euros.

Artigo 633. *Presuposto especial para a debedor persoa xurídica.*

Se o debedor é persoa xurídica, será necesario que a estimación inicial do valor do activo ou do importe do pasivo non sexa superior a cinco millóns de euros, ou que teña

menos de cincuenta acredores, sempre que, en todo caso, acredite dispoñer de activos suficientes para pagar os gastos propios da tramitación do expediente.

Artigo 634. *Prohibicións.*

Non poderán solicitar o nomeamento dun mediador concursal:

1.º As persoas que, dentro dos dez anos anteriores á solicitude, fosen condenadas en sentenza firme por delito contra o patrimonio, contra a orde socioeconómica, de falsidade documental, contra a Facenda pública, a Seguridade Social ou contra os dereitos dos traballadores.

2.º As persoas que, dentro dos cinco anos anteriores á solicitude, acadasen un acordo extraxudicial de pagamentos cos acredores, obtivesen a homologación xudicial dun acordo de refinanciamento ou fosen declaradas en concurso de acredores.

O cómputo deste prazo comezará a contar, respectivamente, desde a publicación no Rexistro público concursal da aceptación do acordo extraxudicial de pagamentos, da resolución xudicial que homologue o acordo de refinanciamento ou do auto que declare a conclusión do concurso.

3.º As persoas que se encontren negociando cos seus acredores un acordo de refinanciamento.

4.º As persoas cuxa solicitude de concurso fose admitida a trámite.

CAPÍTULO II

Do nomeamento de mediador concursal

Sección 1.ª Da solicitude de nomeamento de mediador concursal

Artigo 635. *Solicitude de nomeamento.*

1. A solicitude de nomeamento de mediador concursal farase mediante formulario normalizado asinado polo debedor, ao cal xuntará o inventario de bens e dereitos e a lista de acredores. O contido dos formularios normalizados de solicitude, do inventario e da lista de acredores determinarase mediante orde do Ministerio de Xustiza.

2. Se o debedor é persoa casada en réxime de gananciais ou calquera outro de comunidade de bens, indicará na solicitude a identidade do cónxuxe, con expresión do réxime económico do matrimonio. Se os cónxuxes son propietarios da vivenda familiar e esta pode quedar afectada polo acordo extraxudicial de pagamentos, a solicitude deberá ser asinada necesariamente por ambos os cónxuxes ou ser presentada por un co consentimento do outro.

Artigo 636. *Documentos xerais.*

1. No inventario figurarán os bens e dereitos de que sexa titular, con expresión da natureza que teñan, as características, o lugar en que se encontren e, de estaren inscritos nun rexistro público, os datos de identificación rexistral de cada un dos bens e dereitos relacionados, o valor de adquisición, as correccións valorativas que procedan e a estimación do valor actual. Indicaranse tamén no inventario os gravames, trabas e cargas que afecten estes bens e dereitos, con expresión da súa natureza e, de ser o caso, dos datos de identificación rexistral. En anexo do inventario especificaranse o efectivo e os activos líquidos de que dispoña, así como unha relación dos ingresos regulares previstos.

2. Na lista de acredores figurarán, por orde alfabética, os que teña o solicitante, incluídos os de dereito público, con expresión da súa identidade, o domicilio e o enderezo electrónico, se o tiver, de cada un deles, así como da contía e vencemento dos respectivos créditos e das garantías persoais prestadas ou reais constituídas a favor de calquera acredor ou de terceiro. Para os efectos da determinación do valor da garantía, observarase o establecido nesta lei respecto dos créditos con privilexio especial.

Se existiren execucións contra o patrimonio do debedor, indicárase na lista de acredores a identidade do executante, o xulgado en que se estivesen tramitando e o número de autos, con expresión de cales desas execucións recaen sobre bens ou dereitos que o solicitante considere necesarios para a continuidade da actividade profesional ou empresarial.

En anexo da lista incluírase unha relación dos contratos vixentes e unha relación dos gastos mensuais previstos.

3. Se tiver traballadores, xuntará o solicitante unha relación dos que teña, con expresión da identidade e enderezo dos seus representantes.

Artigo 637. *Documentos contables.*

Se o debedor estiver legalmente obrigado a levar a contabilidade, xuntará as contas anuais correspondentes aos tres últimos exercicios. Se é empresario, xuntará, ademais, un balance actualizado.

Artigo 638. *Da presentación da solicitude.*

1. Se o debedor persoa natural non for empresario ou o debedor persoa xurídica non for entidade inscrite no Rexistro Mercantil, a solicitude presentarase ante notario do domicilio do debedor.

2. Se o debedor persoa natural for empresario ou o debedor persoa xurídica for entidade inscrite no Rexistro Mercantil, aínda que non estean inscritos, a solicitude presentarase ou remitirase telematicamente ao rexistrador mercantil correspondente ao domicilio do debedor.

3. Se o debedor persoa natural for empresario ou se tiver a condición de persoa xurídica, a solicitude tamén se poderá presentar ante a Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España ou ante calquera cámara oficial de comercio, industria, servizos e navegación que, de conformidade coa normativa pola que se rexa, asumise funcións de mediación.

4. Para os efectos do establecido neste título, serán considerados empresarios non soamente as persoas naturais que teñan tal condición, sexa conforme a lexislación mercantil, sexa conforme a lexislación da Seguridade Social, senón tamén aquelas que exerzan actividades profesionais, así como os traballadores autónomos.

Artigo 639. *Dos efectos da presentación da solicitude.*

Solicitado o nomeamento de mediador concursal, o debedor poderá continuar coa súa actividade profesional, empresarial ou laboral, pero absterase de realizar calquera acto de administración e disposición que exceda os actos ou operacións propios do xiro ou tráfico da súa actividade.

Artigo 640. *Da tramitación da solicitude.*

1. O receptor da solicitude, se for competente, procederá á apertura de expediente e comprobará se o debedor reúne os requisitos legais exixidos e se os datos que constan no formulario e a documentación que a acompaña non conteñen ningún defecto e son suficientes. Se considera que a solicitude ou a documentación adxunta ten algún defecto ou que esta é insuficiente para acreditar o cumprimento dos requisitos legais, sinalaralle ao solicitante un único prazo de emenda, que non poderá exceder os cinco días.

2. Se a solicitude non ten defectos e a documentación é completa, nomeará o mediador concursal. Se a solicitude se presentou ou remitiu ao rexistrador mercantil competente, este, antes de nomear o mediador concursal, procederá á apertura da folla correspondente, no caso de que non figurase inscrito.

3. A solicitude inadmitirase cando o debedor non xustifique que reúne os requisitos legais exixidos. En caso de inadmisión por falta de xustificación ou de emenda, o solicitante

poderá presentar nova solicitude cando concorran ou se poida acreditar a concorrencia deses requisitos.

Sección 2.^a Do nomeamento de mediador concursal

Subsección 1.^a Do nomeamento

Artigo 641. Instancia competente.

1. A competencia para o nomeamento de mediador concursal corresponde ao receptor da solicitude.

2. O nomeamento do mediador concursal deberase realizar dentro dos cinco días seguintes ao da recepción da solicitude.

3. Se o nomeamento se efectúa por medio de notario, deberá constar en acta autorizada polo mesmo fedatario; se se efectúa por medio de rexistrador mercantil, a resolución que dite anotarase na folla aberta ao solicitante; e se se efectúa por medio de cámara oficial, deberá constar en acta do órgano que sexa competente, da cal o secretario expedirá certificación.

Artigo 642. Requisitos xerais do mediador.

1. O mediador concursal, sexa persoa natural ou xurídica, deberá ter a condición de mediador en asuntos civís e mercantís, e estar inscrito na lista oficial confeccionada polo Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza. A lista oficial figurará no portal correspondente do «Boletín Oficial del Estado».

2. Cando o debedor sexa persoa natural non empresario, o notario receptor da solicitude poderá asumir a condición de mediador, salvo oposición do debedor. Determinarase regulamentariamente o réxime de responsabilidade dos notarios que interveñan como mediadores nos acordos extraxudiciais de pagamentos.

Artigo 643. Sistema de nomeamento.

O nomeamento de mediador concursal deberá recaer na persoa á cal, dentro da lista a que se refire o artigo anterior, de forma secuencial lle corresponda.

Artigo 644. Supostos especiais.

1. Se o debedor persoa natural empresario ou a persoa xurídica debedora presenta a solicitude ante unha cámara oficial, a propia cámara asumirá as funcións de mediación.

O sistema de mediación desenvolvido polas cámaras deberá ser transparente e deberase garantir a inexistencia de conflito de intereses. Para ese efecto, poderase constituír unha subcomisión de sobreendebemento ou órgano equivalente, que deberá estar composto por, polo menos, unha persoa que reúna os requisitos para ser nomeada mediadora concursal.

2. Se o debedor é unha entidade aseguradora ou reaseguradora, deberá ser nomeado mediador o Consorcio de Compensación de Seguros.

Artigo 645. Remuneración do mediador concursal.

1. A contía da retribución fixarase na resolución en que sexa nomeado.

2. Determinarase regulamentariamente as regras para o cálculo da retribución do mediador concursal. En todo caso, a retribución que se vai percibir dependerá do tipo de debedor, do seu pasivo e activo e do éxito acadado na mediación.

Subsección 2.^a Da aceptaciónArtigo 646. *Requisitos da aceptación.*

Ao aceptar o cargo, o nomeado deberá facilitar ao notario, ao rexistrador ou á cámara un enderezo electrónico ao cal os acredores poidan remitir calquera comunicación ou notificación. O enderezo electrónico deberá cumprir as condicións técnicas de seguridade das comunicacións electrónicas no relativo á constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións.

Artigo 647. *Prazo para a aceptación.*

1. A aceptación do mediador concursal deberá ter lugar dentro dos cinco días seguintes ao de recepción da resolución de nomeamento.
2. A falta de aceptación dentro de prazo determinará a caducidade do nomeamento.

Sección 3.^a Da comunicación do nomeamentoArtigo 648. *Comunicación ao xulgado.*

Aceptado o cargo polo mediador, o notario, o rexistrador ou a cámara oficial comunicarlle ao xulgado competente para a declaración de concurso do solicitante o propósito do debedor de negociar cos acredores un acordo extraxudicial de pagamentos, e xuntarse, segundo proceda, copia auténtica da acta ou certificación do asento ou do acordo de nomeamento, con expresión da data en que o nomeado aceptase o cargo.

Artigo 649. *Comunicacións aos rexistros públicos.*

Aceptado o cargo polo mediador, o notario, o rexistrador ou a cámara oficial remitiralles, segundo proceda, copia auténtica da acta ou certificación do asento ou do acordo de nomeamento aos rexistros públicos de persoas en que figure inscrito o solicitante e aos rexistros públicos de bens ou dereitos en que este teña inscritos bens ou dereitos da súa propiedade, con expresión da data en que o nomeado aceptase o cargo. Unha vez recibida a documentación, o responsable do rexistro efectuará anotación preventiva na folla en que figure inscrito o debedor ou os seus bens e dereitos.

Artigo 650. *Comunicación ao Rexistro público concursal.*

1. Aceptado o cargo polo mediador, o notario, o rexistrador ou a cámara oficial remitiralles, segundo proceda, copia auténtica da acta ou certificación do asento ou do acordo de nomeamento ao Rexistro público concursal.
2. A comunicación conterá: a identidade do debedor, incluído o número de identificación fiscal; o notario, o rexistrador ou a cámara oficial ante o cal se presentou a solicitude; o número do expediente que se incoou e a identidade do mediador concursal, incluído o número de identificación fiscal.

Artigo 651. *Comunicacións a organismos públicos.*

1. Aceptado o cargo polo mediador, o notario, o rexistrador ou a cámara oficial remitiralles, segundo proceda, copia auténtica da acta ou certificación do asento ou do acordo de nomeamento á Axencia Estatal de Administración Tributaria e á Tesouraría Xeral da Seguridade Social, conste ou non a súa condición de acredores.
2. As comunicacións efectuaranse por medios electrónicos a través das canles que estes organismos habiliten nas súas respectivas sedes electrónicas.
3. Nas comunicacións farase constar: a identidade do debedor e o número de identificación fiscal que teña, a identidade do mediador e o número de identificación fiscal que teña, a data de aceptación do cargo e o enderezo electrónico que facilítase.

Artigo 652. *Comunicación á representación dos traballadores.*

Aceptado o cargo polo mediador, o notario, o rexistrador ou a cámara oficial remitiralle, segundo proceda, copia auténtica da acta ou certificación do asento ou do acordo de nomeamento á representación dos traballadores, se a houber, e faralles saber do seu dereito para comparecer nas actuacións.

Artigo 653. *Actuacións notariais e rexistrais.*

Se o debedor é persoa natural non empresario, as actuacións notariais ou rexistrais descritas neste capítulo non devindicarán ningunha retribución arancelaria.

Sección 4.^a Do réxime supletorio

Artigo 654. *Réxime supletorio.*

En todo o non previsto nesta lei en canto ao nomeamento e á aceptación do mediador concursal, observarase o disposto para o nomeamento de expertos independentes.

Sección 5.^a Do deber de solicitar aprazamento ou fraccionamento da obrigaón de pagamento dos créditos de dereito público

Artigo 655. *O deber de solicitar aprazamento ou fraccionamento dos créditos de dereito público.*

1. Unha vez nomeado o mediador concursal, o debedor que teña débedas tributarias ou de seguridade social para cuxa xestión recadatoria resulte de aplicación o disposto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, deberá solicitar da Administración pública competente o aprazamento ou o fraccionamento do pagamento daquelas que, na data do nomeamento do mediador, se encontren pendentes de ingreso, salvo que tiver previsto e puider efectuar o pagamento das ditas débedas no prazo establecido na normativa que resulte de aplicación.

2. Á solicitude de aprazamento ou fraccionamento xuntarase a relación daqueloutras débedas de dereito público que na data de presentación estean incluídas en solicitudes pendentes de resolución.

Artigo 656. *Réxime aplicable ao aprazamento ou fraccionamento.*

1. A tramitación das solicitudes de aprazamento ou de fraccionamento das débedas tributarias rexerase polo establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, e na normativa que a desenvolve.

2. A tramitación das solicitudes de aprazamento ou de fraccionamento das débedas de seguridade social rexerase polo establecido no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, e na normativa que a desenvolve.

Artigo 657. *Resolución sobre a solicitude.*

1. O acordo de resolución do aprazamento ou fraccionamento das débedas tributarias ou de seguridade social só se poderá ditar cando o acordo extraxudicial de pagamentos fose formalizado. Con todo, a Administración pública competente poderá resolver antes a solicitude se transcorreren tres meses desde que se presentase sen que se publicase no Rexistro público concursal o acordo extraxudicial de pagamentos ou se o debedor fose declarado en concurso de acredores.

2. Salvo que razóns de contía, discrecionalmente apreciadas pola Administración pública, determinen o contrario, o acordo de concesión do aprazamento ou fraccionamento terá como referencia temporal máxima a recollida no acordo extraxudicial de pagamentos, ben que a periodicidade dos prazos poderá ser diferente.

Artigo 658. *Aprazamentos ou fraccionamentos anteriores.*

1. Os aprazamentos e fraccionamentos de pagamento das débedas tributarias ou de seguridade social no seu día concedidos e vixentes na data de presentación da solicitude continuarán producindo plenos efectos.

2. No caso de que, xunto co aprazamento ou co fraccionamento das novas débedas, se solicite a modificación das condicións dos xa concedidos, a solicitude tramitarase conxuntamente.

CAPÍTULO III

Dos deberes de comprobación

Artigo 659. *Deber de comprobación da solicitude e da documentación.*

1. Dentro dos dez días seguintes ao da aceptación do cargo, o mediador concursal deberá comprobar a realidade e exactitude dos datos que figuren na solicitude e a documentación que a acompañe.

2. O mediador concursal poderá requirir o debedor para que complemente ou emende o que proceda, así como instalo á corrección de cantos erros poida haber na solicitude ou na documentación.

Artigo 660. *Deber de comprobación dos créditos.*

Dentro dos dez días seguintes ao da aceptación do cargo, o mediador concursal, cos antecedentes documentais con que conte o debedor e cos demais medios que considere oportunos, deberá comprobar a existencia e a contía dos créditos daqueles que figuren na lista de acredores. Se o debedor for persoa natural que non ten a condición de empresario e o mediador for o propio notario, o prazo será de quince días contados desde a presentación ao notario da solicitude de nomeamento de mediador.

Artigo 661. *Enderezos electrónicos.*

Desde que o acredor facilítase ao mediador concursal un enderezo electrónico, as comunicacións co mediador concursal deberanse realizar ao citado enderezo electrónico.

CAPÍTULO IV

Do acordo extraxudicial de pagamentos

Sección 1.^a Da convocatoria aos acredores

Artigo 662. *Convocatoria aos acredores.*

1. Dentro dos dez días seguintes ao da aceptación do cargo, o mediador concursal convocará o debedor e os acredores que figuren na lista que se xunte coa solicitude, ou de cuxa existencia por calquera outro medio teña coñecemento, a unha reunión na localidade en que o debedor teña o seu domicilio. Se o debedor for persoa natural que non ten a condición de empresario e o mediador for o propio notario, o prazo para a convocatoria será de quince días contados desde a presentación ao notario da solicitude de nomeamento de mediador.

2. Os acredores públicos non serán convocados á reunión.

3. A convocatoria deberá expresar o lugar, o día e a hora da reunión, a finalidade de acadar un acordo extraxudicial de pagamento e a identidade de cada un dos acredores convocados, con expresión da contía do crédito, da data de concesión e de vencemento e das garantías persoais ou reais constituídas.

4. A reunión deberá ter lugar dentro dos dous meses seguintes á data da aceptación ou dentro dos trinta días se o debedor for persoa natural que non ten a condición de empresario.

Artigo 663. *Forma da convocatoria.*

Se lle consta ao mediador o enderezo electrónico de acredor por telo achegado o debedor ou facilitado o acredor, a convocatoria deberase realizar a ese enderezo electrónico. Nos demais casos, a convocatoria realizarase por conduto notarial ou por calquera medio de comunicación, individual e escrita, que asegure a recepción.

Artigo 664. *Deber de abstención.*

1. Desde a comunicación da apertura das negociacións ao xulgado competente para a declaración do concurso, os acredores deberanse abster de realizar ningún acto dirixido a mellorar a situación en que se encontren respecto do debedor.

2. Os actos de mellora que se realicen non producirán ningún efecto.

Artigo 665. *Suspensión da devindicación de xuros.*

Durante o prazo de negociación do acordo, suspenderase a devindicación dos xuros, legais ou convencionais, dos créditos que se poidan ver afectados por el, sen máis excepcións que as establecidas para o caso de concurso de acredores.

Sección 2.ª Da proposta de acordo extraxudicial de pagamentos

Subsección 1.ª Da proposta

Artigo 666. *Remisión da proposta.*

Cunha antelación mínima de vinte días naturais á data prevista para a realización da reunión, ou de quince se o debedor é persoa natural que non ten a condición de empresario, o mediador concursal remitiralles aos acredores, co consentimento do debedor, unha proposta de acordo extraxudicial de pagamentos sobre os créditos pendentes de pagamento na data da solicitude.

Artigo 667. *Contido da proposta de acordo.*

1. A proposta poderá conter calquera das seguintes medidas:

1.ª Esperas por un prazo non superior a dez anos.

2.ª Quitacións.

3.ª A conversión dos créditos en accións ou participacións da sociedade debedora ou doutra sociedade, a conversión dos créditos en créditos participativos por período non superior a dez anos, en obrigacións convertibles, en créditos subordinados, en créditos con xuros capitalizables ou en calquera outro instrumento financeiro con características, rango ou vencemento distintos daqueles que tivesen os créditos orixinarios.

4.ª A cesión de bens ou dereitos aos acredores en pagamento ou para pagamento da totalidade ou parte dos seus créditos.

2. Se o debedor é persoa natural que non ten a condición de empresario, a proposta unicamente poderá conter esperas, quitacións e cesión de bens ou dereitos aos acredores en pagamento ou para pagamento da totalidade ou parte dos seus créditos.

Artigo 668. *Réxime especial da conversión en accións ou participacións sociais.*

1. A conversión de créditos en accións ou participacións sociais, con ou sen prima, poderase realizar aínda que os créditos que se van compensar non sexan líquidos, non estean vencidos ou non sexan exixibles.

2. Para a adopción por parte da xunta xeral de socios do acordo de aumentar o capital social por conversión dos créditos en accións ou participacións sociais non será necesaria a maioría reforzada establecida pola lei ou polos estatutos sociais.

Artigo 669. *Límites dos acordos de cesión de bens.*

1. A cesión en pagamento de bens e dereitos aos acredores só poderá ter por obxecto bens ou dereitos que non resulten necesarios para a continuación da actividade profesional ou empresarial.

2. A cesión dos bens e dereitos deberase realizar polo valor razoable que tivesen, calculado conforme o establecido na sección 2.^a do capítulo III do título V do libro I desta lei. Se o valor é igual ou inferior ao importe do crédito, este extinguirase unha vez realizada a cesión. Se é superior, a diferenza deberase integrar no patrimonio do debedor.

3. Se os bens obxecto de cesión están afectos a garantía real, será de aplicación o establecido no capítulo III do título IV do libro I desta lei, e será competencia do xuíz ao cal se lle comunicou o propósito do debedor de negociar cos acredores un acordo extraxudicial de pagamentos e o nomeamento do mediador concursal conceder ou denegar as autorizacións exixidas no dito capítulo.

Artigo 670. *Prohibicións.*

1. En ningún caso a proposta de acordo extraxudicial de pagamentos poderá alterar a orde de prelación de pagamentos establecida para o concurso de acredores, salvo que os acredores postergados consintan expresamente.

2. En ningún caso a proposta poderá consistir na liquidación global do patrimonio do debedor para satisfacción dos créditos.

Subsección 2.^a Dos documentos adxuntos á proposta

Artigo 671. *Plan de pagamentos.*

1. A proposta deberase presentar xunto cun plan de pagamentos dos créditos pendentes de pagamento, con determinación dos recursos previstos para satisfacelos, así como dos novos créditos, entre os cales se incluírán os que se devindiquen en concepto de dereito de alimentos para o debedor e a súa familia.

2. Á proposta xuntarase copia da solicitude de aprazamento do pagamento dos créditos de dereito público ou da resolución que se ditou. Noutro caso, indicaranse as datas do seu pagamento, se non se foren satisfacer nos respectivos prazos de vencemento.

Artigo 672. *Plan de viabilidade.*

Cando, para atender o cumprimento do acordo, se prevexa contar cos recursos que xere a continuación, total ou parcial, do exercicio da actividade profesional ou empresarial do debedor, coa proposta deberase xuntar, ademais, un plan de viabilidade no cal se especifiquen os recursos necesarios e os medios e condicións da súa obtención.

Artigo 673. *Propostas alternativas e propostas de modificación.*

Dentro dos dez días naturais posteriores ao do envío da proposta de acordo polo mediador concursal aos acredores, estes poderán presentar propostas alternativas ou propostas de modificación.

Artigo 674. *Proposta final.*

Transcorrido o prazo citado no artigo anterior, o mediador concursal remitíralles aos acredores a proposta final aceptada polo debedor.

Artigo 675. *Modificación do plan de pagamentos.*

1. O plan de pagamentos e o plan de viabilidade poderán ser modificados na reunión do debedor cos acredores.

2. En ningún caso se poderán modificar as condicións de pagamento daqueles acredores que, manifestando a aceptación da proposta dentro dos dez días naturais anteriores á reunión, non asistisen a ela.

Sección 3.ª Da aceptación da proposta

Subsección 1.ª Do deber de asistencia

Artigo 676. *Deber de asistencia.*

Os acredores convocados deberán asistir á reunión salvo que, dentro dos dez días naturais anteriores ao da data prevista, aceptasen a proposta ou formularsen oposición a ela.

Subsección 2.ª Das maiorías

Artigo 677. *Determinación do pasivo computable para a adopción do acordo.*

1. O pasivo computable para a adopción do acordo comprenderá a suma do importe dos créditos que non gocen de garantía real, o importe dos créditos que exceda o valor desa garantía calculado conforme o establecido no título V do libro I desta lei e o importe dos créditos con garantía real que aceptasen a proposta.

2. En ningún caso integrarán o pasivo computable os importes correspondentes aos créditos de dereito público.

Artigo 678. *Maiorías requiridas para a adopción do acordo.*

1. Cando a proposta de acordo conteña esperas, xa sexan de principal, de xuros ou de calquera outra cantidade debida, por un prazo non superior a cinco anos, ou a conversión dos créditos en créditos participativos durante o mesmo prazo, ou quitacións non superiores ao vinte e cinco por cento do importe dos créditos, será necesario o sesenta por cento do pasivo computable para a adopción do acordo.

2. Cando a proposta de acordo teña calquera outro contido, será necesario o setenta e cinco por cento do pasivo computable.

Sección 4.ª Da formalización do acordo

Artigo 679. *Elevación a escritura pública.*

1. Se os acredores aceptan a proposta, o acordo elevarase inmediatamente a escritura pública, que outorgará o mediador concursal.

2. Se o mediador fose nomeado polo notario, na mesma escritura o notario, mediante dilixencia, pechará o expediente. Se o mediador fose nomeado polo rexistrador mercantil ou pola cámara, a escritura presentarase no propio rexistro, o cal procederá a pechar o expediente.

Artigo 680. *Comunicación ao xulgado competente.*

O profesional, o funcionario ou a entidade que realizase o nomeamento do mediador concursal comunicará o peche do expediente ao xulgado competente para a declaración do concurso do debedor.

Artigo 681. *Comunicación aos rexistros públicos.*

1. O profesional, o funcionario ou a entidade que realizase o nomeamento do mediador concursal comunicaralles o peche do expediente aos rexistros públicos de persoas ou de bens nos cales se anotase o nomeamento de mediador concursal co fin de que procedan á cancelación das anotacións efectuadas.

2. Se o mediador concursal fose nomeado polo notario, a comunicación efectuarase por medio de copia da escritura pública. Se fose nomeado polo rexistrador mercantil, a comunicación efectuarase por medio de certificación do contido do asento. Se fose nomeado por cámara, a comunicación efectuarase mediante certificación expedida polo secretario da cámara.

Artigo 682. *Publicación no Rexistro público concursal.*

O profesional, o funcionario ou a entidade que realizase o nomeamento do mediador concursal publicará a existencia do acordo extraxudicial de pagamentos no Rexistro público concursal, coa indicación de que o expediente está á disposición dos acredores interesados na notaría, no rexistro ou na cámara para o coñecemento do seu contido.

CAPÍTULO V

Da eficacia do acordo

Artigo 683. *Extensión necesaria do acordo.*

1. O contido do acordo extraxudicial vinculará o debedor e os acredores cuxos créditos non gocen de garantía real ou pola parte dos créditos que exceda o valor da garantía real, coa excepción dos créditos públicos.

2. En ningún caso os créditos públicos, gocen ou non de garantía real, poderán verse afectados polo acordo extraxudicial de pagamentos.

Artigo 684. *Extensión do acordo aos créditos con garantía real.*

1. Os acredores con garantía real, pola parte do crédito que non exceda o valor da garantía, unicamente quedarán vinculados polo acordo se manifestasen a vontade de aceptalo.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, os acredores con garantía real que non aceptasen o acordo, pola parte dos seus créditos que non exceda o valor da garantía, quedarán tamén vinculados ao dito acordo, co alcance que se conveña, cando se obteñan as seguintes maiorías, calculadas en función da proporción do valor das garantías aceptantes sobre o valor total das garantías outorgadas:

1.º O sesenta e cinco por cento cando o acordo conteña esperas, xa sexan de principal, de xuros ou de calquera outra cantidade debida, cun prazo non superior a cinco anos, ou a conversión dos créditos en créditos participativos durante o mesmo prazo, ou quitacións non superiores ao vinte e cinco por cento do importe dos créditos.

2.º O oitenta por cento cando o acordo teña calquera outro contido.

Artigo 685. Eficacia obxectiva do acordo.

1. Os créditos aos cales se estenda a eficacia do acordo quedarán extinguidos na parte a que acade a quitación, aprazados na súa exixibilidade polo tempo de espera e, en xeral, afectados polo contido do acordo.

2. Ningún acreedor poderá iniciar ou continuar execucións contra o debedor por débedas anteriores á comunicación da apertura do procedemento con fundamento en créditos aos cales se estenda a eficacia do acordo.

O debedor poderá solicitar a cancelación dos correspondentes embargos do xuíz que os ordenase.

Artigo 686. Conservación de dereitos.

1. O acordo non producirá efectos respecto dos dereitos dos acredores fronte aos obrigados solidarios co debedor, nin fronte aos fiadores ou avalistas, salvo que eses acredores mostrasen a súa conformidade co acordo. Os obrigados solidarios, os fiadores e os avalistas non poderán invocar a aprobación do acordo nin o contido deste en prexuízo daqueles.

2. A responsabilidade dos obrigados solidarios, fiadores ou avalistas do debedor fronte aos acredores que aceptasen o acordo rexeráse polos pactos que sobre o particular establecesen e, na súa falta, polas normas legais aplicables á obrigaición que tiveren contraído.

CAPÍTULO VI**Da impugnación do acordo****Artigo 687. Motivos de impugnación.**

A impugnación do acordo só se poderá fundar nos seguintes motivos:

1.º Na falta de concurrencia das maiorías exixidas para a adopción do acordo tendo en conta, de ser o caso, os acredores que, debendo concorrer, non fosen convocados.

2.º Na infracción das normas previstas neste título sobre o contido da proposta.

3.º Na desproporción das medidas acordadas.

Artigo 688. Lexitimación activa.

A lexitimación activa para a impugnación do acordo corresponde ao acreedor que, tendo dereito a iso, non fose convocado á xunta de acredores e ao que non aceptase o acordo, sempre que, neste caso, a eficacia do acordo se estenda aos créditos dos cales sexa titular.

Artigo 689. Presentación da impugnación.

1. A impugnación presentarase perante o xulgado que sexa competente para coñecer do concurso do debedor dentro dos dez días seguintes ao da publicación do acordo no Rexistro público concursal.

2. A impugnación non suspenderá a execución do acordo.

Artigo 690. Procedemento.

Todas as impugnacións se tramitarán conxuntamente polo procedemento do incidente concursal.

Artigo 691. *Sentenza.*

1. Unha vez tramitado o incidente, a sentenza que resolva sobre a impugnación deberase ditar no prazo de dez días.

2. A sentenza que se dite será susceptible de recurso de apelación de tramitación preferente.

Artigo 692. *Publicidade da sentenza.*

Unha vez que sexa firme, a sentenza, sexa estimatoria ou desestimatoria da impugnación, publicárase no Rexistro público concursal.

CAPÍTULO VII

Do cumprimento do acordo

Artigo 693. *Supervisión do cumprimento.*

O mediador concursal supervisará o cumprimento do acordo.

Artigo 694. *Constancia do cumprimento.*

Se o acordo extraxudicial de pagamentos for integramente cumprido, o mediador concursal farao constar en acta notarial que se publicará no Rexistro público concursal.

TÍTULO IV

Das especialidades do concurso consecutivo

CAPÍTULO I

Do concurso consecutivo

Artigo 695. *Concurso consecutivo.*

Considéranse concursos consecutivos:

a) O do debedor insolvente que, en caso de non ter acadado un acordo, un acordo de refinanciamento ou un acordo extraxudicial de pagamentos tipificados nesta lei, se declare por solicitude do propio debedor, de acreedor ou, no caso dun acordo extraxudicial de pagamentos, tamén por solicitude do mediador.

b) O do debedor insolvente que se declare por solicitude do debedor que manifieste non poder cumprir o acordo de refinanciamento ou o acordo extraxudicial de pagamentos que acadase cos acredores, así como o que se declare por solicitude do propio debedor ou de acreedor, anterior ou posterior a calquera destes acordos, en caso de incumprimento do que se acadase.

c) O do debedor insolvente que, en caso de declaración xudicial de nulidade ou de ineficacia do acordo acadado, se declare por solicitude do debedor ou de acreedor anterior ou posterior ao acordo anulado ou declarado ineficaz.

Artigo 696. *Competencia para declarar o concurso consecutivo.*

Será xuíz competente para declarar o concurso consecutivo quen declarase a nulidade ou a ineficacia do acordo ou o declarase incumplido ou, no caso dos acordos de refinanciamento homologados, quen o homologase. Nos demais casos, será xuíz competente quen conforme as normas xerais o fose para a declaración do concurso.

CAPÍTULO II

Das normas comúns en materia de concurso consecutivo*Sección 1.^a Das especialidades en materia de reintegración da masa activa*Artigo 697. *Accións de reintegración.*

1. Declarado o concurso consecutivo a un acordo de refinanciamento que fose declarado nulo, serán rescindibles os actos prexudiciais para a masa activa realizados polo debedor dentro dos dous anos anteriores á data da declaración de concurso, así como os realizados durante a fase de cumprimento dese acordo.

2. Declarado o concurso consecutivo a un acordo extraxudicial de pagamentos que fose ou sexa declarado nulo ou que non reúna os requisitos establecidos nesta lei, serán rescindibles os actos prexudiciais para a masa activa realizados polo debedor desde a solicitude de nomeamento de mediador concursal.

3. Declarado o concurso consecutivo tamén se poderán impugnar, mediante o exercicio de calquera outra acción que proceda conforme o dereito xeral, os actos do debedor anteriores á declaración, así como os realizados durante a fase de cumprimento do acordo.

Artigo 698. *Especialidades en materia de rescisión concursal.*

En caso de concurso consecutivo, non se poderán exercer accións de rescisión concursal dos acordos de refinanciamento homologados nin dos acordos de refinanciamento que, mesmo non tendo sido homologados, reúnan os requisitos establecidos nesta lei, dos acordos extraxudiciais de pagamento, así como tampouco dos actos, negocios xurídicos e pagamentos que se realizasen en execución deses acordos, calquera que sexa a natureza que teñan e a forma en que consten, nin das garantías que se prestasen ou constituísen conforme o pactado neles.

Artigo 699. *Especialidades da lexitimación para o exercicio das accións de reintegración.*

1. En caso de concurso consecutivo, a lexitimación para o exercicio das accións rescisorias concursais ou calquera outra acción de impugnación dos acordos de refinanciamento e dos acordos extraxudiciais de pagamento corresponderá en exclusiva á administración concursal. En ningún caso a acción poderá ser exercida polos acredores.

2. En caso de exercicio de accións rescisorias concursais contra acordos de refinanciamento non homologados, corresponde á administración concursal acreditar que o acordo non reúne os requisitos establecidos nesta lei.

*Sección 2.^a Das especialidades en materia de cualificación do concurso*Artigo 700. *Presunción de concurso culpable.*

1. O concurso consecutivo presúmese culpable, salvo proba en contrario, cando, sen causa razoable, os administradores se negasen a propoñer ou os socios a acordar a capitalización de créditos ou unha emisión de valores ou instrumentos convertibles e esa negativa frustrase a consecución dun acordo de refinanciamento ou un acordo extraxudicial de pagamentos.

2. Presumirase que a capitalización obedece a unha causa razoable cando así resulte do informe emitido, con anterioridade á negativa, por experto independente nomeado polo rexistrador mercantil do domicilio do debedor. Nos casos de concursos acumulados de grupo ou de subgrupo, se houber máis dun informe, deberán coincidir en tal apreciación a maioría dos informes emitidos.

3. A presunción non será de aplicación aos administradores que, antes ou durante a xunta xeral, recomendasen a adopción do acordo de capitalización ou a emisión de valores

ou instrumentos convertibles, mesmo cando a proposta for posteriormente rexeitada polos socios ou pola xunta.

4. En todo caso, para que a negativa dos socios a acordar a capitalización de créditos ou unha emisión de valores ou instrumentos convertibles determine a culpabilidade do concurso, o acordo proposto á xunta xeral deberá recoñecer en favor dos socios da sociedade debedora un dereito de adquisición preferente en caso de alleamento das accións, participacións, valores ou instrumentos convertibles polos acredores que os subscribisen ou aos cales se adjudicasen como consecuencia dese acordo.

Malia o establecido no parágrafo anterior, o acordo proposto poderá excluír o dereito de adquisición preferente nas transmisións realizadas polo acredor a unha sociedade do seu mesmo grupo ou a calquera outra entidade que teña por obxecto a tenza e administración de participacións no capital doutras entidades con tal de que estea participada polo acredor.

5. En calquera caso, entenderase por alleamento o realizado en favor dun terceiro polo propio acredor ou polas sociedades ou entidades a que se refire o punto anterior.

Artigo 701. *Persoas afectadas pola cualificación do concurso.*

1. No concurso consecutivo, en caso de persoa xurídica poderán ser consideradas persoas afectadas pola cualificación, ademais das establecidas nesta lei, os socios que, sen causa razoable, se negasen a acordar a capitalización dos créditos ou a unha emisión de valores ou instrumentos convertibles ou votasen en contra da proposta. A cualificación dos socios como persoas afectadas pola cualificación realizarase en función do grao de contribución que tivesen na formación da maioría necesaria para o rexeitamento do acordo.

2. No concurso consecutivo, non terán a consideración de administradores de feito os acredores que, en virtude do pactado nun acordo de refinanciamento non rescindible ou nun acordo extraxudicial de pagamentos teñan dereitos especiais de información, de autorización de determinadas operacións do debedor ou calquera outra de vixilancia ou control sobre o cumprimento do plan de viabilidade, salvo que se acredite a existencia dalgunha circunstancia de distinta natureza que poida xustificar a atribución desa condición.

Artigo 702. *Especialidades en materia de condena á cobertura do déficit.*

1. No concurso consecutivo, cando a sección de cualificación fose formada ou reaberta como consecuencia da apertura da fase de liquidación, o xuíz poderá condenar á cobertura, total ou parcial, do déficit a todos ou a algúns dos administradores, liquidadores, de dereito ou de feito, ou directores xerais, da persoa xurídica concursada, así como aos administradores e aos socios que se negasen sen causa razoable a propoñer ou a acordar a capitalización de créditos ou unha emisión de valores ou instrumentos convertibles, sempre que fosen declarados persoas afectadas pola cualificación.

2. A condena aos socios á cobertura realizarase en función do grao de contribución que tivesen na formación da maioría necesaria para o rexeitamento do acordo e só procederá na medida en que esa negativa determinase a cualificación do concurso como culpable por agravación da insolvencia.

CAPÍTULO III

Das especialidades do concurso consecutivo a un acordo de refinanciamento

Artigo 703. *Prohibición especial para o nomeamento de administrador concursal.*

En caso de concurso consecutivo, o experto independente que fose nomeado polo rexistrador mercantil para a avaliación do plan de viabilidade dun acordo de refinanciamento non poderá ser nomeado administrador concursal nin auxiliar delegado.

Artigo 704. *Dos créditos por xeración de novos ingresos de tesouraría.*

1. En caso de concurso consecutivo a un acordo de refinanciamento, terá a consideración de créditos contra a masa o cincuenta por cento do importe dos créditos concedidos por acredores ou por terceiros en execución dun acordo de refinanciamento non rescindible que xerasen novos ingresos de tesouraría.

2. A parte do crédito que non teña a consideración de crédito contra a masa terá a consideración de crédito con privilexio xeral.

3. En ningún caso terán a consideración de créditos contra a masa ou créditos con privilexio xeral os créditos de que sexa ou fose titular calquera das persoas relacionadas co debedor como consecuencia de préstamos ou contratos de análoga finalidade ou como consecuencia de achegas pecuniarias realizadas en operacións de aumento do capital da sociedade debedora, aínda que o aumento quedase sen efecto.

CAPÍTULO IV

Das especialidades do concurso consecutivo a un acordo extraxudicial de pagamentos

Sección 1.^a Da solicitude de concurso consecutivo

Artigo 705. *Deber especial de solicitar o concurso consecutivo de acredores.*

1. O mediador concursal deberá solicitar de inmediato a declaración de concurso consecutivo de acredores do debedor que sexa insolvente nos seguintes casos:

1.º Se, dentro dos dez días naturais contados desde o envío da proposta de acordo, acredores que representen, polo menos, a maioría do pasivo que se poida ver afectada por ese acordo deciden non iniciar ou non continuar as negociacións.

2.º Se a proposta de acordo extraxudicial de pagamentos non é aceptada polos acredores.

3.º Se o acordo extraxudicial de pagamentos é anulado polo xuíz ou é incumplido polo debedor.

2. Cando o debedor for persoa natural que non teña a condición de empresario, transcorridos dous meses contados desde a comunicación da apertura de negociacións cos acredores, se o notario ou, de ser o caso, o mediador concursal considera que non é posible acadar un acordo, deberá solicitar a declaración de concurso consecutivo dentro dos dez días seguintes. Coa solicitude xuntará o solicitante un informe explicativo desa imposibilidade de acordar.

3. Nos casos a que se refiren os dous puntos anteriores, o deber de solicitar a declaración de concurso consecutivo de acredores non existirá se o debedor non se encontra en estado de insolvencia actual ou inminente.

4. En caso de insuficiencia da masa activa para a satisfacción dos créditos contra a masa, á solicitude de declaración de concurso consecutivo acumularase a de conclusión do procedemento.

Artigo 706. *Solicitude de concurso consecutivo polo debedor ou polo mediador concursal.*

1. Se a solicitude de concurso a formula o debedor ou o mediador concursal, deberá ir acompañada dunha proposta anticipada de convenio ou dun plan de liquidación, que se rexerán, respectivamente, polo disposto nos títulos VII e VIII do libro I desta lei. Se o debedor for persoa natural que non ten a condición de empresario, a solicitude de concurso deberá ir acompañada dun plan de liquidación da masa activa.

2. Coa solicitude formulada polo mediador concursal xuntarase, ademais, un informe elaborado polo propio mediador concursal co contido establecido para o informe a que se

refire o título VI do libro I desta lei, co inventario da masa activa, a lista de acredores e demais documentos legalmente exixidos.

3. Na solicitude, o mediador concursal deberase pronunciar sobre a concorrencia dos requisitos establecidos legalmente para a concesión do beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito e, no caso de que proceda, sobre a procedencia da apertura da sección de cualificación.

Sección 2.^a Do réxime do concurso consecutivo

Artigo 707. Réxime do concurso consecutivo.

O concurso consecutivo a un acordo extraxudicial de pagamentos tramitarase como procedemento abreviado coas especialidades establecidas nos artigos seguintes.

Artigo 708. Dereitos do concursado en caso de concurso consecutivo declarado por solicitude de acredor.

Se o concurso se declarase por solicitude de acredor, o concursado poderá presentar unha proposta anticipada de convenio ou un plan de liquidación dentro dos quince días seguintes ao da data en que lle fose notificada esa declaración. Se o concursado é persoa natural que non ten a condición de empresario, só poderá presentar un plan de liquidación da masa activa.

Artigo 709. Administración concursal en caso de concurso consecutivo.

1. No auto de declaración de concurso o xuíz nomeará administrador do concurso o mediador concursal que reúna as condicións establecidas para ese nomeamento, salvo que concorra xusta causa.

2. No concurso consecutivo non rexerá a regra da confidencialidade do mediador concursal que fose nomeado administrador concursal.

3. O mediador concursal nomeado administrador concursal no concurso consecutivo non poderá percibir polo exercicio do cargo máis retribución que a que lle fose fixada no expediente de mediación extraxudicial.

Artigo 710. Comunicación dos créditos.

Os titulares de créditos que subscribisen o acordo extraxudicial de pagamentos non necesitarán comunicar a existencia deses créditos nin solicitar o seu recoñecemento.

Artigo 711. Informe da administración concursal.

Se a solicitude de concurso a presentase o debedor ou un acredor ou se o cargo de administrador concursal recae en persoa distinta do mediador concursal, o informe da administración concursal deberase presentar nos dez días seguintes ao transcurso do prazo de comunicación de créditos.

Artigo 712. Créditos subordinados especiais.

1. En caso de concurso consecutivo, os créditos de que sexa titular o acredor que, recibida a convocatoria realizada polo mediador concursal, non asistise á reunión cos demais acredores cualificaranse como subordinados, salvo que o acredor manifestase ben a aceptación da proposta de acordo, ben a oposición a ela dentro dos dez días naturais anteriores ao previsto para a reunión.

2. A subordinación non procederá se o crédito ten a condición de privilexiado especial por ter constituída garantía real sobre bens ou dereitos da masa activa. Para determinar o límite do privilexio observarase o establecido no título V do libro I desta lei.

Artigo 713. *Impugnación do inventario e da lista de acredores.*

1. Dentro do prazo de dez días, as partes comparecidas no concurso consecutivo de acredores poderán impugnar o inventario e a lista de acredores.

2. O prazo para impugnar para quen recibise a notificación do xulgado da presentación do informe contarase desde a recepción desa notificación. Para os demais lexitimados interesados, o prazo de dez días contarase desde a última publicación de entre as establecidas pola lei ou, de ser o caso, acordadas polo xuíz.

3. A impugnación tramitarase conforme o establecido para as impugnacións no procedemento abreviado.

Artigo 714. *Presentación dos textos definitivos e remisión aos acredores.*

1. Unha vez modificados o inventario e a lista de acredores por aceptación por parte da administración concursal da pretensión deducida polos respectivos impugnantes ou como consecuencia das sentenzas ditadas polo xuíz do concurso ao resolver o correspondente incidente, os textos definitivos e a documentación complementaria quedarán de manifesto na oficina xudicial.

2. O mesmo día da presentación, a administración concursal remitiralles telematicamente copia destes textos coa documentación complementaria aos acredores recoñecidos de cuxo enderezo electrónico teña constancia.

Artigo 715. *Créditos contra a masa.*

En caso de concurso consecutivo a un acordo extraxudicial de pagamentos, terán a consideración de créditos contra a masa, ademais dos establecidos con carácter xeral nesta lei, os gastos do expediente extraxudicial e os demais créditos xerados durante a tramitación dese expediente que tivesen tal consideración se, en lugar dun acordo extraxudicial de pagamentos, se tramitase un concurso de acredores, sempre que aínda non fosen satisfeitos.

Artigo 716. *O convenio en caso de concurso consecutivo.*

Se se presentase proposta anticipada de convenio, o xuíz admitiraa a trámite no propio auto de declaración de concurso ou, en caso de concurso declarado por solicitude de acredor e presentación posterior desa proposta, en auto que ditará de inmediato. Unha vez admitida a trámite, a tramitación da proposta anticipada de convenio será a establecida para o procedemento abreviado.

Artigo 717. *A liquidación da masa activa.*

1. Nos casos de falta de presentación ou de inadmisión a trámite da proposta anticipada de convenio, de falta de aprobación do convenio e de incumprimento do convenio aprobado, o xuíz acordará a apertura da fase de liquidación da masa activa. O xuíz acordará a apertura da fase de liquidación na mesma resolución pola cal inadmita a trámite a proposta anticipada de convenio, na cal non aprobe o convenio ou na cal declare incumprido.

2. Se o debedor ou o mediador concursal solicitase a liquidación da masa activa, o xuíz acordará de inmediato a apertura da fase de liquidación.

3. En caso de concurso consecutivo dunha persoa natural que non teña a consideración legal de empresario, no auto de declaración de concurso o xuíz acordará a apertura da fase de liquidación.

Artigo 718. *O plan de liquidación da masa activa.*

1. O plan de liquidación será presentado ao xulgado polo administrador concursal dentro dos dez días seguintes ao da data de apertura da fase de liquidación, salvo que o debedor ou o mediador concursal o xuntasen coa propia solicitude de apertura desa fase.

2. Dentro do prazo para formular observacións ou propostas de modificación do plan de liquidación, o concursado e os acredores poderán formular tamén observacións sobre a concorrencia dos requisitos exixidos para acordar o beneficio da exoneración do pasivo insatisfeito se o concursado for persoa natural.

Artigo 719. *Cualificación do concurso consecutivo a un acordo extraxudicial de pagamentos.*

1. Dentro do prazo para formular observacións ou propostas de modificación do plan de liquidación, os acredores, mediante escrito razoado, poderán solicitar a apertura da sección de cualificación.

2. No caso de debedor persoa natural, se o concurso se cualifica como fortuíto, o xuíz, cando concorran os presupostos legais, declarará no mesmo auto de conclusión de concurso a exoneración do pasivo insatisfeito, cos efectos establecidos nesta lei.

Artigo 720. *Presunción de concurso culpable.*

En todo caso, o concurso consecutivo presúmese culpable cando o debedor cometese inexactitude grave en calquera dos documentos adxuntos á solicitude de nomeamento de mediador concursal ou presentados durante a tramitación do expediente, ou cando xuntase ou presentase documentos falsos.

LIBRO TERCEIRO

Das normas de dereito internacional privado

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 721. *Das relacións entre ordenamentos.*

1. As normas deste libro aplicaranse sen prexuízo do establecido no Regulamento (UE) 2015/848 do Parlamento e do Consello, do 20 de maio de 2015, sobre procedementos de insolvencia e demais normas da Unión Europea ou convencionais que regulen a materia.

2. Na falta de reciprocidade ou cando se produza unha falta sistemática á cooperación por parte das autoridades dun Estado estranxeiro, non se aplicarán, respecto dos procedementos seguidos no dito Estado, os títulos III e IV deste libro.

Artigo 722. *Regra xeral.*

Sen prexuízo do disposto nos artigos seguintes, a lei española determinará os presupostos e efectos do concurso declarado en España, o seu desenvolvemento e a súa conclusión.

TÍTULO II

Da lei aplicable

CAPÍTULO I

Do procedemento principal

Artigo 723. *Dereitos reais e reservas de dominio.*

1. Os efectos da declaración de concurso sobre dereitos reais dun acredor ou dun terceiro que recaian en bens ou dereitos de calquera clase da masa activa, comprendidos os conxuntos de bens e dereitos cuxa composición poida variar no tempo, e que no momento de declaración do concurso se encontren no territorio doutro Estado, rexeranse exclusivamente por lei deste.

A mesma regra aplicarase aos dereitos do vendedor respecto dos bens vendidos ao concursado con reserva de dominio.

2. A declaración de concurso do vendedor dun ben con reserva de dominio que xa fose entregado e que no momento da declaración se encontre no territorio doutro Estado non constitúe, por si soa, causa de resolución nin de rescisión da venda e non lle impedirá ao comprador a adquisición da súa propiedade.

3. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo das accións de reintegración que, de ser o caso, procedan.

Artigo 724. *Dereitos do debedor sometidos a rexistro.*

Os efectos da declaración de concurso sobre dereitos do debedor que recaian en bens inmoables, buques ou aeronaves suxeitos a inscrición en rexistro público acomodaranse ao disposto na lei do Estado baixo cuxa autoridade se leve o rexistro.

Artigo 725. *Terceiros adquirentes.*

A validez dos actos de disposición a título oneroso do debedor sobre bens inmoables ou sobre buques ou aeronaves que estean suxeitos a inscrición en rexistro público, realizados con posterioridade á declaración de concurso, rexeranse, respectivamente, pola lei do Estado en cuxo territorio se encontre o ben inmoable ou pola daquel baixo cuxa autoridade se leve o Rexistro de Buques ou Aeronaves.

Artigo 726. *Dereitos sobre valores e sistemas de pagamentos e mercados financeiros.*

Os efectos da declaración de concurso sobre dereitos que recaian en valores negociables representados mediante anotacións en conta rexeranse pola lei do Estado do rexistro onde os ditos valores estivesen anotados. Esta norma comprende calquera rexistro de valores legalmente recoñecido, incluídos os levados por entidades financeiras suxeitas a supervisión legal.

Sen prexuízo do disposto no artigo 723, os efectos do concurso sobre os dereitos e obrigacións dos participantes nun sistema de pagamento ou compensación ou nun mercado financeiro rexeranse exclusivamente pola lei do Estado aplicable ao dito sistema ou mercado.

Artigo 727. *Compensación.*

1. A declaración de concurso non afectará o dereito dun acredor a compensar o seu crédito cando a lei que rexa o crédito recíproco do concursado o permita en situacións de insolvencia.

2. O disposto no punto anterior enténdese sen prexuízo das accións de reintegración que, de ser o caso, procedan.

Artigo 728. *Contratos sobre inmobles.*

Os efectos do concurso sobre os contratos que teñan por obxecto a atribución dun dereito ao uso ou á adquisición dun ben inmovible rexeranse exclusivamente pola lei do Estado onde se ache.

Artigo 729. *Contratos de traballo.*

Os efectos do concurso sobre o contrato de traballo e sobre as relacións laborais rexeranse exclusivamente pola lei do Estado aplicable ao contrato.

Artigo 730. *Accións de reintegración.*

O exercicio de accións de reintegración ao abeiro desta lei non procederá cando o beneficiado polo acto prexudicial para a masa activa probe que o dito acto está suxeito á lei doutro Estado que non permite en ningún caso a súa impugnación.

Artigo 731. *Xuízos declarativos pendentes.*

Os efectos da declaración de concurso sobre os xuízos declarativos pendentes que se refiran a un ben ou a un dereito da masa activa rexeranse exclusivamente pola lei do Estado en que estean en curso.

CAPÍTULO II

Do procedemento territorial

Artigo 732. *Regra xeral.*

Excepto no previsto neste capítulo, o concurso territorial rexerase polas mesmas normas que o concurso principal.

Artigo 733. *Presupostos do concurso.*

O recoñecemento dun procedemento estranxeiro principal permitirá abrir en España un concurso territorial sen necesidade de examinar a insolvencia do debedor.

Artigo 734. *Lexitimación.*

Están lexitimados para solicitar a declaración dun concurso territorial:

- 1.º Calquera persoa lexitimada para solicitar a declaración de concurso conforme esta lei.
- 2.º O representante do procedemento estranxeiro principal.

Artigo 735. *Alcance dun convenio cos acredores.*

As limitacións dos dereitos dos acredores derivadas dun convenio aprobado no concurso territorial, tales como a quitación e a espera, só producirán efectos con respecto aos bens e dereitos da masa activa non comprendidos neste concurso se hai conformidade de todos os acredores interesados.

CAPÍTULO III

Das regras comúns a ambos os tipos de procedementos*Artigo 736. Publicidade e rexistro no estranxeiro.*

1. O xuíz, de oficio ou por instancia de interesado, poderá acordar que se publique o contido esencial do auto de declaración do concurso en calquera Estado estranxeiro onde conveña aos intereses do concurso, conforme as modalidades de publicación previstas no dito Estado para os procedementos de insolvencia.

2. A administración concursal poderá solicitar a publicidade rexistral no estranxeiro do auto de declaración e doutros actos do procedemento cando así conveña aos intereses do concurso.

Artigo 737. Pagamento ao concursado no estranxeiro.

1. O pagamento feito ao concursado no estranxeiro por un debedor con residencia habitual, domicilio ou sede no estranxeiro só liberará a quen o faga se ignorase a apertura do concurso en España.

2. Salvo proba en contrario, presumirase que ignoraba a existencia do procedemento quen realizou o pagamento antes de se dar á apertura do concurso a publicidade a que se refire o punto primeiro do artigo anterior.

Artigo 738. Comunicación aos acredores no estranxeiro.

1. Declarado o concurso, a administración concursal realizará sen demora unha comunicación individualizada a cada un dos acredores coñecidos que teñan a súa residencia habitual, domicilio ou sede no estranxeiro, se así resulta dos libros e documentos do debedor ou por calquera outra razón consta no concurso.

2. A información comprenderá a identificación do procedemento, a data do auto de declaración, o carácter principal ou territorial do concurso, as circunstancias persoais do concursado, os efectos acordados sobre as facultades de administración e disposición respecto da masa activa, o chamamento aos acredores, mesmo a aqueles garantidos con dereito real, o deber de comunicar os créditos na forma e dentro do prazo establecidos nesta lei e o enderezo postal do xulgado.

3. Cando conste o enderezo electrónico do acredor, a comunicación efectuarase por medios telemáticos, informáticos ou electrónicos.

4. A información realizarase por escrito e mediante envío individualizado, salvo que o xuíz dispoña calquera outra forma por considerala máis adecuada ás circunstancias do caso.

Artigo 739. Comunicación de créditos.

1. Os acredores que teñan a súa residencia habitual, domicilio ou sede no estranxeiro comunicarán os seus créditos á administración concursal conforme o disposto nesta lei.

2. Todo acredor poderá comunicar o seu crédito no procedemento principal ou territorial aberto en España, con independencia de que tamén o presentase nun procedemento de insolvencia aberto no estranxeiro.

Esta regra inclúe, suxeitos á condición de reciprocidade, os créditos tributarios e da Seguridade Social doutros Estados, que neste caso serán admitidos como créditos ordinarios.

Artigo 740. Linguas.

1. A comunicación aos acredores no estranxeiro realizarase en castelán e, de ser o caso, en calquera das linguas oficiais, pero no encabezamento do seu texto figurarán

tamén en inglés e francés os termos «Comunicación para a presentación de créditos. Prazos aplicables».

2. Os acredores con residencia habitual, domicilio ou sede no estranxeiro comunicarán os créditos en lingua castelá ou noutra oficial propia da comunidade autónoma en que teña a súa sede o xuíz do concurso. Se o fixeren en lingua distinta, a administración concursal poderá exixir posteriormente unha tradución para o castelán.

Artigo 741. *Restitución e imputación.*

1. O acredor que, tras a apertura dun concurso principal en España, obteña un pagamento total ou parcial do seu crédito con cargo a bens e dereitos da masa activa situados no estranxeiro ou pola realización ou execución destes deberá restituír á masa o que obtivese, sen prexuízo do disposto en el artigo 723.

No caso de que o dito pagamento se obteña nun procedemento de insolvencia aberto no estranxeiro, aplicarase a regra de imputación de pagamentos contida no título IV deste libro.

2. Cando o Estado onde se acharen os bens non recoñeza o concurso declarado en España ou as dificultades de localización e realización deses bens así o xustificaren, o xuíz poderá autorizar os acredores a instaren no estranxeiro a execución individual, con aplicación, en todo caso, da regra de imputación a que se refire o punto anterior.

TÍTULO III

Do recoñecemento de procedementos estranxeiros de insolvencia

Artigo 742. *Recoñecemento da resolución de apertura.*

1. As resolucións estranxeiras que declaren a apertura dun procedemento de insolvencia recoñeceranse en España mediante o procedemento de exequátur regulado na Lei 29/2015, do 30 de xullo, de cooperación xurídica internacional en materia civil, se reúnen os requisitos seguintes:

1.º Que a resolución se refira a un procedemento colectivo fundado na insolvencia do debedor en virtude do cal os seus bens e actividades queden suxeitos ao control ou á supervisión dun tribunal, ou dunha autoridade estranxeira, para os efectos da súa reorganización ou liquidación.

2.º Que a resolución sexa definitiva segundo a lei do Estado de apertura.

3.º Que a competencia do tribunal ou da autoridade que abra o procedemento de insolvencia estea baseada nalgún dos criterios contidos nesta lei ou nunha conexión razoable de natureza equivalente.

4.º Que a resolución non fose pronunciada en rebeldía do debedor ou, noutro caso, que fose precedida de entrega ou notificación de cédula de emprazamento ou documento equivalente, en forma e con tempo suficiente para opoñerse.

5.º Que a resolución non sexa contraria á orde pública española.

2. O procedemento de insolvencia estranxeiro recoñecerase:

1.º Como procedemento estranxeiro principal, se se está tramitando no Estado onde o debedor teña o centro dos seus intereses principais.

2.º Como procedemento estranxeiro territorial, se se está tramitando nun Estado onde o debedor teña un establecemento ou con cuxo territorio exista unha conexión razoable de natureza equivalente, como a presenza de bens afectos a unha actividade económica.

3. O recoñecemento dun procedemento estranxeiro principal non impedirá a apertura en España dun concurso territorial.

4. A tramitación do exequátur poderase suspender cando a resolución de apertura do procedemento de insolvencia fose obxecto, no seu Estado de orixe, dun recurso ordinario ou cando o prazo para interpoñelo non expirase.

5. O disposto neste artigo non impedirá a modificación ou revogación do recoñecemento se se demostra a alteración relevante ou a desaparición dos motivos polos cales se outorga.

Artigo 743. *Administrador ou representante estranxeiro.*

1. Terá a condición de administrador ou representante do procedemento estranxeiro a persoa ou órgano, mesmo designado a título provisional, que estea facultado para administrar ou supervisar a reorganización ou a liquidación dos bens ou actividades do debedor ou para actuar como representante do procedemento.

2. O nomeamento do administrador ou representante acreditarase mediante copia autenticada do orixinal da resolución pola cal sexa designado ou mediante certificado expedido polo tribunal ou pola autoridade competente, cos requisitos necesarios para facer fe en España.

3. Unha vez recoñecido un procedemento estranxeiro principal, o administrador ou representante estará obrigado a dar ao procedemento unha publicidade equivalente á establecida nesta lei para a declaración de concurso, cando o debedor teña un establecemento en España, e a solicitar dos rexistros públicos correspondentes as anotacións e inscricións que procedan conforme o establecido nesta lei.

Os gastos ocasionados polas medidas de publicidade e rexistro serán satisfeitos polo administrador ou representante con cargo ao procedemento principal.

4. Unha vez recoñecido un procedemento estranxeiro principal, o seu administrador ou representante poderá exercer as facultades que lle correspondan conforme a lei do Estado de apertura, salvo que resulten incompatibles cos efectos dun concurso territorial declarado en España ou coas medidas cautelares adoptadas en virtude dunha solicitude de concurso e, en todo caso, cando o seu contido sexa contrario á orde pública.

No exercicio das súas facultades, o administrador ou representante deberá respectar a lei española, en particular no que respecta ás modalidades de realización dos bens e dereitos do debedor.

Artigo 744. *Recoñecemento doutras resolucións.*

1. Unha vez obtido o exequátur da resolución de apertura, calquera outra resolución ditada nese procedemento de insolvencia e que teña o seu fundamento na lexislación concursal se recoñecerá en España sen necesidade de ningún procedemento, sempre que reúna os requisitos previstos no artigo 742. O requisito da entrega ou notificación previa de cédula de emprazamento ou documento equivalente será exigible, ademais, respecto de calquera persoa distinta do debedor que fose demandada no procedemento estranxeiro de insolvencia e en relación coas resolucións que a afecten.

2. En caso de oposición ao recoñecemento, calquera persoa interesada poderá solicitar que este sexa declarado a título principal polo procedemento de exequátur regulado na Lei 29/2015, do 30 de xullo, de cooperación xurídica internacional en materia civil.

Se o recoñecemento da resolución estranxeira se invocar como cuestión incidental nun proceso en curso, será competente para resolver a cuestión o xuíz ou tribunal que coñeza do fondo do asunto.

Artigo 745. *Efectos do recoñecemento.*

1. Salvo nos supostos previstos no capítulo I do título II deste libro, as resolucións estranxeiras recoñecidas producirán en España os efectos que lles atribúa a lei do Estado de apertura do procedemento.

2. Os efectos dun procedemento territorial estranxeiro limitaranse aos bens e dereitos que no momento da súa declaración estean situados no Estado de apertura.

3. No caso de declaración dun concurso territorial en España, os efectos do procedemento estranxeiro rexeranse polo disposto no título IV deste libro.

Artigo 746. *Execución.*

As resolucións estranxeiras que teñan carácter executorio segundo a lei do Estado de apertura do procedemento en que se ditaron necesitarán exequátur previo para a súa execución en España.

Artigo 747. *Cumprimento a favor do debedor.*

1. O pagamento feito en España a un debedor sometido a procedemento de insolvencia aberto noutro Estado e conforme o cal se deberá facer ao administrador ou representante designado nel só liberará aquel que o fixer ignorando a existencia do procedemento.

2. Salvo proba en contrario, presumirase que ignoraba a existencia do procedemento quen realizase o pagamento antes de se ter dado á apertura do procedemento de insolvencia estranxeiro a publicidade establecida nesta lei para a declaración de concurso.

Artigo 748. *Medidas cautelares.*

1. As medidas cautelares adoptadas antes da apertura dun procedemento principal de insolvencia no estranxeiro polo tribunal competente para abri-lo poderán ser recoñecidas e executadas en España logo do correspondente exequátur.

2. Antes do recoñecemento dun procedemento estranxeiro de insolvencia e por instancia do seu administrador ou representante, poderanse adoptar conforme a lei española medidas cautelares, incluídas as seguintes:

1.^a A paralización de calquera medida de execución contra bens e dereitos do debedor.

2.^a A atribución ao administrador ou representante estranxeiro, ou á persoa que se designe ao adoptar a medida, a administración ou a realización daqueles bens ou dereitos situados en España que, pola súa natureza ou por circunstancias concorrentes, sexan percedoiros, susceptibles de sufrir grave deterioración ou de diminuír considerablemente o seu valor.

3.^a A suspensión do exercicio das facultades de disposición, alleamento e gravame de bens e dereitos do debedor.

Se a solicitude de medidas cautelares precedeu a de recoñecemento da resolución de apertura do procedemento de insolvencia, a resolución que as adopte condicionará a súa subsistencia á presentación desta última solicitude no prazo de vinte días.

TÍTULO IV

Da coordinación entre procedementos paralelos de insolvencia

Artigo 749. *Obrigacións de cooperación.*

1. Sen prexuízo do respecto das normas aplicables en cada un dos procedementos, a administración concursal do concurso declarado en España e o administrador ou representante dun procedemento estranxeiro de insolvencia relativo ao mesmo debedor e recoñecido en España están sometidos a un deber de cooperación recíproca no exercicio das súas funcións, baixo a supervisión dos seus respectivos xuíces, tribunais ou autoridades competentes. A negativa a cooperar por parte do administrador ou

representante ou do tribunal ou autoridade estranxeiros liberará deste deber os correspondentes órganos españois.

2. A cooperación poderá consistir, en particular:

1.º No intercambio, por calquera medio que se considere oportuno, de informacións que poidan ser útiles para o outro procedemento, sen prexuízo do obrigado respecto das normas que amparen o segredo ou a confidencialidade dos datos obxecto da información ou que de calquera modo os protexan.

En todo caso, existirá a obrigaçión de informar de calquera cambio relevante na situación do procedemento respectivo, incluído o nomeamento do administrador ou representante, e da apertura noutro Estado dun procedemento de insolvencia respecto do mesmo debedor.

2.º Na coordinación da administración e do control ou supervisión dos bens e actividades do debedor.

3.º Na aprobación e aplicación, por parte dos tribunais ou autoridades competentes, de acordos relativos á coordinación dos procedementos.

3. A administración concursal do concurso territorial declarado en España deberalle permitir ao administrador ou representante do procedemento estranxeiro principal presentar, en tempo oportuno, propostas de convenio, plans de liquidación ou calquera outra forma de realización de bens e dereitos da masa activa ou de pagamento dos créditos.

A administración concursal do concurso principal declarado en España reclamará iguais medidas en calquera outro procedemento aberto no estranxeiro.

Artigo 750. Exercicio dos dereitos dos acredores.

1. Na medida en que así o permita a lei aplicable ao procedemento estranxeiro de insolvencia, o seu administrador ou representante poderá comunicar no concurso declarado en España, e conforme o establecido nesta lei, os créditos recoñecidos naquel. Baixo as mesmas condicións, o administrador ou representante estará facultado para participar no concurso en nome dos acredores cuxos créditos comunícase.

2. A administración concursal dun concurso declarado en España poderá presentar nun procedemento estranxeiro de insolvencia, principal ou territorial, os créditos recoñecidos na lista definitiva de acredores, sempre que así o permita a lei aplicable a ese procedemento. Baixo as mesmas condicións estará facultada a administración concursal, ou a persoa que ela designe, para participar naquel procedemento en nome dos acredores cuxos créditos presentase.

Artigo 751. Regra de pagamento.

O acredor que obteña nun procedemento estranxeiro de insolvencia pagamento parcial do seu crédito non poderá pretender no concurso declarado en España ningún pagamento adicional ata que os restantes acredores da mesma clase e rango obtivesen neste unha cantidade porcentualmente equivalente.

Artigo 752. Excedente do activo do procedemento territorial.

Coa condición de reciprocidade, o activo remanente á conclusión dun concurso ou procedemento territorial poñerase á disposición do administrador ou representante do procedemento estranxeiro principal recoñecido en España. A administración concursal do concurso principal declarado en España reclamará igual medida en calquera outro procedemento aberto no estranxeiro.